



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 142

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 13 de xuño de 2012

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

4. Proposicións non de lei ante o Pleno

44.2 08/PNP-1812 (82344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa, e Suárez Canal, Alfredo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial para a modificación da demarcación xudicial

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 695, do 16.05.2012

4.3 08/PNP-1814 (82432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
da Silva Méndez, María Carme, e dous deputados máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a permanencia do complexo industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 695, do 16.05.2012

4.4 08/PNP-1845 (83179)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados máis

Sobre a posición que debe defender o Goberno galego nos debates para a reforma da política pesqueira común

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 704, do 31.05.2012

4.5 08/PNP-1850 (83261)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio, e oito deputados máis

Sobre a elaboración do Mapa de emerxencias de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 704, do 31.05.2012

4.6 08/PNP-1856 (83367)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e trece deputados máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da proposta de ditame remitida pola Consellería do Medio Rural e do Mar diante da

reforma da política pesqueira común, e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 704, do 31.05.2012

5. Interpelacións

5.1 08/INT-1279 (81818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rego González, Ismael

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego na tramitación de expedientes en materia de disciplina urbanística

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 691, do 09.05.2012

5.2 08/INT-1289 (82178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para o mantemento dun sistema financeiro galego, nomeadamente a demanda da transferencia a Galicia da participación estatal no capital de Novagalicia Banco

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 695, do 16.05.2012

5.3 08/INT-1311 (82847)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Amoroso, María Dolores

Sobre a valoración e a posición defendida polo Goberno galego respecto da incidencia en Galicia da redución de partidos xudiciais proposta no informe do Consello Xeral do Poder Xudicial titulado "Principios para unha nova demarcación xudicial"

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 699, do 23.05.2012

6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 08/POPX-0114 (83603)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vázquez Fernández, Manuel

Sobre a valoración do Sr. presidente da Xunta de Galicia do futuro do sistema financeiro galego

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 706, do 05.06.2012

6.2 08/POPX-0115 (83620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que vai impulsar o Sr. presidente do Goberno galego para garantir a existencia de instrumentos financeiros propios ao servizo de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 706, do 05.06.2012

7. Preguntas orais ante o Pleno

7.1 08/POP-3791 (81710)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para converter en pública a Fundación Camilo José Cela

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 688, do 03.05.2012

7.2 08/POP-3793 (81715)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Amoroso, María Dolores, e dous deputados máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da decisión do Goberno central de aumentar de xeito xeneralizado as taxas xudiciais

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 691, do 09.05.2012

7.3 08/POP-3873 (82640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e tres deputados máis

Sobre e as medidas previstas para mellorar a atención aos cidadáns con motivo da constitución da Axencia Tributaria de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 699, do 23.05.2012

7.4 08/POP-3798 (81730)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Veira, Pedro Manuel, e seis deputados máis

Sobre a estratexia actual que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria no ámbito dos clústers

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 691, do 09.05.2012

7.5 08/POP-3880 (82716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e dous deputados máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para apoiar a apertura dunha mina de ouro a ceo aberto en Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 695, do 16.05.2012

7.6 08/POP-3961 (83369)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Veira, Pedro Manuel, e seis deputados máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia, nomeadamente pola Consellería de Economía e Industria, para resolver o

procedemento aberto pola Unión Europea en relación co sistema de arrendamento financeiro para a construción de buques ou *tax lease* (art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 706, do 05.06.2012

7.7 08/POP-3968 (83429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Cerviño González, Francisco Xulio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do orzamento asignado para o ano 2012 á Real Academia Galega (art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 706, do 05.06.2012

7.8 08/POP-3984 (83616)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Parga Núñez, Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para o mantemento do programa Preescolar na casa (art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 706, do 05.06.2012

7.9 08/POP-3806 (81778)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e seis deputados máis

Sobre a relación de subsectores aos que se lles está a remitir o borrador do novo decreto que vai regular a comercialización en orixe dos produtos pesqueiros

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 691, do 09.05.2012

Retómase a sesión ás dez e vinte minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Sr. presidente da Xunta de Galicia do futuro do sistema financeiro galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Fernández (S).* (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 11.)

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Fernández (S).* (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai impulsar o señor presidente do Goberno galego para garantir a existencia de instrumentos financeiros propios ao servizo de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 16.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Tereixa Paz Franco e D. Alfredo Suárez Canal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial para a modificación da demarcación xudicial (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 18.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 18.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Amoroso (S)* (Páx. 21.) Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 23.)

A señora Paz Franco (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 25.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Carme da Silva Méndez e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a permanencia do complexo industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 26.)

Intervención da autora: *Sra. Da Silva Méndez (BNG)*. (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 30.)

A señora Da Silva Méndez (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 32.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Soledad Soneira Tajés e tres deputados máis, sobre a posición que debe defender o Goberno galego nos debates para a reforma da política pesqueira común. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)

Intervención da autora: *Sra. Soneira Tajés (S)*. (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Lobeira Domínguez (BNG)* (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 41.)

A señora Soneira Tajés (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Antonio Rodríguez Miranda e oito deputados máis, sobre a elaboración do Mapa de emerxencias de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 45.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Miranda (P)*. (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Suárez Canal (BNG)* (Páx. 47.) e *Sr. Francisco Rivera (S)*. (Páx. 49.)

O señor Rodríguez Miranda (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 50.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e trece deputados máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da proposta de ditame remitida pola Consellería do Medio Rural e

do Mar diante da reforma da política pesqueira común, e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 52.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 57.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Lobeira domínguez (BNG).* (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 58.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 60.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co recorte que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para o ano 2012 nas axudas do Plan estatal da minaría do carbón para as comarcas de Cerceda e As Pontes: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

A señora Paz Franco (BNG) intervén para comunicar o resultado da transacción así como a aceptación da votación por puntos. (Páx. 62.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Tereixa Paz Franco e D. Alfredo Suárez Canal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial para a modificación da demarcación xudicial: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Tereixa Paz Franco e D. Alfredo Suárez Canal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial para a modificación da demarcación xudicial: *rexeitado por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Carme Silva Méndez e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a permanencia do complexo industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Soledad Soneira Tajés e tres deputados máis, sobre a posición que debe defender o Goberno galego nos debates para a reforma da política pesqueira común: *rexeitada por 23 votos a favor, 50 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Antonio Rodríguez Miranda e oito deputados máis, sobre a elaboración do Mapa de emerxencias de Galicia: *aprobada por 38 votos a favor, ningún en contra e 35 abstencións.* (Páx. 63.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e trece deputados máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da proposta de ditame remitida pola Consellería do Medio Rural e do

Mar diante da reforma da política pesqueira común, e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto: *aprobada por 38 votos a favor, 12 en contra e 23 abstencións.* (Páx. 63.)

Interpelación de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para o mantemento dun sistema financeiro galego, nomeadamente a demanda da transferencia a Galicia da participación estatal no capital de Novagalicia Banco. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG).* (Páx. 63.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda.* (Páx. 66.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Caride Estévez (S)* (Páx. 68.) e *Sr. Puy Fraga (P)* (Páx. 70.)

Réplica do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG).* (Páx. 72.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda.* (Páx. 74.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e vinte e cinco minutos da tarde.

Interpelación de D.^a María Dolores Rodríguez Amoroso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración e a posición defendida polo Goberno galego respecto da incidencia en Galicia da redución de partidos xudiciais proposta no Informe do Consello Xeral do Poder Xudicial titulado “Principios para unha nova demarcación xudicial”. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Amoroso (S).* (Páx. 75.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.* (Páx. 77.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 80.) e *Sra. Prado del Río (P)* (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Amoroso (S).* (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.* (Páx. 86.)

Pregunta de D.^a María Dolores Rodríguez Amoroso e dous deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da decisión do Goberno central de aumentar de xeito xeneralizado as taxas xudiciais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Amoroso (S).* (Páx. 87.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.* (Páx. 88.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Amoroso (S).* (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.* (Páx. 89.)

Interpelación de D. Ismael Rego González, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios seguidos polo Goberno galego na tramitación de expedientes en materia de disciplina urbanística. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rego González (S).* (Páx. 90.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 92.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Da Silva Méndez (BNG)* (Páx. 94.) e *Sr. Rodríguez González (P)* (Páx. 97.)

Réplica do autor: *Sr. Rego González (S)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 100.)

Pregunta de D.^a María José Caride Estévez e tres deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas para mellorar a atención aos cidadáns con motivo da constitución da Axencia Tributaria de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Caride Estévez (S)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda*. (Páx. 102.)

Réplica da autora: *Sra. Caride Estévez (S)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda*. (Páx. 103.)

Pregunta de D. Pedro Arias Veira e seis deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a estratexia actual que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria no ámbito dos clústers. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 104.)

Réplica do autor: *Sr. Arias Veira (BNG)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 106.)

Pregunta de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da Xunta de Galicia para apoiar a apertura dunha mina de ouro a ceo aberto en Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG)*. (Páx. 106.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 107.)

Réplica do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 108.)

Pregunta de D. Pedro Arias Veira, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia, nomeadamente pola Consellería de Economía e Industria, para resolver o procedemento aberto pola Unión Europea en relación co sistema de arrendamento financeiro para a construción de buques ou *tax lease*. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 110.)

Réplica do autor: *Sr. Arias Veira (BNG)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 111.)

Pregunta de D.^a María do Carme Adán Villamarín e D. Manuel Parga Núñez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para o mantemento do programa Preescolar na Casa. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG).* (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar.* (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG).* (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar.* (Páx. 115.)

Remata a sesión ás sete e dezaioito minutos do serán.

Retómase a sesión ás dez e vinte minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días, señorías.

Perdón, señorías, silencio.

Reiniciamos a sesión co punto 6, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia, de D. Manuel Vázquez Fernández, portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Sr. presidente da Xunta de Galicia do futuro do sistema financeiro galego

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas.

Bos días, señora presidenta.

Señorías, señor presidente.

Hai máis de dous anos e medio que vostede encargou unha auditoría sobre o sistema financeiro galego que confirmaba a viabilidade da fusión das caixas galegas. O Parlamento galego e a oposición aínda hoxe –a pesar de telo reiterado en múltiples ocasións– non conseguiron ver a citada auditoría. Esa auditoría dicía que a caixa daría beneficios despois da fusión dende o primeiro ano. As conclusións finais que presentaba a conselleira dicían literalmente: “A fusión das caixas galegas é solvente, é a fórmula que garante a galeguidade e está avalada tecnicamente”. Decía tamén que cun préstamo do FROB de 1.190 millóns de euros a entidade obtería un beneficio bruto de 2.671 millóns no período 2010-2015.

Posteriormente, a verdadeira situación, vimos que quedaba moi lonxe de todo iso. E vimos que ao longo dos seguintes anos o FROB tivo que inxectar 1.190 millóns de euros (FROB 1), 2.260 millóns de euros a través do FROB 2, quedando practicamente Novagalicia Banco como un banco de titularidade pública no seu 93 %. E estes días, a través do rescate europeo ao Goberno, fan unha proposta de inxectar da orde de catro mil catrocentos millóns de euros a Novagalicia Banco. En total, 7.650 millóns de euros que

–ten que recoñecer– quedan moi lonxe daquela auditoría que vostede preconizaba.

Ese é un resumo rapidísimo do noso pasado, pero eu creo que temos que falar de futuro, señor Feijóo. E o futuro ten que pasar pola nosa responsabilidade e por pedir responsabilidades a quen nos levou ata aquí; a nosa responsabilidade, centrada fundamentalmente en 2.600.000 clientes de Novagalicia Banco, que están pendentes do que poidamos dicir aquí hoxe como Goberno e como Parlamento galego.

Eu propoñolle, presidente, hoxe, facer unha fronte común de todas as forzas políticas galegas para esixirlle ao Banco de España, para esixirlle ao Goberno de España que, unha vez que teñamos cubertas as necesidades de recapitalización de Novagalicia Banco, consigamos que ese banco –que tecnicamente se dá ao 100 % de titularidade pública– non se subaste, non se fraccione, non se fusione con outras entidades e que, unha vez saneado, faga fluír o crédito...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... ás familias, ás empresas e se dedique á economía produtiva de Galicia.

Señor presidente, unha fronte común das forzas políticas que ao mesmo tempo ten que facer un acto de hixiene política –remato, presidente– para frear a alarma social que cunde en Galicia. Temos que convocar esa Comisión de investigación e, sobre todo, temos que explicarlles aos galegos e ás galegas como é posible que os dirixentes de Novagalicia Banco comparezan no Congreso dos Deputados e non comparezan...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: no Parlamento de Galicia.

Presidente, pídlle responsabilidade, pídlle acordos e pídlle que todos xuntos sexamos capaces de facer esa fronte común para pedirllas ao Goberno e ao Banco de España un banco de titularidade pública para financiar o sistema público galego.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría, alégrame que me pregunte polo futuro do sistema financeiro galego. Iso significa que existe un sistema financeiro radicado en Galicia; significa, en consecuencia, señoría, que aínda temos unha entidade financeira galega de referencia. Como toda Galicia sabe, non foi fácil chegar ata aquí. Tivemos que sortear todas as tempestades financeiras e bancarias como non se recorda en trinta anos de democracia e tivemos que sortear todos os obstáculos políticos posibles. Señoría, despois de tres anos de traballo –ás veces co BNG, ás veces en solitario–, dende o Partido Popular hoxe seguimos traballando para que haxa unha entidade financeira galega de referencia.

Señoría, Novagalicia Banco existe a pesar do Partido Socialista Obreiro Español; Novagalicia Banco existe a pesar do Partido Socialista de Galicia; Novagalicia Banco existe a pesar de vostede. Señoría, non chegaría un Pleno extraordinario para recordar as súas posturas sobre Novagalicia Banco. O que si lle podo asegurar é que a crónica do Partido Socialista en relación cunha entidade financeira é unha crónica de tres anos de deslealdades e de incoherencias.

Deslealdades na reforma da lei, rompendo o consenso da reforma da Lei de caixas e incluso recorrendo ante o Tribunal Constitucional. Deslealdades no momento da fusión: primeiro, dicindo que era favorable un SIP con entidades externas; despois, que era favorable un SIP entre as dúas caixas; despois, que había que apuntarse á fusión, e despois, posicionándose en contra da fusión. E deslealdade, señoría, co seu silencio e o seu apoio aos distintos bandazos normativos do Banco de España e do Goberno Socialista de Madrid.

Incoherencia, señoría, durante tres anos. Primeiro esixíalle á Xunta que traballase por unha entidade financeira galega propia e despois esixía que foran os directivos das caixas os que decidiran o futuro das mesmas. Incoherencia, señoría, dicindo que o señor Feijóo tiña un pacto con Bankia e con Caja Madrid para entregarlle a caixa a Caja Madrid e, des-

pois, instando dende o Banco de España e presionando ao presidente da Xunta para que pactara a fusión con Bankia e con Caja Madrid, que era a proposta do Partido Socialista Obreiro Español. Señoría, incoherencias, porque hai unhas poucas semanas dicía que xa non quedaba nada do sistema financeiro español, e agora proponme un pacto polo futuro do sistema financeiro galego; hai unhas semanas, está no *Diario de Sesións*: “nin temos caixa nin temos banco”. E agora preocúpalle a vostede o futuro dun banco radicado en Galicia. Señoría, non mudamos. Tres anos continuados facendo fincapé en que era necesario un banco solvente coa sede, co domicilio social en Galicia...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, como non mudamos, non teña dúbidas. Non imos mudar nunca máis, nin nas próximas semanas nin nos próximos minutos. Respetar os tempos –o día 21 sabermos as necesidades de capitalización–, apoiar os profesionais que están dirixindo Novagalicia Banco, esixir o mesmo trato igualitario que a calquera outro banco que teña axuda pública, analizar e investigar cales foron as causas que nos levaron ata aquí...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Sen dúbida, señoría, non teña dúbidas, analizáremolo e investigáremolo no Parlamento cando respectemos os clientes, as empresas e as 6.300 familias que son a plantilla de Novagalicia Banco.

Señor Vázquez, custa moito entender que despois de tres anos...

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... de ataques e de incoherencias agora queira ser vostede o salvador do propio proxecto que atacou por terra, mar e aire.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Réplica do señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señoría, vostede segue empeñado en tapar a realidade, cando fala dun banco galego que é titularidade no 93 % do Banco de España. Vostede, ¿a quen pretende enganar? Neste momento, Galicia ten o 7 % dese banco. Por certo, Cataluña si ten a parte proporcional –amplísima e maioritaria– en Caixabank e as kutxas de Euskadi son titularidade de Euskadi.

Vostede levou este país... e vostede non quere unha Comisión de investigación, porque ao primeiro que hai que investigar é ao do centro desta foto, quen levou a esta fusión que vostede dicía que era solvente e que remata co 93 % de titularidade do Banco de España, ¡a ver se o entendemos dunha vez!, e con necesidades mínimo de catro mil cinco-centos millóns de euros. E vostede siga sacando peito, presidente, vostede siga falando de bandazos do Goberno socialista, cando estamos vendo que o Goberno de Mariano Rajoy anda a tombos na reforma do sistema financeiro, afundindo a credibilidade deste país.

Presidente, señor Feijóo, pídolle algo para os galegos, non para o Partido Socialista: pídolle coherencia, pídolle compromiso cos 2.600.000 galegos que teñen as contas en Novagalicia Banco. Deixe de vivir nun mundo de fantasía, baixe á realidade deste país. Recoñeza que temos intervido o banco galego, que o 93 % é do Banco de España e que vai ser o 100 %. ¿Que nos queda por salvar, señor Feijóo? E pídollo unha vez máis: que cunha fronte común que fagamos as forzas políticas galegas vaíamos ao gobernador do Banco de España, vaíamos ao Goberno deste país e lle digamos que queremos que –como van facer co banco da Comunidade Autónoma de Madrid–,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... unha vez que esteamos recapitalizados, non nos subasten por un euro, non nos fraccionen, non nos fusionen con outros bancos. Aclaremos co BNG ese matiz entre titularidade pública e banco público, que é solucionable. Pero vostede, señor Feijóo, siga rindo, vostede siga rindo, ocultándolles a realidade deste país...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ... aos das preferentes, aos 2.600.000 clientes, e non escoite, como cando lle mandei a

carta. Vostede siga só, siga de vitoria en vitoria ata que xa non quede nada –nin un 1 %– de Novagalicia Banco.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Vostede é o principal responsable político e ten que, neste momento, satisfacer as necesidades dun país que lle está pedindo a gritos menos vaidade, máis compromiso e máis acordos entre as forzas políticas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Permítame, simplemente, lerlle os titulares das súas manifestacións. Vázquez: “Feijóo busca la fusión para entregar el paquete a Caja Madrid”. Salgado, ministra de Facenda: “Pida a las comunidades que dejen a las cajas la iniciativa y al Banco de España la tutela”. Señor Vázquez: “El PSdeG pide a la Xunta que deje trabajar solas a las cajas” –a estas que quere vostede investigar, a estas–. Señoría: “Caballero pide un SIP con la garantía de que Caixanova siga con sede en Vigo”. “El PSdeG propone la tercera vía: integrar en un SIP las dos cajas”. “Manuel Vázquez pide al Banco de España que fije la transición de la fusión”.

Señoría, ¿exactamente, cal é a súa proposta?, *(Interrupcións.) (Murmurios.)* ¿cal é a súa proposta durante os tres últimos anos? *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, vostede non conseguiu cargarse un proxecto e pídolle por favor que non siga intentando cargarse un proxecto. ¿Que é difícil? Sen dúbida. ¿Que herdamos a peor situación financeira da banca española? Sen dúbida. Pero aquí seguimos, traballando por unha entidade con sede social, con domicilio social, cun equipo directivo, cuns servizos centrais en Galicia. E aquí seguiremos.

Non necesito, señoría, que me recorde cales son as miñas competencias e as miñas funcións; seguireinas exercendo, diga o que diga o Partido Socialista Obreiro Español, diga o que diga o señor Vázquez e diga o que diga o PSdeG-PSOE –se é que aínda lle queda algo de PSdeG–. *(Aplausos.)*

Señoría, sobre a auditoría: esa auditoría foi mostrada na Consellería de Facenda ao seu portavoz. *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* Como posteriormente o cesou, nin sequera se enterou...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, seguiremos falando da auditoría. Esa auditoría feita por KPMG, resulta que agora volve ser a firma que volve auditar as outras entidades financeiras actualmente. Señoría, esa auditoría está co visto e prace do Banco de España, do Ministerio de Facenda *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e da Comisión Europea. Léolle os *stress tests* sobre esa auditoría: “Ni en el peor de los escenarios, con una hipotética nueva crisis de deuda soberana y una caída de la economía de hasta tres puntos, la fusión gallega necesitaría más ayudas” *(Stress test* Comisión Europea-Banco de España).

Señoría, ¿pero aínda vostede non se enterou de que votou a favor da fusión?, ¿aínda non se enterou de que votou a favor desta fusión? O *Diario do Parlamento* acredita 61 votos a favor *(Murmurios.)*...

A señora PRESIDENTA: Silencio.

O señor **PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**... e 13 abstencións. Ningún parlamentario dos que estamos sentados aquí votou en contra da fusión. Vostede votou a favor e agora dime que a fusión foi un fracaso do Partido Popular. Con todos os respectos, señoría, se nin sequera se respecta a si mesmo, ¿como van respectar os galegos as súas propostas? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, imos seguir traballando. Imos respectar os tempos –o día 21 saberemos as necesidades de capitalización–,

imos seguir apoiando unha dirección profesional de Novagalicia banco, imos seguir esixindo un trato igualitario –ás horas de coñecer a solución de Bankia (ás horas, non aos días) pronuncieime a favor de que esa mesma solución tiña que vir para a capitalización de Novagalicia Banco–, imos investigar o que pasou. Hai dous tipos de xustiza, señoría: a xustiza *aínda que* caía o mundo e a xustiza *para que non* caía o mundo.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Nós preferimos a segunda, que non a primeira. Señoría, e por suposto que imos traballar cos afectados das preferentes; aínda que o comisario socialista da competencia non entenda o que está pasando en Galicia, imos seguir traballando polas preferentes,...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... polos clientes, *(Aplausos.)* polas empresas e polos 6.500 de plantilla.

Señoría, hai que elixir...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... entre a manifestación permanente, entre a folga permanente ou o acordo.

A señora PRESIDENTA: Presidente, xa...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se vostede agora quere o acordo, benvido sexa a construír...

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Xa non ten a palabra, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que vai impulsar o señor presidente do Goberno galego para garantir a existencia de instrumentos financeiros propios ao servizo de Galicia

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Núñez Feijóo, pois nós hoxe non imos falar, efectivamente, das incoherencias –nin das súas nin das do Partido Popular– porque en tres minutos non nos chegaría nin para poder empezar. E queremos falar de futuro, de cal é o futuro do sistema financeiro galego, porque somos conscientes da importancia vital que este asunto ten para calquera estratexia de recuperación económica e para que en Galiza poidamos empezar a falar de que o noso tecido produtivo ten apoio desde o ámbito do crédito.

Mais tamén temos que dicir hoxe aquí que compartimos a indignación de milleiros de persoas ante un rescate que supón unha auténtica estafa social, un roubo ao conxunto da sociedade. Ténsenos dito durante estes anos e durante estes últimos meses que non había cartos para a sanidade, para a educación, que non había cartos para solucionar o problema das preferentes. Mais si vemos que hai cartos para tapar os excesos e as alegrías que tivo a banca durante estes anos; nada máis e nada menos que 100.000 millóns de euros que imos ter que pagar entre todos e todas, non só a través dun maior endebedamento e déficit público, senón tamén con novos recortes sociais.

E este rescate é tamén a evidencia máis clara do fracaso das reformas do sistema financeiro pactadas polo Partido Popular e polo Partido Socialista; non esquive vostede as súas responsabilidades na situación que temos na actualidade. É tamén a evidencia do fracaso dun modelo europeo –que vostede defende–, un modelo antidemocrático ao servizo dos mercados e que, literalmente, está arruinando a miles de persoas e tamén o noso país. E parécenos grave que se impoñan este tipo de medidas, conculcando un dereito básico nun sistema democrático, que é que os cidadáns saiban a verdade e que teñan dereito a opinar sobre unha política que non votaron nas pasadas eleccións.

Porén, señor Núñez Feijóo, esta situación, este rescate é dobremente lesivo para Galiza: castigará a inmensa maioría do noso pobo e supón o certificado de defunción para o sistema financeiro galego. Vostede fixo unhas declaracións nas

que viña a dicir que o rescate era unha boa noticia para Novagalicia Banco. As súas declaracións, señor Núñez Feijóo, non teñen credibilidade; teñen a mesma que as do señor Rajoy cando o pasado domingo, antes de ir ao fútbol, nos dicía que non había rescate. Desde o Bloque Nacionalista Galego negámonos a aceptar este deseño e pedímoslle, señor Núñez Feijóo, que escoite as propostas que hoxe lle facemos.

A primeira: apostar pola verdade e pola transparencia. Este Parlamento ten que constituír xa unha Comisión de investigación. Vostede leva durante varios meses con escusas simplemente para xustificar a súa negativa, o seu veto a que os galegos e as galegas saiban a verdade sobre o que pasou na xestión das caixas e cales son tamén as responsabilidades políticas –e vostede tenas e está escondéndoas tamén co seu veto á creación desta Comisión de investigación–.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora PONTÓN MONDELO: E para o futuro do noso sistema financeiro, temos claro que a única alternativa é unha banca pública, pero galega, señor Vázquez; galega, que iso é algo moi importante. Nós estamos pedindo a transferencia do FROB, da participación do FROB; o Partido Popular e o Partido Socialista hai uns días negaron no Parlamento do Estado que se transferira a participación do FROB a Galiza. Non sabemos, señor Núñez Feijóo, que opina vostede do voto que tiveron nese debate...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO:... os deputados electos por Galiza, os deputados do Partido Popular.

Mire: estamos nun momento crítico no que non serven as frivolidades nin estar constantemente dicindo que o presidente da Xunta de Galiza non ten ningunha responsabilidade no que pasa neste país, e que todo é culpa dos demais. Vostede ten que decidir se continúa coa súa política de submisión á banca e aos deseños do Goberno central ou se realmente, por unha vez, vai defender o que lle convén a Galiza. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, preguntame que imos facer para contar con instrumentos financeiros ao servizo de Galicia: imos seguir traballando, señoría. Dende o primeiro día estamos traballando; a pesar de atopar a situación coa que nos atopamos en abril do ano 2009, da situación das entidades financeiras caixas galegas, estamos traballando –como vostede debería de saber– dende o primeiro día. Se tiveramos feito o que recomendaban outros –sen ir máis lonxe, os seus socios de goberno en todas as institucións–, hoxe as caixas serían un recordo diluído noutras entidades, aproximadamente teríamos o 1 % de Bankia e aproximadamente teríamos o tres e pico por cento de Banca Cívica, por exemplo –sede en Madrid e sede en Cataluña–.

Señoría, agora existe unha entidade galega –é certo–, que loita como as demais –sen dúbida–, no peor momento do sistema financeiro español –sen ningunha dúbida–. E agora, señoría, temos o seguinte plantexamento: temos que atopar unha entidade solvente –é que se non, non é banco– e temos que intentar e conseguir que esta entidade siga tendo a súa sede, o seu domicilio, o seu equipo directivo e os seus servizos centrais en Galicia; esa é a nosa proposta dende o principio.

Como sabe, cambiamos a lei, e os seus socios recorrérona en Madrid; como sabe, apoiámos a fusión, e os seus socios estiveron intentando boicotear a fusión, e, como sabe, temos agora a posibilidade de seguir adiante, e non sei o que van facer os seus socios porque, despois de escoitalo, son incapaz de saber interpretalos.

Señoría, denunciámos os bandazos normativos, non mudámos de opinión. Xa nos dixeron que non querían caixas e que querían bancos, seguimos traballando nese escenario. E agora imos seguir traballando para manter unha entidade solvente en Galicia cun equipo directivo galego, cuns servizos centrais en Galicia, cun domicilio social e cunha sede social en Galicia.

Señoría, vostedes formaban parte dunha coalición electoral que gobernaba en Galicia durante os anos 2005, 2006, 2007 e 2008, ata marzo do ano 2009, e formaron parte... (*Risos.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, ¿como vou inventar o bipartito se xa está

nos anais da historia de Galicia? Señoría, e seguiron formando parte dunha coalición económica durante...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... cinco anos, apoiando os presupostos do señor Rodríguez Zapatero.

Mire, señoría: hoxe sae nun xornal cando se capitalizou a banca no mundo. En Estados Unidos, en Alemaña, no Reino Unido, en Holanda e en Bélxica capitalizouse no ano 2008; en Grecia e en Irlanda, no ano 2010, e en España, no ano 2011 e no ano 2012.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, vostedes apoiaban os presupostos do señor Rodríguez Zapatero nos anos 2005, 2006, 2007 e 2008, ¿non pensaron por un instante como estaban as entidades financeiras galegas e se o que vostedes apoiaban en Madrid interesaba ou prexudicaba a Galicia? Señoría, fagan exame de conciencia, non dean clases de patriotismo e sexan un pouco coherentes.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica da señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Núñez Feijóo, creo que non está vostede en disposición nin de dar leccións de coherencia, nin moito menos de fuxir do debate tan importante que hoxe temos nun tema que é vital.

Mire: se quere falar de pactos, fale co seu xefe, o señor Rajoy, e co señor Zapatero, que foron os que pactaron unha reforma da lei que levou á desaparición das caixas; (*Aplausos.*) pacto entre o Partido Popular e o Partido Socialista. Se quere falar de pactos económicos e de pactos para os bancos, tamén, pregúntelle á dirección do seu partido en Madrid. ¿Se pactaron todos os decretos da reforma financeira, se foi o PP quen apoiou todos os bandazos normativos que levaron a esta situación, (*Protestas.*) todos e cada un...!

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E non eluda, señor Feijóo, as súas responsabilidades. Vostede púxose á fronte dun proceso de fusión que o BNG non apoiou porque lle dixo que tiña moitos perigos para o futuro; foi vostede quen pactou co Grupo Socialista deixar sen efecto a Lei de caixas que aprobara este Parlamento, e foi vostede quen aprobou a bancarización das distintas caixas. Son as súas responsabilidades. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E a nós, señor Núñez Feijóo,... –Tranquilidade, eu, sinceramente, parece-me...–

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO:... vostede o que ten que dicirnos é que vai pasar no futuro e que vai facer o presidente da Xunta de Galiza.

Mire: Comisión de investigación. Leva vostede durante varios meses negando e votando en contra deste Parlamento que se poidan investigar os ex-directivos das caixas. E faino porque, efectivamente, sabe que hai responsabilidades que mesmo poden ser penais e quere evitar que esa situación chegue. E négalles aos galegos e ás galegas saber que pasou coa xestión das caixas.

E futuro para o noso país, futuro para o sistema financeiro: a única alternativa para poder superar un modelo fracasado, que está arrasando a nosa sociedade, é apostar pola banca pública galega. Se vostede non fai nada, o que vai ser é cómplice do espolio do noso aforro.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora PONTÓN MONDELO: Nós estamos poñendo unha alternativa concreta sobre a mesa, temos un tema ben estudado cun documento que creo que vostede debería de coñecer; e o grave, señor Núñez Feijóo, é que vostede non fai absolutamente nada, convértese nun espectador ante unha situación...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO:... que require que a Xunta de Galiza faga algo. A nós, desde logo, parécenos que a banca pública galega é a única alternativa fronte a un modelo fracasado; a única alternativa que temos para poder ter uns instru-

mentos financeiros que financien o noso tecido produtivo e unha banca que non teña escándalos como os das preferentes...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Lamentamos, señor Núñez Feijóo, que vostede, máis unha vez, se converta nun títere do Goberno central e da banca.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Réplica do señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):Moitas grazas, señoría.

Grazas, presidenta.

Mire, eu podería facer exactamente o que vostedes fan: destinar diñeiro público da Deputación de Lugo *(O señor Rueda pronuncia palabras que non se perciben.)* a facer propaganda política en todos os xornais de Galicia. Sen dúbida, señoría. *(Aplausos.)* Si, señoría, ese cartel está financiado cos aforros dos galegos,... *(Protestas.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... cos impostos dos galegos; e está financiado con todos...

A señora PRESIDENTA: Perdoe, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... os xornais de Galicia; e iso, probablemente,...

(Interrupcións.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Presidente, perdoe.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio, por favor.

Fagan o favor de escoitar con tranquilidade.

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Prado, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Agradézolle moito que recorde o BNG que con diñeiro público... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio.

Perdón.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... dos aforros dos galegos vostedes están facendo partidismo. E co membrete da Deputación de Lugo e co diñeiro de todos os lucenses, de todos os galegos, dos impostos da xente que está no paro,... *(Interrupcións.)* dos impostos da xente que vai a comedores sociais *(Murmurios.)* vostedes están facendo partidismo político. *(Interrupcións.)* É o seu problema, señoría. Esa é a diferenza entre un partido e outro partido.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

(O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Lobeira, chámoo á orde.

(O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Lobeira, chámoo á orde por primeira vez.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, se queren que nos remontemos aos problemas das entidades financeiras, aos catro anos do Goberno do BNG e aos cinco anos dos presupostos económicos entre o BNG e o señor Rodríguez Zapatero, deberíamos de recordar se ninguén no Goberno bipartito estudou a situación das cai-

xas; se ninguén durante o Goberno bipartito se preocupaba pola concesión de créditos; se ninguén durante os catro anos do Goberno bipartito se preocupaba de como as caixas galegas estaban investindo en promotoras, en inmobiliarias, en construtoras; *(Murmurios.)* se ninguén durante os anos do bipartito se preocupou realmente por Galicia. *(Interrupcións.)*

Mire, señoría: na campaña electoral do ano 2009 empezou a correrse por Galicia que había entidades financeiras –as caixas– en grave situación económica. Se eu fixera o que fan vostedes agora –incentivando as manifestacións en contra de Novagalicia Banco e ignorando a realidade da situación das preferentes–, é probable que conseguira máis votos no ano 2009 botándolle a culpa ao bipartito da situación das caixas. Non o fixen nin o vou facer, *(Murmurios.)* sigo traballando por Galicia porque é a miña obriga. *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, imos seguir traballando por Galicia, con pancartas ou sen pancartas; *(O señor Aymerich Cano pronuncia palabras que non se perciben.)* imos seguir traballando para que os feitos de decisión...

A señora PRESIDENTA: Señor Aymerich, chámoo á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, pero se está moi ben, toda Galicia se entera de que o BNG está financiando con fondos públicos da Deputación de Lugo as súas pancartas. *(Aplausos.)* Se isto é fenomenal, señoría. *(Aplausos.)* Isto é a vida.

Señoría, a vida é que namentres vostedes intentan destruír un proxecto con sede en Galicia, nós intentamos traballar con el; a vida é que mentres a vostedes non lles importa o traballo de 6.300 familias que traballan en Novagalicia Banco, *(Murmurios.)* a nós impórtanos moitísimo ese traballo; *(Interrupcións.)* *(Aplausos.)* a vida é, señoría, que mentres a vostedes non lles interesan os dous millóns de clientes de Novagalicia Banco, a nós preocúpannos;...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... a vida é que mentres a vostedes non lles interesan as empre-

sas galegas que teñen créditos en Novagalicia Banco, a nós preocúpannos.

E, por certo, sobre a posibilidade de pactar co seu socio entre un banco de titularidade pública ou un banco público –¡que total é o mesmo!, segundo o señor Vázquez–, sigan vostedes acordando e, se teñen algún acordo, trasládeno. Nós seguimos onde estabamos:...

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor **PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**... Novagalicia Banco ten que ser un banco na sede, no seu domicilio, no seu equipo directivo, en Galicia; (*Murmurios.*) o seu obxectivo, as empresas e os clientes galegos. E intentando construír o que nos atopamos destruído cando chegamos ao Goberno, despois de catro anos do bipartito...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor **PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):**... e de cinco anos apoiando o BNG as políticas económicas que nos levaron ao maior desastre financeiro en trinta anos de democracia.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

(*Aplausos.*)

Continuamos co desenvolvemento... (*Aplausos.*)

Silencio, por favor.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día, coas proposicións non de lei ante o Pleno.

(*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señora Acuña, chámola á orde.

(*A señora Seoane Romero pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señora Seoane, por favor, silencio.

Continuamos co punto 4, de proposicións non de lei ante o Pleno.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Tereixa Paz Franco e D. Alfredo Suárez Canal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial para a modificación da demarcación xudicial

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Rodríguez Amoroso, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta Proposición non de lei.*)

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno Galego a:

1. Rexeitar a proposta do Consejo General del Poder Judicial, contemplada no seu informe, Principios para una nueva demarcación judicial, no que se refire á supresión de partidos xudiciais por prexudicar directamente á Administración de xustiza e aos seus usuarios en Galicia.

2. Iniciar os trámites diante do Goberno do Estado para acadar a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia da competencia para a demarcación, modificación e supresión de partidos xudiciais e de creación de órganos xudiciais.)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Bo día, señoras e señores deputados.

Nun Estado de dereito, a Administración de xustiza ten que exercer como garante do exercicio dos dereitos por parte da cidadanía, tanto no exercicio dos propios dereitos como na reposición como consecuencia da vulneración deses dereitos. Tamén é a Administración de xustiza quen garante o cumprimento do dereito fundamental consagrado...
(Interrupcións.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora PAZ FRANCO:... na Constitución española a unha tutela xudicial efectiva.

Pero, a pesar deste importante papel da Administración de xustiza nun Estado de dereito e a pesar de que todo o mundo proclama a súa adhesión a ese Estado de dereito, a Administración de xustiza non está sendo allea aos recortes que se están realizando por parte do Goberno do Partido Popular nin aos anuncios que veñen poñer en cuestión a propia Administración de xustiza.

Recortes, anuncios e decisións que tenden a configurar unha xustiza de dúas velocidades: unha xustiza para aqueles que poden pagala, unha xustiza para ricos, e outra xustiza para os pobres, para aqueles que non poden pagala.

E nese sentido, temos que lamentar anuncios como os realizados polo Ministerio de Xustiza, de introducir taxas xudiciais, que van impedir que moitas cidadás e moitos cidadáns exerzan os seus dereitos a unha tutela xudicial efectiva, que van impedir que moitos cidadáns exerzan o dereito a presentar recursos de apelacións ante as sentenzas de primeira instancia. Tamén nese ámbito se insiren medidas como a revisión das condicións para o exercicio do dereito a unha xustiza gratuíta, que, nun contexto de crise e de reforma laboral como a que se acaba de acometer, pode mesmo vulnerar o dereito dos traballadores a exercer os seus dereitos no ámbito do social, pola información que temos da orientación que vai ter esa modificación no dereito da xustiza gratuíta. Polo tanto, estamos ante unha configuración da nova Administración de xustiza na que só poderán exercer os seus dereitos os que poidan pagar o exercicio dos seus dereitos.

A esa división no acceso á xustiza en función das posibilidades económicas da cidadanía, tamén agora se une outra nova división no acceso ao exercicio dos seus dereitos a tra-

vés da Administración de xustiza en función do lugar onde resida e en función das condicións socioeconómicas dos cidadáns. E neste ámbito temos a proposta de modificación da demarcación de planta xudicial, que, efectivamente, emana do pacto pola xustiza e que se está a debater actualmente.

Até o momento, téñense producido neste ámbito dous fitos:

Por un lado, a publicación no *Boletín Oficial do Estado* do día 13 de marzo do nomeamento dunha Comisión institucional na que, entre outros membros, hai un vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial —e fago fincapé nesta cuestión porque creo que ten relevancia en función do que diremos a continuación— e que está comisionada para elaborar unha proposta de texto legal para modificar, entre outras leis, a Lei orgánica de demarcación e planta xudicial.

Simultaneamente, a principios do mes de maio, e despois de que xa se nomease esta Comisión para elaborar esa base de texto legal, coñeceuse o documento chamado Proposta inicial de bases para unha nova demarcación xudicial, elaborado e feito público polo Consello Xeral do Poder Xudicial, que —como todas as súas señorías saben— é o máximo órgano; é o órgano de goberno de xuíces e maxistrados, e, polo tanto, o órgano de goberno dun dos tres poderes do Estado, neste caso, do poder xudicial. Feita pública esta proposta por parte do Consello Xeral do Poder Xudicial, tanto por parte de fontes do Ministerio como por fontes da Consellaría de Presidencia e Xustiza manifestouse que se asumía ese documento como punto de partida para esa nova lexislación en materia de demarcación e planta xudicial. De feito, por parte do Consello Xeral do Poder Xudicial —e, polo tanto, iso dá conta da relevancia que ese documento ten para establecer as bases sobre as que se ha de realizar esa reordenación da planta xudicial e da demarcación xudicial— tense iniciado toda unha tramitación dese documento, que trae conta da súa remisión ás salas de goberno dos distintos tribunais superiores de xustiza para que fagan as súas achegas ao respecto.

E por iso cremos que é o momento procesual oportuno —se me permiten utilizar esa expresión, dado que estamos falando da Administración de xustiza— para que por parte do Goberno galego e por parte das institucións galegas teñamos unha posición a respecto deste documento, do que non me cabe ningunha dúbida que vai ser a base sobre a que se

cimente o futuro texto legal que se someterá á aprobación. Desde logo, ao Bloque Nacionalista Galego non nos cabe ningunha dúbida da relevancia deste documento e de que este documento, se non o impedimos a través da manifestación do noso rexeitamento do seu contido, se vai consolidar con forza como o documento sobre o que se vai estruturar a futura demarcación da planta xudicial.

Pois ben, no caso de Galiza, este documento do Consello Xeral do Poder Xudicial establece a redución dos corenta e cinco partidos xudiciais que actualmente existen no noso país a trece, facendo unha agrupación –polo que pon, ademais, na propia exposición de motivos do documento– practicamente unicamente en función de criterios de poboación, sen ter en conta –e, desde logo, iso salta á vista se un se fixa na nova demarcación que se propón para o territorio galego– ningún outro tipo de circunstancias, como poden ser a dispersión da poboación, a situación das comunicacións, a ausencia ou non de medios de transporte público e mesmo as condicións socioeconómicas das persoas que viven nas distintas comarcas do noso país.

Concretamente, hai situacións que se dan con esta proposta de demarcación xudicial, que supostamente –segundo pon na propia exposición de motivos e no presuposto que tamén recolle o Ministerio nese mandato que lle fai á Comisión que nomeou para elaborar ese mapa xudicial– ten como finalidade chegar a Administración de xustiza á cidadanía... E, sen embargo, danse situacións, tanto no caso de Lugo como no de Ourense, de persoas que para facer calquera trámite xudicial cotián –como consecuencia dun accidente de circulación, como consecuencia de calquera outro problema que poidan ter na súa vida cotiá– teñen que realizar desprazamentos de máis de cento vinte quilómetros para acudir a xulgados; desprazamentos desde lugares nos que non contan con ningún tipo de transporte público e que na maioría dos casos teñen unha duración, en casos de concellos situados na montaña de Lugo –como no Courel– ou na montaña de Ourense –como na Mezquita ou na Gudiña–, de cerca de dúas horas de duración, e que, evidentemente, obrigan a facelos en medios de transporte propios.

Nós, desde logo, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que esta circunstancia provoca dúas cuestións. Por un lado, un novo golpe á poboación que vive no rural, á que privamos de calquera tipo de servizos. E ao que hai que unir

outras medidas da Xunta de Galiza, como a eliminación das oficinas liquidadoras dos rexistros da propiedade, que tamén van obrigar ás persoas a desprazarse ás capitais de provincia para poder realizar xestións. Desde logo, pon fin a calquera proceso de intento de comarcalización que se puidera iniciar neste país e a calquera intento dunha mínima e coherente vertebración territorial do noso país. E, desde logo, pon de manifesto a hipocrísia política deste Goberno, que, ao mesmo tempo que lle dá este golpe de graza ao medio rural do noso país, nos presenta aquí un proxecto ou un documento para, supostamente, a rexeneración demográfica do noso país.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Desde logo, esta iniciativa –que, ademais, cuestiona o exercicio do dereito á tutela efectiva dos seus dereitos por parte da cidadanía– conta coa oposición xa manifestada publicamente de grandes sectores sociais do noso país; non só dos colexios profesionais, non só de varios presidentes de Audiencia Provincial, non só dos maxistrados que están servindo neses xulgados dos partidos xudiciais que se pretenden eliminar, senón de moitas corporacións municipais que xa someteron a Pleno acordos de rexeitamento desta iniciativa.

E por iso, coa iniciativa que hoxe presentamos neste Parlamento, sabedores de que, efectivamente, a demarcación aínda non é unha competencia da Xunta de Galiza, o que pretendemos é que o Goberno da Xunta de Galiza tamén tome unha posición de rexeitamento a esta medida, porque consideramos que é gravemente lesiva para os intereses dos cidadáns do noso país, porque cuestiona os seus dereitos e, sobre todo, porque establece unha nova división...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO:... no acceso ao exercicio dos dereitos que conleva a Administración de xustiza en función do lugar no que se resida. Cremos que é o momento oportuno para que por parte da Xunta de Galiza se una tamén, e por parte deste Parlamento,...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO:... a ese rexeitamento manifestado pola sociedade.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Rodríguez Amoroso.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras deputadas e señores deputados.

Abordamos hoxe unha iniciativa do BNG coa que seguramente teñamos unha ampla coincidencia. Coincidimos, dende logo, na preocupación que nos xera a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, e polo mesmo motivo temos presentado unha interpelación. Dende logo, como Grupo Socialista consideramos que a proposta de supresión de partidos xudiciais do Consello Xeral do Poder Xudicial suporía un claro prexuízo no caso de aplicarse no noso país, e ese é un punto de encontro co grupo propoñente.

Coincidimos, por suposto, nunha parte substancial co expresado na parte dispositiva da proposición non de lei, mais algunhas diferenzas de matiz leváronnos a presentar unha emenda, aínda que agardamos que sexa posible chegar a un acordo co BNG e tamén, se é posible, entre os tres grupos. E vemos positivo chegar a un acordo entre os tres grupos nun tema tan importante para os galegos e as galegas como é o que subxace neste debate, que non é outro que o de garantir a tutela xudicial efectiva aos galegos e ás galegas, vivan onde vivan, nas cidades ou no rural.

Como xa comentou a voceira nacionalista, a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial suporía pasar en Galicia dos actuais corenta e cinco partidos xudiciais a trece: 5 en Pontevedra, 4 na Coruña, 2 en Lugo e 2 en Ourense. A intención dese informe non é outra que a de concentrar as infraestruturas xudiciais en torno ás grandes áreas de poboación, na maioría dos casos.

Falouse neste Parlamento en varias ocasións do despoboamento rural que sufrimos en Galicia, mesmo agora hai unha Comisión que está a analizar a situación demográfica en

Galicia e que amosa resultados deprimentes e alarmantes para as zonas rurais do noso país. E de aprobarse esta proposta de demarcación xudicial, ou algunha similar, contribuiría de xeito dramático a acentuar o despoboamento rural no noso país.

Quero pensar que a ninguén se lle escapa a importancia que ten para moitos concellos de Galicia a existencia dunha infraestrutura xudicial no seu termo municipal. A nivel socioeconómico, a actividade que se xera en torno a un xulgado é importantísima: profesionais de xustiza que establecen alá os seus despachos, como avogados, procuradores, mesmo notarios; pero tamén moitas outras actividades que se xeran arredor do xulgado: actividade bancaria, de restauración, de cafeterías, etc. Se lles quitamos a moitos concellos de Galicia un dos poucos polos de actividade económica que teñen, estamos, sen ningunha dúbida, condenándoos á desaparición.

Pero non só aos concellos como tal lles prexudica esta proposta, senón —e sobre todo— aos cidadáns. O informe establece un criterio quilométrico ou horario de distancia ás sedes xudiciais en cen quilómetros ou unha hora. Máis alá do que poida supoñer para un cidadán o feito de que lle quiten o xulgado do seu concello ou do concello do lado, teremos que pensar o que supón para calquera cidadán que para o máis mínimo trámite relacionado coa Administración de xustiza teña que desprazarse durante cen quilómetros ou unha hora, sobre todo sabendo que cen quilómetros en Galicia non son o mesmo que noutros lugares de España. A dispersión poboacional é unha das características principais do rural galego, co cal este criterio é unha condena de morte para moitas aldeas de Galicia. É varrer dun plumazo as ansias de xustiza de moitos cidadáns do rural galego.

E todo isto sen ignorar o déficit de transporte público que temos no noso país, no que a maioría dos concellos non contarán con transporte público para ir ás sedes dos xulgados. É o que ten pensar un Estado como se fose un todo homoxéneo, sen ter en conta as singularidades dun país como o noso. Pensar Galicia dende Madrid non suele funcionar.

Pero vaíamos a un exemplo concreto. Pensemos nun veciño, por exemplo, de Entrimo. Agora mesmo tería que desprazarse a Bande ao xulgado e quedalle practicamente ao lado. Coa proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial tería que ir a

Ourense. Sempre ese centralismo, volvendo sempre ao centralismo. É certo que non chega aos cen quilómetros, polo tanto cumpriría os criterios establecidos polo Consello Xeral do Poder Xudicial; iso si, o tempo oscila en función de por onde vaíamos entre unha hora e dez e unha hora e media. Cun transporte público moi deficiente, probablemente ese veciño, no caso de non dispoñer dun vehículo, tería que buscar a alguén que o levase ou o trouxese, ou pagarlle a un taxi. ¿Canto supón isto en cartos? Para nós, cremos que supón bastante.

Pero supoñamos que ese veciño é xubilado, un xubilado da provincia de Ourense. Pois sería aínda peor, porque ten unha das pensións máis baixas de España. Consecuencia: en moitos casos non se acudiría á xustiza, desprotección dos cidadáns, violación do dereito á tutela xudicial efectiva, afastar aínda máis a xustiza dos cidadáns.

Agora supoñemos que ese mesmo cidadán sexa un avogado ou un procurador. ¿Compénsalle economicamente o gasto de desprazamento que ten que facer cada vez que teña que facer un trámite xudicial, ir de Bande a Ourense para facer calquera trámite? Pois parece que non. ¿Que solución lle damos a ese avogado ou a ese procurador?, ¿ten algunha alternativa a botar o peche ao seu negocio? Non parece que haxa moitas, dende logo.

¿E os traballadores do xulgado, que dun día para outro se verán obrigados a ter que desprazarse cen quilómetros ata o seu posto de traballo?, ¿non é iso un ataque aos dereitos laborais dos traballadores? Claro que ao Partido Popular non parece preocuparlle moito o tema dos dereitos laborais, teno demostrado por activa e por pasiva.

Suporía, en fin, ademais de todo o comentado, un importante deterioro da calidade dos servizos públicos, concretamente da Administración de xustiza.

De que esta proposta é prexudicial para os intereses de Galicia e dos galegos dá mostra o importante número de reaccións contrarias que xerou. En numerosos concellos de Galicia téñense aprobado mocións de rexeitamento á proposta; mocións, por certo, apoiadas polos tres partidos políticos presentes nesta Cámara. O que quere dicir, mocións aprobadas polo Partido Popular, mocións votadas a favor por deputados do PP nesta Cámara na súa calidade de concellei-

ros. Será que algún perigo lle viron á proposta, será que non somos nós tan alarmistas.

Pero, tamén, reaccións contrarias de todos os colexios de avogados e procuradores de Galicia, así como de profesionais do sector en determinadas zonas de Galicia, que ven afectado o seu traballo e medio de subsistencia. Igualmente, téñense manifestado en contra todos os sindicatos da xustiza, e mesmo onte a clase xudicial da provincia de Ourense criticaba a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.

É, cando menos, curioso: os concellos en pé de guerra, os profesionais da xustiza en pé de guerra, os sindicatos en pé de guerra. E a Xunta, ¿onde está a Xunta de Galicia? O PP, ¿onde está o Partido Popular? ¿Están vostedes en contra da proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial igual que están os seus compañeiros concelleiros da comarca de Lemos ou de Trives, ou moitos outros compañeiros concelleiros do PP que manifestaron o seu rexeitamento a esta proposta?, ¿ou terán a cara dura de manter aquí un posicionamento diferente ao que teñen nos concellos?

Decía antes que pensar Galicia dende Madrid ten consecuencias como esta: que se aproben propostas que non teñen en conta a situación socioeconómica de Galicia, a situación das comunicacións e mesmo a moi deficiente implantación das novas tecnoloxías. Por iso, dende o Grupo Socialista, reclamamos —e niso coincidimos co Bloque Nacionalista Galego— a transferencia das competencias para demarcación, creación, modificación ou supresión de partidos xudiciais, así como para a creación de novos órganos xudiciais. Porque só dende Galicia se pode facer un deseño das demarcacións xudiciais acaído ás necesidades e singularidades do noso país.

Vai sendo hora, señorías do PP, de que se manifesten aquí no Parlamento de Galicia, que digan do lado de quen están. ¿Que consideración fan da proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial? ¿Consideran que esta proposta é lesiva para os intereses de Galicia? Vai sendo hora, señores do PP, de que vostedes, de que o presidente da Xunta, se manifesten en contra desta proposta tan daniña para Galicia e que condena á morte a moitas vilas e pobos do rural galego.

Pedímoslles que deixen de mirar cara a outro lado e se poñan dunha vez por todas a defender os dereitos das galegas e dos galegos.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, señorías, despois de participar en varios debates no eido da xustiza e a teor das diferentes iniciativas debatidas neste Parlamento, estou en condicións de concluír que as tres forzas políticas que temos representación nesta Cámara coincidimos en moitas ocasións na necesidade de impulsar a modernización da xustiza na nosa Comunidade. Pero a modernización é un concepto que vai máis alá da implantación da nova estrutura organizativa da oficina xudicial; así, o crecemento da planta xudicial, as innovacións tecnolóxicas ou a propia reforma da demarcación xudicial —que hoxe é obxecto de debate—, xunto coa adecuación das infraestruturas, son parámetros necesarios que se deben abordar no proceso complexo de modernización de xustiza, a pesar de que hoxe neste estrado non escoitei a ningunha das dúas voceiras dos diferentes grupos dicir nada sobre a necesidade de modificar a demarcación xudicial nin de cal é a súa proposta de demarcación xudicial para Galicia; simplemente escoitei críticas, pero non cal era a súa proposta, porque nunca a dixeron neste Parlamento. Ben é certo que fóra si, outras voces do mesmo partido si falaron da súa proposta de demarcación xudicial, da que hoxe parecen renegar vostedes.

É que, ademais, as forzas políticas que estamos aquí, concretamente o Partido Socialista e o Partido Popular, levabamos a modificación da demarcación xudicial como propostas do noso programa electoral do ano 2011. Tamén é certo que o Bloque Nacionalista Galego, a única proposta que levaba en materia de xustiza era acometer un Plan de normalización lingüística na Administración de xustiza. Isto é o que lles preocupa a vostedes, señora Paz, a xustiza, que o galego pase a ser a lingua habitual das autoridades e dos funcionarios da Administración de xustiza. E mire: isto pode ser unha parte da reforma que precisa a Administración de xustiza, pero dende logo que non é nin a única nin a máis impor-

tante; pero dende logo que si foi a única que levaban vostedes no seu programa electoral.

E tamén, señora Paz, temos acordado por unanimidade nalgunha ocasión, nalgún debate de propostas, de iniciativas de impulso ao Goberno, a necesidade da modificación da demarcación xudicial para poder, por exemplo, facilitar a comarcalización no eido de xulgados especializados, como é o caso dos xulgados de violencia de xénero.

Pois ben, nesta liña de actuación, o Consello Xeral do Poder Xudicial vén de elaborar un documento inicial de traballo para establecer unhas bases para a nova demarcación xudicial; un documento sen ningún valor lexislativo e que está sen pechar, porque —como vostede ben dixo, señora Paz— foi remitido aos tribunais superiores de xustiza das diferentes comunidades autónomas, así como a colexios profesionais e a outras entidades que deben demostrar agora o seu planteamento.

O que está claro, e dende logo que así tamén foi manifestado polo director xeral de Xustiza a semana pasada nesta Cámara, é que se trata dunha proposta, dun documento provisional de traballo. Pero en ningún caso —como vostede quixo deslizar aquí— se trata da proposta e do documento base que vai utilizar o Ministerio de Xustiza para deseñar ou para modificar a Lei de demarcación e planta xudicial. Señora Amoroso, un documento do Consello Xeral do Poder Xudicial que se redacta a instancia do Congreso dos Deputados, e que o seu grupo no Congreso dos Deputados votou unha resolución nese sentido.

Eu non entendo por que agora vostedes critican... Si, si. Mire, voulle ler exactamente o que votaron vostedes no Congreso dos Deputados o 2 de decembro de 2010, co voto favorable dos socialistas. E dicía exactamente: “El Congreso de los Diputados insta al Consejo General del Poder Judicial a colaborar con el Gobierno en la reforma de la Ley de Demarcación y Planta Judicial mediante la elaboración de los oportunos informes”. Pois ben, este é un informe, un máis; non é o informe, non é o documento que vai levar a mudar a demarcación, non é; non é a lei, señora Amoroso.

Pregúntelle vostede ao señor Caamaño, se vostede ten fluidez na comunicación co señor Caamaño —o seu xefe de filas provincial—, que é o que dicía. Porque vostedes o primeiro

que teñen que facer é poñerse de acordo; porque vostede vén aquí esixirlle ao Partido Popular que diga, que se manifeste, que fale, pero o primeiro que teñen que facer vostedes é poñerse de acordo e dicirmos que pensan vostedes: se pensan o mesmo que pensaba o señor Caamaño cando era ministro, se pensan o que pensa o señor Abel Caballero, se pensan o que pensa... –Se quere debater vostede, señora Acuña, tamén pode; non hai ningún problema–.

A señora PRESIDENTA: Señora Prado, non dialoguen. Señora Acuña, faga o favor de manterse en silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Ben, este informe que vostedes critican xorde desa proposta que fan vostedes no Congreso dos Deputados e que, ademais, impulsa o señor Caamaño sendo ministro do Partido Socialista e do Goberno de España. Este documento agora será trasladado aos tribunais superiores de xustiza das comunidades autónomas para que formulen alegacións, emendas, propostas, suxestións. E, rematado o prazo, o documento final con estas propostas e suxerencias e demais será trasladado ao Ministerio de Xustiza.

E, ademais, señora Paz, recorde vostede que a semana pasada aquí o director xeral de Xustiza díxonos –e, ademais, lémosto na prensa todo este mes nos diferentes medios de comunicación– como na última reunión sectorial de Xustiza o ministro de Xustiza, o señor Gallardón, se comprometeu coas comunidades autónomas a darlles traslado do documento que poida servir de base para o deseño da normativa, para que fagan as súas aportacións; porque, ademais, é lóxico e natural.

Vostede falaba aquí de que este documento só ten en conta a poboación porque é un documento feito dende Madrid; por suposto, nós niso estamos de acordo. Que hai que ter en conta –porque ademais o esixe a lexislación, esíxeo a normativa vixente– outros criterios: hai que ter en conta o número de asuntos, hai que ter en conta as características da poboación, os medios de comunicación, as bisbarras naturais; pero non porque o diga vostede, nin porque o diga a señora Amoroso, nin porque o diga o Partido Socialista, é que isto está establecido así no artigo 32.2 da Lei orgánica do poder xudicial.

Polo tanto, se, efectivamente, o Consello Xeral do Poder Xudicial –como di vostede, porque eu non o sei– só tivo en

conta os criterios de poboación, pois nós dende a Comunidade Autónoma temos moito que dicir e así o diremos. E así o manifestou o conselleiro de Presidencia e Xustiza e cónstame que vai ser escoitado, porque, mire: a nós escóitásenos e nós falamos co Goberno central e temos unha fluidez. Efectivamente, poremos enriba da mesa os criterios que mellor sexan para Galicia e que máis favorezan os nosos cidadáns. Non teño ningunha dúbida, señora Paz, de que así vai ser.

Lembrarlle, señoría, que na defensa dos dereitos fundamentais en xeral, pero no da tutela xudicial efectiva en particular, a garantía non é unha cuestión cuantitativa, senón cualitativa. Decía vostede aquí que se vulnera –tanto vostede como a señora Amoroso– o dereito fundamental da tutela xudicial efectiva; pois, mire, eu o que lle quero dicir é que a tutela xudicial efectiva inclúe varias partes, que son o acceso ao proceso, o acceso á proba, obter unha resposta de fondo, executala e tamén poder apelala. Nese sentido, a demarcación xudicial –eu creo que– non vulnera ningunha desas partes do principio do dereito fundamental de tutela xudicial efectiva, porque –como lle digo– non é unha cuestión de cantidade, senón de calidade. O que hai é que resolverlles os problemas aos administrados, aos que acoden á Administración de xustiza, e non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señora Acuña, se quere intervir –insisto– eu déixolle o meu sitio, se non lle deixan no seu grupo.

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Prado, non dialogue e fale vostede.

¡Señora Acuña!, chámola á orde por segunda vez, e non quero dicirlle o que...

A señora PRADO DEL RÍO: Aínda me queda un ratiño, se quere déixolle o minuto meu para falar vostede.

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, non quero explicarlle o que significa que teña que chamala á orde unha vez máis, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Ben, dicía que en materia de partidos xudiciais, señorías, a conclusión é que non fan falla nin

moitos nin poucos, senón os adecuados para esta problemática; nin moitos nin poucos, os adecuados. E a esa conclusión chegaremos cando todos digamos o que temos que dicir neste documento, nesta normativa; e Galicia ten moito que dicir e ese compromiso do ministro estou segura de que así se vai cumprir.

En canto ao sentido do voto, dicirlle, señora Paz, que igual que lle pasou onte ao señor Aymerich, pois nós, por unha cuestión de minutos, non puidemos introducir unha emenda. Pero se admite a votación por puntos, nós votaríamos a favor do punto 1. Dos outros dous puntos non porque, en realidade, vostede pide que se retire. No punto 2 fala de “solicitar ao Ministerio de Xustiza a retirada inmediata da proposta de nova demarcación xudicial para Galiza”, non é unha proposta do Ministerio de Xustiza, polo tanto, entendo que non. E o tema das competencias, pois non creo que sexa agora mesmo ese o debate, senón para un debate máis amplo e máis longo. Pero en calquera caso, se acepta a votación por puntos, nós estaríamos dispostos a votar a favor o punto 1.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra polo grupo autor da proposición non de lei a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Curioso debate o que se acaba de producir neste Pleno, no que o partido que apoia ao Goberno lle pide á oposición que faga propostas concretas acerca dunha cuestión da que o Goberno se nega a facer propostas concretas porque, ao parecer, aínda é prematuro. Curioso.

Mire, señora portavoz do Grupo Parlamentario Popular: tendo en conta as competencias que ten Galiza en materia de xustiza, creo que pouco máis se pode poñer nun programa electoral que a normalización do uso da lingua galega, porque hai que ter en conta que Galiza en materia de xustiza as únicas competencias que ten son de xestión de medios humanos e materiais. Polo tanto, vostedes poden poñer no seu programa electoral que van facer unha nova demarcación xudicial pero non a van poder facer porque, de momento, Galiza non ten competencias nese ámbito. E, por iso, nós consideramos que é importante que figure na iniciativa.

En todo caso, estamos dispostos a falar da posibilidade da votación por puntos. Pero é importante que figure a necesidade de que se soliciten e se inicien os trámites para a transferencia da competencia na demarcación, planta xudicial e da creación de novos órganos xudiciais a Galiza, porque, efectivamente, é a única garantía que temos de que a planta e a demarcación xudicial se adecúen ás necesidades da cidadanía galega. Porque aquí o problema non é de número de partidos xudiciais, senón que é de distribución dos órganos xudiciais sobre o territorio; que, efectivamente, o número tamén ten que ver con esa distribución.

E respecto á cuestión de fondo que se debatía con esta iniciativa, vostedes poden dicir as veces que queiran que estamos ante un documento que non é lexislativo; xa sabemos que non é un documento lexislativo e que tampouco é definitivo, porque o propio documento di que é unha proposta provisional. Pero, mire: como o Goberno da Xunta de Galiza espere a que haxa un texto lexislativo e a que este documento se converta en definitivo, que non me cabe ningunha dúbida de que o fará –con algunha modificación, é posible, pero non de fondo–... E que se isto se converte en documento definitivo do Consello Xeral do Poder Xudicial –nin máis nin menos, do órgano de goberno do poder xudicial–, será, sen dúbida, a base sobre a que se articule ese futuro texto legal... E se o Goberno da Xunta de Galiza espera a que iso se consolide como opción da nova demarcación xudicial para facer as súas achegas e as súas aportacións, seguramente teremos que dicirlle aquilo de “tarde piaches”.

E a respecto do exercicio do dereito a unha tutela xudicial efectiva, podemos teorizar aquí todo o que queiramos sobre a tutela xudicial efectiva, pero vaíamos á práctica. Vaíamos á práctica dunha persoa que vive nunha aldea do concello da Mezquita, ou da Gudiña, ou de Entrimo, ou de Lobios ou do Courel –dáme igual– que teña que ir a Lugo ou a Ourense porque tivo un accidente de circulación. Ten que ir primeiro ratificar a denuncia –son funcionaria de Xustiza e sei máis ou menos como vai iso– ou parte de lesións, no seu caso; segundo, prestar declaración, se tivo lesións ten que ir polo menos tres ou catro veces ao médico forense para ser recoñecida até que o médico forense a considere curada e, polo tanto, emita o certificado correspondente en base ao cal se editará a oportuna sentenza. Estamos falando de, por un accidente de circulación –que lle pode acontecer a calquera–, ter que desprazarse cinco ou seis veces e, despois, a vista oral.

¿Sabe vostede, en termos económicos, o que supón iso para unha persoa que viva nunha desas aldeas a cento vinte quilómetros, na que no mellor dos casos hai...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora PAZ FRANCO:... un autobús pola mañá e outro pola noite para volver, e que teña que comer na cidade onde vai ao partido xudicial, á parte doutros gastos? ¿Sabe o que supón en termos económicos para unha poboación na maioría dos casos pensionista con pensións mínimas? ¿É iso unha vulneración ou non do dereito efectivo á tutela xudicial efectiva?

Señora portavoz do Grupo Parlamentario Popular, de seguir por esta deriva, desde logo cada vez consolídase máis a afirmación que fixemos na primeira intervención de que están vostedes iniciando un camiño para construír unha xustiza para quen pode pagala e outra xustiza –ou, máis ben, outra falta de xustiza– para quen non ten recursos para exercer os seus dereitos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Carme da Silva Méndez e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a permanencia do complexo industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:

Débase substituír a parte resolutiva pola que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

– Que proceda ao cumprimento da sentenza sobre o proxecto sectorial de ENCE no prazo máis breve posible.

– Que, seguindo o acordo unánime alcanzado no Pleno do Parlamento galego do 8 de xuño de 2010, manteña a súa posición respecto da non ampliación da concesión administrativa de ENCE no dominio público marítimo-terrestre máis alá do ano 2018, así como o impulso dunha solución concertada para o mantemento desta actividade económica e de xeración de emprego dentro da comarca de Pontevedra, solicitando do Goberno do Estado que teña en conta esta posición do Goberno e do Parlamento de Galicia nunha futura revisión da Lei de Costas.”)

A señora PRESIDENTA: Para formulala ten a palabra dona Carme da Silva Méndez en representación do Bloque Nacionalista Galego.

A señora DA SILVA MÉNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Moi bos días a todas e a todos.

Como todos vostedes saben, Ence instalouse en Lourizán nos anos 60, despois de ter unha actuación en pleno franquismo moi contundente para conseguir a súa ubicación. Instalouse –como vostedes saben– a baioneta calada, dando lugar á morte de dúas mariscadoras no ano 1959. Eses son os inicios desgraciados da ubicación de Ence no banco marisqueiro máis produtivo de Galiza, máis produtivo do planeta.

Esa é a realidade, ese é o destrozo que desde ese momento se iniciou na nosa ría. Anos desde aquela leva traballando a sociedade pontevedresa, leva traballando o Bloque Nacionalista Galego desde hai moitísimos anos para poder retornar á situación anterior a que se producise esta desfeita, para poder conseguir o obxectivo de que Ence desapareza definitivamente do mar, porque Ence instalouse no mar. Ese é o obxectivo que ten o Bloque Nacionalista galego, ese é o obxectivo que ten a sociedade da comarca de Pontevedra.

Pero a historia desta instalación é moi complexa. Hai aproximadamente algo máis dunha década, o dúo formado polo PP-Ence, o dúo formado polo PP e Caixa Galicia, o dúo formado por Fraga e Méndez –ese magnífico directivo de caixa que marchou para casa sen ningún problema, con indemnización–

zacións absolutamente millonarias... Ese señor e Fraga, e Mariano Rajoy, e o señor Núñez Feijóo traballaron activamente poñendo todos os medios ao seu alcance para que Ence se consolidase en Lourizán máis alá da Lei de costas. Porque o ano 2018 –que parecía lonxe no ano 2000– estaba aí, e hoxe parece que está bastante máis próximo. E empezaron a facer todo o que fose necesario para poder cumprir o seu obxectivo: que Ence permanecese ubicada no mar, na ría de Pontevedra.

E, entón, primeiro intento: saltarse a lexislación de costas, sen ningún tipo de problema. Declaramos que deixa de ter interese para que sexa dominio público marítimo-terrestre, conseguimos sesudos informes asinados por sesudos profesores da universidade que din que ese terreo é irrecuperábel e entón xa non é necesario que sexa dominio público marítimo-terrestre. Daquela, non fai falla que recordemos que era ministro o señor Rajoy. Ben, intento fallido, non se puido conseguir pola oposición contundente da sociedade de Pontevedra e do Bloque Nacionalista Galego no concello de Pontevedra.

O 26 de decembro de 2003 apróbase por parte do Consello da Xunta o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de Ence; proxecto de iniciativa privada. Porque iso é bo recordalo: Ence é unha empresa privada con intereses privados que leva espoliando os nosos recursos décadas, sen reinvestir absolutamente nada en Galiza. Non pasa nada, aprobamos ese proxecto sectorial aínda que para iso sexa necesario saltarse a lexislación de ordenación do territorio, saltarse a lexislación urbanística, saltarse a sacrosanta autonomía municipal; non pasa nada e pasamos por riba do que faga falta. Calquera lles discutía ao señor Méndez, ao señor Fraga e ao señor Rajoy que iso todo era posíbel. Pois discutímosllo, discutímosllo desde a sociedade de Pontevedra, novamente, e desde o Bloque Nacionalista Galego. E fixemos todo o necesario para que ese proxecto sectorial non se puidese consolidar, utilizando todos os instrumentos que a democracia –cada vez máis inexistente– poñía ao servizo do concello de Pontevedra, ao servizo da sociedade para defender os intereses xerais e non os intereses privados, e non se puido consolidar por esa vía.

En maio de 2009, en plena campaña electoral das autonómicas, o señor Núñez Feijóo, despois de ter unha reunión co señor Méndez –naquel momento tamén directivo de Ence e

de Caixa Galicia–, dixo que a solución para Ence era quedar en Lourizán. Despois de varios intentos fallidos, o señor Núñez Feijóo –poden ir ás hemerotecas porque está recollido–, e o señor Fraga tamén... O señor Fraga dixo: “Ence vai quedar en Lourizán”, e o señor Núñez Feijóo dixo: “E a solución é fácil: pasa a ser dominio público portuario, deixa de ser dominio público marítimo-terrestre e incorpórase ao porto de Marín como zona de servizos”. ¡Brillante! Pois ese intento tamén foi fallido. ¡Claro!, ¡de momento!, porque neste momento todos sabemos onde está o señor Núñez Feijóo, como presunto presidente do Goberno galego; e tamén sabemos onde está –digo, porque ás veces para as cousas importantes non o atopamos pero para isto parece que vai estar, para o tema de Ence si que vai estar– o señor Mariano Rajoy, como asistente de Merkel como presidente do Goberno do Estado español. (*Aplausos.*)

Pois agora, co señor Núñez Feijóo de presidente do Goberno galego e co señor Mariano Rajoy de presidente do Goberno do Estado, aparece a posibilidade de modificar a Lei de costas –¡caramba!– para intentar consolidar novamente Ence en Lourizán. Asegúrolle que van contar coa oposición firme e radical do Bloque Nacionalista Galego, utilizando todos os medios que teñamos –e que temos– á nosa disposición.

Pero a empresa tamén actuaba ¡eh! Os dúos PP-Ence e PP-Caixa Galicia actuaban, e a empresa tamén, intentando comprar vontades –e tamén poden ir mirar ás hemerotecas–, intentando vulnerar a democracia, ordenando o asalto dun Pleno do Concello de Pontevedra, ameazando directamente os membros do Goberno municipal de Pontevedra por opoñerse á consolidación –e tamén o remito ás hemerotecas–. E eu, persoalmente, estiven nalgunha desas reunións nas que fomos directamente ameazados polos directivos de Ence. ¡Claro!, despois, publicamente non se atreven a dicir as mesmas cousas; ademais, ata presentan denuncias por inxurias a colectivos e asociacións que se atreven a cuestionar o seu obxectivo de quedar en Lourizán.

Arias Cañete, ¿que imos dicir de Arias Cañete? El, neste tema, non ten nada que dicir. A Lei de costas vaise modificar; e o de Ence, xa veremos. Pero os directivos da empresa, nas súas declaracións públicas, son moi optimistas. Saben –porque o dúo PP-empresa segue funcionando– que coa modificación da Lei de costas teñen a porta aberta a consolidarse en Lourizán. E, desde logo, iso é o que nós queremos

hoxe que quede claro: que non vai pasar, que este Parlamento galego vai adoptar un acordo para que iso non se execute.

E o tempo segue pasando –o 2018 cada vez máis cerca– e saen as sentenzas xudiciais sobre o proxecto sectorial aprobado no ano 2003. Claro, en decembro do 2003 o señor Núñez Feijóo xa formaba parte do Consello da Xunta, por se..., e, ademais, tiña a responsabilidade da Consellería de Política Territorial –é bo recordalo porque é a lexislación que se vulneraba–. Pois as sentenzas son claras, e dirán que a Xunta ten outra interpretación da sentenza, claramente; ademais, que coincide coa da empresa. Novamente, o Partido Popular posiciónase defendendo os intereses da empresa no canto de defender os intereses xerais.

E a sentenza –vouna ler porque parece que hai quen non a leu ben– di: “Debendo ser anulado o acordo da Xunta de Galiza do 26 de decembro de 2003, polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán”; isto é o que di a sentenza do Tribunal Supremo. É lamentábel que en Galiza, para chegar a estas cousas, teñamos que chegar ata o Tribunal Supremo, porque o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza nin se molestou en estudar as probas aportadas polo Concello, cousa que tamén lle di agora o Tribunal Supremo. Isto é o que di a sentenza, polo tanto, é moi fácil, hoxe o Parlamento galego teno moi fácil: aprobar a proposición non de lei que presenta o Bloque Nacionalista Galego;...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DA SILVA MÉNDEZ:... aprobar –sí, señora presidenta– o que é de xustiza, o que a sociedade de Pontevedra reclama; deixarse de facer declaracións públicas que despois non se constatan cos feitos executivos do Goberno nin cos feitos do Partido Popular; anular o proxecto sectorial; revisar a autorización ambiental integrada concedida ao amparo dese proxecto sectorial ilegal, e deixarlle claro ao Goberno do Estado que, baixo ningún concepto, a modificación da Lei de costas pode supoñer a porta para que Ence se consolide en Lourizán, nin pola vía da modificación lexislativa, nin por se se lles volve ocorrer a vía da declaración de dominio público portuario –que xa hai membros do Goberno galego apostando por esa posibilidade–.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos Grupos Parlamentarios, polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señora presidenta.

Bos días señoras e señores deputados.

A posición do Goberno da Xunta de Galicia e do grupo parlamentario que sustenta este Goberno xa quedou clarísimamente exposta en multitude de intervencións, tanto dentro desta Cámara como fóra desta Cámara. Neste Pleno, a última ocasión foi con ocasión dunha pregunta formulada ao conselleiro de Medio Ambiente –a pregunta número 80.937–, pero tamén queda reflectida cada vez que hai oportunidade, cada vez que se lle pregunta a calquera membro do Goberno ou a calquera persoa do Partido Popular. E a postura é que Ence debe cumprir coa legalidade e, polo tanto, en consecuencia, asumir as limitacións que condicionan a súa actividade na súa ubicación actual. E dende o Partido Popular non estamos a favor –xa o dixemos moitas veces– de que se prorrogue a concesión de Ence máis alá da data sinalada na Lei de costas e na Orde ministerial do 23 de xullo do ano 1999, é dicir, máis alá de xullo do ano 2018.

O Partido Popular de Pontevedra, o Partido Popular de Galicia, cando concorreu ás eleccións autonómicas no ano 2009, levaba no seu programa electoral un compromiso claro coa cidadanía de Pontevedra e con Pontevedra: contemplaba o traslado da actividade de Ence do seu empra-zamento actual na ría de Pontevedra e concretaba, ademais, que este traslado se faría dentro –se non do concello– da comarca de Pontevedra, para manter os empregos e a riqueza que esta fábrica xera. Non hai que olvidar que esta empresa –entre traballo directo, indirecto e inducido– xera un volume de negocio equivalente ao 11 % do PIB de Pontevedra, que, para que nos fagamos unha idea, equivale ao que representa o sector turístico en España; creo que non é baladí este dato.

E a realidade é que a opinión maioritaria, non só dos pontevedreses, senón dos galegos, avalou este programa electoral. O que está facendo o Goberno galego é cumprir este com-

promiso electoral, e para que este traslado fora unha realidade, o Goberno galego contemplou este compromiso en varios instrumentos: en primeiro lugar, na aprobación das directrices de ordenación do territorio (DOT), que foron publicadas no *Diario Oficial de Galicia* o 22 de febreiro do ano 2011; en segundo lugar, na aprobación do Plan de ordenación do litoral (POL), que foi publicado no DOG o 23 de febreiro do ano 2011, no que se contempla que esta zona onde se ubica Ence ten a catalogación de mellora ambiental e paisaxística. E non é tampouco baladí o dato de que o POL contén cinco disposicións adicionais. Todas son xenéricas agás unha: unha disposición específica que fala de Ence, da situación que ocupa e da recuperación que se prevé para cando Ence, no 2018, abandone a súa ubicación actual.

Polo tanto, señoría, creo que os compromisos se van plasmando no *Diario Oficial de Galicia* e non en slogans, e non en pancartas. En ambos os documentos –insisto–, nas DOT e no POL, queda clara a necesidade dun traslado da actividade de Ence do seu emprazamento actual co obxectivo de acadar unha recuperación deste espazo que actualmente ocupa.

Houbo máis actos deste Goberno, por exemplo, con ocasión dunha solicitude que fixo Ence para establecer e montar unha planta de biomasa na súa ubicación, na mesma zona de dominio público marítimo-terrestre. A Xunta de Galicia non concibiu esa autorización e, por certo, teño que dicir que non a concedeu porque tamén o Partido Popular de Pontevedra estivo aí; presentou un recurso e, ao final, non se admitiu. Polo tanto, creo que é outro compromiso máis, outra mostra clara máis do compromiso do Partido Popular con Pontevedra.

Polo tanto, señoría, os compromisos do Partido Popular, os compromisos electorais están reflectidos no DOG en normas xerais, en disposicións xerais. A min gustaría saber en que DOG están os seus compromisos, porque vostedes estiveron catro anos gobernando e os seus compromisos soamente se representan en pancartas e, por certo, en páxinas de periódicos pagadas cos cartos dos lucenses e de todos os galegos. (*Aplausos.*)

Trátase, por tanto, señorías, como poden ver, de accións claras, concretas, e non de teorías ou slogans. É certo que houbo líderes que no ano 2004 prometeron crear unha Mesa

de concertación para falar do traslado de Ence, pero en Pontevedra corre o chascarrillo de que esa mesa nunca chegou a ter mantel. Todos sabemos e entendemos, señoría, que o seu discurso, o seu *leitmotiv* en Pontevedra bascula sobre Ence; é dicir, vostedes constrúen o seu argumento político, a súa razón de existir en Ence. E a min isto recórdame –traendo a colación– o que dicía un columnista, un periodista, José Luis Alvite, cando falaba dos nacionalismos; e definíao perfectamente, dicía: “Temen que se faga realidade a súa aspiración nacionalista porque o seu gancho popular non radica en firmar o final da guerra, senón en ser protagonistas dunha batalla que confían en que non sexa nunca a última”. Pois a vostedes con Ence ocórrelles o mesmo, señorías. (*Aplausos.*)

Estamos de acordo, e nós cremos que o Parlamento debe ser foro de debate, pero tamén de consenso, señoría. E nós queremos saír hoxe de aquí cun consenso sobre este tema porque, no fondo, todos estamos de acordo. No fondo, non na forma, porque, por certo, na forma da formulación da súa PNL non estamos de acordo, pero si no fondo. E temos que saír de aquí cun acordo, para mandar unha mensaxe clara á sociedade.

Vostede introduce tres puntos na súa PNL:

Primeiro, anular o proxecto sectorial de incidencia supra-municipal. A min sorpréndeme, señoría, por dous motivos. En primeiro lugar, porque vostedes estiveron gobernando catro anos, puideron anular este proxecto e non o fixeron; pero, en segundo lugar, porque vostede é coñecedora desta sentenza do Tribunal Supremo, que dá validez a este proxecto sectorial agás no que se refire a unha planta de papel tisú –planta que, por certo, non existe–. Polo tanto, o Goberno da Xunta acata esa sentenza, non temos ningunha dúbida. Eu o que creo que debemos agardar dun grupo parlamentario responsable é que tamén acate as sentenzas. Eu espero que vostedes sexan un grupo parlamentario responsable, que acaten as sentenzas e non que veñan ao Parlamento instar ao Goberno, precisamente, a desacatar unha sentenza; porque o que están facendo vostedes é propoñer anular un proxecto que o Tribunal Supremo declara válido e legal. Polo tanto, o que cumpriría no seu caso –que nós introducimos na nosa emenda– é requirir á Xunta para que proceda ao cumprimento da sentenza no prazo máis breve posible.

En segundo lugar, vostedes piden revisar a autorización ambiental integrada. Tamén me sorprende, porque esta autorización foi concedida por vostedes, polo seu partido político. Si, a firma da autorización é verdade que a fixo o secretario do Partido Socialista, o señor Vázquez, pero supoño que eran vostedes un só Goberno, e foron vostedes os que concederon esta autorización. O único que fixo o actual Goberno foi renovar esta autorización, pero quen a concedeu foron vostedes. E se a concedeu, quero pensar que o seu Goberno a concedeu porque Ence cumpría a normativa; non quero pensar, non quero imaxinar que o seu partido outorgara a sabendas unha autorización inxusta contra a lei. Polo tanto, gustárame que aclarara este punto na súa quenda final.

E, por outra parte, propoñen un último punto no que piden que se manifeste clara e contundentemente diante do Goberno do Estado a oposición a calquera modificación legislativa ou administrativa que prorrogue a ubicación de Ence en Pontevedra. Señoría –ou “presunta” señoría, como diría vostede (*Aplausos.*)–, a Xunta de Galicia xa ten manifestado –dígoo en galego porque, como vostedes utilizan ás veces o portugués, non quero que haxa confusións, porque *presunto* en portugués significa outra cousa– de forma clara, contundente e reiterada a súa oposición á permanencia das instalacións de Ence en Lourizán máis alá do termo que marca a Lei de costas e esta Orde ministerial do ano 1999 –é dicir, máis alá do ano 2018–, sen prexuízo –iso si– de que o Goberno está a disposición de colaborar coa empresa na súa reubicación na área de Pontevedra para manter estes postos de traballo e a riqueza que se xera. E, por outra banda, o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente xa ten sinalado en Madrid que á hora de decidir unha eventual prórroga da concesión de Ence, o que será determinante –así o dixo– será a opinión do Goberno da Comunidade Autónoma. E, señoría, ten que ter claro que o que mudou foi o Goberno de Madrid, pero o Goberno de Galicia non mudou, os compromisos electorais de Galicia non mudaron. E, polo tanto, nós imos manter a nosa posición cando se lle pregunte a Galicia sobre cal é a opinión con respecto a que se aprrobe esta concesión. Por iso propoñemos a nosa emenda.

Señoría, por último e xa rematando, creo que esta é unha oportunidade para revalidar aquel consenso que conseguimos na Cámara en xuño do ano 2010 e mandarlle unha mensaxe clara e determinante á sociedade. Hoxe temos que saír

de aquí cun acordo, polo tanto, nós pedímoslles que acepten a nosa emenda, que saíamos hoxe de aquí todos cunha mensaxe unánime, revalidando ese acordo parlamentario. Porque creo que o Parlamento debe ser un punto de encontro entre todas as forzas políticas. E se non o aceptan, o que lles pediría, polo menos, sería a votación por puntos.

E, señoría, por último, un apuntamento sobre a sentenza do Tribunal Supremo, quérolle reiterar con respecto á autorización ambiental integrada un dato que non é menor. Cando se renovou a autorización ambiental integrada, vostede sabe que a Lei de prevención e control integrado da contaminación permite que estas autorizacións se outorguen por oito anos, pois o Goberno da Xunta de Galicia concedeulla tan só catro anos. Creo que é outro síntoma máis de cal é a postura clara e determinante do Goberno da Xunta de Galicia.

E a sentenza do Tribunal Supremo, o que establece é que non procede dar cobertura no proxecto sectorial a unha construción dunha fábrica de papel tisú, e por iso anula parcialmente este proxecto, pero non na súa integridade.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Máis nada.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras deputadas e señores deputados.

O Grupo Parlamentario Socialista leva xa traído varias iniciativas a este Parlamento nesta lexislatura acerca de Ence e da súa non continuidade na ría de Pontevedra despois do 2018, que é cando remata a concesión administrativa que ten vixente esta instalación industrial. E, de feito, o señor portavoz do Partido Popular facía alusión agora na súa intervención a un acordo unánime que este Parlamento de Galicia tivo en xuño do ano 2010; un acordo unánime que foi pro-

posto polo Grupo Parlamentario Socialista a través dunha proposición non de lei e que, finalmente, fomos capaces de acordar entre todos un itinerario, unha folla de ruta, un camiño a seguir para evitar que Ence estea na ría de Pontevedra despois do 2018.

Naquel acordo unánime, ademais de manifestar o compromiso e a vontade política de todos os grupos representados neste Parlamento para que Ence saíra da ría de Pontevedra antes do 2018, tamén fixemos algunhas cousas máis, puxémoslle deberes ao Goberno de Galicia; deberes relacionados coa nosa vontade de que se peche o ciclo produtivo do papel en Galicia. Porque, se ben entendemos que a ubicación de Ence non é a axeitada de acordo coas normativas ambientais vixentes, si tamén entendemos que unha actividade industrial deste tipo se pode e se debe facer en Galicia pechando o ciclo produtivo do papel e, polo tanto, mantendo –e mesmo incrementando– os postos de traballo relacionados con esta industria.

E en relación con este desexo, acordamos os grupos políticos que o Goberno de Galicia concertara coa empresa e cos axentes sociais, cos representantes sindicais, unha mesa de negociación, unha mesa de traballo na que se puxera todo o abano de posibilidades de reubicación da planta e tamén de solucións para os traballadores, para evitar a perda de postos de traballo.

Isto foi en xuño do ano 2010 e estamos en xuño do ano 2012 –dous anos despois–, e de momento non temos coñecemento de que o Goberno de Galicia fose capaz de chegar a ningún acordo nin coa empresa nin cos sindicatos. Xa temos preguntado en máis dunha ocasión neste Parlamento como van esas negociacións e cales son as xestións que o Goberno de Galicia está facendo a ese respecto. E témome que ou non se entendeu ben o resultado daquel acordo unánime no Parlamento ou non hai moita vontade política para levalo a cabo. E explícome: nas respostas que o conselleiro de Medio Ambiente nos traslada no Parlamento de Galicia cada vez que preguntamos por esta cuestión, sempre nos di que é a empresa a que ten que dar o primeiro paso. Nós consideramos que se hai un Goberno que de verdade ten vontade política para sacar Ence fóra da ría de Pontevedra antes do 2018, ten que facer todos os esforzos necesarios e posibles para convencer a empresa e os traballadores de crear ese plan industrial, que era o que acordáramos aquí neste Parlamento.

Pero non só nas respostas do conselleiro temos dúbidas acerca de cal é a verdadeira vontade política deste Goberno, tamén as temos nos distintos procedementos que se foron dando ao longo destes anos e dos que falou o señor Moreira. Por exemplo: na aprobación das directrices de ordenación do territorio e do Plan de ordenación do litoral, onde o Goberno galego non sinalara convenientemente cal era o destino que tiña que ter ese chan. E non foi senón porque se presentaron alegacións ata que finalmente se introduciu nese Plan de ordenación do litoral un destino para ese chan que impida a permanencia no mesmo desta instalación industrial; é dicir, non foi a primeira vontade do Goberno a que facilitou que Ence teña que saír desa ubicación, senón que foi grazas a alegacións presentadas, entre outros, por exemplo, polo Concello de Pontevedra.

Pero non só iso, cando a Consellería de Economía e Industria plantexou as plantas de biomasa, unha das preseleccionadas era a de Ence en Lourizán. E este grupo político –ao que represento nesta tribuna– presentou unha alegación. É certo que tamén a presentou o señor portavoz do Partido Popular en Pontevedra daquela, que foi o que, por certo, mudou a tradicional posición do Partido Popular en Pontevedra da permanencia de Ence na ría. Claro que agora aquel portavoz do Partido Popular xa non está en Pontevedra e tamén iso me parece que inflúe neste novo posicionamento e nesta nova vontade política do Partido Popular. Pois ben, foi grazas a esas alegacións presentadas que se desbotou esa planta de biomasa no complexo industrial de Ence en Lourizán.

E, finalmente, cando chega o señor Rajoy –pontevedrés– á presidencia do Goberno de España e cando o señor Arias Cañete, ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente –onde o medio ambiente, como as súas señorías xa coñecen, pasa a ocupar unha posición irrelevante nese ministerio–, manifesta publicamente a súa intención de modificar a Lei de costas, unha das cuestións ás que permanentemente alude é a de prorrogar as concesións daquelas industrias que estean instaladas no dominio público marítimo-terrestre; e isto é, señorías, Ence.

Claro, poderíamos esperar que se o Goberno de Galicia tivera unha posición firme política para sacar Ence fóra da ría de Pontevedra antes do 2018, o señor Feijóo, cando senta ao carón do señor ministro de Agricultura, Alimentación e

Medio Ambiente para asinar un convenio sobre desenvolvemento rural en Galicia e cando lle preguntan sobre a modificación da Lei de costas, debería ter unha resposta contundente. Pero nin moito menos, a resposta do señor Feijóo foi vaga e imprecisa, máis ou menos como a que dicía aquí o señor Moreira hoxe: “faremos cumprir a lei”. Pero, claro, se cambia a lei e a lei favorece que Ence permaneza na ría de Pontevedra tamén seguirán cumprindo a lei.

Eu creo, señores do Partido Popular, que teñen unha nova oportunidade. A min gustárame tamén que saíramos de aquí hoxe co consenso de todos os grupos políticos e que lle mandáramos unha mensaxe de tranquilidade á cidadanía de Pontevedra e a súa comarca, dicíndolle dúas cousas: a primeira, que mantemos o compromiso político de que Ence saia fóra da ría de Pontevedra antes do 2018; e a segunda –que é moi importante, sobre todo nas condicións nas que estamos actualmente– é que o Goberno galego vai facer un esforzo duplo –ou triplo– por ser capaz de concertar ese plan industrial alternativo, para que se produza en Galicia o peche do ciclo produtivo de papel e non se perdan os postos de traballo. Ese é o compromiso que deberíamos acadar hoxe aquí entre todos.

O Grupo Parlamentario Socialista está, por suposto, disposto a contribuír a ese consenso –como o estivemos cando propuxemos aquela iniciativa en xuño do ano 2010–, e espero tamén dos outros dous grupos esa vontade. Porque é certo que desde aquela cambiaron cousas e é certo que desde aquela o Goberno de Galicia deu poucas mostras de que esa vontade política que manifesta se plasmara nalgún feito concreto e nalgunha realidade. E é certo tamén que en abril deste ano 2012 hai dúas sentenzas do Tribunal Supremo que veñen dicir algunhas cousas bastante importantes; cousas como que ese proxecto de incidencia supramunicipal se saltou todas as normas urbanísticas que había na Comunidade Autónoma naquel momento, saltouse a competencia do Concello de Pontevedra para outorgarlles licenza ás industrias radicadas no seu chan e saltouse, ademais, normas de procedemento. E é certo que esa sentenza di que se anula ese proxecto supramunicipal.

E eu dígolles: señorías do Partido Popular, díganlles aos seus compañeiros do Goberno que utilicen o que di esa sentenza para presionar os directivos de Ence, para que de verdade entendan que teñen que saír fóra da ría de Pontevedra antes

do ano 2018. Non utilicen interpretacións nesgadas dunha sentenza xudicial para amparar a permanencia de Ence máis alá do ano 2018 na ría de Pontevedra. Ao contrario, utilicen en positivo e facendo seu o sentir da cidadanía de Pontevedra esa sentenza para que Ence saia fóra da ría de Pontevedra antes do 2018. Porque ese era o acordo que tiñamos e non temos por que renunciar a el se facemos as cousas ben.

Así que espero, señorías, ese consenso de todos os grupos. En calquera caso, o Grupo Parlamentario Socialista vai votar favorablemente a proposición non de lei que presenta o Bloque Nacionalista Galego, como eles o fixeron tamén en todas as demais ocasións en que este grupo presentou iniciativas para facer realidade ese grito de toda a sociedade pontevedresa e da súa comarca: que Ence saia fóra da ría de Pontevedra antes do ano 2018.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Gallego.

Turno de peche.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Da Silva Méndez.

A señora DA SILVA MÉNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Moreira, cada vez que o Goberno galego, cada vez que o Partido Popular tivo oportunidade de posicionarse sobre o tema de Ence, non o fixo. Fixo moitísimas veces actuacións executivas, actuacións do Goberno para consolidar Ence. Pero, recentemente, o señor Arias Cañete no Congreso, no Senado e en comparecencias de prensa tivo a oportunidade de dicir, desde a responsabilidade que ten desde o ministerio que dirixe, que Ence non vai quedar en Lourizán máis alá do 2018 porque non se vai permitir coa modificación da Lei de costas, e non o dixo. E o señor Núñez Feijóo, que estaba a carón del, tampouco o dixo.

Din vostedes que se vai cumprir a legalidade. Ben, neste tema, que o Partido Popular diga que se vai cumprir a legalidade, o único que fai é alertar aínda máis á sociedade de Pontevedra, porque para aprobar o proxecto sectorial non

tiveron ningún problema –e déixano claro as sentenzas do Supremo– en saltarse a legalidade. E o señor Núñez Feijóo estaba sentado no Consello da Xunta naquel momento e tiña a responsabilidade da Consellería de Política Territorial, era o responsábel no Goberno galego de Urbanismo e de Ordenación do Territorio. Lexislación que se saltaron para aprobar este proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, de iniciativa privada.

Polo tanto, señor Moreira, cada vez que tiveron a oportunidade clara de manifestar con feitos e con contundencia que non queren que Ence permaneza na ría de Pontevedra, non o fixeron; vostedes non o fixeron. E a legalidade, están intentando modificala ou adaptala ás necesidades da empresa, que ten o convencemento absoluto e ten a soberbia de dicir publicamente que vai permanecer en Lourizán.

E, señor Moreira: a súa proposta, recentemente confirmada, de nova ubicación de Ence tamén é motivo de enorme alarma en Pontevedra. ¿Seguen mantendo vostedes que a ubicación adecuada para Ence é Marcón? Porque iso acaba de reiteralo vostede hai nada, e esa é a súa proposta. Vostedes destróznos a ría de Pontevedra e agora queren destrózar Marcón. E que, ¡caramba!, teñen un empeño desde o Partido Popular en facerlle dano ao concello de Pontevedra, que é algo absolutamente incomprensíbel pola súa parte.

E os compromisos do Partido Popular no seu programa electoral víronse reflectidos tamén nos actos do Goberno galego, igual que se ven reflectidos nos actos do Goberno do Estado os seus compromisos electorais, aceptando rescates e outras cuestións.

O 25 de xuño do 2009, a Xunta de Galiza persónase no contencioso, no Supremo, para defender o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal fronte á Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra, que tiña presentado o recurso no Supremo. Vostedes, nese momento, persónanse para garantir os intereses da empresa. Ese foi un acto do Goberno galego no 2009. ¿Quen presidía o Goberno galego no 2009? O señor Núñez Feijóo, ¿verdade?

Ben, 12 de decembro de 2011. Novamente, a Xunta de Galiza –e o 2011 foi despois do acordo unánime do Parlamento galego no que se ía facer todo o necesario para trasladar Ence–, en vez de mandarlle un recado claro á

empresa de que alí non van permanecer, ¿que fai no 2011 o Goberno galego? Personarse no recurso do Concello de Pontevedra defendendo os intereses da empresa e para que non puidese ser anulado o proxecto sectorial.

Esas son as actuacións claras e contundentes do Goberno presidido polo señor Núñez Feijóo. Levan anos e anos traballando para conseguir que Ence permaneza na ría de Pontevedra. Ese é o seu traballo.

O compromiso do Bloque Nacionalista Galego está claro. Como xa lle dixen, están os recursos presentados contra as concesións e contra as renovacións das autorizacións ambientais integradas, cousa que vostede tamén sabe perfectamente, pois o compromiso do Bloque Nacionalista Galego é claro. Actuamos coa mobilización social, por suposto, porque a sociedade, se chega a estar pasiva, se non se chega a mobilizar, hoxe Ence está consolidada na ría de Pontevedra; cousa que, desde o Bloque Nacionalista Galego, queremos aplaudir: a resposta responsábel da sociedade de Pontevedra, que coas súas mobilizacións sociais impediu que esta inxustiza se puidese consolidar. E, desde logo, tamén actuamos con todos os mecanismos que temos á nosa disposición: recursos xudiciais, recursos administrativos, os que fagan falta. E digo que imos seguir facendo iso.

E vostede, se quere mandar unha mensaxe clara e contundente á empresa –porque a que ten que recibir neste momento unha mensaxe clara, enérxica e contundente deste Parlamento é a empresa– para que saiba que non se vai consolidar na ría de Pontevedra máis alá do 2018, que é o seu obxectivo, vote a favor desta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. Porque vostede tivo a posibilidade de traer aquí as que quixo e non o fixo. E claro que o Goberno galego ten que cumprir as sentenzas, pero a sentenza di claramente...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora DA SILVA MÉNDEZ: Si, señor presidente.

Claro, antes traducina, porque a sentenza é do Supremo e, aínda que nola mandan aquí, non pasan o traballo de traducir as sentenzas ao galego, cousa que sería razoábel. Di: “Debiendo ser anulado el acuerdo de la *Junta*” –¡Que manda narices!– “de Galicia de 26 de diciembre de 2003 por el que

se aprueba definitivamente el proyecto sectorial de incidencia supramunicipal para el asentamiento industrial de Lourizán”.

Díó clarísimo, a ver se así o entende, porque parece que co galego tivo máis dificultades. A sentenza anula o proxecto sectorial. Cumpran a sentenza, anulen o proxecto sectorial. Revisen a autorización ambiental integrada e díganlle ao Goberno do Estado que non imos permitir ningunha modificación, nin lexislativa nin administrativa, que consolide Ence.

Esa é a proposta do Bloque Nacionalista Galego. Iso é sobre o que se teñen que definir.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Da Silva.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Soledad Soneira Tajés e tres deputados máis, sobre a posición que debe defender o Goberno galego nos debates para a reforma da política pesqueira común

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei foi formulada unha emenda por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Bieito Lobeira Domínguez, ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta Proposición non de lei.

Emenda de modificación

Debese substituír a parte resolutiva pola seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a defender, diante do proceso de reforma da Política Común de Pesca (PCP) as seguintes bases:

1. En relación co estatus de Galiza na Unión Europea en materia de pesca:

a) Recoñecemento de Galiza como “Zona Altamente Dependente da Pesca”.

b) Demanda, perante o Goberno español, de institucionalizar de xeito permanente e sistemático a presenza do Goberno galego nas sesións do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea e en calquera outro foro comunitario vinculado á política pesqueira.

c) Dereito de Galiza á obxección, veto e decisión no seo da delegación do Estado español na Unión Europea.

2. En relación coa xestión de recursos:

a) Derrogación do Principio de Estabilidade Relativa.

b) Rexeitamento dos intentos oligopólicos de privatización dos recursos mariños a través das concesións de pesca transferíbeis (ITQ).

c) Erradicación dos privilexios doutras frotas (comunitarias e extracomunitarias) no acceso a caladoiros e recursos pesqueiros.

d) Eliminación do sistema de TAC's e cotas na frota artesanal, substituíndoo por un sistema de control baseado no esforzo pesqueiro.

3. En relación coa política de adecuación dos niveis da frota:

a) Posibilitar, no caso galego, o desenvolvemento de programas de renovación e modernización de frota vinculados á mellora das condicións de traballo, seguranza e habitabilidade.

b) Posibilitar o incremento da potencia instalada nos motores das embarcacións de baixura, marisqueo a frote e extracción de percebe.

c) Oposición á política subsidiada de despeses e desmantelamento da frota pesqueira galega.

4. En relación coas competencias de Galiza:

a) Garantir a capacidade de libre decisión de Galiza, en termos de xestión e regulación, da actividade pesqueira que se

desenvolve no ámbito das súas augas interiores, plataforma e mar territorial. Así, a fixación de áreas de veda, planos de recuperación de especies no litoral galego, regulación de artes, capacidade inspectora, xestión e programación do novo FEMP, ou a ordenación do sector pesqueiro, serán ámbitos competenciais exercidos integramente, sen interferencias externas, polo Goberno galego.

b) Oposición a calquera invasión competencial por parte do Goberno español e Unión Europea.

5. En relación coa identificación e singularidade da frota costeira artesanal e do marisqueo:

a) Será o Goberno galego a institución competente para o recoñecemento e identificación desta frota en exercicio das súas competencias.

b) Establecerase, do mesmo xeito, o exercicio do marisqueo a pé e a frote.

6. En relación coa acuicultura:

a) As áreas costeiras deberán ser reservadas, sempre con criterio de sustentabilidade, para a pesca artesanal, o marisqueo e a produción mexilloeira.

b) Pór fin a unha política comunitaria encamiñada á substitución da pesca extractiva pola acuicultura industrial. Non resulta lóxico nin coherente promover e subsidiar o cultivo industrial de peixes en terra, mentres se dificulta ou mesmo prohibe a súa captura no mar.

c) Apoio a aqueles proxectos que, non colidindo cos intereses xerais, garantan:

– Depuración plena e integral das augas e refugallo procedentes da actividade acuícola.

– Esixencia de xeración de emprego digno e estábel que recaia sobre a comunidade na que se asenta.

– Minimización do impacto, localizando en parques ou polígonos debidamente dotados instalacións ou procesos que non teñen por que se situar á beira do mar.

– Prohibición de proxectos asentados en enclaves con protección ambiental ou que resulten incompatíbeis coas actividades produtivas pesqueiras e marisqueiras.

– Planificación de reserva pública de solo que impida actuacións especuladoras.

– Investigación que evite “monocultivos” e para a mellora da sustentabilidade.

– Tamaño acaído das instalacións. Preferencia de microproxectos.

– Fórmulas organizativas, comezando polo cooperativismo, que posibiliten o acceso das comunidades mariñeiras a esta actividade, impedindo a concentración da mesma en grandes grupos empresariais.

7. En relación coas medidas de control:

*a) Modificación profunda da normativa vigente en materia de control da pesca adaptándoa á realidade das distintas fro-
tas.*

b) Programas de formación.

8. En relación coa política social:

a) Dignificación sociolaboral de tripulantes, traballadoras e traballadores do mar (incluíndo a aqueles embarcados en buques pertencentes a sociedades mixtas): convenios colectivos, xubilación, dereito a voto de tripulantes embarcados, táboas de doenzas profesionais, etc.

b) Medidas específicas en materia de seguranza, salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.

c) Defensa do emprego.

d) Papel das mulleres.

9. En relación cos acordos pesqueiros:

a) Garantía de renovación e mellora dos acordos pesqueiros con terceiros estados.

b) Inclusión da frota galega naqueles acordos nos que hoxe está inxustamente excluída (caso de Groenlandia).

c) Mellora das condicións da frota galega nas organizacións rexionais de pesca: NAFO, ICCAT, etc.

10. En relación co novo Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro:–

a) Demandar que a programación de fondos poida ser realizada por aqueles países que, carecendo de estado, si posúen competencias en materia pesqueira, caso de Galiza.

b) Oposición a criterios de “diversificación” que impliquen a substitución subsidiada da pesca por outras actividades, caso do turismo.

c) Incluír expresamente a frota de baixura e o marisqueo como actividades receptoras de fondos procedentes do FEMP.

d) Incluír expresamente a posibilidade de programación de accións de produción de semente e proceso de preengorde dirixidos á actividade marisqueira.

e) A posta política galega neste ámbito residenciarase no apoio á pesca extractiva e ao marisqueo, non á acuicultura industrial, como substituto da actividade produtiva tradicional na Galiza.

11. En relación coa Organización Común de Mercados:

a) Control e límite ás importacións de produtos pesqueiros.

b) Garantías de trazabilidade e identificación da orixe dos produtos.

c) Control da competencia desleal.

d) Promoción e recoñecemento das denominacións de orixe, con capacidade de certificación.

e) Mellora da información ás consumidoras e consumidores, con maior concreción no relativo á zona de captura ou produción, evitando confusións sobre a súa procedencia, nome comercial, etc., a fin de garantir a diferenciación no merca-

do. Incluíránse neste ámbito os produtos transformados ou procesados.

f) Diferenciación baseada en parámetros de calidade certificábeis fronte aos produtos importados.”)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a defensa desta proposición non de lei ten a palabra a señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Lembrarán vostedes que no Pleno do 13 de decembro do ano pasado este grupo trouxo esta proposición non de lei –bastante semellante, esta ten un punto máis–, na que fixabamos dalgunha maneira a nosa posición sobre o que tiña que ser a reforma da política pesqueira común. Naquel Pleno, en aras de acadar un consenso de todos os grupos, aceptamos a proposta que se nos fíxo, retiramos o que era –non se retirou, aceptamos a proposta, polo tanto nin sequera houbo que retiralo–... Chegamos a ese acordo para crear un grupo de traballo baixo determinadas condicións, entre outras, que se remitiría a este Parlamento, para que se debatiera conforme os artigos 140 e 141, unha comunicación do Goberno. Disto teremos ocasión de falar noutra proposición non de lei que se vai debater posteriormente, tamén no día de hoxe.

Pero polo camiño téñense producido cousas. Hoxe, esta noite, acábannos de anunciar e acaban de colgar hai escasamente unha hora –ou hora e media– no portal do ministerio un principio de acordo dos ministros de Pesca da Unión Europea, que se celebrou onte en Luxemburgo, no que hai unha cousa que a nós nos parece un pouco sorprendente, porque se descolga un país como Francia, que estivo sempre do noso lado e co que estivemos defendendo conxuntamente determinados aspectos, como eran os prazos para a aplicación obrigatoria de descartes cero ou para chegar no ano 2015 ao rendemento máximo sostible. E parécenos un pouco sorprendente que Francia, ao final..., que nós concordáramos con outros países e Francia non, cando estabamos defendendo a mesma posición.

O que vemos aquí que nos transmite o señor Cañete a través da páxina que se colga no ministerio é que vai haber un aumento xeneralizado das cotas, pero tampouco di como. Di

que vai haber a posibilidade de transferencia de cotas entre estados, pero a redacción non indica se é a proposta que facía a señora Damanaki, de que a transferencia de cotas é dentro dos propios estados, ou se son transferencias entre estados. Non o sabemos porque non o di.

E di unha cousa que é preocupante. Di que se vai flexibilizar a aplicación de descartes cero, incluso reservando un 10 % da cota de cada especie para eses posibles descartes e un 5 % das cotas para a pesca accidental. Se é con incremento de cota e son incrementos razoables, pois haberá que ver a letra pequena, porque así tampouco podemos saber exactamente a que se refire. Se é dentro das cotas que temos establecidas —poñamos por caso, na xarda— e o 10 % desa cota miserable, que é da que dispoñemos —ou no lirio—, se reserva para pesca accidental, entón temos un problema bastante serio.

Por iso, para que se nos explique todo isto, e como sabemos que a señora conselleira —e entendemos que non estea aquí, porque estivo xunto coa delegación española, formando parte dela—... No próximo Pleno, temos pedido xa formalmente a súa comparecencia urxente para que nos conte todo isto. Porque aínda estamos a tempo. E estamos a tempo porque isto é un acordo de principio que aínda ten que pasar polo Parlamento e isto ata outubro non se vai producir de maneira definitiva.

¿Que dicimos nós? ¡Home!, pois, para empezar, que aquí non fala para nada, evidentemente, de revisar o mal chamado “principio de estabilidade relativa”, que é a fonte de todos os problemas, e que cremos que, despois das décadas que formamos parte da Unión Europea, xa cómpre revisar. E hai que empezar a traballar nese sentido. Debo dicir que, ademais, cada vez que sacamos este tema neste fallido grupo de traballo, que non puido acadar un consenso sobre unha posición común, debo recoñecer que sempre recibín unha aceptación por parte da consellería. E se nos temos que fiar do que se nos ten adiantado, é posible que hoxe os servizos da consellería estean traballando xa nese tema. E espero que sigan nesa liña e, polo tanto, supoño que o Grupo Popular non terá ningún problema en apoiar o que nós pedimos nesta proposición non de lei.

Tampouco a proposta fai ningunha referencia á pesca e ao marisqueo. Na Unión Europea, a algúns parécelles inconci-

bible que se poida traballar no mar sen estar a bordo dun artefacto flotante. Pois si, os mariscadores a pé, neste país, que case suman cinco mil persoas entre as mariscadoras de praia e entre os mariscadores a pé do percebe, non necesitan ningún artefacto flotante; o artefacto flotante, ás veces, son eles cando caen ao mar e o traxe de neopreno os fai flotar.

E tamén nesta concepción do que significa a pesca para algúns, eu simplemente vou ler a noticia da que se fai eco un medio de comunicación sobre este principio de acordo da Unión Europea. E di: “Sobre los descartes (capturas no deseadas que se devuelven al mar por su bajo valor comercial)”. Nalgún caso si, pero noutros non. Porque a xarda ten moito valor comercial e simplemente se devolve ao mar como desarte porque España ten esgotada a súa cota; unha cota que non dá para cubrir as súas necesidades.

Non sabemos se este acordo contempla nos dereitos transmisibles todos os segmentos de frota. Nós non estamos de acordo para nada en que se estenda ese modelo á frota artesanal e costeira, ¡para nada! Agora, cremos que pode ser unha solución para a frota de altura e grande altura, e tampouco neste acordo inicial se explica para nada. E nós queremos, a través desta proposición non de lei, que se defenda así, con toda claridade.

Cremos que a frota artesanal é fundamental para o noso tecido sociolaboral. Acada ata o 95 % do PIB nalgúns localidades da nosa costa. E, polo tanto, quizais non teña a importancia económica —de feito, non a ten— doutras frotas que forman parte de empresas —moitas delas— multinacionais, pero, sen embargo, desde o punto de vista social e laboral, para Galicia é fundamental; e, incluso, se mo permiten, para unha certa maneira de ser e de entender o que é o mar e o que é a cultura mariñeira que forma parte dos nosos sinais de identidade, e que se non a preservamos e se a mantemos lonxe e afastada da reforma pesqueira, é posible que non sexa máis que un recordo para o futuro, pero non unha realidade.

Os descartes, xa o dixemos, é imposible no marco temporal establecido que cheguemos a descartes cero, sobre todo coa política de cotas que se está aplicando. É imposible. Polo tanto, hai que partir da realidade e non podemos facer normativas que sexan incumpribles polo sector, porque despois iso acaba xerando problemas no futuro.

Nós compartimos que a vinculación das políticas de acordos pesqueiros teña que estar vinculada coas políticas de cooperación, ¡como non o imos compartir! Pero a nosa proposta é que non tratemos os países e os acordos internacionais aos que cheguemos como se foran menores de idade. Temos que esixirilles o estrito cumprimento de determinadas normas de seguridade e de dignidade no traballo, de preservación dos recursos mariños, de que compitan en igualdade de condicións coas empresas e cos produtos europeos. Porque, se non, despois, nos lineais dos grandes supermercados de Europa, ímonos encontrar con conservas fabricadas en países cos que temos incluso acordos de cooperación, acordos pesqueiros e tratados moi favorables, que se venden moi por debaixo do prezo das conservas e dos produtos europeos.

E aquí, nós somos os principais damnificados. E non é porque non queiramos que haxa libre comercio. Pero queremos que haxa o libre comercio en igualdade de condicións. E que se os inspectores de sanidade sancionan as nosas empresas porque unha operaria non ten o gorrito, desde logo, non lles dean o visto bo a algunhas factorías que se montan por aí de calquera maneira e que, por encima, teñen a cláusula de países máis favorecidos.

E cremos, tamén, que é fundamental desenvolver as políticas das comarcas pesqueiro-dependentes que temos no noso país; comarcas onde o peso da actividade pesqueira e todas as actividades asociadas supón esencialmente o emprego, e supón a única actividade industrial que hai, en moitísimos casos. Eu pónolles un exemplo do meu propio concello: a capital, Camariñas, con escasamente dous mil habitantes, cando a conserveira está en plena actividade, dá emprego directo a cento cincuenta, cento sesenta persoas. ¿Saben o que significa iso na economía dunha pequena localidade de dous mil habitantes?, ¿saben o que significa iso en todo o que xera arredor?

Pois é fundamental que todo iso vaia entrelazado, ligado nunha política coordinada e que, desde logo, faga que o desenvolvemento económico e a creación de emprego –que temos moitas posibilidades– sexan un feito e poidamos aproveitar todos os recursos.

E pedimos –polo tempo, eu non podo enumerar todas as propostas que facemos aí e que as súas señorías teñen á súa dis-

posición–, nós cremos que non se pode tratar igual aos países que –como nós– fixeron un tremendo esforzo de adaptación da súa frota aos recursos existentes e ás condicións impostas pola entrada da Unión Europea –que o fixemos, cos recursos europeos, pero que o fixemos– que a outros países que non só non fixeron ese esforzo, senón que incluso teñen incrementado a súa frota e que incluso teñen acrecentado a súa capacidade de pesca. E, ademais, non para consumo humano, como pasa cos países do norte, como vimos cando nos tocou debater o recorte brutal que se nos fixo hai dous anos na cota de lirio.

E nós cremos –xa o dixen antes– que para as grandes empresas, se non se modifica o sistema de cotas e non se modifica o mal chamado “principio de estabilidade relativa”, a transferencia de cotas para as grandes empresas, que non sexa a frota pesqueira artesanal, a frota costeira nosa –xa o dixen ao principio–, pode ser unha solución; a solución proposta desde a Unión Europea e que non quedou clara nesta nota; polo menos eu non a teño clara, nunha lectura rápida,...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES:... –remato, señor presidente– pola nota que aparece na páxina web do ministerio.

É que a nós, que ao final poidamos adquirir ou vender unha cota en Cantabria ou no País Vasco, ¿que nos soluciona, se a cota de xarda para o reino de España é tan miserable que se esgota practicamente no momento en que sacamos a frota a pescar quince días? Esa non é a solución. Podemos ter en Galicia un pouquiño máis –ou no País Vasco–, se hai un empresario que ten capacidade de adquirila, pero, desde logo, onde está a solución é en incrementar a cota para o conxunto da frota.

Desde logo, creo que todo o que propoñemos aquí non é para nada contradictorio; é máis, moitos destes puntos –eu creo que case o 100 %– están recollidos nese famoso documento do que falaremos despois e, polo tanto, non habería ningunha razón obxectiva para que o grupo maioritario, que é o que ten a capacidade de decidir, non votara favorablemente esta iniciativa que traemos hoxe aquí.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Soneira.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para defender a súa emenda, señor Lobeira.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Hai meses –hai moitos meses xa– que o Bloque Nacionalista Galego ten manifestado e reiterado nesta Cámara a posición política do nacionalismo galego en torno ao proceso de reforma da política común de pesca da Unión Europea. Non tivemos éxito, non tivemos posibilidade no seu día nin de negociar nin de transaccionar, como consecuencia do fechamento fanático do Partido Popular en torno á súa visión da Unión Europea, como tampouco o tivemos, lamentablemente, posteriormente, en relación co grupo de traballo creado para intentar chegar a unha posición común de Galiza en relación con este proceso; proceso –o do grupo de traballo– que merecería unha explicación política que me reservo para o debate da iniciativa do Partido Popular.

Con todo, é normal que en determinados ámbitos non haxa acordo, atendendo ás diferenzas de fondo que existen, en concreto cando falamos da Unión Europea ou da política común de pesca. Saberán vostedes que o Bloque Nacionalista Galego foi a única organización política deste país durante os últimos vinte e cinco anos que mantivo análises e posicións críticas e alternativas a respecto do que significou a Unión Europea para Galiza como país, para a súa capacidade produtiva e, especificamente, para o sector pesqueiro galego; sobre todo o mal que nos fixeron as políticas comunitarias á hora de cercenar a nosa capacidade produtiva, e sobre a orixe dunha inxustiza que nos condenou, que nos condena e –segundo as últimas noticias– que persevera na insistencia de cercenar a capacidade produtiva deste país no ámbito pesqueiro.

Por suposto, dende o BNG, respectamos a posición do Partido Socialista e mesmo o seu esforzo por chegar a acordos. Temos que recoñecer tamén que foi leal no grupo de traballo creado en relación con esta cuestión, foi leal nas regras de xogo. Mais, tamén coa mesma lealdade, saberá, señora

Soneira, que o Bloque Nacionalista Galego non comparte algunhas das medidas inseridas nesta proposición non de lei e, noutro caso, botamos outras en falta. Dende logo, non é unha novidade. Esta foi a posición que sempre mantivo o BNG internamente no grupo de traballo, mais tamén externamente, aquí no propio Parlamento galego. E precisamente por iso presentamos unha emenda de substitución a esta proposición non de lei.

Temos que aclarar que durante todo este tempo, durante todos estes meses, o Bloque Nacionalista Galego foi enriquecendo a súa posición e a súa alternativa con todas aquelas achegas procedentes de colectivos, entidades, asociacións, confrarías, organizacións de produtores, sindicatos, casas armadoras, consellos reguladores, con moi boa parte do que en rigor é o sector pesqueiro ou marisqueiro galego; achegas que foron coincidentes coas nosas alternativas e que foron quen –como digo– de enriquecer a nosa posición política, que, en síntese, figura nas corenta propostas que presentamos na emenda de substitución que defende no día de hoxe o BNG e que, ao noso xuízo, son as chaves básicas de mellora do actual rol discriminatorio que padece Galiza e que vou pasar a describir.

E antes, un exemplo para nos decatar desta sen razón, desta aberración do que significa en Galiza a aplicación dunha política común de pesca que non nos ten en conta e que provoca situacións absolutamente surrealistas, por non dicir completamente insensatas:

Sector do cerco en Galiza, recentemente. Tiñan que botar, neste caso dende o porto de Sada, trescentos mil quilogramos de xarda ao mar. Como saben, a xarda, malia a súa abundancia no litoral galego, é unha especie prohibida; prohibénnos dende Bruxelas poder capturala. Trescentos mil quilos un martes e outros cincocentos mil quilos que houbo que botar ao mar xa mortos o xoves. O patrón maior de Sada daba a seguinte explicación literal: “Estabamos no mar, detectamos a bandada de peixe pero non sabemos a ciencia certa que especie é. Largamos a rede e vén chea de xarda, pero no medio tamén vén xurelo e algunha sardiña. Pois non queda outra que seleccionar estas especies durante horas para non vir baleiros para terra. Tivemos que botar ao mar 500.000 quilos de xarda para seleccionar uns sete mil de xurelo”. Conclúe o patrón maior de Sada: “Tiramos pola borda 750.000 euros e traballamos o triplo para traer uns nove mil”.

¿O problema que é, falta de peixe? Non. ¿O problema que é, que o noso mar sexa pobre?, ¿que non sexa produtivo? Non. O problema é unha Unión Europea cruel, que se quere cargar a capacidade produtiva de Galiza para que outros produzan e que nós importemos o que producen outros; ese é o esquema. E vale para a pesca, vale para o sector agrogandeiro, vale para a construción naval e vale, en esencia, para o conxunto da capacidade produtiva do noso país.

Facerlle fronte a iso: a alternativa do BNG, que presentamos nesta moción. Por unha banda, cómpre modificar radicalmente o estatus, o rol de Galiza no contexto da Unión Europea, neste caso especificamente, en materia de política pesqueira. ¿Como? Primeiro, que nos recoñezan como o que somos; somos, obxectivamente, unha zona altamente dependente da pesca. A Unión Europea non recoñece nin iso. É curioso, o territorio máis dependente da pesca de toda Europa non ten ese recoñecemento formal ou oficial que o vincularía á facilidade para o acceso a caladoiros, recursos pesqueiros ou mesmo financiamento.

Nós demandamos do Goberno español que, de xeito sistemático e permanente, se permita que o Goberno galego teña presenza directa nos consellos de ministros de pesca da Unión Europea e en todos os foros comunitarios nos que se fale de pesca. Se somos unha potencia pesqueira, temos que estar alí, en todos os foros, para defender os nosos intereses. Se non, así nos vai. E aí está a historia para corroborar esta análise.

E defendemos que dentro da delegación española, do Estado español, Galiza posúa capacidade de voto, de veto, de obxección e de decisión no seo desa mesma delegación. Cremos que cómpre defender con unllas e dentes as competencias de Galiza en materia de política pesqueira. Que non nos veñan dende Madrid ou dende Bruxelas dicir que é o que podemos pescar e o que non podemos pescar, ou aplicar regras de xogo absolutamente discriminatorias. Defendemos a capacidade de libre decisión do noso país, daquela, en materia de política pesqueira e marisqueira, dende logo, en todo o que significa o seu ámbito territorial —e falo de augas interiores, mar territorial, plataforma continental até as 12 millas—, á hora de fixar áreas de veda, plans de recuperación de especies do litoral galego, regulación de artes, capacidade de inspectora, xestión e programación de fondos comunitarios, ordenación do sector pesqueiro, e así sucesivamente.

E cremos que temos dereito a decidir nós, dende Galiza, sobre estas cuestións, sen interferencias dende Madrid ou dende Bruxelas. Opómonos, daquela, a calquera tipo de invasión competencial que pisotee as nosas competencias. É o mellor que podemos facer, a ninguén lle entra na cabeza que dende Bruxelas, en función dos seus intereses económicos e comerciais, veñan aquí a Galiza, mesmo dentro das nosas propias rías, dicir que é o que pode pescar e o que non pode pescar a nosa frota de baixura. Iso, nas nosas augas, temos que decidilo nós.

En relación coa política de adecuación dos niveis de frota, nós estamos xa cansos desa obsesión comunitaria polo despezamento, polo desmantelamento do sector pesqueiro galego. ¿Saben vostedes? Xa o temos dito en máis dunha ocasión: Galiza é o territorio de toda a Unión Europea que tivo que renunciar a máis frota, que despezou máis buques, que desmantelou máis frota de todos os seus segmentos de frota e que perdeu máis postos de traballo no mar de toda a Unión Europea.

Nós queremos frear esa tendencia a subsidiar o desmantelamento da frota. Curiosamente, para iso si hai cartos, para iso mais para os bancos hai cartos —claro—, e para a selección española hai cartos, primas multimillonarias. Agora, para os servizos públicos non hai cartos, ou para a renovación e modernización da frota pesqueira galega, para iso non hai cartos. Está prohibido, a Unión Europea prohibe calquera tipo de programa en Galiza para modernizar ou para renovar a nosa frota pesqueira. Pois nós, o que queremos é darlle a volta a iso: que si haxa programas de renovación e modernización da frota e que se free o tema dos despezamentos.

Na mesma liña, queremos tamén que dende Bruxelas se dean conta dunha vez por todas de que o mar galego precisa dunhas condicións na potencia instaladas no seus motores para embarcacións de...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ:... baixura, percebeiras, etc., que neste momento non se manteñen.

Outro tipo de propostas que figuran na emenda do Bloque Nacionalista Galego teñen a ver co recoñecemento da singu-

laridade do marisqueo a pé, marisqueo a flote, frota de baixura no noso país. Nós, en relación coa acuicultura, seguímonos opondo a esa prioridade do Partido Popular, obsesiva, por substituír a capacidade pesqueira de Galiza, onde non nos deixan pescar algunhas especies, onde se establecen trabas produtivas e, sen embargo, iso si, cartos, subsidios..., con esa obsesión de “mentres non podemos pescar peixe no mar, hai que produci-lo en terra”. Iso non ten ningún sentido no mar máis produtivo de Europa, que é o noso. Polo tanto, a nosa posición é contraria en relación con esta cuestión.

Reclamamos medidas de tipo social para os tripulantes, mariscadoras, mariscadores, etc.; acordos pesqueiros, vence para o próximo mes un acordo pesqueiro con Mauritania, o máis importante para a nosa frota, non sabemos que é o que vai pasar, ou en relación co novo Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro e coa Organización Mundial do Comercio —e remato—, singularmente, no que ten a ver con pararlle os pés á importación de produtos pesqueiros e marisqueiros de xeito desleal, que funde os prezos en primeira venda da nosa frota ou do noso sector marisqueiro. Isto é inxusto e pódese-lle parar os pés. Dende logo, esta é a alternativa do Bloque Nacionalista Galego.

Grazas, señor presidente. Obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Lobeira.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Recoñecemos, señora Soneira, a importancia deste debate para o futuro do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego. Fomos nós quen propuxemos, señora Soneira, a creación dun grupo de traballo entre as forzas políticas e a Xunta de Galicia, a través dunha emenda a unha iniciativa de vostede. Vostedes, é certo que o único que fixeron nese grupo de traballo foi intentar —e conseguírono— boicotealo en todo momento, especialmente por parte do Bloque Nacionalista Galego. E vostede deixouse arrastrar, porque vostede, practicamente, tiña consensuado nese grupo de traballo o 100 % do ditame que imos ter oportunidade de deba-

ter a continuación. Entón, vostedes aí si que teñen un gran traballo, que foi boicotear, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego, ese grupo de traballo.

Segundo: é certo que a actual política pesqueira común debe cambiar, porque foi errada, e o Grupo Popular comparte a necesidade dun cambio. E a proposta da Comisión Europea para a reforma do novo regulamento non é satisfactoria cos intereses de Galicia, para nada. Pero é certo que tanto os socialistas como os nacionalistas non buscaban un cambio, porque, se buscaran un cambio, tiveron oportunidade de consensualo; nin buscaban o consenso. Nin socialistas nin nacionalistas buscaron en ningún momento nin un cambio desta política nin un consenso para poder facer unha fronte común entre as tres forzas políticas, entre a Xunta de Galicia e entre o sector pesqueiro. Vostedes buscaron en todo momento boicotear esa iniciativa.

E terceiro: hai que recoñecer que Galicia non se conformará nunca cunha reforma que non garanta o fortalecemento da frota galega.

Polo cal, ¿por que dicíamos nós iso? Porque nós entendiamos que o debate non se debía dar única e exclusivamente aquí, no Parlamento de Galicia, que o debate non debía estar cerrado única e exclusivamente aos políticos. Por iso, a nosa discrepancia coa súa iniciativa é máis unha cuestión de forma que unha cuestión de fondo. Nós queríamos un proceso onde se lle dea voz e se lle dea concurso ao sector. ¿E onde se dá iso? No que nós propoñiamos: o ditame de hoxe, na iniciativa que imos debater a continuación, que se lle remita ao Consello Galego de Pesca, que é o máximo órgano consultivo no sector pesqueiro, que eles fagan as súas achegas, que enriquezan ese acordo e, con iso, que fagamos unha fronte común as forzas políticas, o Goberno de Galicia, a Xunta de Galicia e o sector pesqueiro, e que fagamos unha forza de país.

¿E vostedes que fixeron con iso? Boicotealo, darlle as espaldas ao sector pesqueiro, foi o que fixeron vostedes. Polo cal, nós queríamos facer esa unión entre políticos, administración e sector para facer a nosa forza e facer un acordo de país que vostedes non fixeron.

Pero agora imos facer memoria. Efectivamente, aquí hai que facer un exercicio de memoria. E se facemos un exercicio de

memoria... Aprobamos no Pleno –como dixo vostede– do 13 de decembro do 2011: “O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a constituír un grupo de traballo antes de rematar o actual período de sesións, coa participación dos tres grupos políticos e tamén coa participación da Consellería do Mar”. Fixémolo, constituímos ese grupo de traballo coa finalidade de definir unha posición política sobre a proposta da reforma da política pesqueira común feita pola Unión Europea. A proposta de ditame e ese documento de traballo... É certo quen non houbo, ao final non puido haber ese acordo.

E o acordo tamén pedía, señora Soneira –que se lle olvidou a vostede dicilo–, non máis tarde do primeiro trimestre do 2012 –creo que demos tempo suficiente, porque si que foi máis tarde, porque vostedes dedicáronse a boicotear e o Bloque Nacionalista Galego tardaba semanas en contestar o que se lles mandaba–, comunicar ao Parlamento de Galicia e, logo do debate, coas súas achegas, que se poida incorporar e remitir ao Consello Galego de Pesca, para que o sector pesqueiro puidera ter voz e puidera ter participación nisto, onde se recollían as conclusións do devandito grupo de traballo para o seu debate, de acordo cos artigos 140 e 141 do Regulamento da Cámara.

¿Que queremos facer nós hoxe aquí? Cumprir o acordo desta Cámara. E a consellería, ¿que fixo con remitir o borrador? Cumprir o acordo que as tres forzas políticas votaron por unanimidade. Vostedes, non sei se queren, ao mellor, non cumprir un acordo. Ás veces criticánnos de non cumprir acordos e agora parece ser que quen non quere cumprir ese acordo é o Partido Socialista e é o Bloque Nacionalista Galego.

Desde o Partido Popular e desde o Grupo Popular púxose todo da nosa man para chegar a un acordo, e vostedes dedicáronse desde o primeiro momento a boicotealo. Mal mente o Bloque Nacionalista Galego, porque é certo que vostede tiña consensuado practicamente o 100 % dese borrador co Partido Popular. E no último momento vostede deixouse arrastrar polo Bloque Nacionalista Galego, supoño que será por ese bipartito que lles deu tanto resultado no pasado e que pretenden reactivar e poñer outra vez en práctica.

E o que estamos a facer é cumprir única e exclusivamente o acordo. Atopámonos coa intransixencia do Bloque

Nacionalista Galego neste acordo e atopámonos coa falta de vontade de acordo do Partido Socialista. Nós queremos cumprir esta liña de traballo, e a nosa iniciativa –que imos debater a continuación– propón asumir como propia a proposta de ditame remitida pola Consellería do Medio Rural e do Mar ao Parlamento, en relación cos aspectos claves para Galicia ante a reforma da política pesqueira común; propón dar traslado inmediato do presente acordo e do ditame correspondente ao Consello Galego de Pesca para que o sector teña voz, para que faga as súas achegas e enriqueza, en definitiva, o que nós traballamos.

E puidemos facer unha forza común de país para ir a Europa negociar, sector, forzas políticas e Goberno, para a súa análise, para a súa consideración á hora de emitir a opinión conxunta do sector marítimo-pesqueiro de Galicia; e ao Goberno de España tamén, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; ás Cortes Xerais, a través das súas comisións de Pesca; á Comisión Europea e ao Parlamento Europeo, a través da Comisión de Pesca, e a aqueles foros onde se atope representada a Comunidade Autónoma de Galicia no marco europeo.

Finalmente, ¿que se pretende con todo isto? Preténdese con todo isto establecer os contactos pertinentes no marco decisorio en Europa –na Comisión Europea e no Parlamento Europeo– e no Estado –no Goberno de España e nas Cortes Xerais–, de cara a realizar a presentación dos aspectos recollidos no texto definitivamente aprobado. ¿Que pretendía o Grupo Parlamentario Popular? Que, unha vez máis, a construción da postura común de Galicia fora un procedemento aberto, fora un procedemento participativo e fora un procedemento construtivo. E só así, señorías, señores do Bloque Nacionalista Galego e señores do Partido Socialista, é doado obter éxito. Vostedes dedicáronse a outra cousa, vostedes dedicáronse a boicotear ese éxito que podíamos obter. E esa é a nosa proposta. Están a tempo todavía de rectificar e están a tempo todavía de unir esforzos votando a nosa proposta sobre os aspectos concretos que falaremos a continuación.

Polo cal, vostedes –créanme, de verdade– non souberon estar á altura. E síntoo, porque é certo que o Bloque Nacionalista Galego nunca quixo o acordo, desde o primeiro momento, tardaba semanas en contestar; pero vostede, señora Soneira, si é certo que chegamos a un acordo practi-

camente do 100 % dese borrador, e vostede antepuxo os intereses partidistas ante os intereses xerais do sector pesqueiro galego. E iso é grave, porque é certo que este debate non se dá todos os días, non se dá todos os meses nin se dá todos os anos, e vostede terá que explicarlle ao sector por que non foi posible chegar a ese acordo. E aproveito desde a tribuna deste Parlamento para darlles a benvida hoxe a varios representantes do sector, que nos acompañan na tribuna de invitados.

Por iso, señora Soneira, ten vostede unha oportunidade. Sepárese vostede do Bloque Nacionalista Galego, que vive nun mundo irreal no sector pesqueiro. Mire vostede se vive nun mundo irreal no sector pesqueiro, que tamén por Europa andan en más compañías. Sabe vostede que os nacionalistas están no grupo dos verdes, e sabe vostede que a través da deputada Lovín asinan un documento, ¿e sabe que firman nese documento? Pois, mire: critican os investimentos no estranxeiro, criminalizando as empresas mixtas; piden, en definitiva, que volvamos á época das colonias e que tutelemos as reservas pesqueiras dos países africanos. Iso é o que pide o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Eu non sei se vostede, señora Soneira, está de acordo con iso. Se non está de acordo con iso, señora Soneira, vostede ten unha boa oportunidade...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando.

O señor BALSEIRO OROL:... de demostralo na seguinte iniciativa, que, en definitiva –termino, señor presidente–, o que fai é cumprir un acordo deste Parlamento. E traemos un texto onde vostede e nós practicamente estamos de acordo ao 100 %; e onde o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular, ese texto tiñano consensuado máis do 90 %. Polo cal, o único que lles estamos pedindo é un pequeno esforzo do 10 % ao Bloque Nacionalista Galego e a vostede un pequeno esforzo do 2 %.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Balseiro.

Turno de peche do grupo autor da proposición non de lei, señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Señor presidente, señorías.

Antes que nada, a nosa posición, señor Lobeira, con respecto á emenda que nos presenta, desde a leal discrepancia, porque a discrepancia non ten por que ser desleal. Eu, que –recoñézo– podo ser moi dura nos debates, cando estamos nun proceso negociador, o mínimo que pido da outra parte é respecto e lealdade. E, desde logo –falarémolo despois na outra PNL–, señor Balseiro, vostede non pode dicir o mesmo, e o Goberno galego tampouco. E demostráremolo.

Con respecto á súa emenda, señor Lobeira, eu creo sinceramente –e tómeme isto literalmente, como llo digo– que é unha proposta que merece ser presentada e debatida nesta Cámara cunha proposición non de lei á que nós presentaremos emendas en determinados aspectos, que vostede coñece de antigo, nos que discrepamos. Porque, contrariamente ao que di o señor Balseiro, nós o que defendemos son as nosas posicións, e ás veces coinciden con outras formacións políticas. E iso, eu creo que non é nada mau. Polo tanto, nós preferimos someter á votación a nosa proposición non de lei tal como está. Se o Bloque Nacionalista Galego presenta ese documento que presenta aquí, nós emendaremos algúns aspectos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* –Non me cabe ningunha dúbida, señor presidente. Pero, seguindo coa teoría do señor Balseiro, ao mellor é que o Parlamento aínda non pagou a luz.–

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Se quere pode vostede... Suspendemos neste momento...

A señora SONEIRA TAJES: Con respecto á intervención do señor Balseiro: señor Balseiro, dou por suposto que o Grupo Popular vai apoiar...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Suspendemos momentaneamente.

(Pausa.)

Señorías, se lles parece, reanudamos o debate. Perdón pola interrupción, señora Soneira. Cando queira, pode proseguir.

A señora SONEIRA TAJES: –Non hai nada que desculpar, señor presidente, porque sei que isto está bastante lonxe da súa vontade, e tamén é certo que ás veces os plomos se funden.–

Señor Balseiro, a verdade é que vostede dedicou moito máis tempo a defender a seguinte proposición non de lei —e xa entraremos niso— que a entrar no fondo do que nós plantexamos aquí. E, polo tanto, eu supoño... Vostede di que practicamente o 100 %, e eu non lle digo o 100 %, pero máis dun 85 % está nese suposto ditame, por certo, que non existe. Xa falaremos diso despois. E, polo tanto, supoño que as súas señorías de aquí, do lado dereito do hemiciclo, votarán a favor, porque iso non contradí para nada todo canto levamos feito aquí.

O consenso, señor Balseiro, é iso: consenso; consenso dos tres grupos, que aquí decidimos libremente formar un grupo de traballo para ter unha posición común. E iso é loable. Pero, desgraciadamente, non houbo ese consenso, porque houbo diferenzas cun dos participantes, que, lexítima e lealmente, con tempo máis que suficiente, dixo que lle era imposible alcanzar un acordo. Nós non o compartiamos, pero respectámolo porque é a súa posición. E iso non é facer seguidismo de nadie, iso chámase democracia —ja ver se o entende!—.

E, polo tanto, non pode haber ditame de algo que non existe. Porque o ditame ten que ser o froito, o produto do traballo e do consenso dese grupo, e non o houbo. Polo tanto, ¿que lle imos facer? Aínda que lle custe entendelo, é así. E para o exercicio da democracia non valen os atallos e non vale, de ningunha maneira, supeditar o Parlamento aos intereses do Executivo. De momento, aínda temos división de poderes. Xa sei que hai algunha presidenta de comunidade autónoma á que lle gustaría quedar soa, sen control de ningunha Cámara. Iso pasou a mediados do século XX en Centroeuropa e tamén se vía como unha solución magnífica: saquemos de diante a voz dos representantes populares, que eu soño me basto. Aquilo custounos caro a toda a humanidade.

Boicot. Señor Balseiro: aquí, se houbo boicot por parte de alguén, foi por parte, neste caso, de vostede —teño que personalizalo porque non estaban os trinta e oito deputados do PP—. Porque se non, xa me explicará vostede como é posible que, cun mandato desta Cámara segundo o que había que entregar o documento no primeiro trimestre, se mande no segundo, e, por encima, hai máis dun mes que a vostede lle dixo un dos grupos participantes que para eles era imposible chegar a un consenso. E resulta que vostede esperou ao últi-

mo minuto, á última hora, para rexistrar unha iniciativa, porque se non pasábaselle o prazo e non llo cualificaba a Mesa, porque estaba moi ocupado noutras cousas, non sei se por Monterroso ou por non sei onde. E resulta que, para iso, o que fixeron foi pisotear a dignidade da Cámara e dos setenta e cinco deputados que representan a soberanía popular, ¿entende? Pero iso non vai en contra do sector, ¡de ningunha maneira!, porque algúns somos responsables. E verao vostede cando debatamos a seguinte proposición non de lei.

Claro, ao señor Balseiro non lle interesa escoitar isto, prefíre escoitar o que lle conta algún compañeiro dunha vila mariñeira, onde a pesca contribúe ao PIB en 0,00 %. Para el é moito máis interesante. Quizais estean arreglando a desfeita de Monterroso, porque para algúns parece que a cuestión orgánica pesa moito máis que a defensa do sector pesqueiro e marisqueiro.

Non vai quedar polo noso grupo e vostede sábeo, e sábeo o sector. Porque, neste país, o que onte se defendeu, en gran medida, no Consello de Ministros de Pesca en Luxemburgo é o texto que deixou o Goberno anterior. Non sei como amañaron ao final, e por iso pedimos a comparecencia da señora conselleira no próximo Pleno. ¿Por que? Porque esa é unha política de Estado, e o Goberno anterior xa o fixo cando tomou o relevo do Goberno do Partido Popular no seu momento. Ao señor Balseiro todas estas cousas chóvenlle, e parece que aquí o que hai que vir dicir é que se o PSOE segue o Bloque, se o Bloque é amigo de non sei quen... ¡Claro!, aquí nadie pode ter amigos, nin nadie pode chegar a acordos con nadie, nin no sector nin fóra do sector, salvo o Partido Popular, que se basta soño e, por encima, dinos con quen temos que casar e descasar ou, literalmente, “sepárense”.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: Nós non estamos arrexuntados con ninguén, señor Balseiro. Nós defendemos as posicións que lexítimamente... E non descarto que ás veces ata poidamos estar equivocados, pero, de maneira autónoma e lexítimamente, son as posicións do noso grupo. Desde a esquerda e desde unha concepción da pesca e do marisqueo, que ten que cumprir esencialmente unha función de preservar o noso tecido laboral, que está en grave risco. Só temos que ver os

números de baixada de Permes –por exemplo, no marisqueo a pé– que se ten producido no último ano, a pesar de toda a propaganda oficial, as dificultades que teñen os armadores para contratar en determinadas actividades da pesca, etc.

Polo tanto, ¿boicot? Se o houbo, foi do grupo maioritario, que non dubidou en perverter a autonomía e a soberanía desta Cámara, onde –lamento dicilo e, ademais, de verdade– me dá un pouco ata de pena que non estea o portavoz do Grupo Popular, porque creo que o señor Puy sobre isto ten moita máis decencia e moito máis coñecemento do que ten vostede.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Soneira.

Seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Antonio Rodríguez Miranda e oito deputados máis, sobre a elaboración do Mapa de emerxencias de Galicia

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei hai presentadas dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Alfredo Suárez Canal e ao abeiro do artigo 161.2. do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición

Débese engadir, ao final da parte resolutiva, o seguinte texto:

“E que se envíe ao Parlamento, para o seu debate e aprobación, antes de final do ano 2009”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Juan Carlos Francisco Rivera, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento

da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Pechar, antes de que remate o actual período de sesións, un mapa de emerxencias para o conxunto do territorio galego en consenso coa Fegamp e administracións implicadas.

2. Constituír, dentro do actual período de sesións, o Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e de Salvamento da provincia de Ourense, dando cumprimento ao establecido na Lei de emerxencias de Galicia.”)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Grazas, señor presidente.

Bos días a todas, señoras deputadas. Señores deputados.

Cando se trata de traballar pola seguridade dos cidadáns, todas as administracións deben traballar conxunta e coordinadamente para poñer en común os seus recursos, de xeito que se permita a mellora da eficacia polas sinerxías que se poidan xerar. E, polo tanto, cando se trata de organizar os recursos de que dispoñemos en materia de emerxencias, tamén se debe facer de maneira conxunta, entre todas as administracións que teñan medios e que teñan responsabilidades afectadas.

Pois ben, ao longo do tempo, todos os gobernos traballaron –si é certo que con distinto grao de eficacia– para conformar un conxunto organizado de medios que nos permita cubrir as necesidades que se puideran xerar en materia de emerxencias dentro de todo o territorio galego. ¿Cal é a situación na que nos encontramos actualmente? Por un lado, temos as grandes cidades galegas, que contan con parques de bombeiros que, ao non estar aínda comarcalizados, limitan a súa actuación, fundamentalmente, ao propio termo municipal.

En segundo lugar, cóntase tamén con vinte e cinco servizos contraincendios e salvamento, é dicir, os chamados coloquialmente parques comarcais de bombeiros. Así mesmo, funcionan un total de cincuenta e oito Grumir (grupos municipais de intervención rápida), nos que a maior parte dos seus compoñentes –certo é– cambia ano a ano, polo tanto, non rendibilizando a formación e a experiencia que se acadaba nesta materia por estes traballadores ao cabo destes períodos. Ademais, hai que dicir que o ámbito de actuación dos Grumir e dos servizos contraincendios, nalgún caso, solápanse, o que pode xerar algún tipo de distorsión funcional e tamén económica. E non podemos esquecer tamén de que se conta coa inestimable colaboración das agrupacións de voluntarios de Protección Civil, que complementan as funcións de todos os mecanismos anteriores.

Por todo isto, o que se evidencia de xeito claro é que é necesario seguir avanzando para concretar unha proposta de reforma destes medios, para acadar a necesaria integración plena de todos os mecanismos de xestión das emerxencias que temos no noso país. E somos conscientes do contorno de restrición orzamentaria no que nos atopamos, no que, polo tanto, teremos que encaixar o modelo que se desenvolva para responder a unha máxima eficiencia e eficacia á hora de empregar os recursos.

Dende que chega o actual Goberno, no ano 2009, a Administración da Xunta non deixa de avanzar na articulación dun necesario –na nosa opinión– sistema público integral e verdadeiramente profesionalizado de atención ás emerxencias. Deste xeito, ampliase a rede galega de parques contraincendios, entrando en funcionamento no ano 2011 cinco novos parques nunha provincia, como é a de Lugo, que non contaba con este servizo e hoxe ten unha cobertura en torno ao 90 %. Neste ano, ponse en marcha o de Monforte, e, cara a finais de ano, practicamente teremos concluída a construción do parque do Carballiño, en Ourense. Tamén se está a consolidar a estrutura dos consorcios provinciais, que permiten unha mellora da xestión. Xa está constituído o da Coruña, Pontevedra e tamén Lugo, e estará en condicións de facelo ao longo deste ano o de Ourense.

Evidentemente, no que resta de lexislatura, nós entendemos dende este grupo que se ten que acabar todo este traballo; un traballo que, por certo, o Goberno anterior non foi quen de facer, nin tan sequera de adiantar en gran medida. E cremos

que este, ademais, é o momento axeitado, porque agora hai un interlocutor tamén axeitado e estable, que é precisamente a nova organización da Fegamp, que sae das últimas eleccións municipais. Pois ben, neste ano 2012, Xunta e concellos están a abordar e terán que definir un novo Mapa de emerxencias, máis racional e, tamén, lóxicamente, adaptado ás novas circunstancias, que evite fundamentalmente as dispersións ou duplicidades.

Este grupo parlamentario, hoxe, quere respaldar a intención da Xunta de acordar e de consensuar coa Fegamp un novo Mapa de emerxencias, que revise o actual modelo de distribución dos Grumir –que aí é onde realmente hai un camiño necesariamente que adiantar–, cun novo deseño que permita complementar os parques contraincendios existentes coa creación destas brigadas específicas de tipo medioambiental e tamén de emerxencias.

Deste xeito, ademais, estaremos dando cumprimento ao pacto local, que outros firmaron pero non foron capaces de levar a cabo; deste xeito, estaremos establecendo un sistema profesionalizado, que combinará tarefas de vixilancia, de prevención, de conservación medioambiental e de atención ás emerxencias; deste xeito, Galicia contará, por tanto, cunha estrutura máis racional, coherente, centrada no aproveitamento dos recursos, tamén na xestión conxunta e compartida dos servizos entre municipios, e, ao mesmo tempo, conseguiremos unha ampliación do ámbito de acción territorial. Porque, señorías, as emerxencias non entenden de fronteiras nin de lindes municipais, polo tanto, o modelo que se ten que plantexar ten que sobrepasar todas estas delimitacións.

E, hoxe, máis que nunca, nós entendemos que debemos camiñar cara a un sistema que supere esa xestión individualizada de servizos de emerxencias por parte dos municipios. Consideramos que se fixo un primeiro esforzo exitoso de cooperación cos parques e consorcios de bombeiros comarcais, e cos consorcios provinciais a posteriori. Pero agora fai falta unha segunda etapa, ten que vir esa etapa da man da revisión e da posta en día do actual modelo dos Grumir.

E nós queremos, ademais, hoxe, aquí, a través desta iniciativa, respaldar as propostas que se teñen feito por parte da Xunta á Fegamp en canto aos criterios que se deben seguir para a distribución dos grupos municipais de intervención rápida; é dicir: que sexa un ámbito no que non exista un ser-

vizo contraincendios e salvamento; que se consideren como localizacións oportunas aquelas nas que nun futuro se puidese implantar un novo servizo contraincendios e salvamento; que se atenda, loxicamente, aos criterios de peso poboacional; que se garanta unha distribución o máis uniforme posible ao longo de todo o territorio para cubrir maior superficie co menor número de puntos, loxicamente, tendo en conta –como dicíamos– neste criterio as zonas máis poboadas; que se teña en conta a existencia xa de prestacións mancomunadas neste momento en materia de protección civil ou doutros servizos equivalentes; que se garanta a cobertura –que moitas veces son as esquecidas– das zonas perimetrais dos límites administrativos das provincias, que, polas distancias, suelen quedar con menos cobertura; que se garanta tamén a cobertura nas localizacións en zonas de montaña –especialmente, hai que ter unha delicadeza con estes ámbitos, con moi mala accesibilidade, habitualmente, e onde, precisamente, os dispositivos de Protección Civil teñen tempos de chegada por esas condicións orográficas máis alongadas; non poden ser excusa as baixas densidades de poboación porque tamén hai outro argumento a favor, que normalmente é, ademais, o interese medioambiental de tipo superior–; que se teñan tamén en conta as localizacións de zonas onde xa estean identificados riscos potenciais, polo tanto, coñecidos; que se considere a situación e estratexia das vías de comunicación, porque vai facer todo moito máis fluído, e, polo tanto, vai reducir os tempos de intervención.

E débese ter en conta, tamén, a existencia deses recursos municipais, dunha estrutura organizativa de emerxencias preexistente, que poida ter experiencia, que teña recursos humanos formados, porque, evidentemente, iso permitirá xa optimizar eses recursos dos que dispoñemos. E tamén entendemos que o financiamento –porque diso tamén hai que falar e ten que haber algún criterio– debe ser compartido entre as administracións que colaboran e que coparticipan –Xunta, concellos e/ou deputacións provinciais–.

Cremos que todos estes criterios son necesarios, á hora de respectalos, cun único obxectivo: que calquera cidadán galego teña á súa disposición un servizo de emerxencias que vaia responder á súa demanda nun tempo que non exceda os vinte ou trinta minutos. E, por iso, nós hoxe traemos esta nosa iniciativa.

Nós pedímoslle á Xunta de Galicia, instamos á Xunta de Galicia para que elabore, en consenso coa Fegamp, é dicir,

contando cos concellos e deputacións de Galicia, que son as administracións tamén implicadas, un Mapa de emerxencias que responda a criterios obxectivos e criterios de axilidade. Unha finalidade para isto, que é dar cobertura á totalidade da cidadanía galega. Esa é a nosa proposta, esperamos a receptividade dos grupos.

Máis nada, moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Rodríguez Miranda.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Bos días, señoras e señores deputados.

Dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, queremos expresar a nosa satisfacción por esta proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular. Expresamos a nosa satisfacción porque, aínda que sexa ao remate da lexislatura, o Grupo Parlamentario Popular vén a coincidir –aínda que sexa tamén nun ámbito reducido da acción de goberno, como son as emerxencias– cunha reflexión que nós temos repetido en innumerables ocasións nesta tribuna.

Señoras e señores deputados, o Partido Popular, alén da retórica, con esta proposición non de lei certifica dende a tribuna do Parlamento que no ámbito das emerxencias estamos ante o peor Goberno da historia de Galiza. Esa é a iniciativa do Partido Popular e, polo tanto, nós expresamos a nosa satisfacción –é certo que un pouco tardía, ao remate da lexislatura–. ¿Que outra lectura pode ter, se non esta, que unha iniciativa do grupo que sustenta o Goberno, ao remate dunha lexislatura, propoña instar ao Goberno a que elabore o elemento central e nuclear para a xestión das emerxencias e para que os cidadáns coñezan os riscos que existen nese ámbito: o Mapa de emerxencias?

Fíxense vostedes: na lexislatura pasada deuse un salto, efectivamente, houbo traballos, etc. Noutros gobernos, na lexislatura pasada deuse un salto no ámbito das emerxencias: ela-

borouse unha lei no ano 2007, creouse un instrumento –a Axencia Galega de Emerxencias– e, ademais, nesa lei, elevouse a rango de dereito para os cidadáns o coñecer os riscos que existen en relación coas emerxencias. Elaborouse esa lei en maio do 2007 e creáronse os estatutos da Axencia Galega de Emerxencias practicamente ao inicio do 2008. O normal sería que ao inicio desta lexislatura o elemento nuclear para a xestión das emerxencias –o mapa– se puxera en marcha, porque a lei contempla que é responsabilidade do Consello da Xunta aprobar o mapa da xestión das emerxencias e contempla que o conselleiro do ramo é o que ten que ter a iniciativa.

Comprenderán vostedes que é case de “Celtiberia show” que, ao remate dunha lexislatura, o grupo que sustenta o Goberno nos pida que impulemos unha iniciativa para pedirlle á Xunta de Galiza que elabore o Mapa de emerxencias de Galiza. Por iso, entenderán, señorías, a nosa emenda. A nosa emenda non ten un erro de forma na súa literalidade. Nós dicimos: “E que se envíe ao Parlamento para o seu debate e aprobación antes do remate do ano 2009”. Porque iso é o que tería lóxica, tería explicación e sentido político.

O demais –comprenderán–, entendendo que o Partido Popular –non sabemos por que caste de milagre– chega a coincidir agora, ao final da lexislatura –de feito, aínda que a retórica non–, con que o Goberno, no ámbito das emerxencias, non fixo practicamente nada e o elemento nuclear está sen facer, comprenderán que a súa iniciativa é extemporánea, a súa iniciativa é dificilmente verificable. Mesmo aínda que se esgotara a lexislatura, é dificilmente verificable pedir, por exemplo, que este Parlamento poida participar nese Mapa de emerxencias. Podemos estar ante o último período de sesións desta lexislatura e, se non, o penúltimo, en calquera caso.

Polo tanto, señor Miranda, agradecemoslle que coincida co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego en que estamos, efectivamente, ante o peor Goberno da historia, aínda que sexa no ámbito das emerxencias. O que non entendemos é cal é o milagre de que este cambio de actitude se teña producido no Partido Popular. Non sabemos se o que antes era externalizar as responsabilidades, coa chegada do señor Rajoy a Madrid, que é un auténtico home-milagre, porque produce estes cambios, á parte doutros... O señor Rajoy é capaz de producir milagres tan importantes como a

chegada dun novo Plan Marshall: o Plan Merkel, que chega, efectivamente, cheo de recursos e manás para resolvern os problemas a todos os cidadáns do Estado español. Pois, seguramente, tamén no caso do Partido Popular produciu o cambio de actitude para darse conta de que, no caso da actuación do Goberno galego, hai enormes carencias en multitude de ámbitos. Empezan a recoñecelo polo ámbito das emerxencias.

Polo tanto, señores do Partido Popular, estamos ante un Goberno que no ámbito das emerxencias mostra tamén as súas carencias. É un risco este Goberno, efectivamente. Se se elaborara un mapa das emerxencias na actualidade, á parte da prima de risco, que seguramente aparecería como a causante de moitas emerxencias para os cidadáns, a xestión dun Goberno como o da Xunta de Galiza tamén aparecería, seguramente, no mapa das emerxencias. ¿E que imos dicir do Goberno central, que, efectivamente, nos acaba de presentar, diante do país, o que en realidade é un auténtico saqueo dos recursos públicos como un auténtico maná?

Señores do Partido Popular, benvidos á crítica ao Goberno pola vía das propostas concretas, aínda que non da retórica. Pero non deixa de ser un auténtico sarcasmo que, ao remate da lexislatura, o elemento central da xestión das emerxencias nun país, que é a elaboración do mapa que contemplaba a Lei de emerxencias do ano 2007...; que no Goberno anterior se dera o salto de crear a Axencia Galega de Emerxencias e os seus estatutos, que esta Xunta tiña, efectivamente, que completar coa elaboración do Mapa das emerxencias, e que vostedes veñan pedirnos o voto ao remate da lexislatura para que apoiemos unha lei que cremos que é extemporánea, non ten moito sentido e, en calquera caso, ao remate da lexislatura é absolutamente inútil.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Suárez Canal.

Grupo Parlamentario Socialista.

Señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas.

Bo día a todos e a todas as deputadas.

Efectivamente, estamos diante dunha iniciativa –tal como amosou o señor Suárez Canal– que este deputado xa non sabe moi ben como cualificala, a teor –claro está– da posición política mantida neste ámbito polo Partido Popular nestes últimos anos, nos anos de goberno; unha iniciativa demagóxica, populista, oportunista, arribista ou, mesmo, que é o que se trata aquí con esta iniciativa, para encher oco no Pleno deste día e, polo tanto, facer cumprir o trámite neste sentido.

Eu lémbrolle ao deputado do Partido Popular, señor Miranda, que este tipo de iniciativas –impulsar a elaboración e aprobación dun Mapa de emerxencias– está recollido e aprobado neste Parlamento en distintas propostas de resolución ao longo dos últimos anos. Mesmo neste último ano, e o ano pasado tamén. Polo tanto, en distintos debates, en distintas propostas de resolución, en distintas resolucións desta Cámara, xa hai un mandato firme á Xunta de Galicia para que elabore este Mapa de emerxencias.

Polo tanto, esta iniciativa, ao noso xuízo, amosa, sen dúbida, a falla de vontade política, a falla de iniciativa política do Partido Popular non só para cumprir o mandato parlamentario, senón tamén para desenvolver unha Lei de emerxencias e unha política de emerxencias homoxénea para este país. Polo tanto, un fracaso absoluto no deseño desta política de emerxencias ao longo dos últimos anos. Quizais se trate con esta iniciativa de tapar a desidia amosada e a parálise amosada ao longo da lexislatura.

E lémbrolle tamén ao deputado propoñente que este deputado, este grupo parlamentario, ao longo destes últimos anos, impulsou na Comisión 1.^a o debate desta mesma iniciativa, e sempre nos atopamos co rexeitamento do Partido Popular na hora do voto. Nós propoñíamos nese tipo de iniciativas impulsar, efectivamente, e aprobar –e dabamos prazos para que iso se fixese– o Mapa de emerxencias. Lamentablemente, nunca atopamos unha resposta positiva polo grupo que sustenta o Goberno.

E mesmo co argumento de que había que traballar en consenso coa Fegamp, dende o Goberno nunca se impulsou

nestes últimos anos unha proposta á Fegamp para traballar e pechar definitivamente o Mapa de emerxencias de Galicia. Polo tanto, esta é unha das cousas –das emerxencias, falo– que non lle preocupan esencialmente a este Goberno, a teor propiamente da negativa –a instancia deste grupo– a comparecer do señor Rueda para explicar este tipo de cuestións ou, mesmo, do responsable da súa consellería no ámbito da Comisión.

En todo caso, a min gustaríame facer unha pequena análise, un balance serio do que neste momento temos no plano das emerxencias, e, tamén, comparalo co que había e co que se iniciou no deostado Goberno bipartito, que, efectivamente, foi –e xa o dicía o señor Suárez Canal– quen impulsou o marco lexislativo básico no ámbito das emerxencias e un marco complementario no ámbito da seguridade pública, que –seguramente coincidamos– ten moito que ver tamén coa necesidade de dotar a Galicia dun marco lexislativo neste ámbito.

Unha lexislación –Lei de emerxencias de Galicia– que establecía a necesidade de crear unha política homoxénea para o conxunto do país neste ámbito. Unha política que implicase, efectivamente, as distintas administracións e aos propios cidadáns. E unha política que se baseaba fundamentalmente, a través desa lei, na constitución de consorcios provinciais, na creación de unidades de emerxencia naquelas comarcas illadas que non tivesen esas unidades de emerxencia, na formación dos profesionais e mesmo dos voluntarios, e na implementación da autoprotección, como elementos esenciais.

E, neste sentido, o Goberno deostado, o Goberno bipartito impulsou, efectivamente, a constitución do Consorcio Provincial de Lugo; licitou, deseñou, orzamentou cinco parques de bombeiros nesa provincia de Lugo. Deixou, ademais, avanzada coa Deputación de Ourense a posibilidade de pechar o Consorcio Provincial de Ourense. E, mesmo, deixou licitado un edificio para a Axencia Galega de Emerxencias na localidade de Sigüeiro; un edificio que ía ser o centro loxístico das emerxencias no ámbito do país, onde se ía concentrar o 112, onde se ía concentrar o centro de mando único neste ámbito para o conxunto do país. E por unha decisión evidentemente revisionista por parte da Xunta de Galicia, pois deixouse sen efecto non só o edificio, que non se construíu nesa localidade, senón a propia concepción

que dese edificio tiña feito a Axencia Galega de Emerxencias.

E a conclusión de todo isto é comparalo, evidentemente, co que están a facer vostedes, co que fixeron vostedes, co que fixo este Goberno da Xunta nestes últimos anos. A teor dos seus orzamentos anualmente aprobados dende o ano 2009, absolutamente nada, unha diminución constante. A teor da construción de novos parques de bombeiros, absolutamente ningún, agás un do Carballiño, que vostede citou, respecto do cal o Goberno bipartito deixou reservado solo e proxecto. Nada se fixo respecto da comarcalización do parque de Santiago, non se construíu o parque de Ames –tal e como estaba proxectado–, non se constituíu o Consorcio Provincial de Ourense.

E vostede, ademais, explicárame –cando na súa segunda intervención...– cales son os motivos que impiden a constitución dun consorcio, máxime cando no resto do país as distintas provincias xa teñen constituído o seu; cales son os motivos que impiden, efectivamente, que en Ourense se poida dispoñer deste Consorcio Provincial de Incendios.

Vostedes votaron en contra de iniciativas levadas adiante por este grupo político, respecto da elaboración e aprobación dun Plan director en materia de servizos contraincendios; mesmamente, da elaboración dun mapa de zonas de risco que sinalase precisamente aqueles puntos do país que, pola súa incidencia climatolóxica ou polo seu risco industrial ou químico, ou de calquera outra índole, puideran ser importantes a efectos de sinalar nese Mapa de emerxencias. En definitiva, vostedes, ao longo destes últimos anos, votaron absolutamente en contra de calquera iniciativa levada adiante fundamentalmente polo Grupo Socialista tendente a impulsar o desenvolvemento da Lei de emerxencias; de todas e cada unha.

E agora atopámonos, efectivamente, cunha proposta da Xunta de Galicia á Fegamp a respecto da redistribución para o ano 2013 dos grupos municipais de intervención rápida. Unha proposta na que se vai pasar dun número de grupos municipais de unidades básicas en materia de emerxencia –aquelas que neste momento están despregadas no concello– de 46, no ano 2012 –non 58, como vostede citou–, a 22 para o ano 2013. É dicir, vaise pasar de setecentos efectivos, aproximadamente, a algo así como douscentos vinte.

Vostede me dirá, se non construímos novos parques de bombeiros nas comarcas máis illadas; se non dotamos os concellos de unidades básicas de emerxencias, de grupo municipal de intervención rápida...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: Remato, si.

Se non deseñamos unha auténtica política de emerxencias, ¿cal é o futuro que lles espera a moitísimos concellos deste país?

Dende logo, a proposta que se fai dende a Xunta de Galicia á Fegamp de que os tempos de resposta –tal e como vostede citou– en caso de risco van ser de vinte a trinta minutos é unha auténtica quimera. É absolutamente falso a teor de que, efectivamente, isto non se pode conseguir se non se actúa no sentido que lle dixeran.

Polo tanto, para vostedes as emerxencias nunca foron un elemento esencial e, dende logo, nunca tiveron vostedes a concepción das emerxencias como unha auténtica razón de servizo público. Nós temos plantexada unha emenda que é a mesma emenda que traduce a nosa iniciativa, que levamos impulsando ao longo dos últimos anos. Polo tanto, sobre esa base, invitámolo a vostede a que reflexione. Dende logo, nós estamos a favor de aprobar este Mapa de emerxencias, pero non de dilatalo no tempo como vostede pretende.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Francisco Rivera.

Turno de peche, grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Grazas, señor presidente.

Ben, señor Suárez Canal, o peor Goberno da historia voullo acreditar cal foi agora, dentro dun momentinho, cunha serie de datos. E vostede, como é home espabilado e é intelixente, sacará conclusións. Si é certo que lle digo que eu entendo que vostede diga esas cousas, porque como era da outra

á de Goberno e o tema das emerxencias estaba na á socialista, non na nacionalista, vostede non se enteraba do que ocorría. Pero agora voulo explicar eu.

E ao voceiro do Partido Socialista de Galicia, eu escoiteille: “deixaron, deixaron, deixaron...” ¿Que deixaron? Todo por facer, iso é o que deixaron. Miren: este país empezou a construír de xeito serio –como o coñecemos hoxe máis ou menos, digamos– o camiño que temos hoxe alá polo ano 2000, no que había, daquela, sete parques de bombeiros e sesenta e un Grumir; iso é o que había no ano 2000. No ano 2012, hai vinte e cinco parques comarcais de bombeiros, á parte dos sete das cidades, que xa existían daquela no 2000, os únicos que había; co cal, fixéronse vinte e cinco. É dicir, hoxe hai trinta e dous parques de bombeiros e hai eses cincuenta e oito grupos municipais de intervención rápida.

Vostedes, durante a época de Goberno do bipartito, abriron tres parques de bombeiros: o das Pontes, que tamén o construíron; o do Porriño, que non o construíron pero abrírono, e o de Xinzo, que o abriron pero non o construíron. A matemática é fácil, se hai vinte e cinco novos e vostedes puxeron en marcha tres, ¿quen puxo en marcha os demais? Non sei se hai que ir “estilo Barrio Sésamo”, eu creo que se entende perfectamente. É dicir, hoxe hai trinta e dous parques comarcais. Vostedes, dos trinta e dous, fixéron tres. Sete xa existían no ano 2000, que eran os das cidades. O resto fixérono os gobernos populares. Hai que dicirlllo así e claro porque ao mellor non o entende. Señor Suárez Canal, ¿peor Goberno da historia?, ¿cal? Vostede mesmo o dixo, eu non poño cualificativo.

Pero, miren: nós, o que tratamos é de dar cumprimento tamén ao que se firmou no pacto local, porque é verdade que vostedes asinaron o pacto local. Puido ser posible o pacto local cun conselleiro socialista e cun presidente popular. Porque, evidentemente, se eu fora o presidente socialista que veu despois, seguro que nin tan sequera co conselleiro socialista tivera firmado nada. Porque, miren vostedes: no ano 2009, cando marcharon, non cumpriran o pacto local, que xa dicía que tiña que estar reestruturado o Grumir a principios do ano 2008. ¡Nada de nada!

No ano 2010, a propia Fegamp foi a que pediu que se continuara co mesmo modelo. Por iso, a Xunta, de acordo coa Fegamp, continuou e non cambiou. No 2011, como xa viñan

eleccións, o presidente da Fegamp –daquela socialista, insigne socialista–, nada de tratos, non quería saber, boicoteou reiteradamente. E agora que temos, efectivamente, un presidente co que se pode falar, igual que co resto das persoas que conforman a Fegamp –porque hai que falar coa Fegamp, e isto hai que acordalo coa Fegamp, non o pode impoñer a Xunta–, xa levan dúas reunións dos grupos de traballo e, tamén, xa levan a reunión Xunta-Fegamp en materia de pacto local. E aí é onde se está debatendo esta proposta.

Nós traemos esta proposta aquí porque cremos que é lexítima e é acaída para reforzar a posición da Xunta. Nós non temos que impulsar a acción da Xunta porque a Xunta xa está traballando. A Xunta puxo en marcha xa, no que vai desta lexislatura, cinco parques en Lugo, abriu o de Monforte e xa lle dixen que a finais de ano estará practicamente rematado o do Carballiño.

Por certo, voulle dicir algo do do Carballiño: cando se asinaron os estatutos, daquela creo que había un alcalde que seguramente lle soará, porque non sei se será o seu xefe de filas, e, por certo, asinou unhas condicións económicas e dixo daquela que non había présa. O alcalde do Carballiño, daquela –pregúntelle, que ao mellor non llo contou– dixo: “non ten présa isto, non ten présa”. Logo veu outro alcalde do Carballiño do 2009 ao 2011, nesa etapa, que dixo que de pagar a parte do Carballiño, nada. Pero non só iso, senón que modificou as condicións topográficas da parcela, co cal houbo que cambiar o proxecto e encareceuse o proxecto. Pregúntelle a ese señor, que agora xa non é alcalde.

E agora hai un alcalde no Carballiño, que é popular, que xa ten unha dotación orzamentaria, e agora xa se está construíndo o parque de bombeiros e a final de ano terémolo rematado. Por certo, precisamente nese momento será cando se constituía o Consorcio de Ourense, porque o Consorcio de Ourense vaise constituír cando estea o do Carballiño, para meter xa todos os parques comarcais da provincia de Ourense, que é o oportuno. Élle así a resposta. Polo tanto, saquen conclusións.

Miren: esta iniciativa pretende que, dende aquí, lancemos un apoio á proposta da Xunta que nós consideremos lexítima para chegar á Fegamp. Isto é o que representa a soberanía popular. Aquí estamos todos os grupos, que tamén están representados na Fegamp. Nós non queremos usurpar a von-

tade dos concellos galegos, non; o que queremos é que a Xunta vaia cunha proposta respaldada polo Parlamento galego e por todos os grupos. Polo tanto, dende a Fegamp entendemos que ese reforzo dará lugar a que se propicie un acordo máis pronto. Polo tanto, se vostedes están de acordo co espírito desta proposta e co contido desta proposición, cótena. Non é só predicar, dean trigo por unha vez.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Rodríguez Miranda.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e trece deputados máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da proposta de ditame remitida pola Consellería do Medio Rural e do Mar diante da reforma da política pesqueira común, e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei foi presentada unha emenda por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Bieito Lobeira Domínguez, ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación

Debese substituír a parte resolutiva pola seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a defender, diante do proceso de reforma da Política Común de Pesca (PCP) as seguintes bases:

1. En relación co estatus de Galiza na Unión Europea en materia de pesca:

a) Recoñecemento de Galiza como “Zona Altamente Dependente da Pesca”.

b) Demanda, perante o Goberno español, de institucionalizar de xeito permanente e sistemático a presenza do

Goberno galego nas sesións do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea e en calquera outro foro comunitario vinculado á política pesqueira.

c) Dereito de Galiza á obxección, veto e decisión no seo da delegación do Estado español na Unión Europea.

2. En relación coa xestión de recursos:

a) Derrogación do Principio de Estabilidade Relativa.

b) Rexeitamento dos intentos oligopólicos de privatización dos recursos mariños a través das concesións de pesca transferíbeis (ITQ).

c) Erradicación dos privilexios doutras frotas (comunitarias e extracomunitarias) no acceso a caladoiros e recursos pesqueiros.

d) Eliminación do sistema de TAC's e cotas na frota artesanal, substituíndoo por un sistema de control baseado no esforzo pesqueiro.

3. En relación coa política de adecuación dos niveis da frota:

a) Posibilitar, no caso galego, o desenvolvemento de programas de renovación e modernización de frota vinculados á mellora das condicións de traballo, seguranza e habitabilidade.

b) Posibilitar o incremento da potencia instalada nos motores das embarcacións de baixura, marisqueo a frote e extracción de percebe.

c) Oposición á política subsidiada de despeses e desmantelamento da frota pesqueira galega.

4. En relación coas competencias de Galiza:

a) Garantir a capacidade de libre decisión de Galiza, en termos de xestión e regulación, da actividade pesqueira que se desenvolve no ámbito das súas augas interiores, plataforma e mar territorial. Así, a fixación de áreas de veda, planos de recuperación de especies no litoral galego, regulación de artes, capacidade inspectora, xestión e

programación do novo FEMP, ou a ordenación do sector pesqueiro, serán ámbitos competenciais exercidos integramente, sen interferencias externas, polo Goberno galego.

b) Oposición a calquera invasión competencial por parte do Goberno español e Unión Europea.

5. En relación coa identificación e singularidade da frota costeira artesanal e do marisqueo:

a) Será o Goberno galego a institución competente para o recoñecemento e identificación desta frota en exercicio das súas competencias.

b) Estabelecerase, do mesmo xeito, o exercicio do marisqueo a pé e a frote.

6. En relación coa acuicultura:

a) As áreas costeiras deberán ser reservadas, sempre con criterio de sustentabilidade, para a pesca artesanal, o marisqueo e a produción mexilloeira.

b) Pór fin a unha política comunitaria encamiñada á substitución da pesca extractiva pola acuicultura industrial. Non resulta lóxico nin coherente promover e subsidiar o cultivo industrial de peixes en terra, mentres se dificulta ou mesmo prohibe a súa captura no mar.

c) Apoio a aqueles proxectos que, non colidindo cos intereses xerais, garantan:

– Depuración plena e integral das augas e refugallos procedentes da actividade acuícola.

– Esixencia de xeración de emprego digno e estábel que recaia sobre a comunidade na que se asenta.

– Minimización do impacto, localizando en parques ou polígonos debidamente dotados instalacións ou procesos que non teñen por que se situar á beira do mar.

– Prohibición de proxectos asentados en enclaves con protección ambiental ou que resulten incompatíbeis coas actividades produtivas pesqueiras e marisqueiras.

– Planificación de reserva pública de solo que impida actuacións especuladoras.

– Investigación que evite “monocultivos” e para a mellora da sustentabilidade.

– Tamaño acaído das instalacións. Preferencia de microproxectos.

– Fórmulas organizativas, comezando polo cooperativismo, que posibiliten o acceso das comunidades mariñeiras a esta actividade, impedindo a concentración da mesma en grandes grupos empresariais.

7. En relación coas medidas de control:

a) Modificación profunda da normativa vigente en materia de control da pesca adaptándoa á realidade das distintas frotas.

b) Programas de formación.

8. En relación coa política social:

a) Dignificación sociolaboral de tripulantes, traballadoras e traballadores do mar (incluíndo a aqueles embarcados en buques pertencentes a sociedades mixtas): convenios colectivos, xubilación, dereito a voto de tripulantes embarcados, táboas de doenzas profesionais, etc.

b) Medidas específicas en materia de seguranza, salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.

c) Defensa do emprego.

d) Papel das mulleres.

9. En relación cos acordos pesqueiros:

a) Garantía de renovación e mellora dos acordos pesqueiros con terceiros estados.

b) Inclusión da frota galega naqueles acordos nos que hoxe está inxustamente excluída (caso de Groenlandia).

c) Mellora das condicións da frota galega nas organizacións rexionais de pesca: NAFO, ICCAT, etc.

10.- En relación co novo Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro: _

a) Demandar que a programación de fondos poida ser realizada por aqueles países que, carecendo de estado, si posúen competencias en materia pesqueira, caso de Galiza.

b) Oposición a criterios de “diversificación” que impliquen a substitución subsidiada da pesca por outras actividades, caso do turismo.

c) Incluír expresamente a frota de baixura e o marisqueo como actividades receptoras de fondos procedentes do FEMP.

d) Incluír expresamente a posibilidade de programación de accións de produción de semente e proceso de preengorde dirixidos á actividade marisqueira.

e) A posta política galega neste ámbito residenciarase no apoio á pesca extractiva e ao marisqueo, non á acuicultura industrial, como substituto da actividade produtiva tradicional na Galiza.

11. En relación coa Organización Común de Mercados:

a) Control e límite ás importacións de produtos pesqueiros.

b) Garantías de trazabilidade e identificación da orixe dos produtos.

c) Control da competencia desleal.

d) Promoción e recoñecemento das denominacións de orixe, con capacidade de certificación.

e) Mellora da información ás consumidoras e consumidores, con maior concreción no relativo á zona de captura ou produción, evitando confusións sobre a súa procedencia, nome comercial, etc., a fin de garantir a diferenciación no mercado. Incluírânse neste ámbito os produtos transformados ou procesados.

f) Diferenciación baseada en parámetros de calidade certificábeis fronte aos produtos importados.”)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Quixera comezar a miña intervención saudando os representantes do sector pesqueiro que hoxe nos acompañan: confrarías, organizacións de produtores, comercializadores, representantes do sector pesqueiro e acuícola galego. Eles, mellor que ninguén, son coñecedores da importancia do debate aberto sobre a reforma da política pesqueira común. Falar do proceso de revisión das políticas comunitarias é falar da reforma do marco regulatorio básico dun dos aspectos claves para o futuro dun sector estratéxico, para a economía de Galicia e para o conxunto do país.

Sabemos que Europa é un dos ámbitos nos que se establece a meirande parte das regras do xogo, onde se definen as posibilidades da nosa competitividade e onde temos a oportunidade de plasmar a defensa dos intereses de Galicia e do conxunto do noso sector marítimo-pesqueiro.

Neste longo camiño, o sector –vostedes, protagonistas deste futuro– e nós temos traballado unitariamente. Primeiro, na definición de obxectivos e resposta ante as preguntas formuladas no Libro verde. Naquel momento, fomos capaces de acadar unha postura común e de acadar unha postura de consenso, unha postura aberta á participación e froito da implicación do sector; un sector que, como é lóxico e desexable, quere definir o seu futuro e contribuír a este debate decididamente. Ao longo dos últimos meses –e eu, incluso, diría ao longo dos últimos anos– fixéronnos chegar –o sector fíxonos chegar–, a través dos distintos foros e distintos medios, informes, recomendacións, propostas, que acollemos con agradecemento e estudamos con moito detalle. Un intercambio de información fluído cuxas liñas fundamentais converxen na proposta de ditame que hoxe é obxecto de debate neste momento. Ideas que hoxe converxen no documento que nos achegou a Consellería do Medio Rural e do Mar, na proposta de ditame sobre aspectos claves para Galicia ante a reforma da política pesqueira común.

Ese exercicio de implicación e de responsabilidade por parte do sector pesqueiro non tivo o seu reflexo no comportamento dalgúns partidos políticos desta Cámara, que, pola súa intransixencia e nula vontade de acordo, fixeron que fracasara, que non fora posible a creación dun documento conxunto dos tres grupos parlamentarios sobre a reforma da política pesqueira común.

Quero pedirllas, no nome do Grupo Popular, aos representantes do sector, desculpas, porque hai quen non soubo estar á altura da importancia do debate nin dos galegos, aos que representamos.

Pola contra, o Grupo Parlamentario Popular puxo todo da súa man para que ese consenso fora posible. Foi, precisamente, unha emenda do Partido Popular a unha iniciativa do Partido Socialista a que fixo posible a creación dun grupo de traballo parlamentario dedicado a elaborar unha postura común. Esperamos tempo, moito máis do acordado; negociamos, buscando en todo momento, desde o Grupo Popular, o acordo, e avanzamos moito. Porque en relación ao ditame que hoxe estamos aquí a debater, hai un acordo dos tres grupos políticos en torno ao 90 % e está consensuado.

Pero hoxe escoitarán como, por razóns máis de forma que de fondo, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego quixeron dar un carpetazo a este asunto. Tamén hoxe, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego teñen a oportunidade de rectificar; teñen a oportunidade de sumarse ou sumar as súas achegas ante o transcendental debate sobre a reforma da política pesqueira común. Porque o Partido Popular, como principal forza política de Galicia, como formación política responsable e comprometida co sector pesqueiro, non pode renunciar a que este debate se dea —e poida darse— sen máis demora e sen máis atrancos.

De aí que hoxe pidamos que este Parlamento acolla como propia a proposta de ditame e dea traslado da mesma ao Consello Galego de Pesca, máximo órgano consultivo do sector, para que sexan vostedes —o sector— os seus protagonistas principais, os que teñan a última palabra, os que enriquezan o texto e fagan posible a creación dunha postura de país —e dunha postura firme—.

Aínda que o ditame é amplo, permítanme que resuma as súas principais conclusións:

Primeiro, a proposta contida no Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello Europeo sobre a reforma da política pesqueira común sitúase moi lonxe do xiro total e do cambio total que se esperaba. E todo iso, pese a existir unha constatación unánime de que o modelo actual xa está esgotado e xa está fracasado. Temos que avanzar en novas fórmulas de xestión da nosa pesca, que pasen por ofrecer garantías de futuro e por fortalecer —e non debilitar— a frota galega.

No ditame deféndese como punto de partida a busca dun equilibrio entre a división económica, social e medioambiental da nosa pesca. De nada serven converxencias se non hai frota, sector, empresas e emprendedores que substitúan os corsés administrativos. Tampouco serve o compromiso de acadar un rendemento máximo sostible no ano 2015, porque é inasumible, é inxusto e é irreal, e faise prudente pospoñer esta meta ata non antes do ano 2020.

Xúlgase como positivo un sistema de xestión de pesquerías máis sinxelo e máis operativo, coa desaparición da estabilidade relativa, que xa non vale, e a inclusión con carácter preponderante dos plans plurianuais, que reforzarán a seguridade na evolución da capacidade de pesca e permitirán definir as decisións empresariais con maior certeza.

Apoiamos as concesións de pesca transferibles, se ben rexeitamos que se limite a súa transferencia entre estados membros e que dependa da autorización de cada un dos países. Unha Europa con fronteiras interiores está chamada ao fracaso. Só cómpre establecer excepcións neste ámbito dos dereitos transferibles para salvagardar a frota artesanal, por razóns que todos vostedes coñecen.

De xeito xeral, e especialmente en Galicia, terá que recoñecerse o papel social e de redistribución da economía que representan a pesca artesanal e o marisqueo, que deben de ser diferenciados da pesca industrial e estar suxeitos a regras específicas.

Demandamos a substitución dos TAC e as cotas por un sistema de control baseado no esforzo pesqueiro.

Pretendemos a inclusión da investigación e información científica como elemento fundamental no proceso da toma de decisións, con especial incidencia no recoñecemento

certo e na inclusión da importancia duns aspectos económicos e sociais nas políticas de investigación e de información.

Pretendemos o desenvolvemento dunha actividade acuícola sostible e ambiental no social e no económico, e entendemos que a acuicultura pode supor un elemento certamente apto de dinamización socioeconómica nas áreas periféricas non urbanas.

Entendemos necesario afianzar os avances na necesaria identificación e diferenciación dos produtos do mar, e a constitución dun mercado interior con menos trabas e imposicións.

Defendemos o noso baixo a premisa dun endurecemento dos controis nas importacións.

Reclamamos a igualación e homoxeneización dos requisitos hixiénico-sanitarios, laborais e ambientais esixidos aos produtos procedentes de terceiros países.

Señorías, son moitas as cuestións, pero, como comprenderán, por razóns de tempo, quedan no tinteiro. Pero os obxectivos fundamentais están expostos e a proposta de ditame é accesible para todos. No Partido Popular quixemos impulsar –e impulsaremos– que o proceso de constitución dunha postura común de Galicia fose un procedemento aberto, fose un procedemento participativo e fose un procedemento construtivo; un proceso onde, unha vez máis, darlle a voz e o concurso ao sector, aos protagonistas, aos que mellor saben que queren para o futuro e para o seu futuro. E apoiar esta iniciativa parlamentaria permite dar ese paso definitivo nese sentido.

Señoras deputadas e señores deputados da oposición, temos a responsabilidade de defender os intereses do sector marítimo-pesqueiro galego, e temos que facelo coa forza da representación do pobo, deste Parlamento. Deamos o apoio ás súas demandas por riba de consideracións partidistas ou por riba de consideracións ideolóxicas. Como dixo a señora conselleira, que hoxe está en Luxemburgo defendendo a nosa pesca: “o sector sabe o rumbo en que quere ir”. Nós, señorías, contribuíamos a mantelo firme. Que a Europa do futuro non sexa a dos recortes, malas novas ou limitacións, senón a das oportunidades para a nosa pesca, para a nosa acuicultura e para o noso marisqueo.

Máis nada, señora presidenta, e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Lobeira Domínguez.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados. Un saúdo tamén aos representantes do sector que hoxe nos acompañan.

Antes de entrar no fondo da cuestión, unha cuestión previa; unha explicación absolutamente necesaria e imprescindible. Non é certo, é radicalmente falso o que acaba de manifestar o señor Balseiro dende a tribuna; non é certo que este ditame responda a un acordo entre os tres grupos parlamentarios, é absolutamente falso. Quero comezar xa con isto porque é unha cuestión previa, é a proba do algodón da capacidade de mentir que ten o Grupo Parlamentario Popular.

Neste documento, neste ditame –dende logo, que o Bloque Nacionalista Galego non asume, e así o explicamos oralmente e por escrito, con achegas formais chegadas a ese grupo de traballo– hai aspectos que van en contra das posicións alternativas do Bloque Nacionalista Galego; así o temos manifestado en todos os ámbitos. Por poñer un exemplo, a aposta pola acuicultura industrial. Por poñer outro exemplo, cotas transferíbeis, concesións de pesca transferíbeis. Ou cousas que botamos en falta, como a capacidade de decisión política de Galiza sobre as súas propias augas.

Pero hai cousas tamén máis graves. Fálase dun ditame, ¿ditame de quen? A nós chéganos ao Parlamento este documento, que, efectivamente, responde a un proceso previo de elaboración parcial. Dende logo que o BNG non se sente reflectido neste texto –non entro aos outros dous grupos parlamentarios, o BNG dende logo non–. Mais aparece, curiosamente, con dous logotipos: un da Xunta de Galiza e outro do Parlamento galego. Pero, ¿a que vén esta apropiación indebida?, ¿que órgano do Parlamento galego decidiu asumir este documento?, ¿por que se nos entrega así?, ¿a que responde este engano –ou esta mentira– de presentar co

logotipo do Parlamento galego un documento que nin sequer a é da Xunta?

Porque tamén podemos falar de apropiación indebida. Porque o Bloque Nacionalista Galego participou, efectivamente, dende o inicio, no proceso de elaboración dunha posición conxunta –sen que fora posíbel– dos tres grupos parlamentarios desta Cámara, para logo trasladarlle ao sector produtivo. E co que nos encontramos é con que hai, lexitimamente, alternativas nacionalistas que non se tiveron en conta. Mais, en todo caso –xa digo–, non responde a ningún tipo de pronunciamento ou acordo do propio Parlamento galego, e esta é unha das probas que indica que con vostedes, señores do PP, non se pode ir a ningún lado. Nin fronte común, como se acaba de dicir, nin nada. Non se pode ir a ningún lado con vostedes porque non teñen palabra e non se pode confiar en vostedes.

En relación con este texto, o BNG ten presentado varios textos, varias achegas por escrito ao grupo de traballo. Non fomos aos medios de comunicación, non o fixemos público, fomos leais con este grupo de traballo. E, finalmente, non foi posíbel chegar a un acordo, a un punto de encontro. Perfecto, é lexítimo. Agora, ¡que non se nos engane!, ¡porque xa está ben! É máis, con esa apropiación indebida –é curioso–, no texto que se nos remite aparecen literalmente textos deste propio deputado, sen preguntar, que forman parte dese suposto ditame, que non sabemos exactamente o que é.

¿Por que razón non asume o Bloque Nacionalista Galego estas cuestións? Pois, miren: primeiramente, por unha cuestión de fondo. Porque a Unión Europea, ese monstro fedorento que se arrastra devorando pobos, devorando clases traballadoras, devorando os intereses populares, chuchándolle á sociedade o seu esforzo, a súa suor, o seu traballo, para lucrar aos poderosos, ás grandes corporacións económicas, agora aos banqueiros, esa Unión Europea nunca tivo o respaldo do nacionalismo galego. E segue, naturalmente, sen telo, porque funde e condena á miseria, ao empobrecemento a capas moi importantes da sociedade, sobre todo, en nacións periféricas como a nosa, como Galiza, e cercena a capacidade produtiva dun sector produtivo que podería ser potencia en Europa, que podería ser único en termos de competitividade, pero ao que non lle deixan traballar, non lle deixan producir, non lle deixan competir.

Nós coñecemos a Unión Europea dende hai vinte e cinco anos. Temos que dicir que, lamentablemente, a historia lle deu a razón ás análises do Bloque Nacionalista Galego, porque xeraron en todos estes vinte e cinco anos un panorama desolador coa pesca. ¿Por que razón estamos así, podendo ter competido –se nos deixaran– en pé de igualdade con outros pobos, con outros países comunitarios? Porque nunca tivemos mecanismos de autodefensa institucional, porque o Goberno español –véxase agora o do PP, o do PSOE no seu día– sempre vendeu este país en materia de pesca. Dende o proceso de integración, vendéronnos, sacrificaron a pesca, esa capacidade produtiva, a través, por certo, dun pacto de Estado PP-PSOE, do que estamos sufrindo aínda as consecuencias desa discriminación aberrante que evita que poidamos entrar a obter recursos do mar en pé de igualdade con outros países.

Agora, neste mes, como sempre, virá o banco de peixe espada polas costas galegas, onde os nosos buques –no seu día, a frota palangreira de superficie– non poden pescalos. Pero, iso si, poden vir buques franceses, con arreglo a esa legalidade comunitaria tan maravillosa, tan glamurosa e tan posmoderna. Esas son as consecuencias que estamos a padecer.

E foi o nacionalismo galego, tamén en solitario, durante todo este tempo, quen mantivo acesa a chama da alternativa fronte a ese modelo aberrante, converténdose, na práctica, no único instrumento de autodefensa nacional deste país á hora de plantarlle cara a esta ameaza por parte da Unión Europea.

E fíxense vostedes cal é a actitude práctica da Xunta de Galiza en función deste contexto. Eu xa non vou hai vinte e cinco anos atrás, vou hai dous días –hoxe é 13 de xuño–, ao 11 de xuño, á resposta por escrito da Xunta de Galiza ao BNG, sobre a avaliación das cotas de pesca para o ano 2012, que –como lembrarán vostedes– hai restricións ou mesmo prohibicións á hora de podermos pescar xarda, xurelo, peixe sapo, pescada, etc., e poden caer máis especies neste ano 2012. Pois, neste contexto, a Xunta de Galiza –resposta de hai dous días– dinos así: “A Consellería do Medio Rural e do Mar fai unha valoración netamente positiva sobre a fixación de TAC e cotas de pesca para o ano 2012. Estas cifras suporían que o esforzo de todo un ano se ve recompensando, subliñando, ao mesmo tempo, a importancia do traballo liderado por Galicia”.

Di –e fíxense vostedes–: “Impediu –a Xunta– que as intencións de recorte automático do 25 % en doce especies dos TAC quedasen por debaixo do 10 %”. É dicir, ían recortar o 25 % e recortan o 10 %, ¡que alegría! Non falan da xarda, non falan do xurelo, do peixe sapo nin da pescada. Di: “Outro dos resultados foi conseguiren frear o desplome das cotas de raia, deixando unha rebaixa do 13 % e 9 % para o stock norte-sur, respectivamente, destas especies”. Ían reducir o 25 %, só reducen o 13 % de raia, ¡é xenial!, ¡son xeniais!

Pero, ¿en mans de quen estamos? Dun Goberno –que nos ten que defender, para iso lle pagan– que asume como normal e positivo –“netamente positivo”– que nos fagan isto a un país coma o noso. Isto, en termos políticos, chámase síndrome de Estocolmo, que, como saben vostedes, consiste nunha especie de reacción psíquica a procesos de maltrato ou retención contra a súa vontade de persoas, que acaban sendo cómplices dos seus propios secuestradores. O que temos é iso, un Goberno cunha síndrome de Estocolmo absolutamente monumental.

Na proposta do Partido Popular, na propia exposición de motivos é posíbel ler e decatármonos das terribéis contradicións nas que incorre o propio Partido Popular. Lean vostedes: “A Comisión Europea está a traballar na reforma da política pesqueira común co obxecto de actualizala, mellorar todos os seus aspectos e convertela nun auténtico proxecto europeo. A reforma ten por finalidade contribuír á consolidación da pesca, do marisqueo e da acuicultura como sectores produtivos básicos. Supón unha oportunidade...”. Ben, se é tan boa, ¿para que facer algo?, ¿para que? ¡Claro!, ¡é unha proposta marabillosa!

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Así reza a exposición de motivos do Partido Popular nesta proposición non de lei.

Falta de cotas –si, si–, non nos deixan pescar nin vivir do noso traballo. ¿E que fan dende Madrid? Pois toman decisións moi boas: eliminan as axudas que se viñan prestando dende hai sete anos a tripulantes ou casas armadoras para a frota de NAFO, en augas internacionais, ou para a frota de arrastre, en litoral. E elimínanse as axudas por vez primeira, ¿por que? Porque hai que ser austeros. O que pasa é que o

criterio de austeridade do Partido Popular é cos mariñeiros. Con eles hai que ser austeros, cos bancos non, para os bancos hai cartos. E para a selección española hai cartos, 300.000 euros para cada xogador, se gañan; que son vinte e tres, máis equipo técnico, máis adestrador, 9 millóns de euros. É mellor que non gañen, máis aforramos. Para iso non hai austeridade, a austeridade haina para o sector. Non deixan renovar a frota, pero si, este ano, 9 millóns de euros para *(Murmurios.)* despezamento de buques pesqueiros. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Lobeira, por favor.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Para iso, dende logo, hai cartos.

Por iso non aceptamos ese ditame, porque pensamos –e a nós, dende logo, págannos para defender este país, non para vendelo– e porque cremos que Galiza ten todo o dereito do mundo a poder vivir do seu traballo, a poder producir no noso mar, que é o máis produtivo de toda Europa.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lobeira.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: E o problema que temos é político, está nesa terrorífica Unión Europea, que non nos deixa vivir.

Grazas, señora presidenta.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señora presidenta.

Benvidos, señores representantes das confrarías de Burela e de Muros –creo ver desde aquí–. E queden vostedes cun recado. Señor secretario xeral de Pesca: sei que vostede non pode estar aquí abaixo e entendo tamén que a señora conselleira non poida estar aquí. Claro, todo é unha cuestión de formas. Agora, cando vostedes vaian para os seus pobos, por unha cuestión de formas, cando vexan vostedes cruzar un

grupo de nenos ao saír da escola e haxa un deles ou unha profesora cun carteliño que poña “stop”, por unha cuestión de formas non freen vostedes; o caso é chegar e xa está, non pasa nada. Aquí parece que algúns pensan que se poden saltar todas as normas e todo o establecido nun sistema democrático parlamentario. E, polo tanto, ¿que queren que lles conte?

Aquí, o 29 de maio, rexistrou a Xunta de Galicia un documento ás 9.37 h da mañá. Os grupos tivemos coñecemento porque se nos remitiu ás 9.59 h. E isto non é unha cuestión de formas, quédense co horario. Porque a proposición non de lei do Partido Popular parte dunha falsidade e, ademais, é desmentida pola propia Consellería de Pesca, de Medio Rural e do Mar, porque corrixe ese escrito alá polas 14.00 h da tarde. Pero o curioso é que aos grupos se nos comunica ás 9.59 h, pero ás 9:49 h o Grupo Popular rexistra a PNL facendo referencia a ese escrito; é dicir, ¿como sabía o señor Balseiro e o Grupo Popular dez minutos antes que oficial e formalmente os grupos tiveramos un suposto ditame –que non existe– e que xa podía presentar unha proposición non de lei facendo referencia a el? Ou ten calidades paranormais –o que non se desbota, vendo isto– ou o secretario da Mesa do Parlamento utiliza información privilexiada e ten acceso a documentos antes que os grupos e antes que...
(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

–Si, señora presidenta, si. É moito máis grave, porque é o encargado de certificar a legalidade, é o secretario da Mesa. Polo tanto, iso é o que hai. E hai unha fragrant manipulación.–

E, posteriormente, cando o noso grupo se dá conta –“y se lo cuento todo”, señor Balseiro–, eu chamei o señor Lobeira para dicirlle se estaba enterado disto. Porque non había ditame nin había consenso, e non polos problemas que poñía o noso grupo –e vostede sábeo–, porque traballamos con toda a lealdade. E debo dicir que por parte dos tres grupos, ata ese momento, tamén; e por parte tamén da Consellería do Mar, tanto dos seus técnicos –dos que quero recoñecer o seu traballo aquí, do señor Basanta– como do secretario xeral. Que lealmente colaboramos todos, ata que o secretario da Mesa tivo aquela ocorrencia para xustificar que ese mesmo día lle cualificara á Mesa a proposición non de lei. Se non, estaba fóra de prazo para poder debatelo hoxe. Así é como se xoga. Aquí sacouse o da selección, ¡claro!, saímos todos cunhas

reglas claras ata que o árbitro di: “non, agora penalti é cando se fai falta no círculo central”. Pero enterámonos no campo, antes non.

Polo tanto, aquí hai unha manipulación fragrant. ¡Claro!, ás 13.34 h, a Xunta, despois de que eu falara co meu compañeiro, o señor Cerviño, e o señor Cerviño recabara información, resulta que se entera o Goberno –non sei, tamén debeu ser por un efecto paranormal– e, entón, manda un escrito dicindo: “Oia, o primeiro escrito que mandamos era mentira e agora mandamos estoutro”. Pero só corríxen o título, porque despois mandan o mesmo documento, co logo do Parlamento nun lado e o da Xunta de Galicia noutro. Isto chámase usurpación, por parte do Goberno, incluso das funcións lexislativas. É dicir, este é un Goberno increíble. E, desde logo, quen fala en nome del nesta Cámara, do grupo que sostén ese Goberno, máis increíble todavía.

¡Claro!, PNL. Dinos o señor Balseiro na súa PNL que, evidentemente, a presenta para que lle deamos respaldo a este documento. Quero dicir que o documento non existe porque non hai ditame, o único que hai son cruzamentos de correos con aportacións. E eu recoñezo aquí o traballo feito pola Consellería do Mar, que, a este grupo, lle aceptou practicamente o 90 % do que plantexou, e unha parte moi importante do que hai aí foi proposta por este grupo.

Pero, claro, imaxinen vostedes que son do sector e que teñen producido documentos e que os teñen remitido incluso á Unión Europea para facer propostas, suxestións sobre a PCP. E vostedes, un día, levántanse pola mañá e descubren que a señora Damanaki –que tamén é así, ocorrente, como o señor Balseiro–, resulta que presenta un documento dicindo: “Esta é a proposta que fai a Confraría de Burela”. Vostedes alucinan, claro, ¿como non van alucinar? Porque o único que hai é un cruzamento de información, de propostas, das que vostedes estarán de acordo cunha parte e coa outra non. Aquí non hai ditame ningún, absolutamente ningún.

Pero o máis curioso é que nos di a proposición non de lei do Partido Popular: “O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio á proposta de ditame remitida pola Consellería do Medio Rural e do Mar ás deputadas e deputados da Comisión 8.^a, de Pesca e Marisqueo do Parlamento de Galicia, en relación cos aspectos clave para Galicia ante a reforma da política pesqueira común, e acorda instar á

Xunta...” –E fai o relatorio.– Señorías, deputadas e deputados que forman parte da Comisión 8.^a deste Parlamento, ¿algunha e algún de vostedes recibiu este documento? *(Pausa.)*

Polo menos os do Grupo Socialista non o recibiron, eu non sei se no BNG o recibiron e eu non sei se o recibiron os deputados e deputadas da Comisión 8.^a do Partido Popular. Se algún de vostedes o recibiu, entón hai unha discriminación clara duns grupos con respecto a outros. Como non o recibiron –como me consta–, aquí estannos mentindo, por escrito e rexistrado nesta Cámara. Así é como xoga o Grupo Popular, enganando, mentindo e poñéndoo ademais por escrito, ¡que lle importa tres pementos, dálle exactamente igual! E, logo, este documento fai referencia ao escrito rexistrado ás nove e media da mañá na Xunta; documento que é corrixido e que di a Xunta de Galicia que non é correcto. E iso faino á unha e pico da tarde. En fin...

Polo tanto, a PNL que presenta aquí o Grupo Popular... Señor Puy, vostede debería quedarse con algo disto, porque faise en nome do Grupo Popular e é falso de raíz. Ningún deputado da Comisión 8.^a tiña coñecemento deste suposto ditame que non existía, e a propia Consellería de Medio Rural e do Mar di, unhas horas despois de rexistrar o primeiro documento, que ese documento en base ao que o señor Balseiro presenta unha proposición non de lei é falso, é erróneo e que presenta outro para corrixilo. Por certo, remitido polo señor Santalices aos grupos, como é preceptivo.

Polo tanto, estamos discutindo sobre algo que é absolutamente falso, porque non hai ditame, porque non lle foi remitido –este ditame que non existe– a ningún deputado nin deputada da Comisión 8.^a, e, por encima, pídesenos que apoiemos un documento que a propia consellería di que non é certo; é dicir, isto é un cachondeo. Pero é algo máis, é que alguén pensa que vale todo, que as regras non serven, que as normas de conduta democrática están aquí de maneira accesorio e que é unha cuestión de formas. Dá igual, ¡que máis dá!

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señora Soneira, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: Pero, mire: alguén ten que haber que lle poña un pouquiño de cabeza.

Na pasada reforma da PCP, a miña compañeira Carmen Gallego, que estaba na oposición, acadou consensos. E o Bloque Nacionalista tamén, co señor López Veiga. E sumámonos, e xuntos fomos a Bruxelas e defendemos unha posición de Galicia. Non fixemos taurismo político, non utilizamos a Cámara como se fora, pois esas cousas que se fan por algún sitio, en Monterroso e por aí. Non. Fomos leais, e hoxe tamén o imos ser. Imos selo, non polo que fixeron vostedes, que é absolutamente nauseabundo, é unha tropelía sen precedentes.

Nós non lles imos votar que non a isto. Non, señor Balseiro. Non sorría...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: Non é por vostede, tampouco lles imos votar que si, porque vostedes algunha pluma teñen que deixar no camiño. Veremos o que fan vostedes coa nosa iniciativa, que recoñeceron que estaba recollida dentro. Por certo, vostede falou dela agora, e non antes, porque sacou todos os puntos.

Nós ímonos abster, porque nós non queremos que deste Parlamento saia unha posición que vaia cun número de votos negativos relevante, porque é moi importante para o noso sector. E está nos papeis que lles distribuímos a todas as confrarías e ás organizacións do sector, con todos os puntos que pediamos que había que modificar.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Esperemos que vostedes teñan un comportamento, polo menos –xa non lles vou pedir lealdade, que é moito– un pouquiño máis coherente.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados.

Señora Soneira, eu non lle vou entrar nos exabruptos que vostede protagonizou aquí, na tribuna deste Parlamento. Eu o que si lle podo dicir é que o Grupo Popular non ten culpa das liortas que poidan ter vostedes no seu grupo.

O Grupo Popular... Recibiu o portavoz da Comisión de Pesca este ditame, e o Grupo Popular tamén. ¿Que fixo o portavoz da Comisión de Pesca? Facerllo chegar a cada deputado e deputada que está na Comisión de Pesca. E vostede recibíuno, e recibíuno o seu grupo. Se vostede non llo fixo chegar ou non se entenden entre vostedes, —como comprenderá— este non lle é un problema do Grupo Popular, é un problema que teñen que corrixir vostedes. E sería bo que o corrixiran, non por vostedes, senón por Galicia, e que o corrixiran canto máis pronto mellor. *(Aplausos.)*

Referente ao que di, señora Soneira, eu non lle vou entrar para nada. Simplemente lle podo dicir que o informe dos servizos xurídicos desta Cámara di que as incidencias na remisión da proposta do ditame non teñen relevancia regulamentaria nin efectos na súa tramitación nin na proposición non de lei.

E a corrección de erros é algo que vostede tamén fai. E, ademais, o Bloque Nacionalista Galego, na emenda que lle presenta a esta proposición non de lei, fai unha corrección de erros. E, pola corrección de erros, nós non lle imos votar nin a emenda en contra nin lla imos admitir. Fixo unha corrección de erros, que a facemos todos os deputados.

¿Cal é o problema? Hoxe temos aquí o sector. O sector xa viu que vostede, nos dez minutos que interveu nesta tribuna, non falou absolutamente nin unha soa palabra da política pesqueira común. ¿Por que? Porque é do que vimos falar aquí...

Vostede falou dun ditame —que se lle gusta máis ou non lle gusta máis...—, que lle vou dicir que non lle imos votar a súa iniciativa favorable. ¿Sabe por que? Voullo explicar. Porque o ditame que trae o Partido Popular hoxe aquí recolle o 100 % da súa iniciativa, pero é moito máis amplo que a súa iniciativa. Recolle o 100 % da súa iniciativa, por iso esperamos que vostede, en vez de absterse, vote favorablemente. Porque vostede estaba no 98 % de acordo nese grupo de traballo co ditame que trae aquí. E vostede deixou —se se me permite— levar polo Bloque Nacionalista Galego, que estaba

tamén co 90 % de acordo nese ditame. E vostedes ao único que xogaron en todo isto foi a dilatar no tempo e a ver se era posible que non nos deramos conta, que non puideramos tratar esta iniciativa aquí, e, entón, todo estaba ben.

Pero, señora Soneira, hai que ser serios, e vostede ten que recoñecer que estaba practicamente de acordo no 100 %. ¿E vostede que antepuxo? En vez de antepor os intereses do sector —ao cal lle está dando a espalda non apoiando favorablemente este ditame, porque recolle o 100 % da súa proposta—, vostede antepuxo os intereses partidistas. E, aínda encima, quere vir dar clases aquí. ¿Se os deputados da Comisión 8.^a teñen este ditame? Os do Partido Popular, si. Os do Partido Popular, todos. Eu, se fora o xefe de filas de vostede, estaría repensando se tería que seguir vostede de portavoz na Comisión de Pesca ou non. Porque se vostede non informa como portavoz ás compañeiras e compañeiros da Comisión de Pesca, pois sería cuestión de plantexarse.

Por iso, o único que lles pedimos nós, polo ben de Galicia, para que teñamos unha postura común, con forza, das tres forzas políticas do Goberno de Galicia —e do sector— que lle imos remitir ao Consello Galego de Pesca este ditame... Vostedes o que teñen que facer é votar favorablemente. E se non é así, fraco favor lle están facendo ao sector pesqueiro e fraco favor lle están facendo a Galicia e aos galegos e ás galegas antepondo, en vez dos intereses do sector... Porque estamos ante un debate serio, responsable; un debate que non se dá nin todos os meses nin todos os anos; un debate que necesita, para ir a Europa, a forza de todas as forzas políticas, a forza do sector e a forza da nosa Comunidade Autónoma, e vostedes antepón por encima de todo iso os intereses partidistas. Sigán nese camiño...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor BALSEIRO OROL:... porque, seguindo nese camiño, así lles vai.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pasamos a votar as proposicións non de lei.

Pechamos as portas.

Comezamos pola primeira das proposicións non de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do señor Méndez Romeu.

¿Hai algún acordo, señor Méndez Romeu?

Entón vótase tal e como foi presentada.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co recorte que presenta o proxecto de lei de orzamentos do Estado para o ano 2012 nas axudas do Plan estatal da minaría do carbón para as comarcas de Cerceda e As Pontes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Paz Franco.

¿Hai algún acordo, señora Paz?

A señora PAZ FRANCO: Si, señora presidenta, hai un acordo co Grupo Parlamentario Socialista, que consiste en substituír os puntos 1 e 2 da proposición non de lei polo punto 1 da emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora PRESIDENTA: Si, eu creo recordar no debate que se pedira tamén a votación por puntos. ¿Non sei se a facemos por puntos ou non?

A señora PAZ FRANCO: Si, aceptamos a votación por puntos se o Grupo Parlamentario Popular mantén a petición.

A señora PRESIDENTA: ¿Mantén a petición da votación por puntos?

Ben, votamos, entón, os puntos por separado: punto 1 e punto 2.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Tereixa Paz Franco e D. Alfredo Suárez Canal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial para a modificación da demarcación xudicial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto desta proposición non de lei por unanimidade.

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a Tereixa Paz Franco e D. Alfredo Suárez Canal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial para a modificación da demarcación xudicial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 2 desta proposición non de lei

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Da Silva Méndez.

¿Hai algún acordo, señora Da Silva?

Entón, vótase tal e como foi presentada.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Carme Silva Méndez e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a per-

manencia do complexo industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Soneira Tajés.

¿Hai algún acordo, señora Soneira?

Entón, votámola tal e como foi presentada.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Soledad Soneira Tajés e tres deputados máis, sobre a posición que debe defender o Goberno galego nos debates para a reforma da política pesqueira común.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23; votos en contra, 50.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do señor Rodríguez Miranda.

¿Hai algún acordo, señor Rodríguez Miranda?

Entón, votámola tal e como foi presentada.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Antonio Rodríguez Miranda e oito deputados máis, sobre a elaboración do Mapa de emerxencias de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 35.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa —e valla a redundancia— de don José Manuel Balseiro Orol.

¿Hai algún acordo, señor Balseiro?

Entón, votámola tal e como foi presentada.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e trece deputados máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da proposta de ditame remitida pola Consellería do Medio Rural e do Mar diante da reforma da política pesqueira común, e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 12; abstencións, 23.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

A señora PRESIDENTA: Continuamos co desenvolvemento da orde do día.

Interpelación de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para o mantemento dun sistema financeiro galego, nomeadamente a demanda da transferencia a Galicia da participación estatal no capital de Novagalicia Banco

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Señora presidenta, señorías, señora conselleira.

Debateramos xa onte que podemos constatar varias cousas. Podemos constatar, chegados ao punto en que o Estado español xa foi obxecto de rescate —aínda que para salvar os ban-

cos–, que as políticas de austeridade seguidas ata o de agora, impulsadas desde a Unión Europea e, desde logo, aplicadas con entusiasmo desde o Goberno do que vostede fai parte, foron un absoluto fracaso.

As medidas aplicadas polo Goberno español desde maio de 2010 supuxeron xa que unha forza política se queimase, que o Partido Socialista perdesse o goberno e pasase á oposición, e, en menos de seis meses, en seis meses escasos –podemos tamén afirmar– supuxeron xa a amortización política de Mariano Rajoy e do Partido Popular.

Non é estraño, por tanto, que haxa quen, diante da falta de alternativas, estea barallando xa a alternativa á grega ou á italiana; é dicir, un Goberno de técnicos con apoio bipartidista. Disto é do que se está a falar.

O que si podemos –como dicía– constatar é que recortar a sanidade, recortar a educación, recortar as pensións, recortar salarios, desprotexer os traballadores só supuxo empeorar as condicións de vida da xente, sen que a situación económica global mellorase. Todo o contrario. E non podía mellorar porque o problema estaba noutra parte. Non é que se gastase de máis, é que aquí había un problema financeiro, un problema provocado pola desregulación financeira. Esta é unha crise financeira que ninguén quixo atallar.

E, por iso, tamén fracasaron os cinco decretos lei aprobados desde o ano 2009. Os cinco –tres do PSOE e dous do Partido Popular–, apoiados por ambos os grupos, por activa ou por pasiva, fracasaron.

Fracasou o FROB, fracasou o saneamento do señor Guindos, fracasan agora as previsións do señor Guindos; iso si, apoiados polo PP e polo PSOE. E agora resulta que despois de cinco decretos lei de reestruturación, saneamento, etc., o modelo fracasa. ¿Por que? Porque era un modelo dogmático-ideolóxico, un modelo ideolóxico. O que pretendían vostedes non era sanear o sector financeiro, non. O que pretendían era aproveitar a crise para aplicar un modelo que xa tiñan pactado uns e outros, que supón centralizar o sistema financeiro. Neste momento podemos dicir: gañaron, a maioría do sistema financeiro xa ten o seu domicilio social en Madrid. Concentrar o sistema financeiro. Non aprenderon as leccións da crise. Se concentramos o sistema, se temos entidades cada vez máis grandes, pasará como con Bankia.

Como din os americanos: *too big to fail* –demasiado grande para caer–. Non a podemos deixar caer, temos que mantela con cartos públicos. Iso é o que crearon vostedes: grandes entidades, grandes bancos que agora chantaxean e que nos arrastran a todos ao desastre.

E, ademais, o que fixeron foi privatizar, eliminando un modelo social, como era o das caixas, que en Galiza, por certo, ninguén poderá dicir que funcionou mal porque estaba controlado politicamente. Máis ben sería todo o contrario, en Galiza ese modelo funcionou mal porque non había o control público, non había a tutela pública exercida pola Xunta e polo Parlamento galego que debería haber.

É máis, vostedes tamén, uns e outros, impediron que unha iniciativa que houbo para que o modelo de caixas en Galiza –ano 2009– comezase a traballar no sentido que debía, que foi a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, a Proposición de lei de caixas, que foi tomada en consideración, que foi aprobada aínda que algún grupo despois se desmontou dese proxecto..., impediron que puidese ir adiante. Uns con recursos desde o Goberno español e outros, señora conselleira, pactando –porque isto hai que dicilo– unha reforma desa lei, que supuxo que os antigos directivos permanecesen nos seus postos. Déronlles unha prórroga ao señor Méndez, ao señor Gayoso e ao señor Pego para que, durante ese tempo, aprobasen indemnizacións multimillonarias, e –xa llelo dixemos onte, xa llelo dixemos antes e dirémoslle hoxe tamén– esas indemnizacións foron o prezo que vostedes lles pagaron gustosamente polo seu silencio. E séguenllelo pagando, por iso non queren que comparezan e que nos expliquen neste Parlamento que pasou, de onde vén un burato nas caixas galegas que –agora descubrimos– non é só dos 1.200 millóns que deu o FROB, que non son os 2.400 que logo se meteron no capital, senón que, ademais, agora din –e xa sabemos que como consecuencia destes decretos lei, das previsións que piden– que de máis de catro mil cincocentos millóns de euros. ¡Oia!, ¿non temos dereito a saber que fixeron estes señores, os de antes e tamén os de agora, cos nosos aforros?, ¿non temos dereito a saber que fixeron estes señores, os de antes e os de agora, tamén o equipo do señor Castellanos, cunha entidade que é estratéxica, sistémica para este país?

Temos dereito a sabelo, espero que vostede nos dea algunha explicación. E espero que vostede, tamén, nesta interpela-

ción, señora conselleira, nos anuncie que o Goberno galego vai deixar de obstaculizar, vai deixar de impedir que no Parlamento se investigue con luz, taquígrafos e comparecencia dos directamente implicados que pasou coas nosas caixas.

No entanto, o que tivemos foron mentiras. Primeira mentira: o señor Feijóo marcou como compromiso do seu Goberno unha caixa solvente e galega. Xa non temos caixa, temos un banco. Solvencia, ningunha. E galega, tampouco, porque, neste momento, máis do 90 % do capital desa caixa xa non está en mans galegas, está en mans españolas, en mans do FROB –un ente público estatal–.

Apoiou a operación Castellanos. Todos lembramos unha fotografía de hai xustamente un ano en Monte Pío, ¿verdade?: Gayoso, Méndez, tamén o señor Castellanos, e un Feijóo exultante no medio. Apoiaba a operación Castellanos porque –estaba dicindo, eu creo que se confundía cunha partida de tute– ía ter un grande efecto arrastre de fortunas galegas que ían investir. O propio Feijóo dixo que antes de fin de ano –falaba do 2011– habería 800 millóns de euros, que ía traer o señor Castellanos, entre fondos foráneos e grandes fortunas galegas. ¿Sabe, até o de agora, o que trouxo o señor Castellanos, ese efecto arrastre do señor Feijóo, en que se concretou? Exactamente, en 70 millóns de euros, nada máis. Algúns preguntámonos: ¿se este é o gran compromiso das fortunas galegas con Galiza, por que vostedes non lles poñen os impostos que lles deberían poñer?

Pero as mentiras do señor Feijóo non acaban aquí. Cando se descobre o burato de Bankia, o señor Feijóo, despois de louvar a xestión de Rato –dixo que Rato era un gran xestor, supoño que hoxe non repetiría o mesmo, non sei se o vai xustificar tamén vostede–, pediu igualdade de tratamento.

Pois, mire: a igualdade de tratamento para Novacaixagalicia con relación a Bankia, non é que se aplique o mesmo tratamento. Vostede sabe que aplicar a mesma solución a situacións diferentes pode ser a máxima desigualdade. O tratamento que se lle dá a Bankia –xa o temos discutido neste Parlamento desde esta tribuna– é que se lle fai un traxe á medida, á marxe do que até ese momento era a normativa vixente. Modifícase a normativa vixente e pásase por riba dos decretos lei –que xa sabemos que non serviron para nada– para facerlle un traxe á medida a Bankia. Moi ben,

pois a igualdade de tratamento para Novagalicia Banco ten que ser tamén un traxe á medida; á medida dos intereses deste país, non á medida dos intereses contraditorios con este país da Xunta de Galiza ou do señor Castellanos, que, vostede dixo, imos todos no mesmo barco.

Pois, mire: ¿que quere dicir ese traxe á medida? Quere dicir, en primeiro lugar, que, de acordo co que establece o Estatuto de autonomía de Galiza, artigo 55, a participación que o FROB ten no capital de Novacaixagalicia débelle ser transferida aos poderes públicos galegos, débelle ser transferida á Comunidade Autónoma...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor AYMERICH CANO:... –quédanme 56 segundos– para que, sobre Novagalicia Banco, construíamos un banco público galego.

¿Por que? Porque o que debería ser un banco comprometido con este país, neste momento, non está dando crédito; o que debería ser un banco comprometido con este país, neste momento, está impondo comisións abusivas aos seus clientes; o que debería ser un banco comprometido con este país, neste momento, coa complicidade da Xunta de Galiza, ten 43.000 pequenos aforradores entrampados na fraude das preferentes. E ese non é o modelo de banco que nós queremos, ese non é o modelo de sistema financeiro comprometido con este país que nós queremos.

Despois de tantas mentiras, despois de tantos fracasos liquidaron tamén a obra social. Queremos, señora conselleira, que sobre Novagalicia Banco se constrúa unha entidade de crédito pública, solvente e comprometida con este país, coa súa obra social, cos seus investimentos e co seu crédito. Espero que vostede nos diga que vai ser así e que nos diga...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... que o seu Goberno non se opón a que dean a cara neste Parlamento eses que agora están, en Galiza ou en Miami, disfrutando das indemnizacións multimillonarias que vostedes lles deron en pago do seu silencio.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Facenda.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz):
Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Cando, no ano 2009, se produce o relevo na Xunta de Galicia, os novos responsables atópanse cun problema importante no sistema financeiro galego; problema que non fora afrontado polo anterior Goberno e que tampouco fora advertido no traspaso de funcións. A estas alturas, parece claro que se produciu un importante déficit de supervisión, tanto estatal como autonómica, nas caixas antigas de aforros.

Este déficit supervisor foi o causante, independentemente das responsabilidades últimas dos xestores, de que as caixas galegas ampliasen o seu investimento crediticio nun 148 % entre os anos 2005 e 2008, medrando en máis de trinta e catro mil millóns de euros, maioritariamente fóra de Galicia; de que a súa rede comercial crecese en 311 oficinas, o 92 % fóra de Galicia; de que o seu cadro de persoal medrase un terzo, en concreto, en 1.195 persoas. Por esta expansión excesiva e por esta falta de supervisión apareceron os problemas posteriores, que agora estamos sufrindo.

O Goberno da Xunta de Galicia, dende mesmo a toma de posesión, comezou a traballar no problema herdado. Traballouse, realizando un importante esforzo, co apoio da sociedade galega e tamén –en momentos concretos e descontinuos– dos diferentes grupos políticos do Parlamento galego. A Xunta mantivo sempre a mesma folla de ruta, se ben tivo que ir adaptándose aos novos tempos e ás novas situacións, así como ás modificacións normativas. O obxectivo sempre foi claro, dende o primeiro momento: o servizo a Galicia e a defensa dos intereses de Galicia e dos galegos.

Polo tanto, a Xunta vai continuar traballando como fixo dende que chegou. E grazas a ese traballo realizado podemos falar hoxe, podemos ter esta interpelación e podemos discutir sobre o futuro de Novagalicia Banco, porque, sen o traballo realizado, hai tempo que tería desaparecido, sendo integradas ou diluídas as súas entidades orixinarias en gran-

des grupos foráneos, probablemente, Banca Cívica, agora en La Caixa.

Nestes momentos, podemos dicir que Galicia segue contando cunha entidade financeira radicada en Galicia, cos seus centros de decisión en Galicia e dirixida por galegos. E traballamos para que isto poida seguir sendo así.

Ademais do traballo da Xunta, tamén é preciso que a entidade acade os obxectivos de financiamento buscados. Non debemos esquecer que un sistema financeiro saneado, eficiente e solvente é a base do desenvolvemento económico e territorial. Por tanto, resulta de especial importancia a normalización das nosas entidades financeiras; esta normalización, é preciso conseguila co menor ou con nulo custo para o contribuínte.

Seguindo esta filosofía, as achegas potenciais que poida realizar o FROB non son gasto para o Estado. Non son gasto porque non son achegas a fondo perdido, son compra de activos financeiros. Por tanto, supoñen un maior endebedamento pero non supoñen déficit público.

Por certo, gustárame facer dúas matizacións, ás que fixo referencia na súa interpelación; dúas matizacións de carácter técnico, para clarexar o que permite a normativa que temos en aplicación neste momento. Di que o FROB non pode entrar no capital das entidades de crédito se non teñen aprobado un proxecto de fusión. Isto non é o que di o artigo 9.1 do Real decreto 9/2009, que regula de xeito expreso que: “El Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria podrá adquirir acciones ordinarias representativas del capital social o aportaciones al capital social de las entidades, que, sin incurrir en las circunstancias establecidas en el artículo 6 de este real decreto-ley, necesiten reforzar sus recursos propios y así lo soliciten”. Polo tanto, si pode entrar no capital das entidades de crédito, aínda que non exista un proceso de fusión.

Ademais, o FROB tamén pode entrar en Novagalicia Banco a través de accións e a través de bonos convertibles, xa que non é preciso que cotice en bolsa, senón, simplemente, que sexa unha actividade mercantil. Resulta preciso, polo tanto, que fagamos unha lectura detallada da regulación financeira actual.

Máis alá destas precisións, como consecuencia dos problemas que presentou a entidade financeira Bankia para a súa

capitalización, xerouse un novo contexto financeiro en España e tamén entre as súas entidades financeiras. E, neste contexto, a confianza dos mercados nos estados contables das entidades pode vir marcada polos parámetros de saneamento de Bankia, polo que resulta posible que este esforzo –o novo esforzo de saneamento que hai que realizar– teña que ser incluso superior ao normativamente esixido.

Igualmente, motivada polas turbulencias financeiras existentes, a saída da participación do FROB, neste momento, faise máis complexa de realizar, polo que, estratexicamente, si que pode resultar conveniente manter temporalmente esta participación pública en aras de acadar unha mellor cotización para esta participación. O que non implica que se peche a porta á entrada de novos investidores privados que poidan ter interese en entrar cun ánimo non especulativo e cunha permanencia temporal de medio ou longo prazo.

En relación a Novagalicia Banco e á participación do FROB, Novagalicia non é unha sociedade estatal, porque a participación que ten o FROB...; este, aínda que ten un carácter público, non é considerado como Estado. Polo tanto, non entraría dentro do grupo de entidades previstas no artigo 55 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Este artigo 55 do Estatuto de autonomía de Galicia prevé, unicamente, a posibilidade para a Comunidade Autónoma, de acordo co que establezan as leis do Estado, de designar representantes en empresas públicas do Estado. Polo tanto, en relación coa aplicación do artigo 55 do Estatuto de autonomía, á que fai referencia na súa interpelación, hai que clarexar que, nestes intres, Novagalicia Banco non é unha empresa pública estatal, e, polo tanto, non se inclúe no seu ámbito; en segundo lugar, que existe unha limitación que vén dada, porque debe ser sempre baixo a previsión das leis do Estado, e, en terceiro lugar, en ningún momento recolle o artigo 55 a previsión nin a posibilidade de transferir a participación do Estado.

Polo tanto, hai unha carencia de base normativa e legal para o que está a propoñer. Adicionalmente, e aínda que se carece desa base legal sustentadora e necesaria, entendo que está plantexando a transferencia e a participación do FROB de xeito gratuíto, o que ocasionaría unha perda directa na súa contabilidade e un impacto tamén directo, e un prexuízo do

déficit público. Polo tanto, dende todas as áreas legais e financeiras, a proposta é de imposible execución.

En relación ao que di, á crítica da axuda ou do tratamento dado a Bankia, Bankia –non o debemos esquecer–, pola súa dimensión cuantitativa, resulta unha entidade sistémica, vital para a economía española e para os dez millóns de clientes que teñen depositados os seus aforros nela. Critícase que o FROB a axude, pero se non a axudase tamén se criticaría, porque quedarían nun grave desamparo tanto os millóns de clientes da entidade como os seus traballadores. Polo tanto, parece que o apoio do FROB está máis que xustificado, de cara a evitar problemas á economía española e aos millóns de depositantes.

Dito isto, volvo reiterar –que xa reiterarei neste Parlamento– que, dende a Xunta de Galicia, imos seguir pedindo que Novagalicia Banco teña o mesmo tratamento que se lle outorgue a Bankia por parte do Estado; seguiremos pedindo ese mesmo tratamento.

Antonte rematou o prazo para que se presentase no Banco de España o Plan de cumprimento de requisitos de saneamento, derivado do Real decreto 18/2012, e Novagalicia Banco ten entregado un proxecto de cumprimento, aprobado no seu Consello de Administración do pasado xoves, 7 de xuño, que contempla a hipótese de capitalización mixta e continuidade individual. Polo tanto, consideramos que con esta proposta a entidade ten importantes posibilidades de continuar...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz):... cun proxecto solitario e radicado en Galicia.

A culminación desta recapitalización supoñerá o pulo definitivo ao proxecto de Novagalicia Banco e a normalización da súa actividade, establecendo xa unha folla de ruta clara e precisa para garantir o seu futuro a medio e longo prazo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupos Parlamentarios.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a señora Caride Estévez.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, moi bos días.

Señora conselleira, hei de recoñecer que, logo da súa intervención, certamente, non a entendín. Ese proceso de recapitalización de Novagalicia Banco, ¿que é?, ¿os 4.500 millóns de euros que imos pedir neste novo proceso ao FROB?, ¿é esa a recapitalización da que estamos a falar?, ¿ou é que da semana pasada a esta semana non cambiou nada? Porque houbo noticias de representantes, precisamente, do FROB, que anunciaban que Novagalicia Banco precisaba 4.500 millóns de euros máis.

Por certo, señora conselleira, é curioso que, ante ese anuncio, ante o que aconteceu esta fin de semana, ninguén do Goberno galego tivera a ben comparecer nesta Cámara nin solicitar a comparecencia urxente na Comisión 3.^a para dar a cara e contar o que está sucedendo en Novagalicia Banco. É curioso que, coa que está caendo, logo de poñer enriba da mesa, señora conselleira, os 3.600 millóns de euros de axudas públicas que xa leva Novagalicia Banco, agora, 4.500 máis para cumprir os novos requirimentos dese decreto. E sen unha palabra por parte do Goberno galego, sen unha explicación. Temos que coñecer algunha información nos xornais, señora conselleira, ¿parécelle razoable?

Dende logo, nós entendemos que esta situación é moi complexa. Onte chegamos a un acordo neste Parlamento, que eu creo que é importante; un acordo no que falamos de que Novagalicia Banco, como entidade solvente, siga vinculada territorialmente a Galicia e que se lle preste idéntico trato que a Bankia; é dicir, un trato á medida, un trato singular para as nosas necesidades. Polo tanto, diso xa non nos fale. Fálenos de en que se materializa e que imos conseguir os galegos e as galegas.

Polo tanto, díganos, se é posible, que neses 100.000 millóns de euros que van achegar para salvar o sistema financeiro español, dos que teremos que pagar, obviamente, entre un 3 % e un 4 % –parece ser–... Porque xa a señora Merkel dixo –e deixou claro– que, por suposto, a axuda á banca ten con-

dicións. E, desafortunadamente, chegarán da man da desvalorización dos salarios, do incremento do IVE, da caída das pensións e, dende logo, de novos recortes. Pero o que nos deberían contar é se, ademais, podemos aproveitar esas novas axudas á banca para poñerlle condicións. Por exemplo, señora conselleira, ¿cre vostede que é importante que teñamos claro que esas axudas teñen que ir para a concesión de créditos, non para investimentos especulativos?, ¿temos claro que isto ten que servir para resolver os problemas da fraude das preferentes?, ¿temos claro que non debe quedar ningunha familia que é desaloxada da súa casa, desafiuzada da súa casa porque as súas condicións lle impiden atender esas hipotecas, sabendo que esas entidades perciben cartos públicos e, polo tanto, están nacionalizadas en boa parte, como Novagalicia Banco?

É un grande esforzo que se lles pide a todos os cidadáns e que ten que levar unha contrapartida por parte das entidades. Pero, mire: fagamos da necesidade virtude. Temos –parece ser– dez anos por diante para devolver eses 100.000 millóns de euros, e, polo tanto, dende o Goberno galego, queremos que hoxe vostede aquí nos garanta que Novagalicia Banco non se vai subastar, non se vai fusionar con outras entidades nin se vai fraccionar nin vender; dez anos por diante para conseguir que mellore a solvencia e a eficiencia, para conseguir unha profesionalidade da xestión clara, para manter a base territorial desta entidade en Galicia, para manter a confianza dos clientes. E, para elo, é imprescindible vincular a súa actividade con familias e empresas.

Pero para que Novagalicia Banco teña futuro e para que poida xerar confianza, tamén é imprescindible constituír unha Comisión de investigación, ao que Goberno galego se nega sistematicamente. ¿Como lles quedará a cara, señora conselleira, a vostede e ao presidente da Xunta de Galicia, se é que a Fiscalía determina que houbo responsabilidades e que as institucións democráticas, como este Parlamento, non fixeron nada e miraron para outro lado? É máis, ¿como poden afirmar vostedes –como onte mesmo aquí o voceiro do Partido Popular e hoxe o presidente da Xunta de Galicia– que para o futuro da entidade é mellor non investigar?, ¿pero non se dá conta de que esta información o que fai é facer desconfiar, xerar desconfianza na clientela de toda Galicia? ¡Non, non, non levantemos as alfombras, non vaia ser que nos asustemos! Esa afirmación o único que xera é desconfianza.

¿Non se dan conta de que incluso eses hipotéticos investidores estranxeiros –dos que agora xa non se fala, porque, ¡claro!, fronte a 4.500 millóns de euros, señora conselleira, o de oitocentos xa empeza a parecer unha contía moi reducida–, para que tiveran confianza, o mellor non é dicir que se se abren as portas saírían correndo?, ¿pero non cren vostedes que o mellor é aportar luz e taquígrafos sobre este proceso?

Pero, ademais, ante a crise económica e institucional que estamos a padecer, temos o deber de defender a transparencia democrática e a autonomía de Galicia. ¿Como o presidente de Galicia pode defender que en Galicia non se dean explicacións e que, sen embargo, se compareza no Congreso dos Deputados ou existan comisións de investigación en Cataluña ou en Valencia?, ¿por que alí si e aquí non?, ¿de que teñen vostedes medo?

¿Non se dá conta de que permitir que este Parlamento realice o seu traballo ante o maior burato financeiro coñecido xamais en Galicia é o mínimo que podemos facer para que galegos e galegas confíen na importancia das institucións democráticas, especialmente, neste Parlamento, nestas deputadas e nestes deputados, nun exercicio imprescindible de hixiene democrática que nos están a reclamar na rúa?

Señor Aymerich, na súa iniciativa –ou nas iniciativas que leva presentado estes últimos días, e nos comentarios que fai– hai algunhas cousas que eu creo que é imprescindible clarexar. Por exemplo, ¿que significa que eses fondos veñan a Galicia? Significa, primeiro, ¿que a débeda pública de Galicia se vai incrementar en 4.500 millóns de euros? Porque entón chegaríamos... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: –Estoulle preguntando ao señor Aymerich.–

Se o FROB traslada eses recursos a Galicia, pregúntolle se asumir eses 4.500 millóns de euros Galicia para deixarllos a Novagalicia Banco significa que Galicia vai asumir un 8 % máis do déficit público que temos. ¿Chegariamos ata o 20 % do endebedamento público? ¿Pagariamos nós os intereses deses 4.500 millóns de euros, ao 3 % ou ao 4 %, é dicir, entre cento trinta e cinco e cento oitenta millóns de euros anuais que tería que pagar esta Comunidade Autónoma?

¿Fariámonos cargo nós dos hipotéticos problemas que esa entidade tivera no futuro? É dicir, se hai máis buratos ou máis problemas, ¿acudiríamos con cartos de Galicia para cubrilos?

Ben, eu creo que esta situación é algo máis. Cando vostede fala de banca pública, ¿realmente, a que se está a referir? Non se está vostede referindo á banca de titularidade pública, porque iso, de facto, é o que temos, xa que os recursos son públicos. E, polo tanto, se máis do 90 % xa son públicos, temos unha banca, de facto, de titularidade pública. E se se van achegar 4.500 millóns de euros máis, pois máis reforzada esa titularidade pública.

¿Pero de que están falando, dunha banca que actúe con criterios distintos aos de mercado? ¿Pero non lle parece a vostede razoable que temos que seguir mantendo que a titularidade sexa pública?, ¿que sexa pública mentres dure, precisamente, a achega deses recursos, pero, dende logo, que actúe con criterios profesionais e de mercado? ¿Pero non temos experiencia xa do que está acontecendo precisamente pola ausencia de criterios de mercado nas institucións financeiras?

¿Que queremos?, ¿unha banca que financie aeroportos sen avións? Pois non. Dende logo, para o Grupo Parlamentario Socialista ese non é o noso modelo. Queremos unha banca eficiente, eficaz e solvente, que resolva os problemas dos galegos, pegada territorialmente a Galicia, vinculada territorialmente a Galicia, concedendo créditos en Galicia, que é o seu negocio, a base do seu negocio. E, dende logo, queremos unha entidade de titularidade...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora CARIDE ESTÉVEZ:... pública, ata que se cubran todos os problemas que ten esta entidade. Dende logo, despois avaliaremos e analizaremos ese futuro. Pero durante eses dez anos temos a oportunidade de que isto sexa un instrumento eficaz para o futuro de Galicia, sempre e cando poñamos esa condición de que non se subaste, nin se trocee, nin se venda, nin se fusione, señora conselleira, que é fundamental.

Polo tanto, creo que para o que temos que velar é para que esa entidade responda ás necesidades reais dos cidadáns, e con

criterios de mercado. E, dende logo, cunha boa regulación –que, claramente, hai que mellorar–, que nos permita, obviamente, mellorar as condicións dos galegos e das galegas.

Dende logo, señora conselleira, unha cousa está clara: vostede comezou botando culpas a todo o mundo, ata chegar á conclusión de que os maiores responsables foron os xestores, e xa é hora de deixar de botar balóns fóra. Mire: o portavoz do noso grupo parlamentario nunca mirou a auditoría de KPMG,...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ:... nunca tivo acceso a esa auditoría. E, por certo, igual que o Goberno anterior, nunca estivo detrás de ningunha actividade de fusión dunha caixa galega cunha actividade foránea, e seguimos esperando as súas desculpas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Caride.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Polo tanto, nada de botar balóns fóra, e defendamos a entidade galega. Señora conselleira, comprométase vostede aquí a que non se vai subastar, nin trocar, nin dividir. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, señor Aymerich, vostede dá por amortizado a Mariano Rajoy en cinco meses. Houbo un líder do seu grupo parlamentario que dixo que ía queimar a Fraga en tres anos, e durou dezaseis. Eu confío en que a transposición temporal *(Aplausos.)* e a capacidade de predición sexan semellantes.

Ben, esta interpelación plantexa unha cuestión que nos sitúa ante unha nova posición do Bloque en relación coa fusión e coa existencia dun banco en Galicia, Novagalicia Banco; unha posición que levan defendendo xa desde hai algún tempo, no que, despois de iniciar este proceso compartindo co Partido Popular o criterio da importancia de manter unha caixa en Galicia, de que se mantivese aquel modelo de eco-

nomía social que eran as caixas de aforro, racha, efectivamente, unha vez que aprobamos conxuntamente unha lei, que foi recorrida polo Grupo Socialista a raíz de que, unha vez producida a fusión, modificamos a lei para manter os directivos, porque era –e así o dixemos naquel debate– a única cuestión que permitía garantir que se mantivese a fusión.

Esa foi unha cousa que vostedes non entenderon e que lles levou a absterse no que era a fusión, precisamente, por esta cuestión, e que nós –como vostede sabe– non compartimos porque –como tamén sabe perfectamente– a Lei de caixas, con respecto aos órganos de dirección das caixas de aforros, da nova caixa de aforros, era bastante clara.

Dito isto, tamén quero recordar... Porque vostede seguro que o sabe, non en van tamén había un membro proposto, que se presenta así cando comparece en público no Consello de Administración de Caja Sur, que se presenta como representante do Bloque Nacionalista Galego. Vostede debería de saber perfectamente que os contratos de alta dirección que fixo, que están aí, que nós pedimos que se devolvan, que xa falamos deles tamén dabondo; que aínda que a competencia sexa o Banco de España, o presidente da Xunta escribiu á Comisión de control, o representante da Xunta pediu a súa devolución... Vostede sabe perfectamente que esas indemnizacións non son –como vostede dixo– de agora e que nós queremos tapalas. Esas indemnizacións e eses contratos asináronse no ano 2006, e, polo tanto, non teñen nada que ver co que vostede di aquí de que nós asinamos uns contratos para que marcharan. Non, eses viñan da época na que quen tiña que controlar iso era o Banco de España, non lle boto a culpa nin sequera ao Goberno socialista, pero que era da época aquela. Polo tanto, non diga cousas que non son en absoluto certas.

Unha vez que o Partido Socialista... Porque vostede insiste en que foi un pacto co PP, e o PP non votou o Decreto 2/2011, que é o que bancariza as caixas. Non o votou, e non o votou porque quería... *(Murmurios.)* Si, si, exactamente, abstívose, pero porque non está de acordo. Vostedes, cando se absteñen, moitas veces é porque non están de acordo, e abstéñense moi a miúdo aquí. Eu digo que vostedes se absteñen...

A señora PRESIDENTA: Non dialoguen, por favor.

O señor PUY FRAGA: Eu digo que vostedes se absteñen, cando non votan a favor, porque non están a favor dunha

medida, que é exactamente o mesmo que fixo o Partido Popular.

Evidentemente, cando se produce esa bancarización, vostedes comezaron a falar de que a Xunta mercase a participación do FROB. Que a Xunta, incluso, tivemos un debate aquí, porque coincidía pouco despois da aprobación dos orzamentos, e vostedes non presentaran ningunha emenda para dedicar fondos á compra ao FROB das participacións que tiña en Novagalicia Banco. E, claro, efectivamente –como moi ben lle explicou a señora Caride–, resulta que é verdade, que é un problema financeiro para a Xunta ter que asumir esas responsabilidades.

Co cal, a solución final que propoñen é, simplemente, que nolo regalen, aludindo a un artigo, o artigo 55 do Estatuto de autonomía, que convén lembrar: de acordo co que establezan as leis do Estado, a participación nos órganos de Goberno das entidades públicas estatais dalgún representante da Xunta. Cousa que non prevé a lei do Estado e que, ademais, neste caso, ata é razoable, tendo en conta que o FROB é un organismo que ten unha importantísima función, que é plenamente estatal e que de deixar de ser estatal, o que debería de ser é europea, como direi ao final da miña intervención. Polo tanto, tampouco ten esa petición respaldo no Estatuto de autonomía.

Citaba vostede –e citábo vos en inglés, dígoos antes de que o señor Lobeira me interrompa–, dicía vostede: *too big to fail*. *Too big to fail* é o título, efectivamente, dunha película –se vostede pode, está sendo emitida xa polas televisións– que narra xustamente o proceso de capitalización dos bancos americanos; un proceso que se produciu no ano 2008, sobre o que Hollywood fixo algunha película. Non só esta, tamén outras. Por exemplo, *Margin call*. Están estes días botándoas na televisión, xa pasaron por todos os circuitos de comercialización. É dicir, hai tres ou catro anos, nos Estados Unidos produciuse ese saneamento das entidades financeiras. Ben, en España estamos no 2012 e aínda non comezamos. E se vostede ve esa película, *Too big to fail*, verá aí, precisamente, como os plantexamentos que hai son moi semellantes aos que se están a formular nestes momentos en España.

¿Por que? Porque, en España, os decretos do Partido Socialista, o que fixeron foi ir pola vía da capitalización, que

foi o que, ademais, estrangulou aínda máis o crédito. E o que había que facer era o saneamento, que é o que está a facer o Partido Popular cos decretos de saneamento, que son un inicio de saída. Pero, ademais, ese saneamento, que é o primeiro paso para recuperar o crédito, é evidente que é un saneamento que se pode facer co instrumento do FROB. Xa lle explicou a conselleira que o artigo 9.1 do Decreto 9/2010 permite a entrada sen que haxa maiores fusións, de igual maneira que permite que poida entrar con capital ou con bonos convertibles; cousa que vostede, na súa exposición de motivos, erroneamente, di que non se pode facer. Polo tanto, iso é perfectamente posible e, ademais, neste caso, con pouco custo para o Estado español, porque hai un mecanismo de cofinanciamento de solidariedade europeo posto en marcha para esa capitalización.

Eu non quero eludir o debate de fondo: a banca pública e a asignación de crédito con criterios de non mercado –imos chamalo así para que non teña ningunha connotación de ningún tipo–. O crédito pode asignarse con criterios de mercado, en función da eficiencia, da capacidade de devolución de quen lle pide un crédito ao banco, polo negocio que pon en marcha ou pola renda da que dispón. Ou pode facerse con criterios de non mercado. En liñas xerais, cando hai criterios de non mercado empeza a haber mecanismos de subvención indirecta, por exemplo, concesión de préstamos por debaixo do interese de mercado, etc.

Historicamente –por moito que veñan poñerme un exemplo de Dacota, non sei se do Norte ou do Sur–, o certo é que a banca pública fracasou. E hai algúns fracasos históricos, o de Mitterrand no ano 1981 é ben coñecido. Por certo, o señor Felipe González aproveitou cando Henry Kissinger lle preguntou se o ía facer como Mitterrand e nacionalizar a banca, e díxolle que non. E díxolle: ¿pero vostede non é socialista? E díxolle: si, son socialista, pero non son tonto, e non se pode nacionalizar a banca porque fracasa. Como así ocorreu, por exemplo, no caso –como dicía– de Francia con Mitterrand. Ou como ocorreu no caso do Perú co primeiro Goberno de Alan García, que rematou francamente mal, con hiperinflación, etc.

Ben, nós sabemos –porque estes fracasos históricos demostrano– a imposibilidade de manter unha banca pública que tome criterios que non teñen que ver cos criterios de mercado. E que, ademais, afecta a competencia, ten dificultade

para medir os obxectivos e, por suposto, soe ter multiplicidade de obxectivos e prioridades, non sempre de racionalidade económica, nun sector que é fundamental para conseguir a eficiencia no conxunto do sistema. Polo tanto, nós non estamos a favor dese modelo.

Si estamos a favor –tamén quero que quede claro– dun modelo de banca que funcione con mecanismos de mercado, fortemente regulamentado –efectivamente, a regulamentación ten que mudar– e que, ademais, estea claramente e ben supervisado; cousa que tamén fallou neste país, pois cando se dicía que eramos o mellor supervisor do mundo, resulta que quedou claro que non o eramos. E isto –aclárolles– non é nada ultraliberal, porque o que piden os ultraliberaís, como, por exemplo, a señora Thatcher cando se constitúe o euro, é liberdade de emisión de moedas e libre competencia das moedas, que é un mecanismo que todavía algúns foros –que vostedes chamarían ultraliberaís– defenden.

Nós, o que defendemos é, con relación a Novagalicia Banco: respectar os tempos para coñecer todos os datos, todas as necesidades de recapitalización; apoiar o proxecto de Novagalicia Banco, porque é o mellor para o crédito de Galicia, o que lle daría máis dinamismo, o mellor para o emprego no sector financeiro, o mellor en termos de competencia, o mellor para os contribuíntes en termos de aforro e o mellor, tamén, para os impositores actuais de Novagalicia Banco; desde logo, seguir esixindo un trato igualitario co resto das entidades financeiras españolas; analizar e investigar todas as responsabilidades, evidentemente que si, unha vez que estea completada a recapitalización, e seguir, tamén, apoiando os afectados polas preferentes.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor PUY FRAGA: Pero, en definitiva, o que nós defendemos é o saneamento temporal con cartos públicos deste banco, para que poida seguir prestándolle todo este servizo á Comunidade Autónoma, dentro dunha Europa, dun mercado social, que se está comportando como ten que comportarse: solidariamente, con España, para sanear o sistema financeiro; unha axuda ao Estado español, que nós esperamos que tamén contribúa ao proceso de consolidación de Novagalicia Banco.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica para o señor Aymerich Cano polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

O señor AYMERICH CANO: Señor Puy, eu, cando falo da amortización de Mariano Rajoy, non falo de ningunha enquisa do Bloque Nacionalista Galego; falo dunha sonda-xe publicada nun periódico de tiraxe estatal esta semana pasada, na que dicía que o señor Mariano Rajoy tiña un rexeitamento superior ao 78 %. Home, está bastante ben; aos seis meses de ter sido elixido presidente do Goberno, está bastante ben. É certo que o señor Rubalcaba teno do 85 %. Por iso dicía que hai quen, dun lado e do outro, comeza a falar doutras solucións –si, si–, doutro tipo de solucións. ¡Home!, non moi democráticas –¿verdade?–, pero que se ensaiaron en Italia e en Grecia. Eu, era a iso ao que me refería.

E vendo que vostede é, desde logo, inasequible ao desalento... Porque que vostede, coa que está caendo –recoméndolle tamén, dentro deses consellos cinematográficos, que vexa *Inside job*, unha película tamén moi interesante sobre como se xestou esta crise e como as gastan algúns–, defenda o modelo de banca que nos arrastrou á crise, desde logo, ¡hai que ter moito cacho! Porque, ¡claro!, a banca pública non funciona. ¡Ah!, non, o que funciona é Caja Madrid, o que funciona é o BBVA, o que funciona é o Santander. Home, con indultos, tapándolle despois o das contas en Suíza. ¡Así funciona calquera!

Pero é que, mire: ¿quere explicarme vostede se Argentaria, que comezou sendo privatizada, a través de sucesivas ofertas públicas de venda de accións, no ano 1993 e que culminou tamén o glorioso Goberno de Aznar xa no ano 1999, era un grupo público que daba perdas? Non, todo o contrario. Pero vostedes entregáronllo, uns e outros, a prezo de saldo –¿a quen?– á banca privada, que agora nos arrastra a esta situación.

Nós, cando falamos de banca pública, falamos, señora Caride, non só dunha banca que estea, formalmente, a súa titularidade en mans públicas, falamos tamén doutra forma de facer banca; falamos de apostar por este país; falamos de apostar polos seus sectores produtivos; falamos de non estar entrampado, por exemplo, en edificios

do Pocero en Seseña; falamos de non estar entrampado en Astroc, en grandes promocións en Torreveja (Alacant), como se fose o “Un, dos, tres”. Cando debía ser, ¿verdade?, unha caixa galega comprometida con este país. Falamos diso.

Falamos de que cando un pequeno empresario vaia pedir un crédito, non se lle diga que non nin se lle pida un 10 % de tipo de xuro, que iso estáselle pedindo. Falamos de que sexa unha banca que non estafe os seus clientes con participacións preferentes. Falamos diso, estamos falando diso. ¿Vostede di que non funciona? Pois resulta que banca pública haina en moitos países, por certo, os máis avanzados, que non estarían dispostos a que neses bancos entrasen fondos de investimento norteamericanos propiedade dun tal J.C. Flowers. Non, queren que esa banca siga comprometida e siga desenvolvendo o tecido produtivo deses países.

E, home, vostede fala das indemnizacións. Supoño que vostede sabe cando se aprobaron as indemnizacións, ¿verdade? ¿Sabe cando se aprobaron? O 28 de agosto do ano 2011. ¿Quen votou en contra? Ese que vostede di que era o representante do BNG, en realidade, do Concello de Pontevedra, o señor Veiga, que aínda acaba de declarar agora ante a Fiscalía anticorrupción por unha denuncia da CIG. Votou el en contra e votou tamén o representante de Comisións Obreiras en contra.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor AYMERICH CANO: Os demais votaron a favor. Vostedes saberán.

Señora Caride, váianse aclarando –dígollo con todo o cariño–, porque eu creo que tamén teremos que ir construindo unha alternativa ao desastre do Partido Popular neste país.

Váianse aclarando, porque onte... (*Murmurios.*) Perdón, digo que... ¿Témolo difícil?... (*Risos.*) Non sei, vostedes saberán. Se pactan vostedes co Partido Popular antes que co BNG –como sucedeu onte–, terémolo difícil. Si. Pero outros estamos para construír... (*Interrupcións.*) –Por favor, que me descuenten o tempo.– (*Risos.*) Outros estamos para construír unha alternativa de verdade, que supoña un cambio de políticas.

Váianse aclarando, porque, este día, o seu secretario xeral pediulle a Feijóo que unha vez que o diñeiro público constituía o soporte do banco galego, este se converta no banco público galego. Nunha carta dirixida...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Non vou facer aquí ostentación dela, tamén o Bloque Nacionalista Galego di o mesmo. Vostede di o contrario.

(A señora Caride Estévez pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Non dialoguen, por favor.

Señor Aymerich, vaia rematando.

O señor AYMERICH CANO: Entón –espere, que nos imos aclarando–, vostede o que pretende é que Novagalicia Banco sexa un banco de titularidade pública estatal e que, desamaneira, manteña a vinculación con Galiza, algo así como Navantia, ¿non?

Ben, pois, vendo a vinculación que ten Navantia con Galiza, nós optamos por outra cousa. E mire, señora conselleira: si que é plenamente conforme o Estatuto, porque o Estatuto –eu recoméndolle que o lea, artigo 55, alínea primeira– di:...

A señora PRESIDENTA: Señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: –Só dous segundos, señora presidenta.–

A señora PRESIDENTA: É que leva un minuto de máis.

Remate, por favor.

O señor AYMERICH CANO: “A Comunidade Autónoma de Galiza designará os seus propios representantes nos órganos económicos, as institucións financeiras e as empresas públicas do Estado que teñan competencia dentro do territorio galego e que pola súa natureza...” –esqueceuse de ler isto– “...non sexan obxecto de traspaso”.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: ¿Quere dicirme que, pola súa natureza, unha entidade sistémica para Galiza como Novagalicia Banco non é susceptible de traspaso?

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor AYMERICH CANO: Nós pensamos que si, aínda que a señora Caride opine que non.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para pechar o debate a conselleira de Facenda.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz): Moitas grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar, señor Aymerich, en relación coas indemnizacións aos directivos, ás que, novamente, fixo referencia, quero lembrarlle unhas cantas cousas. En primeiro lugar, que é o Banco de España o que tiña a competencia supervisora sobre as indemnizacións de directivos. Esa competencia dábana a Lei 13/1985 e o Real decreto 216/2008, polo tanto, eran eles os que coñecían os contratos, eran eles os que coñecían as indemnizacións e eran eles os que non fixeron nada.

Ademais, agora, co Real decreto 2/2012, esas indemnizacións non se poderían producir. Polo tanto, foi o novo Goberno de España o que puxo as normas para evitar que estes excesos se volvan producir. E, ademais, estas indemnizacións están actualmente na Fiscalía anticorrupción, e foi o novo fiscal xeral do Estado —e non antes, foi agora— quen mandou, definitivamente, investigalas. *(Aplausos.)*

En relación ao apoio aos reais decretos que se foron realizando polo anterior Goberno, simplemente, lembrarlle que o Real decreto 2/2011, que é o que bancariza as caixas de aforro, foi recorrido pola Xunta de Galicia ante o Tribunal Constitucional. Polo tanto, recorrer ante o Tribunal Constitucional non é apoiar ningún real decreto.

En relación á creación da banca pública e, reiterando esa creación, ao baseamento no artigo 55 do Estatuto de autonomía de Galicia, efectivamente, lin o Estatuto de autonomía de Galicia, teño aquí o Estatuto de autonomía de Galicia, e do que fala este artigo é da designación dos seus propios repre-

sentantes da Comunidade Autónoma nas empresas públicas do Estado. ¿Onde le vostede que fala de transferencia de participacións dunha entidade a unha Comunidade Autónoma? En ningún momento se fala no artigo 55 desta posibilidade. Polo tanto, a súa proposta non ten base legal, non ten base financeira e non ten base económica.

O acordo ao que se chegou a pasada fin de semana é un acordo importante para este país e importante tamén para os intereses de Novagalicia Banco, señora Caride. Esta asistencia financeira europea, o que vai garantir a España é o financiamento que necesita o noso sistema financeiro; ese financiamento para poder dirixilo cara ás entidades financeiras que o necesiten —e, por suposto, está tamén Novagalicia Banco—. Polo tanto, este é un mecanismo necesario para que estas entidades financeiras volvan contar con crédito suficiente, para que flúa ese crédito, que eles teñen que conceder tanto ás familias como ás empresas. E as condicións dese acordo de financiamento teranas que cumprir os bancos, non as terá que cumprir o Goberno do Estado.

Por suposto, señora Caride, seguimos apostando por un proxecto de continuidade en solitario da entidade financeira galega, de Novagalicia Banco. Esa é a nosa aposta dende o primeiro momento. Queremos unha entidade solvente e unha entidade galega. E neste sentido —como antes me referín—, o luns completouse o derradeiro paso, coa presentación do plan no Banco de España para o cumprimento dos requisitos do Real decreto lei 18/2012, que —entendemos— permite que a entidade conte con garantías suficientes para a súa continuidade en solitario e como unha entidade solvente, e como unha entidade radicada en Galicia e para defender os intereses de todos os galegos.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás 16.30 horas.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e vinte e cinco minutos da tarde.

Interpelación de D.^a María Dolores Rodríguez Amoroso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración e a posición defendida polo Goberno galego respecto da incidencia en Galicia da redución de partidos xudiciais proposta no Informe do Consello Xeral do Poder Xudicial titulado “Principios para unha nova demarcación xudicial”

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Amoroso.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señores deputados e señoras deputadas, señor conselleiro.

Incluimos esta interpelación neste Pleno para coñecer a posición do Goberno galego sobre a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial sobre unha nova demarcación. O noso obxectivo non é outro que que rompan o silencio que mantiveron ata o momento sobre se están a favor ou en contra desta proposta. O Parlamento, os galegos e as galegas teñen dereito a coñecer a posición do Goberno sobre unha proposta sumamente lesiva para o noso país.

Como ben sabe, o pasado 19 de abril o Consello Xeral do Poder Xudicial fixo unha proposta de nova demarcación xudicial. Por outra banda, no BOE do 13 de marzo publicouse un acordo do Consello de Ministros para a creación dunha comisión institucional que elabore unha proposta de texto articulado de Lei orgánica do poder xudicial e de Lei de demarcación e planta xudicial. E non nos parece un tema menor que o consello faga esta proposta se temos en conta que a mesma Lei orgánica do poder xudicial en vigor lle atribúe ao órgano dos xuíces un papel relevante nunha hipotética modificación das actuais demarcacións.

Se atendemos a Lei orgánica do poder xudicial, que establece no seu artigo 35 o proceso polo que se modifica a Lei de demarcación, veremos que no punto 3 establece que o Consello Xeral do Poder Xudicial informará o Anteproxecto de lei de nova demarcación xudicial. Ten polo tanto o consello un papel non menor, senón moi importante, na fixación da demarcación xudicial. E parece polo tanto probable e atalóxico que esta proposta que deu a coñecer o máximo órgano dos xuíces sexa en esencia o informe que o Consello

Xeral do Poder Xudicial emitirá ao Anteproxecto de lei de demarcación xudicial, cando este se presente.

Por certo, un anteproxecto que, se nos guiamos polo dito polo ministro e mais polo publicado no *Boletín Oficial do Estado*, verá a luz en non moito tempo, pois a comisión ten un prazo de cinco meses para facer unha proposta de lei de planta e demarcación xudicial. Polo tanto, señor Rueda cando vostede lles di aos concellos nesa carta que lles enviou que o proceso será longo non parece coincidir coa prisa que ten o ministro por rematalo.

Non é polo tanto unha simple proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, como nos quere facer crer o Goberno da Xunta de Galicia. E foi vostede, señor Rueda, vostede mesmo, quen recoñeceu nesa carta que lles manda aos alcaldes aos que di que este informe servirá como un elemento máis de xuízo na elaboración do proxecto de lei. Polo tanto, non é un informe que vaia ser desbotado nin unha simple proposta, senón un informe que servirá como elemento de xuízo, segundo as súas propias palabras.

De levarse a cabo esta proposta, será sen dúbida unha nova discriminación para o medio rural de Galicia e para os seus cidadáns, que verán unha vez máis que se lles trata como cidadáns de segunda, eliminando outro dos servizos que teñen e condenándoos a desprazarse, en ocasións moi lonxe, para calquera trámite xudicial por moi simple que este sexa.

E logo creamos comisións para investigar a situación demográfica e queremos fixar a poboación no rural. Pois con propostas coma estas mal imos, nese obxectivo de conseguir que as novas xeracións fiquen no rural. Dende o Grupo Socialista estamos seguros de que se chega a aprobarse unha demarcación coma a proposta ou similar, isto contribuirá de xeito dramático á eliminación de servizos no rural e a que moitos profesionais marchen cara ás cidades.

¿Que opina vostede, señor conselleiro? ¿Non considera que unha proposta destas características prexudica gravemente o rural galego? Porque, señor Rueda, eu quero pensar que vostede é consciente da importancia que ten para moitos concellos de Galicia unha infraestrutura xudicial no seu termo municipal. Comentabamos pola mañá a importancia socioeconómica que ten que haxa un xulgado nunha vila. Os profesionais do dereito, avogados, procuradores, notarios, etc.,

establecen alí os seus despachos, polo tanto tamén se ven beneficiados os bancos, a actividade de restauración, as cafeterías, etc. Polo tanto, se lles quitamos a moitos concellos de Galicia un dos poucos polos de actividade económica que teñen, estamos condenándoos á desaparición.

Pero esta proposta prexudica sobre todo aos cidadáns. O informe establece un criterio de distancia máxima ás sedes xudiciais dunha hora ou 100 quilómetros. Iso si, non sabemos como se mide esa hora. ¿Mídese en quilómetros, en tempo, pero mídese en tempo en coche, en tempo en transporte público?, porque coñecendo o déficit de transporte público que temos no noso país, a maioría dos cidadáns non contarán con transporte público para ir ás sedes dos xulgados. Xa non dicimos transporte que tarde en chegar en menos dunha hora; non, non, en Galicia directamente en moitos lugares non haberá transporte público entre moitos concellos. Pensemos por exemplo nun cidadán de Camariñas se se elimina o partido xudicial de Corcubión, que tería que ir, bueno, pois a Noia, a Ribeira, etc.; non hai transporte público, ¿como fai un cidadán de Camariñas para ir?

Entón, señor conselleiro, a nosa pregunta é: ¿como valoran dende a Xunta de Galicia este criterio de 100 quilómetros ou unha hora proposto polo Consello Xeral do Poder Xudicial? ¿Teñen criterio ou seguen poñéndose de perfil, como se isto non fose con vostedes? E preguntolle tamén: ¿non é unha clara vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva que a un cidadán se lle dificulta, ata facer case imposible, o seu acceso á xustiza? Todo isto, ademais, claramente agravado nun país como o noso, cunha alta taxa de poboación envellecida e coas pensións máis baixas de España.

E non lle quero dicir o prexuízo que supón para un avogado ou un procurador, ¡eh!, que non se nos ocorre se terá algunha alternativa a botar o peche ao seu negocio; non parece que haxa moitas mais alá; no mellor dos casos, e se ten posibles, empezar de cero no lugar onde se estableza a capitalidade do partido xudicial e polo tanto as infraestruturas. Por non falar dos traballadores do xulgado, que se verán condenados a desprazarse pode que incluso ata 100 quilómetros de distancia do seu actual posto de traballo, supoñendo isto unha clara vulneración e ataque aos seus dereitos laborais.

Claro que a vostedes os dereitos laborais dos traballadores é algo que lles queda bastante lonxe, como non sexa para

recortalos gravemente, claro. (*Murmurios.*) Pero digo tamén que non estaría mal que algún día nos sorprendieran e se puxeran á fronte de...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO:... da defensa dos dereitos dos traballadores.

En fin, de levarse a cabo unha proposta como a comentada, suporía un importante deterioro da calidade dos servizos públicos e concretamente da Administración de xustiza.

Non o di o Grupo Socialista –que tamén–, dino multitude de colectivos que teñen opinado e criticado duramente esta proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial. Todos os colexios de avogados de Galicia, os colexios de procuradores, mesmo onte a clase xudicial ourensá dixo tamén que non estaba de acordo, moitos concellos teñen aprobado mocións no sentido de rexeitar esta proposta.

E nós queremos saber que opina o señor presidente da Xunta de Galicia. ¿Vai saír a defender dunha vez por todas os dereitos dos galegos? ¿Ou ni está ni se le espera? Díganos cal é a súa postura, pero díganos algo. Deixen de asubiar, como se isto non fose co Goberno galego, porque ata o momento o que coñecemos da Xunta de Galicia son unhas declaracións súas nas que consideraba moi elevado o número de partidos xudiciais existentes en Galicia. E nós preguntámonos: ¿significa iso que considera que hai que reducir o número de partidos xudiciais existentes en Galicia? Se é así, ¿onde reduciría, señor conselleiro? ¿Cal é a proposta da Xunta para reducir partidos xudiciais? ¿Ou parécelle ben a redución proposta polo Consello Xeral do Poder Xudicial?

Dixo tamén que “todo lo que sea adaptar la situación a los tiempos actuales nos parece positivo”. E dende o Grupo Socialista preguntámonos que significa adaptar a situación aos tempos actuais. ¿Pode explicalo, señor conselleiro? ¿Pode explicarnos que significa un eufemismo destas características? Porque, iso si, vostedes piden tranquilidade aos concellos, contan que foron á conferencia intersectorial de xustiza e que quedaron moi tranquilos despois de que o ministro lles dixera na conferencia intersectorial que se ía contar coas comunidades autónomas. Contouno o outro día

o director xeral de Xustiza nunha comisión, díxoo aquí hoxe a voceira do PP, que se fían do ministro de Xustiza.

E digo eu: ¿os galegos e as galegas temos cara de parvos? Porque o señor Gallardón, que eu saiba, non nos fai ningún favor contando con nós, porque o señor Gallardón non se compromete nin máis nin menos que ao que recolle a Lei orgánica do poder xudicial no seu artigo 35, que di que “a tal fin, as comunidades autónomas participarán na organización da demarcación xudicial dos seus territorios respectivos, remitindo ao Goberno, a solicitude deste, unha proposta da mesma na que fixarán os partidos xudiciais”.

E que non é que vaia contar con Galicia porque llo prometeu a vostede, é que non lle queda outra, é que a proposta a ten que facer a comunidade autónoma. Entón, un pouquiño de rigorosidade lle pido ao Goberno da Xunta, señor Rueda, que a estas alturas da película xa non enganan a ninguén.

Eu pídolle, señor conselleiro, como representante lexítimo do Goberno da Xunta, que dunha vez por todas nos saque de dúbidas e conteste ás preguntas que o Grupo Socialista lle fai na interpelación; son fáciles, ¡eh!, son fáciles.

¿Están vostedes de acordo coa proposta que fai o Consello Xeral do Poder Xudicial de nova demarcación para Galicia? Se non o están, dígano, é fácil: non, non estamos de acordo, defenderemos os intereses dos galegos; é fácil.

E remato, señora presidenta, aproveitando que estamos falando de xustiza. Non podo, como humilde representante dos cidadáns, deixar de lamentar a decisión do Tribunal Supremo de non admitir a trámite a querela contra o seu presidente, Carlos Dívar, por pagarse cuchipandas a custa dos impostos dos contribuíntes. É un exercicio lamentable de corporativismo que non fai senón aumentar a desconfianza dos cidadáns na xustiza e facer certo aquilo de que a xustiza non é igual para todos. En fin, unha decisión vergonzosa que non podo por menos que lamentar e condenar dende a tribuna deste Parlamento.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora Rodríguez Amoroso, vou intentar responder as súas preguntas, iso si, cun pouquiño máis de respecto cara ás posturas do Partido Socialista da que vostede amosa respecto ás posturas do Partido Popular ou á que di vostede que son as posturas do Partido Popular –supoño que ao final o que está é pensando nas súas–.

Mire, fáleme do informe do Consello do Poder Xudicial. O primeiro que teño que dicir é que este informe o pediron vostedes, agora rachan as vestiduras, e din que como é posible que exista este informe. Este informe pedírono vostedes; 2 de decembro do ano 2010, proposta do Partido Socialista, Congreso de los Diputados: “El Congreso de los Diputados insta al Consejo General del Poder Judicial a colaborar con el Gobierno en la reforma de la Ley de demarcación y planta mediante la elaboración del oportuno informe”. Isto pedírono vostedes, e agora dinos que como é posible que non digamos nada porque o Consello do Poder Xudicial emite un informe, xa que critiquemos o feito mesmo de que se emite un informe, só iso, un informe que –insisto– pediu o Partido Socialista. Eu non sei se non o sabe, se non o quere saber, se lle dá igual, se o caso é confundir. Aquí vale todo, pero que quede claro que este informe do que imos falar e por suposto do que falarei o pediu o seu partido.

A partir de aí, mire, o Goberno galego considera que é enriquecedor, considera que é bo, é que o votamos a favor, cando vostedes pediron que o consello fixera o informe dixemos que nos parecía ben, e sigo dicindo que nos parece ben que se poñan sobre a mesa todas as ideas posibles, que opine todo o mundo, por suposto que opine o goberno dos xuíces, igual que teñen que opinar os avogados, os procuradores, as asociacións profesionais, ten que opinar todo o mundo –cantas máis opinións e cantos máis pareceres se recollan nun tema tan fundamental, mellor–, e por suposto teñen que opinar as comunidades autónomas e por suposto ten que opinar a Xunta de Galicia. ¿Como non vai opinar se somos os responsables das competencias materiais en materia de Administración de xustiza?

Agora, iso non quere dicir que non haxa que poñer as cousas no seu lugar, e poñer este informe no seu lugar, e eu síntoo moito, o informe que vostedes solicitaron –insisto, que vostedes solicitaron– é unha proposta interna, emitida a solicitude do Partido Socialista polo órgano de goberno dos xuíces, non polo Ministerio de Xustiza, que é quen ten ao final a competencia para facer a proposta.

E a nós non nos foi remitida, señora Rodríguez Amoroso, esa proposta do Consello do Poder Xudicial. Coñecémola supoño que polos mesmos medios que a coñecen vostedes. A nós polo menos, á Xunta de Galicia, non se lle remitiu, remitiuse ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza remitiuno aos xuíces decanos de cada partido xudicial, segundo coñecemos pola notas de prensa, pero nós non temos ese informe. Polo tanto, non nos corresponde opinar, como administración competente nos medios materiais da Administración de xustiza, como comunidade autónoma, dun informe que non nos foi remitido, que é un documento inicial de traballo, efectivamente. Pero é que xa non o digo eu, se o dixo a portavoz do Consello Xeral do Poder Xudicial, se está nas súas declaracións, definiuno así en palabras literais: un informe provisional, sen pechar, para que se opine, aqueles a quen lles pidan opinión.

E non me doen prendas en dicir que entendo e sigo entendendo que se fixo con ánimo construtivo. ¿Como non o van facer?, se llo pediron vostedes. Supoño que respostando a súa petición, fixéron un informe dando a súa opinión, que pode ser compartido ou non. ¿Pregúntame se me gusta? ¡Oia! Hai cousas nas que non estou de acordo, por suposto, e estou seguro que ese informe non vai ser a proposta que finalmente eleve o Ministerio de Xustiza, porque haberá máis aportacións de todo o mundo, e porque estou seguro que o Ministerio de Xustiza non collerá a proposta dos xuíces e directamente será a que diga que ten que entregar ao proxecto de lei.

Todos opinaremos no seu momento. E diremos o que nos parece, e nós en Galicia diremos o que nos parece adaptado ás nosas circunstancias. E que iso é o que hai que facer. Cando o Consello do Poder Xudicial recabe dos xuíces as opinións que procedan, daralle un informe a quen llo ten que dar, ao Ministerio de Xustiza, e o ministerio terá como un informe máis a ter en conta, supoño que si, pero iso é cousa

do ministerio. E cando faga o informe o ministerio con esa comisión que nomeou, o compromiso do ministro –que estou seguro o vai manter tamén– é dirixirse ás comunidades autónomas e preguntarnos e dar nós a nosa opinión, e nós, antes de dala, consultaremos a todos os afectados. É o que di esa carta. Se é que, ademais, nesa carta están de acordo todos os alcaldes afectados, tamén os do seu partido, ou así mo fixéron saber moitos deles, que queren que se lles pregunte, queren dicir a súa opinión, e no momento oportuno esa opinión será recollida.

Polo tanto, estamos ao inicio do proceso, non ao final do mesmo, como vostedes queren facer saber, para dicir que xa está todo rematado, que esa proposta é o que hai e que non se vai mover. Sabe vostede que iso é absolutamente falso, e non sei por que queren confundir a todo o mundo. O que pasa é que eu creo que xa non confunden a case que ninguén, porque, claro, cando se di algo hai que ter certa credibilidade para que a xente os crea, e con este tipo de técnicas é moi difícil que alguén os tome en serio. Ou sexa, que o informe que vostedes piden, que é o inicio dun proceso, xa hai que presentalo como informe final.

Dende logo o papel da Xunta de Galicia non vai ser nin corrixir nin emendar nin impugnar un informe do que non se nos deu traslado. Nós emendaremos, corrixiremos e diremos a nosa opinión cando a proposta definitiva, non a proposta definitiva, perdón, a proposta que faga o ministerio, que é quen ten a competencia, nos sexa sometida, que recollerá as opinións de todo o mundo. Insisto: espero que canta máis xente, mellor; que cantos máis afectados por esta reforma teñan oportunidade de dar a súa opinión, moitísimo mellor para todos. E polo tanto quedan meses de traballo por diante.

Agora, este itinerario, señora Rodríguez Amoroso, non é novo. Dicia aquí na súa intervención que se non nos imos opoñer simplemente a esa idea de que se poidan reformar os partidos xudiciais. É que eu dixen, efectivamente, cando asistín á conferencia sectorial, que cría que era bo falar diso e que creo que é bo unha reforma, pero é que, mire, non o digo eu só.

Plan para a modernización da xustiza 2009-2012, anterior ministro de Xustiza, o señor Caamaño. Contemplaba a modificación do ámbito territorial dos partidos xudiciais a través da concentración dos recursos persoais e materiais

para o seu mellor aproveitamento –páxina 25 do plan do ministro socialista Caamaño, de Xustiza–. E, claro, seguindo este itinerario, nomeou un grupo de expertos e formulou recomendacións. E ¿sabe que dicían esas recomendacións? Que había que evitar dispersión excesiva de medios persoais e materiais, porque iso ía quebrar os principios de racionalidade, de economía e de aproveitamento de recursos públicos, polos que debe rexerse toda organización eficaz, e instaba tamén ese informe a estudar fórmulas que tiñan que superar –dicíao ese informe que vostedes pediron– a división actual en partidos xudiciais, que dicían que era do século XIX, e que había que implantar estruturas máis amplas e máis funcionais, acordes coa sociedade de hoxe.

E preguntame: ¿que quere dicir iso? Pregúntelle ao señor Caamaño, que dicía o mesmo. Claro, a el non lle preguntou (*Aplausos.*), a el non lle preguntou, pero é que eu simplemente repito as palabras do señor Caamaño. ¿Sabe que dixo nun acto celebrado no ano 2010?, no que eu estaba, por certo. Dicía o señor Caamaño: “El partido judicial es una realidad peculiar exclusiva inadaptada a la realidad, un modelo organizativo caduco. El incrementalismo” –dicía o señor Caamaño, en referencia á creación de novos xulgados– “no resuelve ningún problema. Es necesario abordar cambios de fondo, hay que diseñar una nueva estructura territorial, reorganizar la planta y concentrar partidos judiciales”. Iso dicía o ministro de Xustiza anterior. Non lle escoitei dicir nada naquel momento, nin a vostede nin a ningún deputado do Partido Socialista naquel momento. Non había que dicir nada, naquel momento sabían a que se estaba referindo; parecíalles lóxico e parecíalles normal e había que dicir amén, porque o dicía o señor Caamaño, ministro de Xustiza; despois terían ou non terían os seus líos con el, a nivel de partido, pero naquel momento era o ministro e non se podía dicir nada nin contradicir as cousas que el dicía.

Ao mellor é que non falaba en serio o señor Caamaño, pode ser, pero eu creo que hai que tomarse en serio ao ministro de Xustiza. Tomábame en serio ao anterior e tómome en serio este, o que di que vai falar con todo o mundo, o actual ministro, que nos vai pedir opinión, que nos vai escoitar. E mire, créoo, estou de acordo en que todos –como lle dicía– temos que opinar, que aquí ten que haber unha coordinación institucional e que temos que ter en conta, cando opinemos de Galicia, a nosa realidade, demográfica, sociopolítica, económica, os medios materiais que xa temos investidos desde

Galicia durante moitos anos en infraestruturas xudiciais; todo iso hai que telo en conta.

Todo iso imos dicir cando vexamos un documento que sirva para facer unha proposta, non un informe que vostedes pediron e que está simplemente ao inicio dun proceso e que queren presentar como definitivo e que queren dicir que recolle no mal sentido todo aquilo que ao seu ministro lle parecía tan ben.

Dixen iso na conferencia sectorial e mantéño. Alégrome de que se nos pida opinión. Nunca lle escoitei dicir ao anterior ministro de Xustiza que nos ía pedir opinión ás comunidades autónomas, e sen embargo si que encargou un informe, e sen embargo si que falou de todas estas cousas. Xamais, endexa-mais nos pediu opinión, iso si, claro, supoño que probablemente porque non pensaba facer nada e porque, como moitas reformas que dixo que ía promover, ao final non fixo absolutamente nada máis que encargar informes, máis que bendicilos e máis que dicir as cousas que vostede agora di que son cousas que non se poden dicir e que non teñen ningún sentido.

Mire, hoxe a xustiza vive un momento de innegable transformación. Contamos con moi bos profesionais, incrementáronse moito nos últimos anos os investimentos en materia de xustiza, creamos 23 novos órganos xudiciais nesta lexislatura, e todo iso o que implica é que temos moitísimo interese en ter a mellor xustiza en Galicia, temos moitísimo interese en que as cousas funcionen ben, temos moitísimo interese en que os cidadáns, vivan onde vivan, reciban os mellores servizos de todas as administracións e por suposto da Administración de xustiza. No que non temos ningún interese é en terxiversar as cousas, en dicir cousas que non son, en dar como boas cousas cando as dicía un ministro socialista e demonizalas simplemente porque as di un ministro que non é do Partido Socialista, e onde dixemos *digo* dicir agora *Diego*. Iso agora non o imos facer, non fai ningún favor, diremos a nosa opinión cando corresponda.

Xa lle adianto, para que non me diga na réplica –ou, bueno, supoño que mo dirá–, pero xa llo digo:...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):... que non estou de

acordo coa proposta tal como está formulada. Faremos emendas, aportaremos todo o mundo, pero tamén lle digo unha cousa: dende o principio o Consello do Poder Xudicial, o cal vostedes agora se empeñan en demonizar por tantas cousas, avisou directamente que era unha proposta que estaba aberta a todas as alegacións que se quixeran facer...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):... –remato agora, señora presidenta–, que non eran nin moito menos os competentes para facela e que simplemente era unha intención, como temos todos –nós polo menos–, de mellorar a Administración de xustiza, neste caso que é o que nós corresponde a nós en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupos Parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, a crecente falta de respecto de vostede, do seu Goberno, cara á cidadanía deste país, cara ao seu autogoberno e cara a este Parlamento, que están empeñados en converter nunha bufonada, parece non ter límite, *(Murmurios.)* porque mire, señor conselleiro, vostede veu aquí, ao Parlamento galego, por iniciativa dos grupos parlamentares, que é onde ten que dar explicacións tanto das iniciativas como das posicións do Goberno galego a respecto daquelas cuestións que afectan aos galegos, e no canto de intervir como conselleiro deste Goberno, parece que o estivo facendo máis ben como secretario xeral do Partido Popular.

Pasou vostede, señor conselleiro da Presidencia e Xustiza, de ser o máximo defensor de que co seu Goberno Galiza ía ter unha consellería de Xustiza, unicamente en materia de xustiza, a acabar dicíndonos desde esta tribuna que non vai opinar sobre un documento do Consello Xeral do Poder

Xudicial porque á fin e o cabo Galicia non ten competencias en materia de xustiza. *(Murmurios.)* Pasou vostede, señor conselleiro, dez minutos intentando evitar...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. Silencio, por favor.

A señora PAZ FRANCO:... posicionarse sobre o que se lle estaba pedindo, ademais coa peor das mentiras, que son as medias verdades.

Mire, señor conselleiro, vostede repetiu –non sei– innumerables ocasións que este informe do Consello Xeral do Poder Xudicial era porque llo pedira o anterior Goberno do Estado, creo recordar. Mire, ten vostede unha memoria selectiva, non sei, creo que os rabos de uvas pasas son boas para recuperar a memoria. Teño que recordarlle, porque ademais así o pon o propio informe do Consello Xeral do Poder Xudicial na xustificación de por que emite este informe e por que fai unha proposta de nova demarcación xudicial, voulo ler literal en español, que creo que entienden mejor: “El pacto de Estado para la reforma de la justicia de 28 de mayo de 2001 se hizo eco de esta necesidad de incluir entre sus objetivos una reestructuración de la demarcación”. E segue. Léao vostede porque non vou perder todo o meu tempo léndolle o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, *(Murmurios.)* que deixa claramente...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora PAZ FRANCO:... establecido que esta proposta se fai porque sae dese acordo pola xustiza asinado entre o PP e o PSOE en maio do ano 2001. Daquela, señor conselleiro, non será unicamente responsabilidade do Goberno socialista que se estea falando dunha nova demarcación xudicial.

Pero, en todo caso, creo que non debemos distraer a nosa atención con cuestións accesorias, porque quen fora o pai da criatura, e a nai neste caso, parécenos unha cuestión accesorio; o realmente relevante é que estamos ante unha proposta que emana do máximo órgano do Goberno, dun dos tres poderes do Estado, que a propia Lei orgánica do poder xudicial lle confire ao Consello Xeral do Poder Xudicial capacidade na determinación da demarcación e planta xudicial e na reforma da súa lei, e vostedes, ante a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, que será referendada unha vez que

teñan as achegas das distintas salas de goberno dos tribunais superiores de xustiza non teñen nada que dicir.

É que é dramático para este país ter un conselleiro con competencias en materia de xustiza que ante unha situación que pode cuestionar, afectar gravemente o futuro do noso país e que pode mesmo pór en cuestión o exercicio de dereitos por parte da cidadanía o conselleiro de Xustiza non teña nada que dicir, excepto vir aquí facer de *hooligan* do Partido Popular.

Señor conselleiro, creo que vai sendo hora de que vostedes empecen a gañarse o salario de conselleiros da Xunta de Galiza, e que empecen a exercer como tales, e que vostede non veña aquí dicirnos que a Xunta de Galiza vai opinar sobre un texto lexislativo cando ese texto lexislativo xa teña tomado corpo de texto articulado e polo tanto que van vostedes intentar opinar unha vez que xa estean feitos consolidados e que xa estean elaboradas posicións de partida e por suposto tamén posicións de chegada de en que vai consistir esa reforma xudicial.

Vostede, señor conselleiro, que ten a máxima responsabilidade no ámbito da Administracións de xustiza en Galiza, terá que dicirnos cal é a posición da Xunta de Galiza a este respecto.

E, sobre todo, señor conselleiro, non sei se vostede sabe que esta mañá este Parlamento aprobou por unanimidade unha iniciativa que consiste en que este Parlamento insta o Goberno da Xunta a rexeitar esta proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, porque este Parlamento se fai eco de todo o rexeitamento social que se ten producido en torno a este documento. E a nós, señor conselleiro, e ten vostede un segundo turno no que terá oportunidade de dicirnos que ten pensado facer o Goberno da Xunta de Galiza para rexeitar este documento do Consello Xeral do Poder Xudicial antes de que acabe consolidándose como documento base sobre o que esa comisión institucional nomeada no mes de marzo polo ministerio vai elaborar ese texto articulado.

¿Ou é que vostedes, coma sempre, van empezar a actuar timoratamente a feitos consumados, como fixeron na reforma do sistema financeiro, que despois, para lavarse a cara, presentan un recurso de inconstitucionalidade? ¿Vai ser esa tamén neste caso a actitude do Goberno do Partido Popular?

¿Ou teñen previsto vostedes utilizar os recursos e os instrumentos que ten a Xunta de Galiza para intentar anticiparse e para intentar evitar que se adopte unha medida gravemente lesiva, non só contra os intereses de vertebración territorial e social deste país, senón contra os intereses dos cidadáns, que van ver mermada a súa capacidade de exercer un dereito constitucional fundamental como é o da tutela xudicial efectiva?

Señor conselleiro, ten vostede tamén a oportunidade de contestar, á vista do ben que gasta vostede a camiseta de *hooligan* do Partido Popular, que tería feito...

A señora PRESIDENTA: Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO:... de terse producido este informe do Consello Xeral do Poder Xudicial...

A señora PRESIDENTA: Señora Paz, señora Paz, por favor. Señora Paz, un momento. É a segunda vez que vostede repite a palabra *hooligan* e eu creo que aquí, se todos esiximos respecto, o primeiro respecto é a un conselleiro dun Goberno da Xunta de Galicia que vén a este Parlamento. Por tanto, eu sei que vostede é unha deputada con experiencia e gustaríame que axustara o termo á intervención neste Parlamento. Por favor, prégole que retire esa palabra.

A señora PAZ FRANCO: Efectivamente, o correcto sería que utilizara a palabra *seareiro*, porque estamos no Parlamento galego e non no británico, e polo tanto pido desculpas por esta deturpación da nosa lingua da que todos acabamos sendo vítimas dunha forma ou doutra.

A señora PRESIDENTA: Ben, pero vai utilizar vostede a palabra que teña que utilizar.

A señora PAZ FRANCO: Efectivamente, vou á cuestión. E estaba dicindo que me gustaría saber, señor conselleiro, cal estaría sendo a actitude do Goberno da Xunta de Galiza se este informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, que nada ten que ver co Goberno, que nada vincula ao Goberno, se tivera producido gobernando un Goberno dunha cor política distinta no Goberno do Estado. Gustaríame saber cal sería daquela a actitude do Partido Popular, se viría tamén aquí o conselleiro a dicirnos que hai que esperar, que estamos ante un informe previo, que non é vinculante, que é simplemente

a opinión do Consello Xeral do Poder Xudicial, ou xa estaríamos tendo un conflito institucional provocado pola propia Xunta de Galiza.

Mire, señor conselleiro, vostede ten outro turno de intervención para dicir exactamente cal é a posición da Xunta de Galiza a este respecto e cal é a actuación que ten pensado facer para defendela. Nós ímoslle repetir unha vez máis cal é a posición do Bloque Nacionalista Galego e cal é a posición que nós estamos dispostos a defender aquí e en todos os ámbitos. Primeiro, que unha reordenación do mapa xudicial non se pode facer unicamente en función do número de habitantes, que é en realidade como se fai esta proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial. Porque por moito que eles na súa exposición de motivos falen dunha hora de percorrido ou de 100 quilómetros de distancia, na práctica nin sequera a proposta que fan se axusta a esa realidade e teñen en conta unicamente criterios de habitantes. Situación que non responde á realidade social de Galiza, situación que dá como resultado un mapa absolutamente distorsionado que vulnera gravemente os dereitos das persoas, que non ten en conta nin as condicións de mobilidade do noso país, que non ten en conta as condicións socioeconómicas do noso país.

E mire, señor conselleiro, asegúrolle que se vostede está disposto a que desde Galiza elaborem unha proposta alternativa a esta pola que aposta o Consello Xeral do Poder Xudicial e que o ministerio xa dixo que lle valía como base para a futura Lei de demarcación xudicial, máis alá de que tamén diga que obviamente lle dará traslado á Xunta de Galiza –porque así o ten que facer por cumprimento da propia legalidade–, pero se vostede está disposto a facer unha proposta alternativa que teña en conta todas esas circunstancias do noso territorio, do noso asentamento poboacional e das nosas características socioeconómicas, que non entorpeza o desenvolvemento comarcal e rural do noso país e sobre todo que non entorpeza o exercicio dos dereitos dos cidadáns a acudir á Administración de xustiza, como é de lei nun Estado de dereito, para defender e exercer os seus dereitos e, polo tanto, para cumprir cun dereito fundamental consagrado na Constitución, terá o apoio do Bloque Nacionalista Galego.

Se vostede o que quere facer é esperar a que isto sexa unha medida consolidada que tome corpo e que non haxa nada que facer para despois facer o paripé da defensa dos intereses de Galiza, teranos en contra.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, o Partido Socialista trae hoxe aquí unha interpelación co fin de interesarse pola valoración e o posicionamento do Goberno galego sobre este informe do que xa falamos esta mañá. Pero, polo que vexo, non lles interesa nada o que dixo aquí o señor conselleiro, que foi o posicionamento; porque a xordeira tanto da señora Paz como da señora... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, non, bueno, déixeme falar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A ver se non podemos falar.

A señora PRESIDENTA: Continúe, por favor, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Que a señora Paz acaba de dicir aquí que non manifestara nada o señor conselleiro... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Siga, señora Prado. Siga vostede.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, é que se me deixaran falar... Eu escoiteinas con moitísimo respecto.

Ben, un informe que –como xa deixamos claro esta mañá– pois nos preocupa a todos e tamén nos ocupa. O que pasa é que a uns nos ocupa con sensatez, con preocupación, con coherencia, e a outros preocúpaos para utilizalo como arma arrojadiza política, que é o único que saben facer vostedes con todas as cuestións que se plantexan con seriedade nesta comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

Mire, como acaba de dicir o señor conselleiro, este informe pedírono vostedes, señora Amoroso, pediuno o Partido Socialista, e, por tanto, non é un informe preceptivo ao ante-

proxecto de lei. Sería bo que vostede, como boa deputada e xurista que é, fose un pouco máis rigorosa. Vostede non pode dicir que este informe é o preceptivo, o que esixe a lei ao anteproxecto, porque –que eu saiba– aínda non temos o anteproxecto de lei, señora Amoroso; entón, sexa vostede rigorosa porque, se non, a súa credibilidade queda en entredito.

Mire, xa dixemos esta mañá que todas as forzas políticas que estamos representadas nesta Cámara estamos a favor da modernización da xustiza. Entre outras cousas, consideramos que é necesaria a modificación da demarcación de planta xudicial, porque así o levabamos nos nosos programas electorais, tanto o Partido Socialista como o Partido Popular. O Bloque Nacionalista Galego é certo que levaba unha única proposta en materia de xustiza española, señora Paz, porque estamos falando das eleccións xerais do ano 2011. E o único que preocupa ao Bloque Nacionalista Galego e o único que propón o Bloque Nacionalista Galego para a mellora da xustiza neste país é un Plan de normalización lingüística, que se fale máis galego na Administración de xustiza. Esa é a súa proposta para a mellora da Administración de xustiza. Despois diso, señora Paz, pode vostede dicir nesta tribuna todo o que queira, que xa teñen vostedes pouca credibilidade e así xa non lles queda ningunha. *(Aplausos.)*

Mire, na redacción da súa interpelación, señora Amoroso, di que a día de hoxe non houbo posicionamento nin resposta oficial da Xunta de Galicia máis alá das declaracións de diferentes membros da Xunta de Galicia, para facer a continuación referencia ás declaracións do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Díganme, señorías: ¿acaso non lles parecen de suficiente entidade as declaracións e manifestacións do conselleiro de Presidencia? ¿Acaso non lles parecen de suficiente entidade as manifestacións e o posicionamento que fixo a semana pasada na Comisión 1.^a o director xeral de Xustiza?

Mire, os que escoitamos o seu posicionamento e coñecemos o do señor Caamaño, o seu xefe provincial de filas, que cando era ministro non só fixo manifestacións como as que acaba de dicir aquí o señor conselleiro, eu vou ler outra que tamén fixo hai dous anos –exactamente o 12 de xuño de 2010–, e mire, dixo o seguinte: “Os partidos xudiciais tiñan sentido no século XIX, non se pode ter un xulgado cunha carga mínima” –e hainos– “e a 50 quilómetros outro

saturado; é un luxo que non se pode permitir o país”. Aínda que xa daquela vaticinou o seguinte: “Calquera deputado que se preste non vai consentir que se toquen partidos xudiciais da súa provincia, pero hai que facelo”. Eu entendo, señoría, que vostede está xogando a ese papel que xa vaticinou o señor Caamaño. Vostede, como deputada que se presta, está aquí facendo unha defensa dos partidos xudiciais do século XIX. Vostede vén aquí cun discurso do século XIX, pero é que, mire, estamos no século XX, señora Amoroso, no século XX. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, XXI, si, no século XXI..., bueno, no XXI, bueno, pois mire, aínda máis ao meu favor, dous séculos despois do discurso da señora Amoroso. *(Aplausos.)*

Mire, o que creo que non imaxinaba o señor Caamaño cando fixo aquela manifestación é que sería unha deputada do Partido Socialista a que estaría hoxe aquí contradicindo as súas verbas, e contradicindo as súas manifestacións e contradicindo unha liña política de goberno do Partido Socialista naquel momento. Pero, como dixo o señor Caamaño, señora Amoroso, hai que facelo. E non se fagan trampas ao solitario, porque vostedes levábano no programa electoral e vostedes dixérono por activa, por pasiva e por reflexiva en moitísimas ocasións. E o señor ministro de Xustiza, hoxe xefe de filas provincial seu, dicía aquilo e creo que hoxe de momento non lle escoitei dicir o contrario. Agora vostede pode negalo, señor Caamaño, pode negalo ata tres veces, pode negar incluso os máis profundos principios socialistas, porque iso xa o fan todos os días e unha vez máis non nos sorprendería.

Pero mire, o que non pode negar, señora Amoroso, é que todos estamos de acordo en que hai que abordar a reforma de demarcación e planta xudicial. E todos estamos de acordo e mesmo esta mañá os tres grupos da Cámara por unanimidade aprobamos rexeitar a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial. E eu acabo de escoitar nesta tribuna ao conselleiro de Presidencia dicir que dende a Xunta tamén rexeitaban ese informe porque consideran que non é o axeitado para Galicia. Pero é que como aquí parece que só se escoita o que un quere escoitar, eu quero deixar ben claro que dende estas bancadas escoitamos o que se dixo; e como está gravado e despois quedará reflectido nunha acta, vostede, señora Paz, tamén o poderá ler se non o escoitou a primeira vez que o dixo aquí o señor conselleiro. *(Aplausos.)*

E mire, tamén lle quería dicir que eu sinto moito que vostedes recelen de que o Goberno de Madrid vai dar voz aos gobernos autonómicos, de que haberá unha intervención coordinada das comunidades autónomas. Pero mire, estea tranquila, señoría, non teña dúbida xa que daqueles tempos en que Madrid nos enganaba xa pasaron á historia. Agora goberna un partido serio, rigoroso, que non mente e que cumpre coa súa palabra. E o compromiso do ministro de Xustiza é contar coas aportacións das comunidades autónomas. Non nos toman por parvos, eses xa foron tempos, señora Amoroso, que xa pasaron á historia e que xa están superados. Outros gobernos –socialistas, por certo– si tomaron por parvos os galegos e por iso agora están onde están e non onde estaban antes.

Mire, señora Amoroso, antes de pedir un posicionamento á Xunta de Galicia, sería bo que nos dixera cal é o posicionamento do seu partido. Dígame vostede: ¿con quen está?, ¿co señor Caamaño?, ¿co señor Abel Caballero? –que manifesta o mesmo, exactamente o mesmo–, ¿ou está coa secretaria de Dereitos e Liberdades do PSdeG, a señora Marta Giráldez?, que non só non avoga pola supresión de xulgados senón que di que hai poñer máis. Dígame, señora Amoroso, é fácil, é fácil: ¿co señor Caamaño ou coa señora Giráldez? É fácil, ata vostede o pode facer.

Mire, pregunta vostede que como se mide a hora, se unha hora se mide en tempo ou en quilómetros. Mire, mire, que eu saiba, señora Amoroso, a hora de toda a vida mídese en tempo, a hora é tempo; a distancia, que si se pode medir en quilómetros, pois agora no século XXI –non no XIX– tamén se pode medir en tempo e non só en distancia. E iso supoño que sería ao que vostede se refería. E mesmo aquí en moitas ocasións escoitamos o fiscal superior de Galicia dicir que a distancia hoxe hai que medila en tempo e non en quilómetros.

Pero mire, tamén temos as novas tecnoloxías, e as novas tecnoloxías tamén están para favorecer o acercamento e o achegamento das persoas e dos administrados á Administración de xustiza. E vostedes sábeno ben porque vostedes aprobaron moitísima normativa, tanto no ano 2007 como no ano 2010, para favorecer a incorporación das novas tecnoloxías á Administración de xustiza. E iso é o que hai que facer: ir e avogar polas novas tecnoloxías para acercar os cidadáns á Administración de xustiza.

Mire, díxenllo esta mañá e repítollo: en materia de partidos xudiciais non fan falla nin moitos nin poucos, fan falla os adecuados, os axeitados para a xestión dos problemas dos cidadáns, que é o que nos preocupa e o que nos ocupa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica para a señora Rodríguez Amoroso, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO: Grazas, señora presidenta.

Din vostedes que este informe o pediu o Partido Socialista. E ¿cal é o problema? Que nós non criticamos que o Consello Xeral do Poder Xudicial emita un informe, como se emite douscentos, criticamos o contido do informe. Igual é que a xordeira non a ten a portavoz do Bloque Nacionalista Galego, igual tena o conselleiro de Presidencia ou a portavoz do Partido Popular. Hai un informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, respectable pero que nós non compartimos, e o que pedimos da Xunta de Galicia é que diga se comparte ou non ese informe. Eu creo que é... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Déixenme rematar, por favor.

A señora PRESIDENTA: Por favor, silencio.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO: Eu creo que é bastante fácil. A Xunta di que o informe non se lle remitiu. Pero é que o informe é público, quero dicir, ¿ou é que a Xunta de Galicia só opina sobre aquilo que se lle remite? A min paréceme que non, que opina de moitas cousas, sobre todo de moitas nas que non ten nada que ver.

Din que hai un compromiso do ministro para dar voz aos gobernos autonómicos. Repítolles: non veñan aquí intentar enganar os cidadáns galegos, o ministro non nos fai ningún favor, non nos concede ningunha graza, limitase a cumprir o establecido na Lei orgánica do poder xudicial.

Din vostedes que confían na palabra do ministro, e eu dígolles: o ministro dixo directamente que había que suprimir o partido xudicial de Mondoñedo, por exemplo. E eu pregunto, tanto que confían no ministro os membros do Partido

Popular e o conselleiro de Presidencia: ¿está vostede a favor de suprimir o partido xudicial de Mondoñedo, tal e como dixo o ministro Gallardón?

Vostede dinos que estamos intentando confundir a todo o mundo. Pois será que nos volvemos todos loucos: volvéronse loucos os avogados, os procuradores, os xuíces da provincia de Ourense, os sindicatos..., mesmo algúns concelleiros do Partido Popular membros desta Cámara, que votaron en concellos mocións rexeitando a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial. Iso é o que di vostede, iso é que di vostede... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO: Iso é o que di vostede, que é só o principio. Díganllelo vostedes a eles, díganlles que están votando a favor de manter unha organización do século XIX. Dígalle a unha compañeira, á súa compañeira de Corcubión, por exemplo, que o votou no Pleno, que está votando a favor dunha cousa do século XIX.

E, por certo, cando vostede, señora Prado, me pregunta a favor de quen estou no PSOE e como me posiciono, eu preguntolles o mesmo a vostedes, a ver se arreglan os seus problemas no grupo parlamentario, porque ten unha deputada sentada aí que votou o seguinte no Pleno do Concello de Corcubión: “Solicitar á Xunta de Galicia, ao Parlamento galego e aos seus grupos políticos que reclamen as competencias en materia de xustiza para ordenar e organizar a nosa planta xudicial”. E o Partido Popular, e esa mesma concelleira que votou a favor en Corcubión, votou en contra hoxe pola mañá neste Parlamento. *(Aplausos.)* Así que non nos veñan dar leccións a nós de posicionamentos diferentes. *(Aplausos.)*

Pluralismo no noso partido, todo. Xa sei que a vostedes lles vai máis o modelo de partido único, xa o sei. A nós vains bastante o pluralismo. Supoño, *(Murmurios.)* supoño, supoño que a reminiscencia do fundador do Partido Popular, que noutros momentos formou parte de gobernos cun réxime de partido único, terá algo que ver niso de que vostedes non entendan a pluralidade democrática dentro dos partidos políticos.

E unha cousa máis. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu non lle votei,...

A señora PRESIDENTA: Por favor, non dialoguen.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO:... eu non lle votei, non era deputada, non lle votei nin como presidente da Xunta nin... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Sueiro, por favor.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO:... como senador; dende logo, como ministro do Goberno de Franco, dificilmente. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora Amoroso.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO: Falaba vostede –e vou rematando– do informe de persoas expertas do Consello de Ministros e da proposta de Fran Caamaño –que, por certo, o vexo moi preocupado; case pensei que Fran Caamaño seguía sendo a día de hoxe o ministro de Xustiza, en lugar de ser o señor Gallardón–. Fran Caamaño falou da superación de partidos xudiciais, non da supresión, que é unha cuestión bastante diferente, e, se non, vaian ao dicionario da Real Academia Galega e vexan cal é... Falou de non suprimir ningún xulgado, senón de crear tribunais de base como primeiro escalón xudicial. Falou de tribunais de instancia, falou dunha nova oficina xudicial, que en Galicia cero patatero e nada de nada. Que, por certo, era a premisa fundamental para establecer unha nova división en partidos xudiciais, ao que nós non nos opoñemos. Opoñémonos á división que propón o Consello Xeral do Poder Xudicial, non nos opoñemos a que se discuta este tema. Non intenten vostedes confundir á cidadanía.

E, por certo, e xa para rematar, din vostedes que hai un Goberno que non mente. Bueno, pois vaian vostedes ao resto dos países da Unión Europea...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Rodríguez Amoroso.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO:... e a determinados periódicos alemáns, que acaban de pintar ao presidente do Goberno de España como Pinocho por intentar mentirlles aos españois buscando eufemismos, por dicir e utilizar eufemismos para recoñecer dunha vez por todas que estamos rescatados.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Rodríguez Amoroso.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO: Díganllo vostedes ao resto dos cidadáns europeos.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas. Xa non ten a palabra.

(Aplausos.)

Ten a palabra para pechar o debate o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Rodríguez Amoroso, bueno, xa o dixo aquí por fin, porque non o dixerá ata agora: está a favor de suprimir partidos xudiciais. Tamén nos gustaría que o Partido Socialista nos dixerá cales entón, porque acaba de dicir que está a favor de suprimir partidos xudiciais; vaia e diga cales, *(Aplausos.)* vaia e diga cales. Porque ata agora o Consello Xeral do Poder Xudicial –insisto–, o informe que vostedes pediron –parece ser que lles fastidia moito que llelo recordemos–, toda a demonización era porque di que hai que suprimir partidos xudiciais. Vostede está de acordo tamén, non está de acordo en cales, ¡eh!, pero está de acordo en suprimir partidos xudiciais.

Esperemos a saber tamén, no momento en que se lles pregunte, que saian vostedes tamén nos concellos respectivos a dicir: este partido xudicial sobra, como dixo, por certo, o ministro de Xustiza anterior. Perdoe, pero si que o dixo. ¿Como que non dixo o ministro? Non está a favor de reorganizar a planta xudicial, parécelle que hai demasiados, pero non está a favor de suprimir partidos xudiciais. ¡Home, por favor! Por favor, creo que era máis intelixente do que vostede o quere ver facer agora, ¡eh! Xa sei que non lle gusta demasiado, pero, ¡home!, era bastante máis intelixente do que vostede está dicindo. *(Murmurios.)* Entendíaselle bastante ben. Eu polo menos entendíalle. Pero se o dixo desde o principio, e nós estamos de acordo; se a Administración de xustiza necesita ser modernizada, necesita moitas cousas. Estamos facendo investimentos moi fortes. E tamén necesita que se repense a planta xudicial.

Xa lle digo e lle insisto que non estou de acordo con algúns dos criterios do consello. Pero é que xa o mesmo consello partía da base de que non ía haber, nin moito menos, unanimidade nos plantexamentos que facía. ¡Oia!, iso é o punto de vista dos xuíces, as comunidades autónomas teremos outro, o ministerio probablemente terá outro, e o que hai que facer, o que se fai en democracia, sen faltarlle ao respecto a ningún, é intentar consultar e chegar a consensos.

Mire, falando de consensos, ¿sabe o que dicía, o que dixo o portavoz do Partido Socialista en materia de xustiza na primeira comparecencia do señor Caamaño como ministro de Xustiza, no ano 2009, falando deste tema? Mire, voullo ler –en castelán, que seguro que tamén o entende a señora Paz–, dicía exactamente: “Sobre la nueva Ley de planta estoy absolutamente de acuerdo” –dicía o portavoz socialista en materia de xustiza–, “pero hay que tener” –sobre a nova Lei de planta, é dicir, sobre suprimir partidos xudiciais– “pero hay que tener un poco de cuidado” –dicía este señor socialista– “con los tiempos, si de verdad queremos sacar esto adelante. Debemos por tanto tener auténtica voluntad de consenso” –¡que pena que vostedes non lle fixeran caso!– “porque si esperamos” –dicía o deputado socialista– “al año 2011,” –falaba no ano 2009– “que es cuando hay elecciones municipales,” –xa chegaron as eleccións e os cálculos electorais do Partido Socialista– “cada ayuntamiento, cada municipio pedirá su juzgado y no estaremos en condiciones de sacar adelante esta ley, que es vital y fundamental para actualizar la demarcación a la realidad social y jurídica de la demanda de los juzgados y del servicio público de la justicia en el conjunto de los territorios”. E remataba dicindo: “Creo que hablé bastante claro”.

Efectivamente, falou bastante máis claro que vostede, señora Rodríguez Amoroso, que vén aquí primeiro dicir que o Consello Xeral do Poder Xudicial non ten dereito a opinar, simplemente porque suxire unha organización que xa adiantara e que lle pedira ao anterior ministro de Xustiza; despois dinos aquí: espero que algún día nos concrete que partidos xudiciais recoñeceu que quere suprimir; e despois vén facer un batiburrillo e acúsanos de contradicións.

Oia, se quere opinións do Partido Socialista, eu doulle a do alcalde de Vigo, que xa sei que di que ninguén lle dá instrucións e, por suposto, ninguén do Partido Socialista –para el non hai xefes; está ben, desde logo o acreditan cada vez que hai un congreso–. Xa dixo que todo para Vigo, que non tiña

que haber ningún partido xudicial máis que en Vigo, que non quería partidos xudiciais máis que en ningún outro sitio, que había que suprimilo todo e poñelo alí. ¡Oia!, é unha opinión, ao mellor válelle esa, válelle outra. Opinións do Partido Socialista hai para dar e tomar. O malo é que ningunha ten unha certa coherencia, ningunha ten ningunha coordinación e, ao final, o que se fai é tomar simplemente proxectos e opinións por verdades que non se poden mover cando saben de sobra que estamos ao principio do proceso.

Iso é o que hai, señora Rodríguez Amoroso. Nós daremos a nosa opinión sobre un texto nin moito menos articulado, sobre un texto no que se deba opinar, sobre o que podemos dicir moitas cousas e sobre o que intentaremos poñer de manifesto o que de verdade lle interesa á Galicia e á súa Administración de xustiza.

E, señora Paz, mire, dedicou vostede o 95 % da súa intervención a faltar ao respecto, a min, ao Goberno da Xunta, aos deputados do Partido Popular, a todo o mundo. No último 5 % ofrece un pacto. Doulle a mesma seriedade e doulles a mesma consideración ás dúas partes da súa intervención.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conse lleiro.

Tendo en conta a alteración que xa comunicou no seu momento a presidenta, pasamos a debater agora a seguinte pregunta.

Pregunta de D.^a María Dolores Rodríguez Amoroso e dous deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da decisión do Goberno central de aumentar de xeito xeneralizado as taxas xudiciais

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular esta pregunta ten a palabra a señora Rodríguez Amoroso.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes de novo.

O pasado 25 de xaneiro na Comisión de Xustiza do Congreso dos Deputados, o ministro de Xustiza, Alberto Ruiz Gallardón, anunciou a introdución de taxas xudiciais para poder acceder á segunda instancia.

O 29 de marzo coñecemos o anteproxecto de lei relativo a este tema, no que se establecen por primeira vez taxas para a segunda instancia na xurisdición laboral e aumentan de xeito significativo as taxas nas ordes civil, administrativa e mercantil.

Que unha iniciativa destas características é unha auténtica barbaridade e unha tomadura de pelo á cidadanía, que, por se non estivese suficientemente acuciada pola crise económica, agora verase obrigada a sacar recursos de onde non os ten cando queira defender os seus dereitos, demostrao o feito das numerosas críticas que recibiu por todos os estamentos da Administración de xustiza, dende xuíces ata avogados e procuradores.

Así, o Consello Xeral da Avogacía Española e uns días máis tarde o Consello da Avogacía Galega manifestaron a súa oposición á aprobación das novas taxas, cualificando a proposta de inadmisíble. Igualmente o fixo o Colexio de Procuradores de España, que as considera esaxeradas. Pero é que, ademais, tamén se manifestou en contra o Consello Xeral do Poder Xudicial por considerar o incremento excesivo, exorbitante, ademais de entender que ten un efecto disuasorio evidente á hora de preitear, obxectivo que non dubidamos que é o que persegue o ministro Gallardón con este taxazo.

O Partido Popular, unha vez máis, volve mostrar as súas verdadeiras intencións: a dunha xustiza para os cidadáns que teñen recursos e outra para aqueles que non dispoñen de recursos económicos, coma sempre beneficiando aqueles que máis teñen en detrimento dos que menos teñen. E mentres isto sucede, cun prexuízo demostrable para todos os cidadáns españois pero, sobre todo, para os galegos, que temos os salarios e as pensións máis baixas de todo o conxunto do Estado, o Goberno galego fai mutis por el foro.

Foi un Goberno do PP no 2002 quen introduciu novamente as taxas que foran eliminadas por un Goberno socialista pre-

sidido por Felipe González e é novamente un Goberno do PP quen introduce novas taxas e incrementa de xeito escandaloso as xa existentes.

Señor Rueda, eu supoño que vostede é consciente deste anteprojecto e supoño que se dá conta do que supón, porque supón, por exemplo, que nun procedemento laboral un traballador ou traballadora que queira recorrer unha sentenza por despido deberá aboar 500 euros. Época de crise, despedimentos masivos, aos que contribuíu de xeito importante a reforma laboral impulsada polo PP, e o Goberno poñéndolles trabas aos traballadores para que recorran as sentenzas por despido.

Outro exemplo: un procedemento contencioso-administrativo, por exemplo un abreviado, como pode ser recorrer unha multa de tráfico; haberá que aboar 200 euros. Fíxese que igual ata temos que pagar máis pola taxa que pola multa que reclamamos.

É obvio que, con todo isto, buscan que os cidadáns desistan de defender os seus dereitos nos tribunais. Así, xa de paso, redúcese o colapso nos xulgados para que o señor Gallardón se poida colgar unha medallíña.

E eu pregunto, señor Rueda: ¿vai ser o Goberno galego cómplice unha vez máis dunha medida como esta, gravosa para os galegos?

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, señora Rodríguez Amoroso. Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Amoroso, en fin, como isto... Levamos seis meses no Goberno e isto das taxas e da supresión de recursos –tamén supoño que vostede coñecerá– non é novo. Ese taxazo que vostede di e esa dificultade para acceder á xustiza a través da supresión de recursos supoño que xa saberá que na anterior lexislatura se fixeron cousas.

Mire, Lei de medidas de axilización procesual: o aumento da litixiosidade é indicativo da confianza que os cidadáns depositan na xustiza. Estou de acordo. Pero pon de manifesto tamén a necesidade de introducir profundas reformas para asegurar a sostibilidade do sistema e garantir un servizo público de calidade. Estou de acordo. ¿Sabe con quen? Outra vez co señor Caamaño.

Entón, tivo que facer esa lei (*Murmurios.*) e tivo que tomar medidas como suprimir o recurso de apelación en xuízos verbais de contido inferior aos 3.000 euros –por certo, en principio a proposta eran 6.000–. Introducir unha nova vía –perdón– de recadación, o chamado depósito obrigatorio, para recorrer; iso introducírono vostedes. Elevar os umbrais económicos como, por exemplo, para recorrer en casación ao Tribunal Supremo. Ese é o taxazo que fixeron vostedes na anterior lexislatura.

Mire, é que non só non derogaron o sistema de taxas ao que vostede se refería no ano 2002, mantivérono; é que meteron máis, é que suprimiron a posibilidade de moitos recursos. Eu creo que é mellor unha taxa que sempre un recurso, ao que non pode recorrer ninguén, nin os que teñen recursos económicos nin os que non os teñen, porque xa non se pode, ao eliminalo. Vostedes eliminaron recursos, a posibilidade de acceder á tutela xudicial en moitos casos.

¿Sabe canto recadaron vostedes en taxas xudiciais? 165 millóns. ¡Oia!, se a taxa é algo tan malo, é algo que impide tantas cousas, ¿por que non a suprimiron directamente? ¿Por que fixeron ese taxazo a través da Lei de medidas de axilización procesual e meteron novas taxas e suprimiron recursos? Probablemente polo que dicía o señor Caamaño, porque hai que garantir a viabilidade do sistema. Estamos de acordo, vostedes tamén cando gobernaban. Agora pódese dicir calquera cousa, igual que no tema da demarcación.

Mire, esta lei, este proxecto de lei, que eu por suposto coñezo –é a miña obriga e supoño que vostede tamén–, ten bastantes cousas que vostede non nomeou, porque non lle interesa. Por exemplo, que quedan exentos do pagamento da taxa as persoas sen ingresos que teñan recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta, os intervenientes en procesos de capacidade, filiación e menores, os incursos en procesos sobre protección de dereitos fundamentais. Toda esa xente non vai ter que pagar a taxa.

E, por certo, e por fin, despois de que llo pediramos todos os responsables en materia de xustiza autonómicos, incluídos –e eses os primeiros– os do Partido Socialista, que son os que tiñan os maiores afogos económicos, ou polo menos iso comentaban, por fin o ministerio, un ministerio dun Goberno do PP, se dá conta de que hai que destinar cartos e hai que axudar as comunidades autónomas a sufragar o dereito á asistencia xurídica gratuíta. Porque iso si que é un dereito, iso si que afecta á xente con menores recursos. Iso si que é importante e hai que garantir que todo aquel que non teña cartos para pagarse un avogado poida acceder igual ao sistema xudicial. Iso si que é importante, esa é unha das finalidades que ten este proxecto de lei e iso é algo que vostedes esqueceron completamente.

E mire, nós o que non imos facer nunca –por certo, xa llo digo, tampouco mo preguntou,...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):... porque sabe a resposta e non lle convén– é poñer novas taxas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Noutras comunidades autónomas, si. Veremos cales.

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Réplica. Señora Rodríguez Amoroso.

A señora RODRÍGUEZ AMOROSO: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, non sabía que a asistencia xurídica gratuíta a inventara o Partido Popular, pero a verdade é que, escoitándoo a vostede, doume conta de que ata o momento estiven equivocada, porque a asistencia xurídica gratuíta debe ser que a inventaron vostedes; nós non debemos de ter nada que ver.

Mire, señor Rueda, están gobernando vostedes, aquí e no Estado. Entón, non goberna o señor Caamaño, non goberna esta deputada que lle pregunta, goberna o Partido Popular, goberna en Galicia e goberna en Madrid. E quen introduce e sobe de maneira esaxerada as taxas é o Partido Popular.

E non lle terei que explicar eu a diferenza entre taxa e depósito, supoño que non lle terei que explicar eu esa diferenza, porque é substancial, substancial. E os que teñen que acudir á xustiza coñecen moi ben cal é a diferenza, co cal non intenten desprestixiar ao anterior ministro de Xustiza equiparando as taxas cos depósitos.

Vostede di que subimos as taxas cando gobernamos. Dígame cales; a min non me se me ocorre nada. Pero é que vostedes as subiron incluso en ocasións en máis dun 167 %, e que saíron todas as institucións de xustiza a dicir que era tremendamente gravoso e que facía que os cidadáns desistisen de acudir á xustiza.

Eu, señor Rueda, o único que lle pido é que defenda os intereses dos galegos e das galegas, que fronte ás ideas de bombeiro que cada día que se levanta Gallardón se lle ocorre unha diferente: un día, as taxas; outro día, que os notarios asuman determinadas funcións que lles correspondían a xuíces; a última é que a xustiza funcione tamén en agosto; eu o único que lle pido é que defenda os galegos e as galegas, porque aos cidadáns galegos e ás galegas lles vai custar moito máis traballo pagar as taxas que ao resto dos cidadáns do Estado. ¿Sabe por que? Porque temos os salarios máis baixos; por iso, simplemente por iso.

Entón, de verdade, señor Rueda, dunha vez por todas, pído-lle que defenda como Goberno galego os galegos e as galegas que teñen menos recursos e que defenda o dereito á tutela xudicial efectiva, en lugar de defender os ministros do Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Rodríguez Amoroso.

Turno de peche. Señor conselleiro de Presidencia.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Si, señora Amoroso.

Eu de verdade é que lles teño bastante respecto aos dous ministros de Xustiza, ao anterior e a este, vostede probablemente a ningún dos dous, ¡eh!, a ningún dos dous. Por iso lle digo que un dicía que era necesario garantir a sostibilidade do sistema e outro está facendo propostas para que así sexa.

Mire, se tan malas eran as taxas que se introduciron no ano 2002, tiveron vostedes sete anos para suprimilas, e non fixeron nada, co cal todo o seu discurso de taxas eu creo que queda un pouco comprometido por esa actitude de non facer nada en sete anos e agora vir denuncialo cando perden o Goberno.

E respecto á xustiza gratuíta, que creo que é o fundamental —é o fundamental que hai que preservar en todo caso, o que máis lle interesa á xente sen recursos—, dixemos durante moitísimo tempo que era necesario tomar algún tipo de determinación para garantir a súa sostibilidade.

Mire, eu, cando cheguei, encontreime, en épocas de moita máis bonanza económica e de moitos máis recursos orzamentarios autonómicos que tiveron vostedes na Xunta bipartita, que os colexios de avogados levaban tres trimestres sen cobrar, e ninguén me soubo explicar por que, pero era unha realidade, e eu o que lle podo dicir é que dende entón e con moitos menos recursos económicos estamos pagando con moita máis regularidade e respectando a periodicidade aos colexios de avogados a xustiza gratuíta, que creo que é fundamental, creo que é o que fai falta para garantir de verdade a tutela xudicial efectiva, e para iso pedimos medidas que o fagan posible.

A partir de aí está a demagoxia, a partir de aí está criticar agora o que antes non dicían nada e a partir de aí está cargarse de sen razóns para ao final demostrar que é moi fácil facer demagoxia pero é moi difícil ser serios nos temas de xustiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Continuamos coa orde do día, que é o turno de interpelacións.

Interpelación de D. Ismael Rego González, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios seguidos polo Goberno galego na tramitación de expedientes en materia de disciplina urbanística

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Rego.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Certamente traio aquí, traemos aquí o Grupo Parlamentario Socialista, esta interpelación, coñecedores, como as súas señorías, de que este tema foi tratado xa nunha pregunta neste Parlamento fai máis ou menos un mes, ou sexa, no último Pleno do mes pasado, pero vímonos obrigados a traelo porque na contestación á pregunta, seguramente por falta de tempo, o señor conselleiro deixou algunha nube de incertidume que é conveniente despexar.

Porque corren certamente malos tempos para a política e para os políticos, é ben que en cuestións tan serias coma esta quede despexada calquera sombra de dúbidas. Créanme vostedes que esa é a intención que ten esta iniciativa: darlle a oportunidade ao conselleiro, ao Goberno de todos os galegos, de que explique, clarifique, con absoluta rotundidade, a situación do sobresemento deste expediente.

Hoxe pola mañá, señorías, vivimos aquí nun momento determinado pois unha acción sobre un feito que eu non vou xustificar, máis ben todo o contrario, porque me parece que fai dano á política, e o señor presidente da Xunta dixo sobre del que se empregaban cartos públicos para facer publicidade dunha deputación provincial, que non se dedicaban por exemplo a atender políticas de carácter social. E penso que ten razón o presidente. Agora ben, hai que dicir quen é o pai de todo isto, e, señorías, non sei se lles soa de algo este papeleño: publicidade institucional da Xunta de Galicia, precampaña das eleccións autonómicas ano 2005... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Vicepresidente... Non, non, claro, claro. Vicepresidente do Goberno de Galicia, o señor Núñez Feijóo, hoxe presidente da Xunta de Galicia. ¿Contra quen era isto? Publicidade institucional da Xunta de Galicia contra o Goberno de España, polo mal que nos trataba nas infraestruturas, polo ben que trataba a Andalucía e a

Cataluña e polo mal que trataba a Galicia. Unha campaña en todos os medios de comunicación de Galicia financiada con recursos de todos os galegos e de todas as galegas; a través disto chegou –quen hoxe é presidente da Xunta de Galicia– ao Goberno do país; financiada esta campaña con fondos públicos de todos galegos.

Polo tanto, eu lamento que lle teñan copiado, pero o mestre desta política é el. A través disto chegou el... (*Aplausos.*) ao Goberno de todos os galegos. Seguramente, estes recursos daquela –e eu si llo reclamei daquela neste Parlamento–, estes recursos estarían moito mellor adicados a pagar a Risga, que daquela había moitas dificultades, para poder pagala tamén, porque había poucos recursos. Seguramente tivera sido mellor empregalos non en financiar a Lei da dependencia, porque daquela xa saben vostedes que non había, porque vostedes non tiveran tempo de poñela en marcha nos oito anos que gobernaron en España. (*Aplausos.*)

Pero, bueno, todo isto, señorías, é o que hai que desterrar.

E imos á interpelación, señor conselleiro, á interpelación que ten como motivo o sobresemento dun expediente que ten feito o Goberno galego. Primeiro se abre no ano 2004 un expediente de disciplina urbanística á construtora Construcuatro pola construción dun edificio en primeira liña de praia, na praia de Silgar, no concello de Sanxenxo, dende logo onde hai non soamente pisos de luxo senón tamén un alto custo, non soamente o solo senón tamén o que se constrúe encima del.

E ábreselle un expediente porque fai unha ocupación do espazo de dominio marítimo e público terrestre en torno, ao largo da franxa de todo o inmovible, en torno a 2,20 metros nalgunha zona e 1,80 noutra zona. Ábreselle un expediente e noméase un instructor. E o instructor do expediente conclúe que hai aumento de volumes edificables no edificio, que non se cumpre a lexislación urbanística de Galicia no tocante ás alturas, nin o volume edificable, e desde logo que se fai unha ocupación do espazo marítimo e público terrestre nun número importante de metros; ou sexa, que se utiliza o patrimonio de todos en función do interese particular. E, en función diso, este señor non cabe dúbida que propón nese expediente unha sanción: 3.055.841 euros, e, a maiores diso, 305.584 euros mensuais en tanto en canto non se repón a legalidade urbanística na zona. Ese é o expediente.

Bueno, o señor López Veiga –por certo, xa falaremos diso un pouco máis para adiante, que aparece premiado, imaxínome que será por esta cuestión– decide pedir un informe á daquela delegada de Costas, da Dirección Provincial de Costas en Pontevedra, intentando –entendo eu– salvar unha situación que era dificultosa. E esta señora fai un informe, e fai un informe dicindo que hai algún tipo de discrepancia entre planos, como se os planos tiveran algo que ver en tanto en canto non está feito o preceptivo deslinde e non tivera todo que ver a comunicación que se lle fai desde Costas á Xunta de Galicia inicial en tanto en canto se abre ese expediente.

Bueno, esta señora emite un informe dicindo: non, é que pode ser que nalgún sitio non sexan 2,20 metros, pode ser que sexa un metro nada máis e pode ser que nalgún sitio non sexa 1,80 metros e pode ser que sexan 75 centímetros. Pero a señora recoñece que se fai a ocupación do espazo marítimo-terrestre.

Bueno, o señor López Veiga asume el a competencia de sobreeser este expediente. Por certo, asúmea el claramente, a sabendas de que non ten capacidade para poder facer ese sobresemento. Iso si, non tiña capacidade xurídica para facer o sobresemento, porque era unha competencia do Consello da Xunta de Galicia, pero tampouco tiña as agallas que había que ter para levarlle seguramente ao Consello da Xunta de Fraga Iribarne para que sobreesera ese expediente, seguramente que non.

E por iso é el quen asume esa competencia. E sobreeso, claro, indebidamente, pasando por enriba de todo, e este señor que é capaz de facer isto, de desoír a Lei da Xunta e o seu presidente, de desatender o ámbito competencial que ten como conselleiro e pasar por enriba das competencias do Consello da Xunta de Galicia, é o que vostedes acaban de mandar de senador a Madrid en representación da comunidade autónoma, de todos os galegos; este señor é o que vostedes acaban de mandar a Madrid para senador para que defenda os nosos intereses, este señor.

Por certo, que desde logo pasou por encima das competencias da comunidade autónoma e por encima das competencias da súa consellería e do Consello da Xunta e do seu presidente non o digo eu, dío unha sentenza do Tribunal Supremo, unha sentenza en firme do Tribunal Supremo. Bueno, e dío tamén por suposto o acordo do Consello da

Xunta de Galicia que afirma con rotundidade que eles, e aquí, señor conselleiro, é onde vén a sombra de dúbida principal, que vostede na contestación á pregunta que eu lle fixen neste Parlamento me dixo que o Goberno de Galicia só atendera a sentenza do Tribunal Supremo, que se limitaran a cumprir a sentenza do Tribunal Supremo.

E vostede, señor conselleiro, sabe coma min que iso é mentira, é mentira, ou sexa, non é verdade; se vostede quere que llo diga máis fino, non é verdade. Porque o Tribunal Supremo en ningún sitio da sentenza —eu téñoa aquí e estou seguro que vostede tamén— di que haxa que sobrer o expediente. Non, non. O Tribunal Supremo a única cousa que di é que está sobresido indebidamente, que é moi distinto. O que lles di a vostedes o Tribunal Supremo é que o expediente está sobresido indebidamente, porque a persoa que o fixo non tiña competencias para facelo, e vostedes, en vez de seguir tramitando o expediente, polo menos abriron a información sobre o que pasara, ¿por que este señor, a espaldas do Consello da Xunta, sobresé un expediente destas características, cunha sanción destas características?, porque algo moi grave tiña que ter acontecido para que esta sanción destas características se teña producido. Non, vostedes o que fan é sobrer un expediente.

Por certo, ¡ollo! —e espero que isto mo aclare—, non sobresé soamente o expediente pola incapacidade que tiña o señor López Veiga no seu ámbito competencial para sobrer. Non, non, é que vostedes sobresén tamén o expediente de reposición da legalidade urbanística —que diso xa falaremos—. Vostedes sobresén dúas cousas: o que tiña que ver coa capacidade do señor López Veiga para sobrer o expediente e aínda encima sobresén outra cousa: a parte que toca á reposición da legalidade urbanística. Ou ¿é que non pensan vostedes esixir que se repoña a legalidade urbanística? ¿Pensan vostedes que o señor Telmo Martín ten dereito a disfrutar deses centos de metros cadrados que valen polo visto ou valían daquela un millón de pesetas metro cadrado? ¿Pensan vostedes que o patrimonio público ten que poñer ao servizo deste señor todo ese volume de recursos? Desde logo, o señor...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando.

O señor REGO GONZÁLEZ:... instrutor do expediente pensaba que non e pensaba que había que sancionar e pensaba ade-

mais que había que repoñer a legalidade. Vostedes non o fixeron.

Polo tanto, señor conselleiro, eu espero que me aclare todas estas cuestións que lle plantexamos na interpelación. Primeiro, os criterios que se seguiron para a apertura e o peche do expediente de sobremento. Segundo, ¿cal é o número de expedientes abertos e cales son as causas que os xeraron nos últimos tres anos?, porque isto me dá a sensación de que chove sobre mollado. ¿Cales foron os expedientes resoltos e con que resultado e cales foron os expedientes sobre os que decidiu o Consello da Xunta nos últimos tres anos e con que resultados?

Señor conselleiro, sobre isto necesítase moita luz e moitos taquígrafos, porque chove moito sobre mollado. E eu espero que esta interpelación lle dea a vostede a oportunidade de aclaralo, porque, se non, teríamos que insistir sobre algo que non nos parece nada bo nin para o Goberno de Galicia nin para a política no noso país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Rego.

Réplica do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rego, a verdade é que vexo que vostede fixo unha interpelación e logo despois plantexou outra. Permítame que alomenos faga algunha reflexión á súa primeira parte da intervención. Menos mal que o Goberno da Xunta defendeu o Plan Galicia o ano 2005, probablemente se o bipartito tivera feito esa mesma defensa, agora pois estaríamos en mellores condicións en relación coas infraestruturas, probablemente. *(Aplausos.)*

Mire, señor Rego, aínda que vou entrar loxicamente a responder a súa interpelación concreta, a promoción urbanística á que vostede se refire non está en medio do rural de Ourense, por exemplo; non está na zona rural de Ourense, nun núcleo que aínda non está nin delimitado; non está enriba dunhas dunas, non; está no tecido urbano de Sanxenxo.

Esa promoción pediu a súa correspondente licenza e tivo —é certo— un problema e unha sentenza, e nós o que fixemos foi precisamente, por acordo do Consello da Xunta, por proposta da dirección da APLU e previo informe da Asesoría Xurídica Xeral, na súa reunión do 24 de novembro do 2011, adoptar o acordo de dar cumprimento á sentenza, señor Rego. Iso é o que fixemos.

Por certo —insisto—, unha promoción que tiña pedida unha licenza urbanística outorgada, e por certo, tamén con licenza de primeira ocupación; é dicir, o promotor non pediu unha licenza para un retellado, por exemplo, e logo despois fixo un pazo; non fixo iso; (*Aplausos.*) fixo unha promoción, tivo unha licenza e actuou conforme a dereito.

Pero, señor Rego, se lle parece ben, vou responder polo miúdo, con criterios xerais, porque a súa interpelación tiña criterios xerais, ás cuestións que plantexa vostede na súa interpelación.

Pregunta vostede que criterios segue o Goberno galego para a apertura, peche e sobresemento de expedientes en materia de disciplina urbanística. Pois, como sabe vostede moi ben, señor Rego, a apertura dun expediente en materia de disciplina urbanística non lle corresponde ao Goberno, é unha tarefa de exclusiva competencia da propia Axencia de Protección da Legalidade Urbanística dende que está creada, na súa condición, como sabe tamén vostede, de ente público de natureza consorcial dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e tamén plena autonomía no cumprimento das súas funcións.

Para levar a cabo as súas funcións, a axencia réxese polo plan de inspección da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, que, segundo o establecido no artigo 15 dos seus estatutos, será aprobado polo consello executivo da axencia, un órgano no que, como tamén debería saber vostede, teñen destacada presenza tanto colectivos profesionais como a participación dos concellos representados na propia axencia por designación da Fegamp.

No plan de inspección da axencia establécese, entre outros aspectos, a orde de prioridade para a inspección dos concellos de Galicia. Nese plan de inspección que acorda a propia axencia márcanse cales deben de ser os labores prioritarios de inspección, que na actualidade son os seguintes: en pri-

meiro lugar, o territorio dos municipios integrados na axencia; en segundo lugar, o territorio dos municipios costeiros, como é o caso efectivamente do concello de Sanxenxo ao que vostede se refería; despois, o territorio dos municipios con planeamento xeral suspendido polo Consello da Xunta de Galicia; en cuarto lugar, o territorio dos municipios limítrofes cos das cidades con máis de 50.000 habitantes; en quinto lugar, o territorio dos municipios con espazos naturais integrados na Rede Natura 2000; e, por último termo, o territorio dos municipios nos que o número de vivendas aumente considerablemente.

Seguindo esta orde de prioridades, a inspección da axencia realízase dun xeito obxectivo comparando voos aéreos de distintas datas e identificando as edificacións que aparecen respecto das cales nun principio non pasou o prazo de caducidade da acción, que está establecido, como sabe vostede, en seis anos. Constatadas as edificacións, procédese a solicitar os permisos que puideran existir, así como a identificación das persoas responsables.

Polo que respecta á tramitación dos expedientes de reposición da legalidade, seguindo o plan de inspección citado, dentro das infraccións detectadas outórgaselles prioridade ás seguintes actuacións: en primeiro lugar, ás obras en curso de execución, é dicir, aquelas que non se atopen totalmente rematadas, e logo ás obras rematadas cuxo prazo de caducidade de redacción estea próximo a vencer.

Para o peche e o sobresemento dos expedientes, a axencia segue o establecido na lexislación urbanística, adoptando as medidas que lle corresponden ou informando de forma razoada e con fundamento as propostas de resolución que deben adoptar o Consello da Xunta, o conselleiro ou o director xeral ou secretario xeral competente na materia segundo sexa o caso.

E en relación coa súa segunda pregunta, ¿cal é o número de expedientes abertos e cales as causas que os xeraron nos últimos tres anos?, o número de expedientes, señor Rego, abertos pola axencia durante os anos 2009, 2010 e 2011 ascende a 2.272, dos que 607 corresponden ao ano 2009, o 27 %; 714 ao ao 2010, o 31 %; e 951 ao pasado ano 2011, o que representa o 42 % de todos eles. Como pode apreciarse, hai unha alza constante, ata o punto de que entre os anos 2009 e 2011 o incremento de expedientes abertos foi dun 57 %.

A maior parte dos expedientes neste período de tres anos están relacionados coa imposición de multas coercitivas, 953 expedientes, seguidos dos expedientes relativos a reposición da legalidade, que son 688.

Dentro da zona de servidume marítimo-terrestre, incoáronse 101 expedientes sancionadores, pasando dos 7 abertos en 2009 aos 51 de 2011, o que supón un incremento do 629 %. E outros 256 relativos a multas coercitivas no mesmo ámbito marítimo-terrestre, onde se verifica un incremento dun 144 % entre os anos 2009 e 2011.

As demolicións efectuadas nos últimos tres anos, 2009 a 2011, foron 147, das que 37 corresponderon ao ano 2009, 38 no ano 2010 e no ano 2011 case se duplicaron, acadando as 72 demolicións ao longo do ano. As causas que xeraron eses expedientes responden a unha variada casuística conforme as funcións atribuídas á APLU, entre outras por obras realizadas sen licenza urbanística en terreos cualificados como zonas verdes, espazos libres, dotacións ou equipamentos públicos, obras realizadas en solos rústicos sen a preceptiva autorización urbanística autonómica ou incumprindo as súas condicións, obras e usos prohibidos en solo rústico ou obras executadas sen licenza urbanística municipal constitutivas de infracción urbanística grave ou moi grave no caso de que o concello non exerza as súas competencias.

No relativo aos expedientes resoltos e con que resultados, o número de expedientes resoltos pola axencia foron os seguintes: dos 688 expedientes de reposición da legalidade iniciada nos últimos tres anos, resolvéronse 524, é dicir, o 76 %; dos 127 expedientes sancionadores iniciados, resolvéronse 104, é dicir, o 82 %; e dos 101 expedientes sancionadores en zona de servidume marítimo-terrestre iniciados resolvéronse 49, é dicir, o 48,5 %.

Polo que respecta ao resultado dos expedientes na aplicación do artigo 209, 210, 211 e 218 e seguintes da Lei de ordenación urbanística de Galicia, o resultado do expediente non é outro que a demolición do indebidamente construído e a obriga de repór os terreos ao estado anterior, para aqueles casos nos que se constate que a actuación urbanística, ademais de ilegal, é ilegalizable. Para os casos nos que a actuación resultara legalizable, conclúese ordenando que no prazo de tres meses se solicite a oportuna licenza municipal e/ou autorización autonómica.

Para o caso de que despois da inspección ou a instrución se detecte que a infracción non é competencia autonómica, resólvese a remisión de todo o actuado ao concello, por ser a administración pública competente. Pode destacarse que a maioría dos expedientes conclúe declarándose as obras e usos como non legalizables.

Por último, no que fai referencia aos expedientes sobre os que decidiu o Consello da Xunta, no Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, establécese na súa disposición adicional segunda que o Consello da Xunta de Galicia manterá a competencia para resolver os expedientes sancionadores tramitados pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística segundo o establecido na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ou na Lei 22/1988, de costas, no caso de que a instrutora ou instrutor propoña a imposición de sancións por contía superior aos 600.000 euros. Pois ben, señor Rego, desde a constitución da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no ano 2008, non se elevou ao Consello da Xunta ningún expediente para a súa resolución.

Señor Rego, no referente ao expediente que vostede puxo enriba da mesa hoxe aquí, dicirle que a Xunta de Galicia actuou conforme a dereito, actuou en base aos informes da directora da Axencia da Legalidade Urbanística e da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta. O demais é unha persecución inadmisíble.

Moitos grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Rolda de grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Silva.

A señora DA SILVA MÉNDEZ: Grazas, señor presidente.

Moi boas tardes a todos e a todas.

Señor conselleiro, o tema que trae aquí hoxe esta interpelación é realmente un tema que debería provocar en todos e

todas os deputados desta Cámara preocupación, no Goberno galego, está provocando preocupación na sociedade.

Antes de entrar no contido da interpelación, gustárame, xa que imos falar de cumprimento da legalidade vixente, facerlle un rogo ao señor conselleiro, se me permite. Se se entra na páxina da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galiza e se vai á lexislación para informarse, cousa que calquera cidadán pode facer e ademais en urbanismo, onde hai acción pública, da lexislación que está vixente neste momento en Galiza en materia de urbanismo, basicamente na parte que se corresponde a lexislación de competencia exclusivamente galega, atopámonos cunha triste sorpresa, ou polo menos cunha triste constatación: a falta de respecto por parte da Xunta de Galiza da legalidade vixente –e xa lle dixen que era un rogo, ten fácil solución este problema se hai intención de resolvelo–, porque os enlaces á lexislación vixente en Galiza en materia de urbanismo, sorprendentemente, están en español.

O texto consolidado da Lei 9/2002, de protección, bueno, da Lei do solo –para entendernos–, o texto, o enlace ao que envía a páxina da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un texto en español, pero o que máis sorprende aínda, o que aínda é moitísimo máis sorprendente –se é que en materia de lingua en algo xa nos pode sorprender o Goberno– é que o seguinte enlace, que vai á modificación do 2004, manda ao DOG curiosamente na súa versión en español, cousa que desde logo ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego nos parece inadmisíbel e facilmente remediábel, habendo vontade política de defender os dereitos lingüísticos de Galiza, e polo tanto un dereito básico que ten a poboación galega é acceder ao coñecemento das leis polas que se rexe en galego, e o que é moitísimo máis grave, un enlace ao DOG na súa versión en español.

Como lle dicía, é un rogo, ten que ver co cumprimento da legalidade, e estamos falando da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, pero que ten que protexer a legalidade no seu conxunto.

E claro, iso xa fai pensar nun mal inicio, pero o seguinte que vou facer é unha reflexión. A sociedade neste momento a percepción que ten do funcionamento da disciplina urbanística en Galiza é mala. A verdade é que, despois de ler os medios de comunicación, a percepción que ten a sociedade

é mala. Constantemente saen noticias sobre infraccións urbanísticas de maior ou menor dimensión, sobre distintos problemas que hai con respecto ao exercicio e á aplicación das normas en materia urbanística, supostas negligencias da Xunta, supostas negligencias municipais, corruptelas, destrozados do territorio, acompañado todo isto de que a lexislación urbanística en vigor, bueno, pois é dunha lentitude nas tramitacións –como de todos é coñecido e recoñecido– enorme, con infinitos trámites, con incapacidade administrativa para impulsar e facer cumprir as normas. Isto é algo que non é unha visión do Bloque Nacionalista Galego senón que é algo que se constata e que creo que nisto, na percepción que hai da situación urbanística en Galiza, todos os grupos parlamentares estamos de acordo.

Isto foi acompañando nestes anos –e non exclusivamente nestes anos– de sucesivas modificacións da lexislación urbanística, modificación tras modificación, algunhas de carácter xeral, algunhas necesarias pola adaptación á normativa europea, pero outras feitas, sobre todos nestes últimos tres anos –teño que dicirllas así–, nesta lexislatura, dunha forma cando menos pouco transparente. Modificacións introducidas vía Lei de acompañamento dos orzamentos para resolver problemas concretos, modifícase a norma con carácter xeral para resolver un problema, un fenómeno que foi provocado por un problema da normativa, non imos aos problemas de fondo, non se resolve a lexislación cos problemas que ten de fondo para non adaptarse á realidade, porque non se adapta á realidade, e entón estamos facendo permanentemente modificacións para resolver problemas concretos.

Estarán de acordo comigo as súas señorías en que algo falla gravemente cando modificación tras modificación para resolver problemas puntuais que van aparecendo na aplicación desa normativa. E cando non é así, hai outra forma de actuar, e ¿que problema percibe a sociedade? Que as normas, en materia de urbanismo, cúmprense se se adaptan ás necesidades de quen as quere aplicar, nomeadamente a Xunta de Galiza, e se non saltan, non digo que se vulneren, digo que se saltan, e entón temos a lexislación de ordenación do territorio, á que se recorre cando o que se debería de resolver con instrumentos urbanísticos non se pode resolver, e xa ten habido moitísimos debates neste Parlamento respecto de todo o tema de Barreiros. Pero o recurso aos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal para saltarse a normativa urbanística, e que tamén tivo que ser motivo dunha modificación da

lei vía Lei de acompañamento dos orzamentos, para poder aplicalo despois de que aparecese unha sentenza, é unha constante por parte da Xunta de Galiza.

A lexislación urbanística cumpríndola se se adapta ao que queremos facer, e se non, saltámola. Iso a Xunta pode facelo, o que, desde logo, non é unha boa mensaxe para a sociedade e que pon de manifesto, unha vez máis, as graves carencias de fondo que ten a lexislación urbanística que temos en Galiza, que temos en Galiza dende o ano 2002 e a anterior. E recórdolle que, bueno, isto nace cunha lei no 2002, que, desde logo, non apoiou o Bloque Nacionalista Galego no seu momento.

¿E que lle fai pensar isto á xente?, ¿que lle fai pensar á sociedade, á sociedade que percibe todo isto? Pois que o modelo de disciplina urbanístico que ten o Partido Popular consiste en: cando temos que aplicar a lexislación, facémolo segundo nos valla ou non nos valla e se non saltámola, e a quen a aplicou mal actuamos en función de quen é. E entón, claro, veñen estes problemas provocados pola percepción que se ten pois de intentar perdoar sancións millonarias, de operacións urbanísticas escuras que se realizan en terreos que se recualifican en función de quen é o propietario –cousa que, desde logo, cando menos dá moito que sospeitar á sociedade–. E, en definitiva, un modelo urbanístico poderíamos chamar, un modelo de disciplina urbanística que poderíamos denominar modelo Sanxenxo.

E digo modelo Sanxenxo, bueno, xa o señor Rego na súa intervención explicou con todo tipo de detalles un expediente concreto que fai referencia ao concello de Sanxenxo, pero é que Sanxenxo é un exemplo do que non se debe facer en urbanismo, nin en planificación nin en disciplina. Pero é que curiosamente a xerente de Urbanismo de Sanxenxo é a actual secretaria xeral de Urbanismo da Xunta de Galiza, persoa da que non dubido da súa capacidade profesional; o problema é que a capacidade profesional hai que aplicala correctamente.

E este é o modelo que temos, e a xefa de Costas –para acabar de aclaralo– dixo aquilo de “a canallada que lle fixeron ao pobre Telmo”. Claro, pobre de espírito imaxínome, porque pobre pobre, Telmo non o é, cando se refería ela textualmente ao pobre Telmo. E o señor Louzán tamén, explicando que ese é o modelo –o modelo que quere o Partido

Popular é o modelo Sanxenxo–, dixo que tiña que haber máis empresarios como Telmo Martín. Supoño que se referirá ao de cobrar sobreprezos polos pisos, polas vivendas protexidas. Ou é que o modelo do Partido Popular e o do señor Louzán son os ex alcaldes Telmo Martín ou Conde Roa; o que prefiran en función das necesidades.

Eu xa lle digo: estamos falando dun tema moi serio, e, polo tanto, á parte do que acabo de dicir, eu creo que teríamos que trasladarlle á sociedade que a lexislación está para cumprila, aplíquea quen a aplique e se lle aplique a quen se lle aplique. E neste momento os maiores problemas que se perciben na sociedade no urbanismo en Galiza non son a disciplina urbanística, non son todos eses expedientes, os que vostede dixo que abría a axencia, senón que é moitísimo máis grave, porque son problemas derivados da diferente interpretación da lexislación.

Vostede mesmo dicía: este edificio de Sanxenxo no seu momento tivo licenza, edificios de Barreiros que no seu momento tiveron licenza. Discrepancias profundas...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

A señora DA SILVA MÉNDEZ:... –si, remato– na aplicación da lexislación. Non é que alguén se salte a legalidade e faga unha edificación sen licenza, é que é moitísimo máis grave, é moitísimo máis serio e moitísimo máis grave, porque ademais hai terceiros prexudicados por esa situación. É que se fixeron con licenzas mal concedidas e no seu momento cuestionadas, ou con licenzas que pensaban –porque non lles vou supoñer mala intención a todos os concellos cando dan unha licenza mal, nin moitísimo menos– que estaban ben dadas, ben concedidas. Ese é o problema. Necesitamos...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Da Silva.

A señora DA SILVA MÉNDEZ:... –remato– necesítase que todas estas situacións se resolvan claramente e, desde logo, transparencia por parte da Xunta de Galiza. Non se pode seguir actuando como se está actuando en urbanismo en Galiza.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor conselleiro.

A exposición do señor Rego ten sido moi interesante. Comezou falando da Deputación de Lugo, e certamente debe ser un sitio ben curioso a Deputación de Lugo, ¿non? Porque vostede, que pertence ao partido que goberna esa deputación, está aquí criticando pois a súa vicepresidencia. Vostede, que pertence ao seu partido, critica constantemente un convenio que asinou o seu presidente para arranxar un problema en Barreiros. Debe ser un sitio certamente ben curioso e lévanos —estámolo vendo outra vez— a eses vellos vicios do bipartito que vostede coñece moi ben. E definiuno moi ben vostede: hai partidos que fan goberno ou gobernan pola mañá e fan oposición pola tarde. *(Aplausos.)*

Sacou vostede tamén aquí un documento substancial, e eu creo que hai unha diferenza notable entre defender no ano 2005 os intereses de Galicia defendendo o Plan Galicia, que estou vendo agora mesmo pagar con fondos públicos, con fondos de todos os cidadáns, pois slogans dun partido político. Estámolo vendo aí, exactamente o mesmo slogan. Hai unha diferenza entre ese slogan que vexo agora mesmo e o que sae publicado, pagado con fondos públicos, nos xornais de Galicia: “pobo” aquí aparece con “b” e nos xornais aparece con “v”, é a principal diferenza que se ve nese caso.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Silencio, señora Pontón, non ten vostede a palabra.

Siga, por favor, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Home, e tamén nos alegrámos —como xa dixen antes— de que vostedes tivesen que retrotraerse ao ano 2005 para atopar —segundo vostedes— un exemplo de uso —entre comiñas— “perverso” dos fondos

públicos. Será entón que neste momento a Xunta de Galicia non está a facer algo que vostedes están a facer hoxe e onte mesmo na Deputación de Lugo, ou tamén nalgún concello, sen ir máis lonxe, no concello de Vigo.

Porque a nós seríanos moi fácil facer o que fixeron vostedes, facilísimo. ¿Recordan vostedes cando as vicepresidencias tiñan nome e apelido? Pois recórdano todos os galegos, non era vicepresidencia de algo senón que era vicepresidencia con nomes e apelidos. Realmente ese modelo afortunadamente está desaparecido.

E mire, tamén citou aquí o señor Rego o senador autonómico que onte tivemos a honra de votar. Ben, o señor López Veiga, que ten un amplo currículo como servidor público, non recibiu ningún premio; se o recibiu, supoño que tamén recibiría o mesmo premio un senador tamén en representación da comunidade autónoma que sería polo ben que o fixo con Unións Agrarias; posiblemente sería o mesmo premio. Pero hai unha diferenza substancial: esta parte da bancada é respectuosa a nivel institucional e é capaz de apoiar e darlle o seu voto a alguén que está presentado neste caso polo Partido Socialista. E tivemos ocasión onte de ver unha falla total de respecto institucional e de pouca elegancia política cando vostedes non apoiaron neste caso o senador López Veiga. *(Aplausos.)*

Falan vostedes —e o señor Rego centrou practicamente a súa interpelación— de Construcuatro. A interpelación non era de Construcuatro. Eu creo que o trato de favor que, segundo vostede, se lle está dando a esta empresa é moi fácil de resumir. Esta Xunta fíxolle ou aplicoulle unha sanción e esta Xunta no outro asunto o que está a facer é cumprir unha sentenza xudicial, simple e llanamente. Porque nós acatamos os tribunais e nós non criticamos o ámbito xudicial, non facemos caza de bruxas, non andamos intentando cazar bruxas, cousas que vostedes constantemente están facendo.

E mire, a súa iniciativa, cando a vimos, había unha pequena dúbida sobre a súa intención política, e despois de escoitalos a vostedes non queda absolutamente ningunha dúbida: vostedes o que plantexan con esta iniciativa é simplemente unha cortina de fume, xerar, crear unha cortina de fume. Porque unha vez que os escoitamos a vostedes non nos queda ningunha dúbida de que o que pretenden é desacreditar, é desprestixiar o traballo que desenvolve a axencia, sementar

dúbidas sobre o seu traballo, plantar incertezas sen ningún tipo de pudor sobre as labours da propia axencia, co único obxectivo –como xa dixen– de intentar desprestixiala e desacreditala.

E esa estratexia política xa a coñecemos, non é a primeira vez que o fai o Partido Socialista. E esta estratexia basicamente poderíamola resumir do seguinte xeito: cando a axencia, no desenvolvemento do seu traballo, afecta os intereses persoais ou os intereses políticos de “uno de los nuestros” –por dicilo de xeito gráfico–, o que facemos é intentar desprestixiar a axencia, dicir que é un brazo nas mans do Goberno e sementar dúbidas sobre o seu traballo.

Non é unha estratexia nova, como xa dixen; xa o vimos no pasado; a principios do ano 2011, cando un importante líder do Partido Socialista veuse –entre comiñas– “enredado” nun asunto de ilegalidade urbanística, a súa resposta é practicamente semellante á de hoxe, bastante violenta desde o punto de vista político, cuestionando publicamente a obxectividade da axencia, cuestionando o seu traballo administrativo, cuestionando os seus técnicos, e todo isoedulcorado cunha serie de críticas e de cualificativos case sonroxantes: pouco demócratas, poñer as institucións ao servizo do partido –algo que parece que se fai bastante ben na Deputación de Lugo, como acabamos de ver con ese recorte de prensa–, nepotismo, falta de ética, etc., etc. Vostedes todo iso o dixeron respecto ao traballo que estaba a desenvolver a axencia.

Agora que vemos tamén con preocupación que outro moi significativo líder do Partido Socialista a nivel rexional, lexítimo alcalde, lexítimo alcalde nunha cidade deste país, onde “tamén” parece ser –tamén dígoos entre comiñas–, parece ser que a súa práctica política está cuestionada pola axencia, vostedes lánzanse outra vez a cuestionar o seu traballo e intentar desviar a atención cunha cortina de fume. E neste caso traen aquí pois o que ten que ver con Construcuatro, pero no caso concreto que vostedes intentan desviar a atención non se pode cuestionar para nada o traballo da axencia.

Mire, neste caso –que vostedes supoño que coñecen moi ben– un xulgado de Lugo que está investigando un proceso creo que ben coñecido por todos pide un informe á axencia. A axencia aporta ese informe, por certo, un informe reservado que estaba sometido ao segredo de sumario –que, por

suposto, este deputado nin coñece nin lle interesa coñecer–, pero que curiosamente o señor alcalde que está afectado e imputado polo asunto polo cal informa a axencia, a idea, o informe sitúase como unha especie de vítima nun complot, e o que parece que se intenta aquí é sacar lexitimidade, desacreditar, poñer en tea de xuízo, cuestionar o traballo da axencia, é dicir, poñer a tirita antes da ferida, e para iso invéntanse e traen este debate, para intentar xerar unha cortina de fume e aplicar unha especie de lei do embudo, ¿non? Imos desviar a atención, imos poñernos como vítimas e imos xerar pois un debate para intentar tapar as nosas propias vergoñas.

En segundo termo –dicía a portavoz do BNG–, hai que aplicar a lexislación urbanística non en función de quen é cada persoa. Por suposto, e compartimos este diagnóstico. E voulle poñer un exemplo que estes días tivemos a ocasión de ver na Comisión 2.^a a instancias neste caso do secretario da Cámara, o deputado da Mariña lucense.

Mire, hai un exemplo moi claro do que non se debe facer, que é tratar diferentes procesos que son iguais ou aplicar diferentes varas de medir en función das cores políticas. Concello de Cervo, intentáronse paralizar por parte da anterior Xunta de Galicia obras con licenza que tiñan todos os informes correctos e que estaban amparados pola legalidade vixente. Viveiro, ao lado, e pese a que o goberno local, PSOE-Bloque Bloque-PSOE, tiña constancia por escrito e a Xunta de Galicia tiña constancia por escrito de que se estaban concedendo licenzas de obra irregulares...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:... sen informes e incluso con informes contrarios de Patrimonio, concedía licenzas por silencio administrativo e a Xunta de Galicia non actuou. Aí si que hai unha diferente interpretación lexislativa e exemplos do que non se debe facer. Iso si, nun concello gobernaba PSOE-Bloque, que están imputados por certo polo xulgado, e no outro gobernaba pois o Partido Popular.

En todo caso, tamén citaba a señora portavoz do Bloque en cuestións de modificacións na Lei de ordenación do territorio. Direille que algunhas foron para tapar marróns –por dicilo dun xeito gráfico– de xestión que deixaron vostedes, por exemplo a posibilidade de construír áreas industriais en

solos rústicos protexidos. Vostedes tiñan máis de 2 millóns e medio de solo rústico protexido mercado e este Goberno tivo que modificar a lei para poder darlle saída a uns solos que compraron vostedes.

En todo caso —e xa remato, señora presidenta—, nós non queremos dar leccións a ninguén nesta materia. Pero tampouco podemos admitir que vostedes...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:... nolas queiran dar a nós, sobre todo tendo en conta os seus precedentes. Cremos que ninguén está por riba da lei e que intentar tapar e intentar crear unha cortina de fume para tapar un erro propio, como son neste caso algúns que xa dixen, pois non é, señoras e señores do Partido Socialista, señores do BNG...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:... non é a mellor mensaxe que lle podemos enviar á sociedade.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica para don Ismael Rego González, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, permítame que lle dedique un par de palabras ao señor portavoz do Grupo Parlamentario Popular, porque do expediente este do que falamos hoxe falou pouco, penso que é normal; deu a volta por todo o mundo mundial, por aí, por non sei cantas cousas; do expediente, pouco. Pero dixo algunhas cousas que, bueno, algunhas son verdade, claro.

Fixo algunha referencia a algún titular que saíu en función dalgunhas declaracións miñas cando era portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, de que facía algunha afirmación de que algúns pois gobernaban pola mañá e facían oposición

pola tarde. Non se lle olvide a vostede que iso era unha constatación de que polo menos se gobernaba daquela pola mañá; hoxe, desgraciadamente, nin pola mañá nin pola tarde, *(Aplausos.)* nin pola mañá nin pola tarde.

Claro, dixo vostede tamén outra pequena lindeza e dixo que era unha auténtica falla de respecto que nós no día de onte nos absteríamos na votación do señor López Veiga. Imaxínome que foi un gran honor para o señor Fraga Iribarne cando vostedes non o votaron para senador, que se abstiveron tamén. *(Aplausos.)* Claro, por esa regra de tres, seguro que o señor Fraga Iribarne estaría encantado.

Bueno, con vostede eu penso que xa vai ben. *(Risos.)*

Señor conselleiro, imos ver agora... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor REGO GONZÁLEZ:... vostede que, en primeiro lugar, voulle agradecer a información que nos deu, que certamente en función das preguntas que lles faciamos nos deu unha información que estudaremos e avaliaremos, e tamén loxicamente lle pediremos que, se pode ser, nola remita ao Parlamento, porque nos parece que é bo que a teñamos todos e que esa información poidamos compartila; hai un número importante de expedientes, hai un número importante de actuacións, a nós iso parécenos ben e gustaríanos ter esa información.

Gustaríanos tamén que nos remitira, ¡home!, o que lle temos pedido ao abeiro do artigo 9, porque vostede nos dixo con respecto ao expediente do que se trata hoxe, do señor Telmo Martín, que actuaran con todas as da lei. Oia, ¿por que non nos remite entón o expediente que lle temos pedido do sobresemento desa actuación? Pediullo xa a presidenta do Parlamento por dúas veces. Na moción que imos votar no próximo Pleno vai vir que nos remita ese expediente. Estamos seguros que a señora presidenta vai votar con nós, porque vai defender o que mesmo lle pediu a vostede xa de forma reiterada. Non temos nin a máis mínima dúbida e, polo tanto, terá que remitilo, porque é normal.

En democracia as tramitacións administrativas remítense aos parlamentos, señor conselleiro. Mal favor fan vostedes

á normalidade democrática do noso país cando non remiten ese tipo de información. Porque ao mellor, se a tiveran remitido, isto ao mellor nin sequera chegaría aquí, porque veríamos ese informe da Asesoría Xurídica contradicindo loxicamente ao funcionario público que fixo o expediente que propoñía a sanción e viríamos ver con moita claridade se podíamos poñer luz sobre estes titulares que saen sobre esta actuación.

Señor conselleiro, imos ver: ¿abriron vostedes algunha información interna dentro do Goberno co que pasou co señor que sobreseu indebidamente ese expediente? Porque houbo un señor que pertencía ao Goberno de Galicia e que o Tribunal Supremo e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, primeiro, dixeron que sobresera un expediente extralimitándose nas súas funcións, no seu ámbito competencial. ¿Abriron vostedes algunha información interna para saber cal era a razón pola que este señor sobreseu este expediente indebidamente? Se a abriron, ¿cal foi a conclusión? E se non a abriron, terán que dicirnos por que.

Porque é moi grave, señor conselleiro –vostede ten que enténdelo–, que vostedes aparezan perdoándolle a un compañeiro de partido 3 millóns de euros, e ademais diso, non soamente 3 millóns de euros, é que o que hai construído en espazo de dominio público marítimo-terrestre seguramente que vale outros 3, porque ese edificio no seu conxunto, cualificado polo expediente que vostedes abriron, ten un valor de 12 millóns de euros; por certo, tamén o que está construído no espazo marítimo público terrestre, no de todos, señor conselleiro, no que é patrimonio de todos.

E, polo tanto, este señor, en espazo protexido, que vostede ten o deber e a obriga de protexer, señor conselleiro, ten metros cadrados edificadas en primeira liña de praia. Nun lugar que é privilexiado, este señor ten intereses propios particulares en algo que non os podía ter.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor REGO GONZÁLEZ: Ten que explicarme vostede, señor conselleiro, dunha vez por todas, se vostede sobreseu o expediente en razón da sanción que propoñía o instrutor do mesmo ou se sobreseu tamén a reposición da legalidade. Díganos isto, por favor.

E, sobre todo, espero que se comprometa aquí a remitirnos a este Parlamento ese expediente para que o poidamos ver todos. Luz e taquígrafos, señor conselleiro, porque ata o de agora a única cousa que hai clara é que vostedes lle perdoaron ao señor Telmo Martín máis de 3 millóns de euros.

Por certo, gustárame saber...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rego.

O señor REGO GONZÁLEZ:... como teñen os 3,7 de San Paio de Navia. Iso tamén sería bo sabelo.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para pechar o debate o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Rego, perdeu vostede unha oportunidade de falar de xeito construtivo sobre o urbanismo e a ordenación do territorio. Centrouse vostede nun caso concreto co obxectivo –creo que o tentou, aínda que penso que non o conseguiu– de lograr un réditto curtopracista. Créame que penso que é unha verdadeira pena.

E non teño ningunha dúbida que utilizou ese tema de xeito sesgado. Neste Goberno, señor Rego, aínda que lle pese, falamos de legalidade urbanística, falamos de ordenación do territorio, falamos de Plan de ordenación do litoral –que aprobamos–, das Directrices de ordenación do territorio. Nunca en Galicia, señor Rego, señora Da Silva, un Goberno fixo tanto pola ordenación e nunca a oposición tentou confundir de forma máis burda; a oposición e, como dixo o noso portavoz, tamén algúns responsables significados do Partido Socialista, señor Rego. A axencia non tivo nunca, non tivo nunca –repito– máis profesionalidade, máis eficacia, máis eficiencia e tamén máis independencia.

Actuamos conforme a normativa, tramitamos expedientes e resolvémolos con independencia de quen é o destinatario, e témolo demostrado. Nós, este Goberno, non inicia expedientes en función da condición ou da circunstancia da persoa concreta. Nin expedientes urbanísticos, señor Rego, señores do Partido Socialista, señores do Bloque Nacionalista Galego, nin ningún outro tipo de expediente. Eu, un humilde conselleiro deste Goberno, teño unha experiencia ao respecto de como facían outros gobernos.

Vexo tamén –quero facer algunha reflexión ao respecto das verbas da señora portavoz do BNG– que parece que lle preocupa moito o tema do galego no urbanismo. A min, que, como sabe vostede, me preocupa e creo que é a miña obriga falar en galego, preocúpame máis, moitísimo máis, que as leis se leven a efecto de forma rigorosa, eficiente e eficaz, con independencia da lingua na que estean escritas.

É curiosa tamén a reflexión que fixo vostede ao respecto dos plans e proxectos sectoriais. Pero mire, señora Da Silva, é que vostedes non fai tanto tempo que estaban no Goberno, nun Goberno bipartito co Partido Socialista, e creo que hai que ser rigoroso. Miren, na pasada lexislatura, na lexislatura bipartita, o Consello da Xunta de Galicia adoptou un total de 25 –25– acordos relacionados coa tramitación de plans ou proxectos sectoriais, 25. Nós levamos, no que levamos de lexislatura, 19. Polo tanto, queda acreditado quen fixo máis uso desa ferramenta, que, en todo caso, é unha ferramenta que está xustificada, que é conforme a Lei de ordenación do territorio e que permite precisamente impulsar moitos proxectos de interese para Galicia. Polo tanto, nós seguiremos utilizando, loxicamente co cumprimento máis rigoroso da normativa, eses plans e proxectos sectoriais.

O que non faremos serán plans sectoriais de solo residencial por exemplo para esquivar a competencia dos alcaldes en materia de urbanismo.

En definitiva, cumprimento da legalidade, rigor, traballo obxectivo e profesionalidade. Esa é a liña e vai seguir sendo a liña ata que remate esta lexislatura do Goberno da Xunta en materia de urbanismo e en materia de ordenación do territorio.

Moitas grazas e máis nada.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día.

Pregunta de D.^a María José Caride Estévez e tres deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas para mellorar a atención aos cidadáns con motivo da constitución da Axencia Tributaria de Galicia

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra a señora Caride Estévez.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, boas tardes.

Señora conselleira, fai poucas semanas o presidente da Xunta de Galicia, en rolda de prensa tras o Consello da Xunta, dixo que se ía crear a Axencia Tributaria de Galicia, e que unha das grandes medidas que ía ter esa Axencia Tributaria de Galicia era que ía suprimir as 42 oficinas liquidadoras que existen ao longo do noso territorio, e que esa redución de 42 oficinas liquidadoras ía traer como resultado unha diminución de custos e, polo tanto, un aforro que o presidente da Xunta estimaba en arredor de 15 ou 20 millóns de euros en catro anos, é dicir, aproximadamente 5 millóns de euros ao ano.

Esta afirmación e este anuncio dende logo preocupa aos Socialistas de Galicia, porque nos parece bastante estraño pensar que, como consecuencia da creación da Axencia Tributaria de Galicia, os cidadáns de Galicia, en lugar de estar máis preto, en vez de estar a Administración autonómica máis preto dos cidadáns, resulta que vai estar máis alonxada. Porque quedarán soamente, segundo ese anuncio, como lugares onde o administrado pode tomar contacto coa Administración autonómica para presentar o seu imposto de transmisións patrimoniais, imposto de sucesións ou de actos xurídicos documentados, soamente pode quedar pois Vigo, Pontevedra, Ourense, Lugo e A Coruña.

De aí o noso incremento de preocupación. Porque se hoxe miramos por exemplo o mapa da Axencia Tributaria estatal en Galicia, ten 22 espazos, 22 cidades galegas onde se pode presentar a liquidación dun imposto estatal. E curiosamente

a Axencia Tributaria de Galicia anuncia unha presenza territorial moitísimo máis reducida, quedando soamente reducida a 5 ou 6 concellos, que o que ten a axencia estatal.

Ademais, cremos que é especialmente preocupante outra idea coa que traballa o Goberno da Xunta. É dicir, o Goberno da Xunta parece que quere aforrar a custa de que sexan os contribuíntes os que gasten, porque, para presentar a súa declaración e facer fronte ás súas obrigas tributarias, terán que desprazarse moitos quilómetros ou ben contratar unha xestoría que lles leve os papeis, co cal estamos facendo indubidablemente que se incremente o custo para os cidadáns.

Polo tanto, a nosa pregunta é moi clara, señora conselleira: ¿cre vostede que alonxando a Administración autonómica das obrigas que teñen os cidadáns se mellora a prestación de servizos en Galicia? ¿Mellórase a prestación das obrigas por parte dos contribuíntes? ¿Cre vostede que é razoable que o único anuncio da Axencia Tributaria de Galicia sexa un aforo de custos, señora conselleira?

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder a conselleira de Facenda.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz): Moitas grazas, presidenta.

A creación da Axencia Tributaria de Galicia responde a moitas necesidades e ten por obxecto a aplicación de todos os tributos propios, así como tamén os tributos estatais cedidos, como un instrumento ao servizo dos intereses da Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación efectiva dos recursos ao seu cargo.

Efectivamente, a creación da Axencia Tributaria de Galicia supón unha reorganización de toda a Administración tributaria da Xunta de Galicia, unha reorganización que vai ser en parte reorganización administrativa dentro dos servizos da Xunta de Galicia, dos servizos tributarios da actual Dirección Xeral de Tributos, e tamén supón unha reorganización dun sistema de comprobación e presentación de liquidacións a través das oficinas liquidadoras.

Pero isto en ningún caso vai supoñer un menoscabo á prestación dos servizos dos contribuíntes, porque a planificación que se fixo é substituír ou manter esas oficinas liquidadoras como oficinas de presentación de documentos, e, en calquera caso, esta proposta, de non ser atendida, será substituída por outro sistema, para que todos os cidadáns que neste momento teñen a posibilidade de presentar as súas liquidacións tributarias as poidan seguir presentando nos mesmos sitios que ata o de agora.

O reto ao que facemos fronte coa creación da Axencia Tributaria é mellorar e aumentar a calidade e cantidade dos servizos ofertados, apostando polos valores de transparencia e de responsabilidade.

Os eixes de actuación da Axencia Tributaria de Galicia son, en primeiro lugar, a loita contra a fraude fiscal, a través da mellora das actuacións de loita contra a fraude fiscal nas que xa se teñen profundizado nestes últimos anos.

Quérese potenciar as novas tecnoloxías dun xeito fundamental para tamén mellorar a asistencia aos contribuíntes, aforrándolles tempo e custos de desprazamento.

Ademais, vaise afondar na asistencia aos contribuíntes a través da separación das funcións de xestión tributaria e as funcións puramente de asistencia ao contribuínte, creando unha área específica de colaboración social, información e asistencia tanto na esfera central como en cada un dos departamentos de información e asistencia das delegacións territoriais.

Ademais, crearase un servizo de atención telefónica e postos de atención continuada, que funcionará mediante cita previa para facilitar os desprazamentos dos contribuíntes, minorando os posibles tempos de espera.

E, ademais, tamén se afondará na especialización do persoal da Administración tributaria a través de funcionarios seleccionados especificamente para ese labor –funcionarios das escalas de finanzas da Xunta de Galicia–, o que permitirá, acadar unha unicidade de criterio na aplicación das normas tributarias e unha maior seguridade xurídica para todos os cidadáns.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Caride Estévez.

A señora CARIDE ESTÉVEZ: Bueno, señora conselleira, eu non o entendín moi ben. Imos ver, pero ¿non eran vostedes os que dicían que non podía haber unha praza máis de funcionario? ¿Pero non sabe vostede que hai unha lei que prohibe que no ano 20012 se incremente a plantilla da Xunta de Galicia? Polo tanto, ¿de que nos está a falar?

Do que nos está falando é que vostedes, co único obxectivo de reducir os custos da Administración autonómica, van impedir que os cidadáns en moitos concellos de Galicia e en moitas comarcas de Galicia poidan presentar a súa declaración. Un señor da Fonsagrada terá que ir a Lugo a presentar as súas obrigas tributarias coa Xunta de Galicia ou contratar unha empresa para que lle leve os papeis, porque iso da administración telemática está moi ben en palabras, señora conselleira, pero non saben en que país viven. Hoxe soamente o 5 % das obrigas tributarias se fan por vía telemática.

Polo tanto, o que nos está contando é unha milonga. Como se deron conta de que con este lío das oficinas tributarias a cousa ía ir mal, anunciaron que ían contratar unha serie de persoas moi formadas. Isto do buzón das oficinas liquidadoras é unha tomadura de pelo, porque hoxe o servizo que están prestando estas oficinas é tamén de asesoramento, e sobre todo de supervisión e de control dos expedientes, e o que van ter por aforrar –bueno, supostamente por aforrar– eses recursos que anuncia o señor director xeral, é un bloqueio da Administración autonómica e tamén dos seus ingresos.

Señora conselleira, leva vostede ano e medio coa Axencia Tributaria de Galicia creada, sen dar un paso, e o primeiro paso que dá é para anunciar que suprime a proximidade da Administración autonómica cos cidadáns. Isto é un escándalo, porque que teña a Administración xeral do Estado, a Axencia Tributaria, 22 oficinas ao longo de toda Galicia para cumprir coas obrigas tributarias e que a Xunta de Galicia anuncie 5, comprenderá vostede que, cando menos, insulta á intelixencia.

¿Que tipo de Axencia Tributaria queren crear? ¿Unha de *atrezzo*? ¿Unha cun nome? ¿Unha que non sirva para nada?

Queremos que os cidadáns manteñan a calidade dos servizos que hoxe teñan; polo menos, que a manteñan...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Caride.

(A señora Caride Estévez pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas, señora Caride. *(Aplausos.)*

Ten a palabra para réplica a conselleira de Facenda.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz): Grazas, presidenta.

A ver, señora Caride, vou falar un pouquiño máis despacio, a ver se consigo facerme entender, porque parece que non escoita o que estou dicindo.

En primeiro lugar, a Axencia Tributaria de Galicia non leva creada un ano e medio, a Axencia Tributaria de Galicia creárase por decreto da Xunta de Galicia. O que fai a Lei 15/2010, o artigo 10 concretamente, é autorización legal para a súa creación, pero esta creación... *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* –hai que ler a lei–...

A señora PRESIDENTA: Señora Caride, non ten a palabra.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz):... da Axencia Tributaria débese facer por decreto da Xunta de Galicia. E nós o que facemos é seguir os trámites legais para a súa creación. Polo tanto, lean mellor a lei e os seus procedementos legais, que todos temos que cumprir.

En segundo lugar, non hai ningunha merma de prestación de servizos para os contribuíntes, que van ter o mesmo sitio de presentación das súas liquidacións que tiñan ata o de agora; non van ter que desprazarse e, ademais, váiselles ofrecer un servizo adicional de asistencia telefónica, postos novos de atención continuada, onde se vai incrementar a asistencia a eses contribuíntes.

Polo tanto, coa substitución das oficinas liquidadoras, unicamente na parte de comprobación dos tributos –que iso é o plantexamento que está na creación e o que se fixo a esas oficinas liquidadoras, imos ver se aceptan ese plantexamen-

to-, acabaremos mellorando a eficiencia, porque está e temos datos contrastados de que a Administración tributaria galega liquida un 50 % mellor que as oficinas liquidadoras, un 50 % máis en liquidacións. Ademais, permitirá unha especialización do persoal e unha unicidade de criterio que neste momento non existe, ademais de permitir un aforro de custos, que efectivamente é moi importante neste momento. Podemos prestar un mellor servizo a un menor custo, ¿poden entender isto? Pero é básico neste momento no que estamos. Prestar mellores servizos e prestalos a un custo menor. Este é un dos obxectivos da Axencia Tributaria. E, finalmente, conseguiremos deste xeito garantir a prestación dos servizos para todos os cidadáns.

Polo tanto, unha mellora da eficiencia da Axencia Tributaria, unha mellora na asistencia aos contribuíntes, unha apertura dos procedementos telemáticos.

Vostede pode non confiar nos procedementos telemáticos, pero os feitos novamente non lle dan a razón. No ano 2011 tivemos por medios telemáticos e telefónicos máis de 600.000 accesos na páxina web, 600.000 accesos. Na oficina virtual os accesos foron de 6 millóns de accesos. Coido que non será tan difícil acceder á información que se presta na oficina virtual tributaria.

Pero, ademais, seguiremos afondando, melloraremos esa oficina virtual tributaria e faremos un deseño máis simplificado co fin de facilitar a todos os contribuíntes. Ademais, estableceremos notificacións telemáticas, implantaremos sistemas de avisos vía SMS, correo electrónico...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora conselleira, moitas grazas.

(A señora conselleira pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas.

Pregunta de D. Pedro Arias Veira e seis deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a estratexia actual que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria no ámbito dos clústers

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Guerra, existen numerosos estudos serios sobre a natureza da crise económica, as súas consecuencias, un deles o de Rogoff e Reinhart sobre oitos séculos de crise financeira, de necidade, que ben pode aplicarse ao que pasou no noso país, que hai unha crise de sobreendebedamento que está xeralizándose e estendéndose, por unha banda, a crise de consumo, detracción de renda dispoñible, polo tanto de merma de capacidade de compra, e un refluxo da inversión, polo tanto de menor crecemento, e que por outra banda está requirindo unha refinanciación como a que o Goberno central vén de recabar de Europa coa aportación dun préstamo para a refinanciación do capital social das entidades que se poida realizar, ou o refluxo do crédito, polo tanto que se comecen a asentir as bases dunha recuperación económica sostible. Loxicamente, é dicir, este é o obxectivo, este é o proceso no que nos centramos.

O problema da industria, é dicir, a industria, a industria galega, o seu modelo para reestruturación, para actuación, para crear as bases de asentamento produtivo no eido industrial, e por iso se formula esta pregunta, para que vostede poida explicar aquí, a instancias do Grupo Parlamentario Popular, cal é o modelo, cal é a concepción, que papel xogan os clústers, é dicir, esa idea de intentar aglutinar, de cooperar, incluso dentro da competitividade dos axentes industriais. Esta función que digo é o obxectivo desta pregunta, da que espero a súa resposta.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Boas tardes a todos. Boas tardes, presidenta.

Grazas, señor deputado.

A verdade é que é moi destacable o seu interese polos clústers, porque realmente deben de ser un dos eixes básicos da competitividade da economía galega.

Efectivamente, a Consellería de Economía e Industria considera que os clústers –e así o explicou negro sobre branco na

Lei de política industrial, que vostedes aprobaron aquí neste Parlamento— son a pedra angular para promover melloras de competitividade e sobre todo para dinamizar a internacionalización das nosas empresas.

Os clústers, como vostede ben di, están chamados a xogar un papel protagonista, protagonista para alcanzar niveis de innovación que de xeito illado as pemes galegas non poden alcanzar, e tamén para alcanzar o acceso a mercados internacionais que en moitos casos son absolutamente inalcanzables para moitas das nosas pemes.

Efectivamente, a Comisión Europea ademais exponnos unhas liñas de actuación para impulsar eses retos dos clústers. Se unha rexión quere ser competitiva —di a Comisión—, debe seguir tendo industria. Hai que investir en industrias, en tecnoloxías emerxentes. ¿Que industrias? A industria mariña, industrias creativas, son claramente emerxentes e moitas veces os cambios serán simplemente cambios na cadea de valor.

Por iso, porque a Consellería de Economía e Industria cre nos clústers, é porque estamos intentando estreitar os lazos de cooperación entre os clústers galegos. ¿E como? Estámolo facendo a través de melloras na súa xestión, na súa competitividade e nos servizos que prestan ás empresas asociadas.

O Igape, así como a Dirección Xeral de Industria, vén mantendo unha relación continua con todos os representantes dos clústers galegos. Malia as limitacións financeiras, estamos a abordar accións de interese común onde os clústers poden contar —e contan de feito— coa colaboración da consellería, por exemplo, compartindo espazos físicos, os servizos administrativos, non só para aforrar en estruturas senón o que dende o noso de vista é máis importante, para favorecer as sinerxías e sobre todo a colaboración interclústers.

E tamén neste mesmo contexto, neste mesmo momento, a Consellería de Economía e Industria está a fomentar a creación de novos clústers e fortalecer os existentes. Estamos a apoiar a constitución de cinco novos clústers a través da concesión de axudas mediante convocatoria competitiva nunha correspondente orde.

Polo tanto, con esta política estamos apoiando algo extremadamente importante para a nosa economía: o fenómeno

do asociacionismo empresarial, potenciando esa figura dos clústers, e potenciándoa de forma transversal en toda a consellería a través da Dirección Xeral de Industria, a Dirección Xeral de Comercio e o propio Igape.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Moitas grazas, señor Guerra.

Realmente incluso para min, que coincide esta condición de portavoz de Industria coa de ex profesor universitario, ex profesor incluso de historia económica, de teoría económica, realmente me parece que son unha concepción estratéxica que se debe seguir.

Todos coñecemos a estrutura económica galega: escaseza enorme de grandes empresas, enorme cantidade, moitas pequenas e medianas empresas con moitísimo dinamismo e que realmente para o obxectivo de política económica que se fixou vostede, que nós compartimos, é dicir, concepción de economía galega aberta, concepción de economía galega de exportación, concepción da economía galega, e como na industria precisamente existen esas posibilidades que nós compartimos, porque entendemos racionalmente que existen, que non son soamente a efectos de vontade, de cooperación, de buenismo económico, senón que son de concepción, de posibilidade, porque as industrias non compiten en mercados locais, non son estritamente competitivas, poden facer asociacións estratéxicas para competicións exteriores. Este é un modelo que deu moito éxito nos países incluso de industrialización tardía, de chegada tarde a estes movementos e que copian, é dicir, os *let's commerce* poden chegar, poden estar na vangarda, a min paréceme que incluso dentro da nosa modestia, a nosa humildade, a solidariedade de traballo, reciba pola nosa banda a nosa conformidade, apoio e dispoñibilidade total para ese tipo de estratexia que está abordando na súa consellería.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Si, efectivamente, señor portavoz, a Consellería de Economía e Industria está facendo o que realmente pode facer, está traballando concretamente en dúas liñas de actuación: traballando en dinamizar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e traballando tamén co obxectivo da internacionalización das nosas empresas.

Por iso, teño o honor de explicarlle, informarlle que nos últimos tres anos levamos aprobadas 27 iniciativas concretas dos clústers galegos, cun investimento de máis de 3 millóns de euros, e ademais dedicados exclusivamente neste caso ao sector –como digo– de automoción e a definición da súa estratexia.

Outro tipo de axudas chegan a 6 millóns de euros. Polo tanto, nos últimos tres anos, para apoiar a dinamización da economía galega neses dous sentidos, innovación e internacionalización, levamos investido 11 millóns de euros e ademais estamos pondo en marcha outras liñas de actuación para reforzar os clústers, liñas de axuda de reforzamento, de bolseiros e de becas.

Ademais, nesas xuntanzas continuas que temos cos clústers, o Igape creou un grupo de traballo con quince clústers, para traballar en todas as áreas; por exemplo, en todas as liñas de incentivos a proxectos do Igape o clúster ten un valor engadido na súa valoración.

Estamos a elaborar unha proposta de consenso para compartir unha definición común de que é un clúster. Estamos definindo un catálogo de boas prácticas para os clústers. Estamos definindo unha localización do espazo clúster en Santiago de Compostela para que poidan estar xuntos e traballar conxuntamente. Estamos definindo conxuntamente programas de formación para os directivos dos clústers. E estamos buscando tamén sistemas de financiamento para os clústers galegos. E máis alá, máis alda da nosa comunidade, a nivel europeo, o Igape comprometeuse cos clústers a buscar contactos internacionais con redes de clústers, a buscar potenciais socios dos nosos clústers noutras rexións europeas e naquelas convocatorias internacionais apoiar a todos os clústers desde o Igape.

Ademais, estamos traballando nunha plataforma colaborativa para os clústers, e un programa importante piloto de vixilancia competitiva. Eses 15 clústers son 15 dos grandes clústers que neste momento estamos traballando, de alimentación, do téxtil, de automoción, da loxística, do termal, do naval, do audiovisual, da madeira, do produto gráfico, do libro, da acuicultura, das enerxías renovables, do granito, das TIC e das biotecnoloxías.

Creo que nesa radiografía pode verse moito do futuro da economía galega. Por iso imos seguir traballando para a unión das empresas galegas, para que poidan coller suficiente volume para saír ao mercado internacional e poder ir igual.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da Xunta de Galicia para apoiar a apertura dunha mina de ouro a ceo aberto en Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Si, moitas grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, unha empresa con sede en Toronto, en Canadá, a empresa Edgewater, pretende explotar unhas concesións mineiras, unhas concesións mineiras que datan de hai un século –unha de 1912, a denominada *Emilita*, outras de 1926, *Ciudad de Masma* e *Ciudad de Landró*–, o cal demostra que levan máis dun século ou case un século sen explotar. O relativo interese que teñen estas explotacións é que só o incremento do prezo do ouro como valor refuxio diante da actual crise económica explica o interese que mostra agora esta empresa de Canadá.

Isto explica quizais tamén que a opción escollida para explotar esta mina de Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños, é a opción máis barata, tecnicamente máis barata, pero tamén a que crea máis impacto ecolóxico e social.

Pretenden abrir unha grande mina a ceo aberto, explotando máis de 720 hectáreas; o largo desa explotación é de máis de 2 quilómetros. Pretenden utilizar tamén unha técnica de lixiviación con cianuro, unha técnica cun alto impacto ambiental e que ademais provoca residuos claramente perigosos. E habería outras alternativas, por exemplo, que en vez de ser unha explotación de mina a ceo aberto fose unha explotación soterrada a través de galerías ou que se utilizasen outros sistemas químicos como bromuro, clorio ou tiosulfato amónico para separar tamén o ouro do residuo, do mineral, pero, efectivamente, economicamente non sería tan rendíbel para esta empresa.

Hai que lembrar –como lembra unha resolución do Parlamento europeo do 19 de abril do ano 2010– que nos últimos vinte e cinco anos rexistráronse en todo o mundo máis de trinta accidentes graves debido ao derrame de cianuro. Podemos falar de Summitville, nos Estados Unidos, no ano 1993, ou podemos falar dese gravísimo accidente en xaneiro de 2000 tamén nunha mina de ouro a ceo aberto explotada con cianuro en Romanía, en Baia Mare, que supuxo o verquido de millóns de litros de auga contaminada con cianuro ao Danubio, con gravísimos efectos ambientais, e que levou a moitos países centroeuropeos, como a República Checa, como Austria, como Hungría, a prohibir esa minería con cianuro.

É por iso que esta resolución do Parlamento europeo considera imperativo prohibir o recurso a tecnoloxías de explotación mineira que utilizan cianuro e insta a Comisión e os estados membros a non prestar apoio nin directo nin indirecto a calquera proxecto mineiro que implique o uso de tecnoloxías con recurso cianuro.

Este non parece ser o caso da Xunta de Galiza, que impulsa, que parece colaborar...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

(O señor Aymerich Cano pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas, señor Aymerich.

(Aplausos.)

Ten a palabra para responder o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Grazas, presidenta.

Señor Aymerich, a min gustaríame matizar algunha das apreciacións e as afirmacións que vostede fai, e quérolle dicir unha cousa ben clara: a Xunta de Galicia vai sempre apoiar investimentos que por suposto cumpran coa normativa vixente, e polo tanto sexan seguros, e ademais por suposto van ter que xerar riqueza e postos de traballo en Galicia.

Probablemente vostede sempre se opoña a calquera cousa que pase, pero o desenvolvemento de grandes proxectos no sector da minería e tamén en calquera outro sector que sexan rendíbles e seguros sempre son unha boa noticia para todos, e máis neste momento.

Sobre o proxecto que hoxe nos ocupa, efectivamente vostede comentou unha iniciativa de Río Narcea Gold Mines. Esta sociedade é titular das concesións de explotacións *Ciudad de Landró* e *Ciudad de Masma*, situada na provincia da Coruña. A tramitación do proxecto que se debe desenvolver iniciouse en maio do pasado 2011 e a pasada semana rematou o prazo de información pública. E, como non podía ser doutra forma, dada a nosa forma de proceder, todo o procedemento está a respectar de xeito rigoroso a normativa vixente, tanto na valoración de impacto ambiental como no trámite de información pública.

Nese sentido infórmoo de que toda a documentación está na páxina web da Consellería de Industria desde o pasado 8 de maio. En todo este período tanto veciños, asociacións, empresas, organismos interesados puideron consultar a documentación e presentar as súas alegacións, e todas elas estamos a estudalas. Pero ademais non só iso, foron consultadas a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a da Conservación da Natureza, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio, a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, a de Montes, a de Producción Agropecuaria, a de Innovación e Xestión e Saúde Pública, Augas de Galicia, o Concello de Cabanas de Bergantiños, Coristanco e Ponteceso.

Ou sexa, que parece claro e parece de sentido común que, de existir algún tipo de risco, algunha situación que contraveña a legalidade vixente ou poida xerar algún tipo de dano irreparable, poida estar vostede absolutamente seguro que será posto de manifesto e o proxecto descartado. Por iso non debe

de precipitarse nas acusacións que fai. Agarde a que teñamos todos os informes sobre a posible afectación ambiental e paisaxística e poidamos valorar a oportunidade que se presenta.

A Consellería de Economía e Industria, por suposto, como sempre, está a desenvolver dunha forma rigorosa unha tramitación regrada, que non depende da vontade dun político. Polo tanto, pode vostede estar tranquilo. Se hai algún problema, porase de manifesto na tramitación e axustarase ese proxecto a criterios de sostibilidade, que deben de ser absolutamente observados. Iso si, se o proxecto é seguro, se o proxecto non ten ningún tipo de problema e xera riqueza e postos de traballo en Galicia, será, por suposto, apoiado por este Goberno.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Si, proxectos que cumbran coa normativa vixente, se non cambiámola e xa está, porque vostede mesmo di: este proxecto comezou a súa tramitación en maio de 2011, ¡ah!, pero a súa consellaría estao tramitando como proxecto industrial estratéxico ao amparo dunha lei de decembro de 2011; é curioso, ¿non?

Este proxecto ten un clarísimo impacto acústico, porque vai haber voaduras de día e de noite, vaise estar movendo o mineral de día e de noite, ¡ah!, pero vostedes cambian a normativa, Lei de acompañamento dos orzamentos deste ano, derrogan a Lei de protección contra a contaminación acústica en Galiza, e así poderíamos seguir.

¿Que supón que o tramiten como proxecto industrial e estratéxico? Supón unha tramitación vip, para proxectos que inciden no desenvolvemento tecnolóxico, na diversificación industrial, que teñen un impacto sobre o emprego. Eu voulle dicir: de acordo coa Lei de industria de Galicia, de decembro do ano pasado, teñen ou poden tramitarse como proxectos industriais e estratéxicos aqueles que creen máis de 250 postos de traballo. Postos de traballo, de acordo coa memoria presentada pola propia empresa: 138 directos, outros 133 de subcontratas, pero vostedes xa o tramitaron como proxecto industrial estratéxico.

Prazo de explotación desta mina que vostede di: o prazo de explotación é oito anos, é dicir, que se vai crear un gravísimo impacto ambiental, un gravísimo impacto paisaxístico, vai estar ameazada unha zoa de tanto valor como é o esteiro e o propio río Anllóns, todo durante oito anos; iso si, logo quedará unha balsa con residuos contaminados por cianuro que van ameazar toda esa zona durante moitos anos máis. É máis, no proxecto presentado pola empresa non hai ningún seguro de responsabilidade civil, ningunha cautela que poida responder polos danos que despois se produzan.

Vou rematar, señor conselleiro, lembrando o que di o propio Parlamento europeo...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich, xa rematou o seu tempo.

(O señor Aymerich Cano pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Aymerich, xa non ten a palabra. Señor Aymerich, ¡señor Aymerich, non ten a palabra!

(Aplausos.)

Réplica do Goberno. Ten a palabra, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Xa sabe vostede, señor Aymerich, que de leccións, poucas, e desde logo sobre temas medioambientais, moitas menos.

Por diferenza cos tempos anteriores, xa lle advirto que dentro das competencias da Xunta de Galicia calquera tipo de proxecto vai respectar a normativa vixente para a protección do medio ambiente, e desde logo se vai manter protexida a Rede Natura.

Desde o meu punto de vista —e non só desde o meu punto de vista senón de moitas outras persoas e institucións—, este proxecto é unha gran oportunidade para a zona ou pode selo. Ten previsto un investimento superior a 110 millóns de euros, aos que hai que sumar 650 millóns de euros para custos de operación. É posible que iso non sexa interesante neste momento, pero desde logo eu quero ver o futuro.

Con moito gusto lle vou corrixir ademais. Vostede quere confundir a xente con aquilo dos escasos postos de traballo. Ademais, o período de tempo, para ser exactos, non son oito anos, son trece anos: tres anos para a fase de preparación de infraestruturas e inversións, onde se van xerar máis de 500 postos de traballo directos; os oito anos que vostede di corresponden a explotación, onde xerarán máis de 270 postos de traballo directos e máis de 1.000 indirectos; e, por último, hai que sumar dous anos de clausura e peche, que tamén estarán mantendo os seus postos de traballo.

E outra gran falacia –se me permite–: a seguridade da explotación. A resolución que vostede menciona xurdiu dun problema acontecido hai máis de doce anos en Romanía, e vostede sabe que a Comisión Europea rexeitou a prohibición do uso de cianuro. Por certo, iso foi promovido polo Grupo Popular Europeo. E ¿sabe por que o rexeitaron? Porque en países como aquí, como en España, existe un regulamento específico para o uso seguro e para o control sobre o uso seguro do cianuro. Por iso, por ese mesmo motivo somos e imos seguir sendo rigorosos na tramitación dos proxectos, e imos respectar ao máximo o medio ambiente, como non podía ser doutra forma, e desde logo non necesitamos que vostedes nolo teñan que recordar.

E, como vostede tamén coñece, este proxecto ten un plan de restauración, que se axusta ao Real decreto 975/2009, que contempla, ao acabar, a rehabilitación do espazo afectado para as actividades mineiras, cousa que vostede non menciona.

Polo tanto, a Xunta vai apostar, por suposto, con seguridade, con seguridade para o medio ambiente, polo futuro, polo traballo, e vai apostar por un sector mineiro forte, sostible e desde logo competitivo, con capacidade innovadora e desde logo para crear postos de traballo en Galicia neste momento tan delicado no que estamos.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D. Pedro Arias Veira, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia, nomeadamente pola Consellería de Economía e Industria, para resolver o procedemento aberto pola

Unión Europea en relación co sistema de arrendamento financeiro para a construción de buques ou tax lease

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Muchas gracias, señora presidenta.

Señor Guerra, en los últimos años, con respecto al sector naval, fueron unos años de decepción, de tristeza y de espera de algún tipo de cambio.

Como todo el mundo sabe, la competencia de los mecanismos financieros eran de la Administración central, es decir, del Gobierno socialista, que apoyaron los nacionalismos de izquierda de este conjunto de España. No hubo nuevos contratos, apenas hubo nuevos contratos durante este período, no vieron la crisis económica, y aún encima ocurre que dejaron desarmado al sector del apoyo financiero porque no tuvieron la capacidad ni la influencia, ni la determinación ni la presencia en los foros europeos, que habían neutralizado los mecanismos de apoyo y sostenimiento del sector naval gallego.

Y, por otra parte, no solamente esto, sino que otro tipo de entidades como Pymar, como usted bien dio cuenta en sucesivas actuaciones, como lo hicieron miembros de la consellería y como hizo este propio grupo parlamentario, realmente dejaron totalmente desarmado, desarbolado, al sistema naval, y a pesar de esto, ahora resulta que ha llegado un Gobierno, está cambiando, está dotando iniciativas, ustedes han realizado continuamente propuestas, desoídas por el Gobierno anterior pero escuchadas por este Gobierno, presentadas continuamente, por lo cual este grupo parlamentario considera que han estado a la altura de su responsabilidad.

Y queríamos hoy precisamente, en este momento, saber el estado de esa situación. ¿Hasta qué punto? Porque incluso los mismos que habían ocasionado este problema, que habían dejado el naval al paio sabiendo o debiendo saber que la crisis económica internacional está disminuyendo los precios de los fletes, acrecentando la competitividad entre todas las navieras y, por lo tanto, restringiendo la base de demanda para los astilleros, los mismos que hicieron eso permanecieron, ahora protestan, ahora solo tienen la movilización o

la pancarta, el silencio y el boicoteo parlamentario para evitar que se sepa la verdad. Les duele la verdad porque son incapaces de asumirla.

Pero nosotros creemos, desde este grupo parlamentario, el Gobierno que apoya, que diga aquí la verdad, que nos cuente, que explique, que dé las razones. Es la función para que usted –como suele ser habitual– nos dé la opinión de cómo está realmente el problema del rearme financiero del sector naval de Galicia y el problema en concreto de la *tax lease*.

Nada más y muchas gracias. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Si, grazas, señor deputado.

Eu tamén teño esa sensación de que para algúns canto peor, mellor. Efectivamente, hoxe estou vendo tamén que non lles gusta falar de algo cando vai polo camiño de ser resolto. Iso si, cando había que facer algo non fixeron nada.

Mire, o Goberno da Xunta de Galicia está traballando independentemente do Goberno que está en Madrid. Fixemos chegar ao Goberno de España, ao Goberno socialista no seu momento, propostas realistas para ser presentadas na Unión Europea. Pero é coñecido non por esta Cámara, é coñecido por todos os galegos e por todos aqueles que están no sector que non houbo dilixencia polo Goberno socialista. Non houbo –eu teño aquí o papel da dilixencia–, non, a dilixencia foi nula, non fixeron nada, ausencia de actuacións.

Pero a verdade é que a xente quere falar do futuro, e, efectivamente, como están comprobando os estaleiros galegos e os traballadores dos estaleiros galegos, a situación mudou este xaneiro. Temos un novo Goberno en España, un novo Goberno efectivamente comprometido –si, comprometido, aínda que non lles guste a algúns– na busca de solucións para o sector naval. E por iso o Goberno de España, coa Xunta de Galicia, fixo unha proposta definitiva ante a Unión Europea, o que pretendemos que sexa un salvavidas para

toda a industria naval, unha proposta feita por España para ser executada polo sistema fiscal español.

Nós dedicámonos aos feitos, nós presentamos os feitos, deixamos as palabras a outros, normalmente están vacías. E estamos sempre buscando a alternativa, sexa cal sexa o Goberno que está en España. Por iso, tras moitas negociacións, tras moito traballo, con moito esforzo de moitas persoas da Dirección Xeral de Industria, o traballo foi feito, foi ben feito. E por iso nestas datas, noutra presentación, faleilles de todas as datas, de todas as propostas que se fixeran. Agora non vou repetir iso, vou só dicir que o que importa aquí en Galicia, señorías, é que os estaleiros galegos xa están en camiño de non ser discriminados, para competir en condicións de igualdade, como o estaban con anterioridade. E tamén é moi importante dicir que agora os estaleiros teñen a posibilidade de traballar en igualdade de condicións.

Por iso imos seguir traballando, con seriedade, con rigor, con humildade, polo sector naval e por outros moitos sectores da economía galega. Pero, desde logo, o sector naval neste momento ten en Madrid, en Galicia, un aliado, un aliado importante traballando polo futuro do sector naval aquí en Galicia.

Moitísimas grazas. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Muchas gracias, señor Guerra.

Realmente nosotros sabemos que es así. (*Murmurios*.) Sabemos que es así, señor Guerra. Es decir, hemos hecho sucesivas iniciativas, conocemos la marcha de todos los astilleros, las iniciativas que se han hecho en Barreras, que se han hecho en Astano, que se han hecho en todos los astilleros, las conversaciones, las relaciones. Lo sabemos. Sabemos por eso que el Partido Popular, que apoya su Gobierno, no ha dejado de crecer en respaldo popular y en consenso en las urnas. Sabemos que está el pueblo con nosotros. La gran mayoría del pueblo, que los críticos, los filibusteros, los que incluso no respetan la educación parlamentaria están en regresión, divididos, y no les queda más

que el pataleo (*Murmurios.*), no les queda más que el pataleo, la pancarta y la falta de responsabilidad.

Pero tienen ustedes el apoyo de este grupo parlamentario. Nosotros tenemos la convicción, la profunda convicción de que la gente nos entiende, nos oye, sabe, sabe que esto es una cosa seria para gente seria, para dedicación, para responsables, para gallegos que entendemos las crisis, que entendemos las dificultades. Porque no se arregla realmente con añagazas, con distorsiones, con todo tipo de manipulaciones y con todo aquello que formaba parte de la cultura del *agitprop*. Esto no se resuelve así, se resuelve precisamente yendo a buscar contratos a pemes. E incluso el propio presidente, apoyado por usted, trayendo a todos con ese trabajo absolutamente constante, que no es triunfalista, que nunca ha sido triunfalista (*Murmurios.*), sabemos que nunca ha sido triunfalista; nunca lo ha sido, no lo va a ser.

Nosotros confiamos de todas maneras que también los agentes que están ahí, trabajadores y empresarios, tienen un reto, el reto de la competitividad. Porque la crisis de todas maneras está en la regeneración de las mentalidades de todos los agentes –también aquí en Galicia– para saber que puestas las condiciones que ha puesto ahora el Gobierno, neutralizadas las barreras artificiales ventajistas para otros sectores y este tan...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Arias, moitas grazas.

(O señor Arias Veira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Moitas grazas.

Réplica do conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): Había un gran problema, señor portavoz, no había *tax lease*, agora hai unha proposta de *tax lease*, unha proposta notificada polo Goberno de España á Unión Europea que, como lle dicía, vai permitir que os estaleiros poidan contratar en condicións de igualdade.

Pero realmente –como vostede ben di– eu quero destacar unha cousa, quero destacar a verdade. E a verdade é que hai

un Goberno central comprometido co sector, que asumiu desde o primeiro momento a busca da solución. Eu sei que a alguén, que a algúns dos que nos están escoitando lles molesta que por primeira vez un Goberno, o Goberno do PP, puxera o sector naval na axenda das prioridades. (*Aplausos.*) Iso é moi molesto, é a primeira vez.

Pero, ademais, ante a intransixencia da Unión Europea, dun comisario europeo, socialista español, despois de mandar cinco borradores a Bruxelas e non ter resposta positiva, o Executivo central, con Pymar e coa involucración total da Xunta, si presentou unha nova proposta de *tax lease*, aínda que non se queira escoitar. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández): E, desde logo, esta proposta, segundo a opinión... (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Guerra Fernández):... –si, non interesa escoitar–, segundo a opinión do Goberno de España e dos técnicos e os profesionais, non necesita dunha autorización da Unión Europea, porque estaba baseada en elementos xa autorizados no sistema fiscal español e noutros sistemas.

A proposta considera aspectos fundamentais: a amortización anticipada, a amortización acelerada e a supresión das vantaxes do réxime de tonelaxe en relación coas plusvalías.

A Unión Europea argumentaba –desde o noso punto de vista, equivocadamente– que o sector naval competía en mellores condicións que outros sectores, porque esta era unha medida na que había un apoio selectivo ao sector naval.

Ben, agora xa non é así. A amortización plantexada vai ser unha amortización xeral, aplicada a todos os activos con procesos produtivos superiores a un ano e ademais que non sexan en produción en serie. Pero isto non é baladí, non é gratis, é necesario un cambio do sistema de imposto de sociedades. Aprobarase por un real decreto do Goberno de España. E esta é unha gran diferenza, señor deputado, unha gran diferenza, porque hai un importante esforzo do

Goberno de España, que mostra o seu firme compromiso por resolver unha situación moi difícil para o sector naval. E a palabra é compromiso, é querer facelo. Polo tanto, tamén en Bruxelas se criticaba o sistema de plusvalías e agora vai haber un novo sistema para a aplicación das plusvalías.

Eu mesmo a semana pasada tiven a oportunidade en Bruxelas de falar co secretario de Estado de España ante a Unión Europea e co embaixador permanente de España ante a Unión Europea. Pedínlles –eles xa o teñen na súa axenda– a máxima celeridade, a maior presión para que haxa unha máxima celeridade na resposta, porque necesitamos comezar de novo a contratar nos nosos estaleiros, e co novo *tax lease* así podemos facelo.

Moitas grazas, señor deputado. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D.^a María do Carme Adán Villamarín e D. Manuel Parga Núñez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para o mantemento do programa Preescolar na Casa

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señora conselleira.

Tamén quero aproveitar para saudar os representantes de Preescolar na Casa que hoxe nos acompañan.

Estamos a quince días exactamente de que Preescolar na Casa sexa historia. Hoxe podemos ler na prensa dúas noticias ben dispares. Por unha banda, podemos ver un titular no cal se nos advirte de que a Fundación Preescolar na Casa bota o peche definitivo. Literalmente di que a Fundación Preescolar na Casa ten os días contados, o 30 de xuño xa non existirá. Pero, por outra banda, tamén nos medios de comunicación podemos ver hoxe que a Xunta sitúa no 2015 a conversión da Fundación Cela en pública. É dicir, unha fundación que nos tres últimos anos recibiu 1 millón de euros do Goberno galego, unha fundación que sen visitas nin actividades o Goberno galego decidiu salvar, salvar da mala xes-

tión dun xerente que chegou a cobrar máis de 9.000 euros ao ano, e que supuxo que o Goberno galego puxera no 2010 600.000 euros para salvar a Fundación Cela; o PP fixo dimitir a este xerente e colocou no seu sitio a filla dun ex conselleiro.

Pola contra, Preescolar na Casa decide o Goberno galego que non siga. E decídeo deste xeito: a Consellería de Traballo e Benestar –hoxe temos a súa representante aquí– no 2009 ten 500.000 euros para a Fundación Preescolar na Casa; no 2010, 400.000; no 2011, 200.000, que nunca chega a recibir Preescolar na Casa, porque a consellería decide retiralos ao final de ano.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística pasa a súa subvención de 90.000 euros a 45.000, mentres mantén subvencións de 800.000 euros para os medios de comunicación que estritamente simplemente utilizan o castelán, sen utilizar nunca o galego. E a Consellería de Educación decide retirarlle os 70.000 euros de subvención a Preescolar na Casa. É dicir, mentres a Fundación Camilo José Cela recibe 1 millón de euros, á Fundación Preescolar na Casa sonlle subtraídos 615.000 euros nun só ano por parte de tres consellarías do Goberno galego.

Por iso cremos que hoxe, cando lemos pola mañá que Preescolar na Casa efectivamente pode ser historia, cremos máis conveniente que nunca formular a seguinte pregunta, señora conselleira: ¿pensa o Goberno galego adoptar algunha medida para manter o programa Preescolar na Casa?

Está na súa man, señora conselleira, vostede pode decidir se Preescolar na Casa segue sendo un programa de vangarda a prol dos nenos e das nenas deste país, ou simplemente vostede pode decidir pechar Preescolar na Casa. É a súa responsabilidade. Vostede adoptou as medidas que levan a Preescolar na Casa...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán.

(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Moitas grazas.

Ten a palabra para respostar a conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

Moitas grazas, señora Adán, por darme a oportunidade de darlle resposta á súa pregunta.

Creo que non é un bo plantexamento comparar unha fundación con outra; evidentemente, teñen obxectivos absolutamente distintos. E pola información que vostede arroxa, fala de 1 millón de euros a unha fundación, á Fundación Cela; supoño que dicía vostede que en tres anos; terá vostede a razón, eu non o coñezo; o que si sei é que esta mesma fundación da que vostede pregunta e pola que se interesa só en dous anos, por exemplo, no ano 2009 e no 2010, xa levaba tamén esa axuda de 1 millón de euros.

Independentemente diso –que eu penso que non son as comparacións o que valen aquí–, gustárame contextualizar o que é a Fundación Preescolar na Casa, posto que se trata dunha organización –como sabe vostede moi ben– sen ánimo de lucro que executa un programa de hai moitísimos anos.

A fundación en si mesma leva once anos de vida, pero o programa leva 34 anos, e efectivamente estaba de cara á situación das persoas que viven no rural. E –como vostede supoño que coñecerá– o rural de hai 34 anos nada ten que ver –mudou, e mudou bastante– co rural de agora. Falamos, polo tanto, dun programa dirixido ás familias para axudar á mellora da educación dos fillos nos primeiros anos de vida, entre 0 e 6 anos, cando daquela, evidentemente, no seu nacemento, pois non había outros recursos, como poden ser as escolas infantís, que hoxe en día xa existen en moitos concellos do rural.

Quero aproveitar aquí tamén para facer un recoñecemento ao labor social e educativo que tivo e que ten este programa ao longo de toda a súa traxectoria. Pero o certo é que a este Goberno lle toca, señora Adán, xestionar a realidade actual, unha realidade na que as condicións económicas –como vostede sabe moi ben– non son as máis favorables, non son as mesmas evidentemente que as que tiña o bipartito. Atopámonos nun escenario absolutamente convulso de restricións económicas e que evidentemente fan que este

Goberno teña que priorizar a súa acción de goberno e as súas políticas.

Como xa mencionei, este programa nace hai 34 anos co fin de diminuír os efectos da dispersión da poboación rural de Galicia cos nenos e nenas de idade de 0 a 6 anos. A situación de hoxe ten totalmente mudado. Hai 34 anos non existían os servizos que a día de hoxe existen no rural, as granxas evidentemente antes eran granxas e agora son empresas. E evidentemente agora hai escolas infantís onde non había. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Precisamente na familia e nos nenos é onde este Goberno ten fixados os seus obxectivos. Estes obxectivos de cara aos nenos de 0 a 3 anos é poñer máis prazas de escolas infantís, porque consideramos que os servizos, e sobre todo este tipo de servizos, as escolas infantís, asentan poboación no rural. Porque –insisto– concilian mellor a vida laboral e familiar das persoas que viven no rural, e ademais tamén porque impulsan a dinamización.

Estamos facendo unha aposta...

¿Ten algún problema? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Faga o favor, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Estamos facendo unha aposta... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. *(Aplausos.)*

Escoiten con respecto, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Señora presidenta... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Non, non, vostede...

Señor Lobeira, faga o favor.

Señor Gallego, creo que vostede non ten nada que falar nesta historia. Faga o favor. Estou a falar co señor Lobeira.

Señor Lobeira, perdoe un momento. Señor Lobeira...

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Presidenta, gustaríame...

A señora PRESIDENTA: –Perdoe un momento–.

Señor Lobeira...

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): G gustaríaame darlle resposta á interpelante...

A señora PRESIDENTA: Si, pero espere. Quédanlle a vostede tres segundos.

Por favor, ten a palabra.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Primeiro o que temos claro é que temos que atender as necesidades das persoas, sobre todo das que o están a pasar mal, temos as nosas prioridades marcadas e dentro desas...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

(Aplausos.)

Moitas gracias.

Réplica da señora Adán Villamarín. *(Murmurios.)*

Un momento, señora Adán Villamarín.

Señor Lobeira, estamos rematando o Pleno. Chámoo á orde.
(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Ben, pois chámoo á orde, se fai o favor, e se fai o favor non ten a palabra, a palabra tena a súa compañeira, a señora Adán Villamarín.

Por favor, para a réplica ten a palabra.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, sinceramente menuda contestación que nos dá hoxe a este Pleno e menuda contestación que dá a

Preescolar na Casa. Vostede hoxe fálanos de priorizar ou de facer o paripé, porque vostede presenta un plan demográfico hai unhas semanas. Vostedes presentan un plan de apoio ás mulleres xestantes, cun programa de casas nido, e vostede desbotan un programa que –corrigo os seus datos– xa leva 35 anos, porque 34 eran a última vez que debatemos nesta Cámara, que foi no 2011, sobre Preescolar na Casa. Leva 35 anos traballando no rural galego coas nenas e os nenos e coas familias galegas. Traballando pola educación e traballando pola normalización lingüística.

Non sei se neste tempo as granxas se converteron en empresas e antes eran...; dicía, non sei se antes as granxas eran centros de ensino, centros de saúde ou que eran as granxas. Pero o certo é que o rural aínda segue existindo e vostedes, vostedes, non teñen ningún interese en que exista, ningún interese en que exista o rural, en que exista o galego e, dende logo, moitísimo menos interese en dinamizar a demografía. Porque Preescolar na Casa leva traballado moito pola demografía galega, leva traballado moito polas familias. Palabras que vostedes utilizan todo o tempo.

E hoxe queremoslle preguntar sinceramente, ¿por que vostedes puxeron tanto empeño durante estes tres anos para acabar con Preescolar na Casa? Porque o peche póneno vostedes, o seu Goberno é o que pecha Preescolar na Casa. Fixo moitos esforzos, moitos para conseguir pechar Preescolar na Casa. E parece que o vai conseguir.

Agardo que non lles saia gratis pechar un dos mellores programas, orgullo de todos os galegos e galegas, vangarda na educación no rural e que vostedes van pechar.

Poñamos un exemplo, vostedes rescataron a Fundación Camilo José Cela, cun xerente que cobraba 9.000 euros ao mes, vostedes rescatárona. Porque vostedes si que consideran que iso é algo...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Adán.

(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas gracias, señora Adán, xa non ten a palabra.

(Aplausos.)

Ten a palabra para a réplica a conselleira.
(*Aplausos.*)

Silencio, por favor.

Ten a palabra, para réplica, a conselleira. (*Aplausos.*)

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitísimas grazias, presidenta.

Señora Adán, eu a verdade é que teño a oportunidade de escoitar as intervencións do Bloque Nacionalista Galego ao longo de todos estes períodos e a súa sensibilidade de hoxe vai destinada a esta fundación. A de onte ía destinada á dependencia. A de mañá probablemente vaia destinada á Risga. O que vostede está a facer evidentemente é non marcar ningunha planificación nin prioridade, e se por vostede fora seguro que algún destes colectivos que tanto lle preocupan hoxe, ou que tanto lle preocupaban onte, ou que lle van preocupar mañá, quedarían absolutamente fóra de calquera atención, tal e como vostedes fan as súas intervencións.

Evidentemente a responsabilidade deste Goberno –insisto– é priorizar. E creo que estará vostede comigo –e repito–, o rural de hoxe non ten nada que ver co rural de hai tres anos nin co rural de hai 34 anos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, non ten absolutamente nada que ver, porque para empezar no rural de hoxe, e grazas a este Goberno, hai máis escolas infantís e máis prazas de escolas infantís (*Aplausos.*) no rural, onde onte non as había. De feito son máis de 2.400 prazas de escolas infantís implantadas na nosa comunidade.

E tamén supoño que vostede non negará agora, supoño que agora non o negará, unha crise que asola a nosa comunidade. E evidentemente esta comunidade fixo o que ten que facer, que é o primeiro de todo, ser solvente para poderlle dar resposta á cidadanía en todo aquilo que son servizos sociais básicos esenciais, e polo tanto prioritarios.

E este Goberno non fai o que fixeron outros gobernos, que é pechar hospitais ou mesmo non pagar aos dependentes, senón que mantén o que ten e aínda por riba incluso incrementa os servizos sociais básicos en máis de 5.500 prazas públicas para os maiores e tamén para os nenos.

E evidentemente ese é o noso obxectivo, non só manter, senón incluso medrar para darlle servizo á infancia da que estaba vostede falando.

Dentro da infancia, dentro do programa de dinamización, temos que protexer tamén os menores.

Estamos a facer un grande esforzo no eido da atención á infancia en acollemento familiar, e tamén en programas integrais á familia. E, evidentemente –insisto–, as persoas que non teñen recursos, as persoas que non teñen a onde acudir, as persoas que non teñen un prato que levarse están atendidas dende este Goberno da Xunta de Galicia incrementando a renda de integración social en máis dun 13 %, incrementando as axudas de emerxencia.

Señora Adán, estou convencida de que vostede coñece moitísimas fundacións na nosa comunidade e algunhas non son tan veteranas como a Fundación Preescolar na Casa, leva 34 anos. Evidentemente, como fundación leva once.

Son moitos anos como para saber xa autoxestionarse e non ter ningún tipo de dependencia de ningunha das administracións. (*Murmurios.*) Hai moitas fundacións, moitas fundacións na nosa comunidade que fan programas e que poderían levar a adiante (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) moitos proxectos que poidan ser evidentemente autofinanciados.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazias, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Polo demais este Goberno... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazias, conselleira.

(*Aplausos.*)

Esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Moitas grazias e boa noite.

Remata a sesión ás sete e dezaioito minutos do serán.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25